





**CANTIGAS DE SANTA MARÍA**  
**PROPOSTA DE EXPLOTACIÓN DIDÁCTICA**

XUNTA DE GALICIA

© 2005 Xunta de Galicia,  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,  
Dirección Xeral de Política Lingüística

Deseño gráfico: **ocumodeseño**  
Impresión: Litonor

ISBN: 84-453-  
Depósito Legal: C--2005

# CANTIGAS DE SANTA MARÍA

## PROPOSTA DE EXPLOTACIÓN DIDÁCTICA

Elvira Fidalgo  
Milagros Muíña



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Política Lingüística



**CENTRO RAMÓN PINEIRO**  
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES



Un dos tópicos que pesan sobre a Idade Media é o de seren eses uns “séculos escuros”, aínda que non sexa totalmente correcto. Así e todo, o achegamento desde hoxe á cultura medieval debe derrubar este e outros inxustos prexuízos e a arma máis eficaz para iso é o coñecemento.

Afortunadamente desde hai algúns anos estamos asistindo a unha recuperación do mundo medieval grazas ás aventuras que vivimos nas salas de cine, loitando a carón de cruzados en defensa da cristiandade ou acompañando a valentes heroes que arriscan a vida tentando recompoñer un ordenamento máis xusto do mundo. As páxinas de novelas de grande éxito axudan os lectores modernos a adentrarse nun período pasado da nosa civilización que, finalmente, non parece tan escura.

Este libro que agora presentamos quere sumarse a esa corrente que tira da Idade Media cara a nós, para achegarlle ó lector un período da nosa historia a través da xente que a viviu. Polos textos das *Cantigas de Santa Maria* transitan multitude de personaxes de distinta condición social, idade ou relixión, pequena mostra do colorido mosaico que debuxaba a sociedade medieval. Dese espléndido mosaico amósanse nestas páxinas só algunhas pezas, pero suficientemente representativas como para que o lector se poida dar unha idea aproximada de cómo transcorría a vida no século XIII. Nesta ocasión dirixímonos a un lector diferente do que adoita ler habitualmente literatura medieval, con menos anos e unha imaxinación lista para darlle forma ás descrições que recollen estes textos.

7

Os nosos escolares non teñen moitas oportunidades de entrar directamente na literatura medieval e as máis das veces teñen que conformarse cunha descrição da obra que deben estudar. Por iso o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dá un paso importante para tentar paliar esta eiva coa publicación deste libro que mergulla o estudante na cultura medieval, axudándolle a comprendela e apreza-la.

Achegarse á literatura medieval a través das *Cantigas de Santa Maria* non é difícil, porque se escolleron textos de “aventuras”, que contan peripecias máis ou menos sorprendentes que lle pasaron a xente diversa, pero recoñecible: un frade, un comerciante, unha nena, unha monxa, un rei..., anguriados por problemas que, correctamente contextualizados, non son moi diferentes ós de hoxe. Coñecer o pasado facilita a comprensión do mundo actual e permítenos poñer en perspectiva os sucesos que nos nosos días parecen sacudir os cimentos do noso benestar, porque outras sacudidas igual de fortes leva sufrindo a humanidade e sempre consegue recuperarse e continuar máis reforzada.

As *cantigas de Santa Maria: proposta de explotación didáctica* demostra, unha vez máis, o interese do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en achegar a este século o riquísimo patrimonio da nosa literatura medieval.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria





As *Cantigas de Santa María* son un bo exemplo de obra literaria que flota entre dúas correntes, e que moitas veces queda esquecida aí, entre dúas augas, porque non é suficientemente identificadora nin dunha nin da outra. Trátase de textos poéticos, pero narrativos. Trátase de agradables relatos de feitos maravillosos, pero de ámbito relixioso. Trátase de narrativa xurdida no obradoiro do rei Sabio, pero en verso galego. Trátase de obra poética do rei Sabio, pero de carácter narrativo. Este hibridismo que enriquece de xeito particular este compendio, xoga tamén en contra del porque, por exemplo, no ensino medio (e non só), non acaba de atopar o seu lugar dentro dos programas nin de literatura española, a carón da obra narrativa, científica e historiográfica de Afonso X, nin de literatura galega porque os seus textos non poden competir coa musicalidade e a emotividade das *cantigas de amigo*, nin sequera coas *de amor* que cantaban os difíciles amores entre namorados medievais, de longa tradición literaria.

Non obstante, a importancia das *Cantigas de Santa María* é indiscutible dende o punto de vista filolóxico, artístico e musical, e o seu estudo detallado é imprescindible para o coñecemento da literatura medieval en termos absolutos. Afortunadamente, cada vez son máis os estudosos que se ocupan delas, e as numerosas publicacións que saen cada ano tratando un ou varios aspectos deste cancionero van conseguindo que sexan xa un punto de referencia dentro da literatura medieval. Cuberto, pois, o ámbito dos especialistas, cremos que é conveniente achegar as *Cantigas* a un público moito máis amplo e, sobre todo, cremos que cómpre dalas a coñecer a niveis máis básicos do ensino, porque unha obra desta importancia merece non ter que agardar aos estudos universitarios para o seu aprezo por parte dos lectores. Somos conscientes de que para acadar este obxectivo, o primeiro atranco que temos que superar é o de facelas accesibles a ese lector novo que non as coñece máis que de nome, no mellor dos casos, e de amosarlle a beleza dos seus versos, de descubrirlle

o interese das súas historias e de desvelarlle a cantidade de coñecementos que poden extraer delas cunha lectura axeitada.

Por iso, a escolma que presentamos a continuación pretende ser moito máis que un achegamento ás *Cantigas de Santa María* en si mesmas. O noso desexo é que o lector goce coa súa lectura, que aprecie a importancia deste rico cancionero a través da mostra que lle ofrecemos e que descubra os costumes e a vida dos homes e mulleres da Idade Media a través dun documento da época, moito máis fiable que as novelas e as películas que este século lle ofrece, aínda que xusto é recoñecer que son de grande axuda para abrir un camiño polo que o lector moderno se interna con gusto nas centurias pasadas.

Se ben os obxectivos que nos propuxemos á hora de elaborar esta escolma estaban ben claros, os mecanismos para acadalos non eran tan evidentes e foi imprescindible ter en conta diversos factores. En primeiro lugar, o público ao que nos diriximos. Pensamos nun amplo abano de estudantes, que comprenda os últimos anos de educación primaria, pero sobre todo, os alumnos do ensino medio. Como estes rapaces teñen unha sobreabundancia de materias, necesaria para a súa formación como individuos, e diversas fontes de información en formatos moito máis atractivos que un libro cheo de texto e con poucas ilustracións, o reto era que, diante da oferta, este libro se fixera merecedor do interese por parte do estudante; e o único xeito de ganar esa partida era a de ofrecer un libro que contivese historias interesantes, sorprendentes e divertidas..., e que tamén engaiolaran o profesor: A este tiñamos que lle ofrecer un instrumento útil para o seu labor de docente, pero non só para a hora de literatura medieval galega, senón para a de historia, de arte, de ética, de relixión... e, claro, de lingua galega. Eses foron os dous principios que guiaron a confección do libro que agora teñen nas mans.

O resultado é unha escolma de corenta cantigas marianas, escollidas de entre as 420 que conforman o magno cancionero que nos legou Afonso X, rei de Castela entre os anos 1252 e 1284, data da súa morte na cidade de Sevilla. Das corenta, trinta e catro son *cantigas de milagre* e só hai tres *cantigas de loor*, proporción que non nos parece desaxustada tendo en conta que o propio cancionero contén 358 textos de carácter narrativo, 42 *de loor* e o resto de temática diversa, que inclúe os dous prólogos de presentación do libro e cantigas que cantan episodios conmemorativos da vida e resurrección de Cristo. Antes de seguir máis adiante, igual convén aclarar a diferenza entre unhas cantigas e outras.

Tal como indica a súa propia etiqueta, as *cantigas de milagre* relatan uns feitos marabillosos, máis ou menos sorprendentes, que se resolven pola intervención milagrosa da Virxe María, a quen vai dedicada toda a obra. Unhas veces trátase de curación de enfermos desafuzados pola medicina, de devolverlles a fala aos mudos e, incluso, de resucitar a quen xa morrera; outras contan como uns navegantes se libraron de afogar no mar; como algunhas persoas se salvaron de morrer en casos de condenas inxustas; ou como a Virxe protexe de diversos perigos aos seus devotos; e hai numerosos casos nos que Ela acode en favor de persoas xudías que, nun acto de gratitude, se converten ao cristianismo. Dende a perspectiva actual, algunhas destas historias pódennos parecer esaxeradas, e outras demasiado inxenuas, pero non debemos esquecer que non foron escritas para nós, senón para o público do século XIII, moito máis propenso a crer en milagres e moito máis temeroso de padecer enfermidades, daquela mortais, aínda que a día de hoxe se combatan cuns simples antibióticos. O outro tipo de cantigas, as *de loor*, non son de carácter narrativo, senón laudatorio, é dicir, de loanza á Mai de Deus pola súa grandeza e de agradecemento polo coidado e protección que dispensa aos seus fieis.

A idea de presentar estas cantigas escollidas tal como as manexamos os estudosos, é dicir, nunha edición que reflecta da maneira o máis fiel posible a escrita segundo aparecen nos manuscritos, non foi nin contemplada inicialmente porque contradiría o espírito co que iniciamos o proxecto. Así que o primeiro que tivemos que facer foi adaptar o texto á lingua actual, na que os nosos escolares se manexan con comodidade. Queremos insistir no termo *adaptar*, porque nunca pensamos en facer unha tradución, xa que este proceso afastaríanos demasiado da fisionomía real dos textos medievais. En primeiro lugar, *traducir* implica a existencia de dúas linguas distintas, e nós só nos atopamos en dous estadios –moi afastados, si– dunha mesma lingua, aínda que o tempo transcorrido dificulte enormemente a comprensión do lector moderno que non estea afeito a tratar coa lingua dos documentos medievais. Por outro lado, traducir obriga a que a lingua de destino discorra fluída, sen atrancos léxicos, nin sintácticos, nin fraseolóxicos, e, se así fose, as *Cantigas de Santa María* serían outra cousa distinta, máis debedoras da capacidade do tradutor que da xenialidade de Afonso X. Se cadra, serían máis fáciles de entender polo estudante, pero, pola contra, este perdería a posibilidade de albiscar como era o vehículo de expresión natural dos poboadores da súa mesma terra, séculos atrás.

Isto significa que as cantigas que podemos ler nas páxinas seguintes están reproducidas na lingua normativa actual, pero conservando a rudeza dunha lingua medieval, moi forzada a nivel sintáctico porque ten que respectar a difícilísima sintaxe afonsina, tan característica das *Cantigas de Santa María*. En liñas xerais, podemos dicir que respectamos a distribución dos versos afonsinos, pero algunhas veces tivemos que remodelar un pouco a frase para facilitar a comprensión do texto; son casos como os dos vv. 13-16 da cantiga 18 que quedan do seguinte xeito: “E despois de que lavou moi ben as súas mans, dixo: «Ai, Virxe, cándoo será // Que verei do Paraíso, como eu tanto che pedín / un pouco da súa ledicia antes de que saia de aquí” que recolle o que no texto orixinal figura como: “E pois

lavou moi ben sas maos, diss: «Ai, Virxe, que será // Se verei do Parayso, o que ch'eu muito pidí, / algún pouco de seu viço ante que saya daquí”.

Pero, ademais, a lingua moderna ten que dar cabida a expresións tipicamente medievais como “Isto de boa gana farei”, “Dona, disto me prace”, “Unha doncela que moi de corazón amou”, etc., así como recuperar un léxico propio do período medieval e moi frecuente nas obras literarias desta época, pero fóra do uso cotiá nos nosos días: *doncela*, *prez*, *cabaleiro*, *escudeiro*, *hoste*, *marabedí*, *pepión*, *cordobán*, *cendal*, *mesquiño*, *tafur*. . . Non obstante, en aras da comprensión do relato, e para evitar que, diante da dificultade que supón enfrontarse a un texto destas características, o estudante pechase este libro e abrise unha novela de aventuras, permítmonos a licenza de manipular lixeiramente o texto, alí onde parecía aconsellable. Esta alteración do orixinal é moi leve, pero abonda para facer máis doada a lectura. Son casos como, por exemplo, o da c. 35, v. 40, onde aparece *tan gravemente enfermar* polo *tan mal enfermar* do texto orixinal; c. 40, v 4: *no que se metera o demo por en que jazia o demo*; c. 26, v. 16: *axudará* por *valrria*; etc.

A adaptación á lingua actual afecta necesariamente á estrutura métrica das cantigas. Puidemos conservar o número de versos por estrofa, pero nunca estivo no noso ánimo respectar o número de sílabas de cada verso, e fixemos o que puidemos por manter minimamente algo da rima, con resultados ben irregulares. Diante da decisión de respectar a rima dos versos ou a comprensión do texto, non tivemos dúbida en decidirmos pola segunda opción, e incluso, algunha vez, vímonos na obriga de acomodar en dous versos distintos a frase que ocupaba un único verso na versión orixinal. Por iso, estas cantigas permiten o seu estudo dende diferentes puntos de vista, pero non son aconsellables para un estudo de carácter métrico, xa que a forma inicial do *virelai* (ou do *zéjel*, segundo outros especialistas) ao que responden as composicións afonsinas perdeuse

completamente nesta edición. Hai, de todos os xeitos, unha excepción: a cantiga 23, de loor; orixinalmente construída sobre o recurso próximo ao *leixaprén* tan grato á lírica galego-portuguesa contemporánea a ela. O recurso é tan complicado, pero tan sinxelo ao mesmo tempo, que aínda nesta versión modernizada se pode apreciar sen dificultade.

Os textos veñen numerados do 1 ao 40, e por baixo desta numeración figura outra, entre parénteses, que indica o número que lle corresponde á cantiga en cuestión na edición máis comunmente empregada por todos nós, a que Walter Mettmann fixo para Castalia entre 1986 e 1989. A seguir, aparece a rúbrica que precede a cada texto no manuscrito que o conserva, e que serve de presentación do tema que se desenvolverá ao longo dos versos que compoñen a cantiga. O texto propiamente dito vén distribuído entre o refrán, grafado en letra cursiva, e as diferentes estrofas. O refrán recolle nuns poucos versos a lección moral que o rei vai ilustrar co conto dun caso práctico, cunha anécdota que lles sucede a uns personaxes calquera e que demostra a verdade que se acaba de proclamar nos versos iniciais. A importancia concedida a esta lección vén subliñada polo feito de se repetir despois de cada estrofa ao longo de toda a composición ata ao final. Nesta edición só recolleemos o primeiro dos versos do refrán a continuación da estrofa para non recargar o texto, tal como o fixeron os copistas que as escribiron nos manuscritos. Nestes podemos ler tamén as partituras musicais que acompañaban a cada cantiga, porque non se debe esquecer que por *cantigas* debemos entender *cancións*, é dicir, as cantigas que aquí recolleemos, como as demais, son só a letra duns textos que deberían ser cantados, o que se fai particularmente evidente na maioría das *cantigas de loor*, moito máis rítmicas que as *de milagre*, porque nestas o máis importante non é a melodía, senón o contido.

Para axudar á comprensión do texto, engadimos, cando o consideramos necesario, unhas NOTAS aclaratorias, xa sexa explicando o signifi-

cado dun vocabulo de uso pouco frecuente (por exemplo: *Quiñóns*, cantidades que corresponden a cada un dos que participan nunha repartición. Sería sinónimo de 'lote' ou 'ración'); de personaxes (por ex.: *Alcaiota*, muller que, utilizando artimañas como enganos, persuasión, beberaxes ou conxuros, favorecía os amores ilícitos); de lugares (por ex.: *Soissons*, cidade francesa do departamento de Picardía, ao norte do país); ou de expresións que xa non se usan (por ex.: *Cantiga saborosa*, 'sabor' significaba na lingua medieval 'gusto'. Neste caso, refírese a que a cantiga será do gusto da xente), etc. Pero para asegurarnos de que o relato sexa ben entendido, abrimos seguidamente un apartado que chamamos COMPRESIÓN DO TEXTO no que incluímos un pequeno resumo, en prosa, do relato que se conta en verso porque é esencial que o estudante comprenda o texto para poder levar a cabo as actividades que se lle proporán a continuación.

Neste apartado inclúese tamén, baixo o epígrafe DEBES SABER QUE..., información adicional á ofrecida polo propio texto e máis polo resumo anterior. Daranse datos de carácter histórico, socio-cultural, relixioso, etc. que permitan contextualizar as cantigas e que permiten comprender a importancia do tema tratado nelas ao explicar a envergadura que determinadas cuestións tiñan para o desenvolvemento normal da vida cotiá na Idade Media. Por exemplo, explícase o significado social de conceptos como *honor* ou *honra*, que non poden ser interpretados só dende a experiencia dos nosos días, polo que só dándolle a dimensión que o *Honor* tiña na época medieval podemos aquilatar o interese do milagre contado na cantiga 25; e, do mesmo xeito, só explicando o estadio en que se atopaban os coñecementos de medicina naquel momento podemos facer entender que unha enfermidade era moito máis perigosa para o individuo e para a sociedade, do que o é hoxe; por non falar do medo á morte, tendo en conta a convicción de que morrer sen confesión significaba sufrir terribles tormentos polo resto da eternidade...

Seguidamente propoñemos diferentes ACTIVIDADES que pode levar a cabo o estudante, preferiblemente baixo a tutela do profesor que, en moitos casos, deberá botarlle unha man para atopar a información requirida nalgún apartado e comprobar o resultado das tarefas propostas. As actividades son de diferente tipo: mentres nunhas se fan probas de comprensión do relato, outras propoñen exercicios de tipo gramatical a partir do texto da cantiga. Se cadra, as tarefas máis interesantes son as que pechan a explotación da cantiga, porque esta é tomada como pretexto de actividades máis creativas, onde se pón a proba a imaxinación dos estudantes e a súa capacidade de relación cos demais compañeiros, pero dende as que tamén se alenta á reflexión sobre determinados problemas actuais que interesan á sociedade, como a violencia de xénero, o fenómeno do voluntariado, a expansión (ou control) da SIDA, etc.

16

Ese foi un dos criterios primordiais que xustificaron a escolla de certas cantigas e a exclusión doutras. En primeiro lugar, temos que destacar a variedade de historias que aquí se contan, como variadísimas son as historias que enchen os folios dos manuscritos orixinais. Intentamos facer unha selección que puidese dar unha idea xeral pero aproximada do que é a obra no seu conxunto, e a primeira selección fíxonos incluír cantigas *de loor* e *de milagre*, como dixemos anteriormente. Entre as últimas intentamos ofrecer unha escolla variada que respondese á diversidade de historias recollidas por Afonso X, pero, como acabamos de dicir, que, sobre todo, resultasen atractivas para o público que as lea, o mesmo que fixo o propio rei, pois seleccionou historias que gozaron do aplauso dos oíntes dende séculos anteriores ao seu –como a historia de Teófilo ou a do neno xudeu–, historias ben coñecidas cando el as reescribe dándolles un toque persoal (a do ladrón Elbo, por exemplo) e outras que el mesmo inventa, ou das que é protagonista.



Así, os textos finalmente escollidos responden aos seguintes criterios de selección:

⇒ *Variedade no tipo de historias*, evidente dende diferentes ángulos: Historias de antiga tradición e historias contemporáneas ao rei. Historias situadas en lugares afastados (Bizancio, Xerusalén), historias que transcorren en lugares máis próximos (París, Chartres, Puerto de Santa María, Burgos) e historias que teñen lugar en Galicia (Lugo, Armenteira). Historias que lles suceden a personaxes coñecidos (o propio Afonso X; o seu pai, o rei Fernando III; o fillo do conde Fernán González) e historias que lles acontecen a personaxes anónimos (mulleres, homes, nenos e nenas). Historias que recollan oficios ou modos de vida diversos (peleteiros, cabaleiros, soldados, monxas, curas, ladróns...). Historias que reflectan as preocupacións máis apremiantes na Idade Media (enfermidades, malas colleitas, perigo nos camiños, perdón dos pecados). Historias simpáticas.

⇒ *Interese da explotación didáctica dos textos*. Hai algunhas cantigas que nos resultaron particularmente útiles para explicar procesos históricos, como a Reconquista (a 11 ou a 34) ou o reinado de Afonso X (a 28) ou, simplemente, a vida na Idade Media, xa sexa das clases nobiliarias (a 11) ou da xente corrente (a 21). Outras permiten relacionar as *Cantigas* con outros xéneros literarios medievais (a cantiga 16) ou modernos (a 10). Algunha cantiga resultará máis simpática ao estudante porque relata unha historia da que xa oíu falar antes (c. 36), e outra porque lle permite reconstruír a escena por serlle familiar a través das imaxes cinematográficas (c. 18). E o mesmo ocorre coas actividades propostas. Algúns textos son relativamente fáciles de adaptar e a cantiga pódese converter nunha obriña teatral, como é o caso da c. 12, longa dabondo, de historia agradable e con suficientes personaxes que interveñen na acción; pero a cantiga 11, pola contra, parece máis axeitada para a súa reelaboración como guión cinematográfico.

Como se poderá deducir desta exposición, o fin último é demostrar que a literatura medieval pode ter aínda vixencia na actualidade, que non por estar escrita en pergameos é absolutamente incompatible coa era dixital. Cando se trata de cuestións de carácter social, é certo que a gravidade do problema é a que pon a distancia entre a Idade Media e os nosos días, pero a verdade é que o problema subsiste; igual non se chama *lepra*, pero chámase *SIDA*; igual non afecta a todo o mundo, pero afecta a boa parte do mundo; os barcos non naufragan coa facilidade que o facían antes, pero raro é o ano que non hai un accidente aéreo, que non afunde un pesqueiro galego ¡ou que as persoas que pensaban gozar dun cruceiro turístico levan un bo susto! Se a historia narrada na c. 25 lles podería parecer aos rapaces unha esaxeración, só teñen que ler o apartado *DEBES SABER QUE...* para encadrala no seu contexto, pensar no que lle suxerimos dende *UN PUNTO PARA A REFLEXIÓN*, e *DEBATER* acerca dos casos de lapidación en Nixeria, tan tristemente difundidos polos medios de comunicación nos últimos anos.

18

Para acadar todos estes obxectivos será imprescindible a axuda do profesor, que lle facilitará ao alumno, por exemplo, os xornais precisos, que lles aclarará algúns conceptos ou lles explicará por qué poñemos en relación a cantiga 34 co asedio a Faluya ou de calquera outra cidade que, lamentablemente e pasado o tempo, faga xa moi vello este. Pero outros textos están previstos para unha explotación ben máis doada, que nin sequera reclaman moita intervención do docente. Neste senso, cómpre advertir que hai cantigas desiguais tanto no texto en si mesmo, como na explotación didáctica, precisamente para ofrecer un corpus heteroxéneo, que sirva para niveis de formación e coñecemento distintos. Pola mesma razón, este libro non ten que lerse seguindo unha liña continua, senón que, se cadra, o máis interesante e ir facendo calas nos textos e ir escollo segundo as necesidades do momento ou a actualidade do tema que expón a cantiga en cuestión.

Esperamos, en fin, que os obxectivos que nos impulsaron a facer este libro e nos mantiveron interesadas durante a súa confección sexan de igual interese para os escolares e os seus profesores. Estamos seguras de que estes aínda saberán sacarles maior partido aos textos que nós presentamos, e que enriquecerán as liñas de explotación didáctica que nós suxerimos. Só coa súa aceptación e o seu convencemento, tanto do interese das *Cantigas de Santa María* en si mesmas, como dos temas de debate e as actividades propostas, este libro acadará o fin último co que foi concibido: ser útil para a educación dos nosos mozos.



## Índice de Cantigas

1: Esta é de como Santa María fixo recobrar a Teófilo a carta que fixera co demo, cando se fixo vasalo seu .....	27
2: Esta é de como Santa María salvou o fillo do xudeu para que non ardese, porque o seu pai o botara ao forno .....	35
3: Esta é de loor de Santa María, de como é fermosa, boa e ten gran poder	45
4: Esta é de como Santa María lle arrebatou ao demo a alma do monxe que afogara no río, e fíxoo resucitar .....	49
5: Esta é de como Santa María salvou un ladrón de morrer na forca porque a saudaba .....	57
6: Esta é de como Santa María xulgou a alma dun romeiro que ía a Santiago e se matou no camiño por engano do diabo, para que volvесе ao corpo e fíxese penitencia .....	63
7: Esta é de como Santa María apareceu de noite no mastro da nave que ía a Bretaña, e a gardou para que non perigase.....	71
8: Esta é de como o clerizonte meteu o anel no dedo da imaxe de Santa María, e a imaxe encolleu o dedo con el.....	77
9: Esta é de como a imaxe de Santa María ergueu o xeonllo e recibiu o golpe da seta por defender o que estaba detrás dela .....	87
10: Esta é de como o crucifixo lle deu unha labazada, na honra da súa nai, á monxa de Fontevrault que se propuña marchar co seu namorado .....	95

- 11: Esta é de como Santa María librou da vergoña a un cabaleiro que debía ir a unha lide a san Esteban de Gormaz e que non podía estar alí polas tres misas súas que oíu ..... **103**
- 12: Esta é de como a muller á que o home deixara en encomenda a Santa María, non puido meter no pé o zapato que lle dera o seu amante, nin descalzalo ..... **113**
- 13: Esta é de como Santa María sandou na súa igrexa de Lugo unha muller contrafeita dos pés e das mans ..... **121**
- 14: Esta é de como Santa María librou da morte a un xudeu que tiñan preso uns ladróns, e ela ceibouno da prisión e fíxoo volverse cristián ..... **127**
- 15: Esta é de como Santa María sandou o que era xordo e mudo ..... **135**
- 16: Esta é de como Santa María fixo estar o monxe trescentos anos oíndo o canto dunha aveciña, porque lle pedía que lle mostrase cál era o ben que tiñan os que estaban no paraíso ..... **141**
- 17: Esta é de como Santa María fixo que lle saíse sangue da cabeza á muller que quería facer feitizos de amor ao seu amigo co corpo de Xesús Cristo, que o traía na touca, ata que o quitou ..... **149**
- 18: Esta é de como Santa María salvou unha nave que ía cargada de trigo para que non se afundise e deixouna a salvo no porto ..... **159**
- 19: Esta é de como Santa María salvou un home, en Elxe, dunha seta que lle entrara polos ósos da súa cara ..... **165**

- 20: Esta é de como Santa María salvou na súa igrexa en París un home que cortara unha perna da gran dor que tiña polo lume de san Marcial, e outros moitos que estaban con el ..... **171**
- 21: Esta é de como unha muller pobre lle deu a súa ovella a gardar a un ovelleiro, e cando despois de tosquiar as ovellas foi a vella reclamar a súa, o ovelleiro díxolle que a comera o lobo; ela invocou a Santa María de Rocamadour, e a ovella berrou dende onde a tiña o ovelleiro escondida, e dixo: “estou aquí, estou aquí”..... **179**
- 22: Esta é de como un cabaleiro se salvou das mans dos seus inimigos por unha camisa que traía vestida, que din de Santa María ..... **185**
- 23: Esta é de loor de Santa María ..... **193**
- 24: Esta é de como Santa María librou un ladrón da man dos diabos que o levaban..... **199**
- 25: Esta é de como Santa María salvou unha muller, á que querían queimar, do lume ..... **205**
- 26: Esta é dunha doncela que amaba a Santa María de todo corazón e cando morreu, fíxoa seu pai abrir porque poñía a man no corazón e acháronlle gravada a imaxe de Santa María ..... **213**
- 27: Esta é de como un peleteiro que non gardaba as festas de Santa María comezou a traballar no seu día de marzo e atravesóuselle a agulla na gorxa e non a podía quitar; e foi a Santa María de Terena e despois xa foi curado..... **219**

- 28: Esta é de como o rei don Afonso de Castela caeu enfermo en Vitoria e tivo unha dor tan grande que creron que morría e puxéronlle enriba o libro das cantigas de Santa María e foi salvado..... **227**
- 29: Esta é de como un crego na misa tragou unha araña que lle caera no cáliz e andáballe entre a pel e a carne viva, e fixo Santa María que lle saíse por unha unlla ..... **235**
- 30: Esta é de como a un meniño que era xordo e mudo o resucitou Santa María polo rogo da nai do meniño e fíxolle recobrar o falar e o oír ..... **243**
- 31: Esta é de como unha boa señora de Francia que era cega veu a Vila-Sirga e tivo aí vixilia, e foi logo sandada e recobrou a vista. E ela, índose para a súa terra, achou un cego que ía en romaría a Santiago e ela aconselloulle que fose para Vila-Sirga e sandaría ..... **249**
- 32: Esta é de como Santa María da Scala, que está preto de Xénova, librou da morte a unha muller que ía alá polo mar en romaría ..... **257**
- 33: Esta é de loor de Santa María ..... **265**
- 34: Esta é de como Santa María resucitou un meniño en Coira, unha aldea que está preto de Sevilla..... **271**
- 35: Esta é de como Santa María de Rocamadour protexeu unha manceba endemoñada do demo mudo e fixo que falase..... **279**
- 36: Esta é de como un meniño que criaba un abade no seu claustro traía de comer ao meniño que tiña a imaxe nos seus brazos, e a imaxe díxolle que comería con el moi pronto ..... **285**



37: Esta é de como Santa María librou da morte a unha bestia que lle chaman doniña .....	<b>295</b>
38: Esta é de como Santa María do Porto sandou o rei don Afonso dunha grande enfermidade da que lle inchaban tanto as pernas que non lle collían nas calzas .....	<b>303</b>
39: Esta é de como Santa María levou a alma dun frade que pintou o seu nome de tres cores.....	<b>311</b>
40: Esta é de loor de Santa María.....	<b>319</b>



**1**  
**(3)**

**Esta é de como Santa María fixo recobrar a Teófilo  
a carta que fixera co demo, cando se fixo vasalo seu**

*Máis nos fai Santa María  
por seu fillo perdoar,  
do que nós pola nosa tolería  
lle imos pecar e faltar.*

- 5 Por Ela nos perdoou  
Deus o pecado de Adán,  
da mazá que tomou,  
polo que sufriu moito afán  
e no inferno entrou;
- 10 pero a da moi boa vontade  
tanto a seu fillo lle rogou,  
que por iso o foi El sacar.  
*Máis nos fai Santa María...*

- 15 Pois fixo o perdón obter  
para Teófilo, un seu  
servo, que fora facer,  
por consello dun xudeu  
unha carta, para ganar poder  
do demo, e deulla;
- 20 e fixolle en Deus descrer,  
e dende entón a Ela negar.  
*Máis nos fai Santa María...*

Despois de que Teófilo así  
fixo esta traizón,  
25 polo que eu entendín,  
foi do demo posesión;  
pero despois, segundo oín,  
arrepentiuse e foi perdón  
pedir axiña, alí  
30 onde o adoita achar o pecador.  
*Máis nos fai Santa María...*

Chorando moito dos ollos seus  
foi perdón demandar,  
e viu da Nai de Deus  
35 a imaxe; sen agardar  
díxolle: “Os pecados meus  
son tantos, sen enganar,  
que, se non fora polos rogos teus,  
non podería eu perdón ganar”.  
40 *Máis nos fai Santa María...*

Teófilo aquela vez  
chorou moito e non fixo máis,  
ata que, cando a que de prez  
entre as outras donas non ten igual,  
45 ao demo, máis negro ca pez,  
do lume infernal  
a carta lle fixo traer  
e deulla ante o altar.  
*Máis nos fai Santa María...*

**NOTAS**

**V. 8, afán:** ansia, traballo, cansazo, tormento.

**Vv. 5-9:** Adán e Eva vivían no xardín do Edén. Deus autorizáraos a comer os froitos de calquera das árbores que alí había, agás da do "coñecemento do ben e o mal". Non obstante, o demo tentou a Eva, quen comeu unha mazá da árbore prohibida, e deulla a probar ao seu compañeiro, o que carrexou para ela e máis para Adán a expulsión do Edén, entre outros castigos. Esta desobediencia foi considerada un pecado (por iso di Afonso no verso 9 que Adán "no inferno entrou"), e como ese pecado o cometeron os nosos "primeiros pais", considérase que todos os humanos o herdaron: é o "pecado orixinal".

**V. 10:** Refírese á Virxe.

**Vv. 18-19:** Neste caso, "ganar poder / do demo" refírese a adquirir influencia con el para acrecentar o propio poder. Satanás ofrecía protección a cambio dunha entrega total aos que aceptaban pactar con el. Nun principio, o pacto realizábase nunha encrucillada de camiños, aínda que co correr do tempo, podería ter lugar en calquera sitio, pero sempre de noite. O servo, como acontece no milagre descrito por Afonso, renega da fe a cambio de acadar bens materiais, neste caso, un cargo eclesiástico, pero xeralmente o móbil era o de lograr favores sexuais, ou amor.

**V. 25, polo que eu entendín:** Ao longo dos textos que compoñen esta antoloxía, poderemos ver como se reiteran este tipo de expresións nas que Afonso intervéen persoalmente. Neste sentido, temos que pensar que estas cantigas foron concibidas para a súa recitación oral, e estas apelacións directas ao auditorio acurtan a distancia entre o emisor e o receptor.

**V. 30:** O pecador acha o perdón pedíndollo a Deus, xa sexa directamente, ou pola intercesión da súa Nai, como neste caso.

**V. 37, sen enganar:** Este tipo de expresións son moi frecuentes na lírica afonsina; é unha chamada á confianza do lector que se pode traducir como 'non minto'.

**V. 43, prez:** Honra, gloria.

**Vv. 43-44, a que de prez entre as outras donas non ten igual:** Refírese á Virxe, que é superior a calquera outra muller.

**V. 45, pez:** Substancia que procede da destilación do alcatrán vexetal, e ten unha textura branda e pegañenta, e unha tonalidade moi escura.

## Comprensión do texto

A lenda de Teófilo é antiquísima e foi escrita por primeira vez en grego e despois traducida ao latín a mediados do século IX. Este

milagre narra o acontecido ao administrador dos bens eclesiásticos de Ada, en Cilicia (Asia Menor), chamado Teófilo. Era Teófilo un home honrado e prudente, e ao morrer o bispo, todo o pobo o aclamou como o seu sucesor. El, non obstante, pareceu contentarse co cargo de vicedeán, pero cando o que veu ocupar o cargo de bispo o degradou inxustamente, Teófilo quedou moi desgustado. Entón, por consello dun mago xudeu, fixo un pacto co demo, que lle prometeu devolverlle o seu cargo a cambio de renegar de Deus, da Virxe e de todos os principios cristiáns. O pacto foi escrito e selado nunha carta. Un tempo despois, Teófilo arrepeniuse e some-teuse a duras penitencias, rezando magoado ante a Virxe, e recoñecendo todas as verdades cristiás, recuperando dese xeito a graza de Deus. Para confirmar este perdón, a Virxe arrebatoulle ao demo o pergameo, e depositouno enriba do peito do penitente mentres el durmía. O domingo seguinte, Teófilo foi á igrexa e confesou todo o que acontecera diante dos fieis e mais do bispo. Tres días despois, no lugar onde se lle apareceu a Virxe, morreu e foi soterrado.

Como xa te decatarias, a cantiga límitase a recoller o perdón do pecador despois do seu arrepentimento sincero.

#### DEBES SABER QUE...

- ✎ Todos temos na nosa cabeza o significado máis ou menos aproximado do que é o **pecado**, pero quizais non saibas que a gravidade do pecado reside sobre todo na consideración de que máis que unha falta en si mesma é unha ofensa contra Deus. Por isto non che debe chocar que no refrán apareza o pronome “lle” nun contexto no que se está a falar do pecado: cando o trobador di que “pola nosa tolería / lle imos pecar e faltar” está aludindo a isto, a que os pecados cometidos van directamente contra Deus, que *lle pecamos* a El.

O concepto de *pecado* non aparece definido dun xeito sistemático nos escritos bíblicos, non obstante, adóitase presentar como unha transgresión dos mandatos divinos cuxa consecuencia é a separación entre o home e a divindade, sendo só posible a reconciliación a través do arrepentimento e a emenda das condutas pecaminosas; por iso, como verás ao longo desta escolma, todos os pecadores favorecidos pola Virxe o son despois de terse arrepentido das súas faltas.

- ❖ O **pacto satánico** máis famoso foi o que firmou Fausto con Mefistófeles; deste relato non se recollen referencias escritas ata o ano 1587 a pesar de que as lendas en que está baseado son moito máis antigas.

O pacto (que se podía facer por un número determinado de anos ou tamén para toda a vida) consistía nun acordo no que a persoa se consagraba ao servizo do demo, prometéndolle a súa alma a cambio de certos beneficios. Parece ser que a cerimonia que acompañaba a firma do pacto constaba de once pasos, a maioría deles destinados a renegar da relixión cristiá e a facer os votos de servizo ao diaño. Un requisito era a marca do diabo, que este imprimiría no corpo da persoa con quen pactara. Esta xeralmente firmaba o documento co seu sangue.

Na época medieval, en que a case totalidade da poboación era analfabeta, a crenza en que os pactos co diabo eran reais estaba moi xeralizada.

- ❖ A Virxe apiádase de Teófilo e reclámalle ao demo a carta para libralo do inferno. O **inferno** é o lugar onde a relixión cristiá considera que os pecadores van recibir o castigo polas súas faltas, mentres que os defuntos virtuosos comparten a visión de Deus e dos seus anxos no ceo.

O elemento máis importante do inferno, a xulgar polo número de veces que é mencionado nos escritos bíblicos, é o lume, que é inextinguible, eterno; ademais, menciónase a miúdo de que alí terá lugar o pranto e renxer de dentes dos condenados, e malia que non se fala das características concretas do castigo, os homes do medievo espremían a súa imaxinación para idear os tormentos máis horripilantes, o que era debido en gran medida a que na Idade Media todo o que era diferente ou afastado espertaba un sentimento de temor.

Xoan Paulo II modificou no ano 1999 a visión tradicional do Ceo e do Inferno dicindo que non eran lugares físicos, é dicir, que non estaban localizados nin arriba nin debaixo da terra, senón que eran estados de ánimo: a presenza de Deus sería o Ceo e a súa ausencia o Inferno, polo que o premio sería a simple contemplación da divindade e o Inferno verse privado da visión beatífica.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Dicímosche máis arriba que a inxenuidade dos homes medievais leváboas a crer que realmente o diabo se lle aparecía a quen o convocara, ¿a que cres que se debe esta credulidade?
2. En **Debes saber que...** mencionamos o ceo e mais o inferno, ¿que espazo falta nesta clasificación? ¿Poderías aventurar unha definición del?

3. ¿Por que se considera a Adán e a Eva os nosos “primeiros pais”? ¿Coñeces o relato bíblico? Fai unha breve exposición do mesmo.

### Contido

4. No inicio da cantiga, Afonso menciona a Adán e Eva, co que establece unha relación entre ese episodio bíblico e o que despois acontecerá a Teófilo. ¿Poderías aclarar en que consiste a relación entre ambos os dous relatos?
5. Un *sentimento* pode ter, entre outras acepcións, as dun estado de ánimo ou unha impresión que causan na alma as cousas espirituais (por exemplo, o amor). Podemos dicir que Teófilo obra mal influído por un sentimento de vinganza, pero, ¿que sentimentos positivos cres que están presentes na cantiga?
6. Un *contrato* pódese definir como un pacto ou convenio, oral ou escrito, entre dúas ou máis persoas que se obrigan ou comprometen a unha cousa determinada, e xeralmente hai un documento que o acredita. ¿Cres que o que Teófilo firmou co demo se pode considerar un contrato? Xustifica a túa resposta.
7. ¿Por que cres que a Virxe acada de Deus o perdón para Teófilo?

### Recursos expresivos

8. O *étimo* é o vocábulo que, despois de sufrir transformacións máis ou menos profundas, deu lugar a un vocábulo noutra lingua. Por exemplo, o termo *filoloxía* está formado por dous étimos gregos, *filos* que se traduce por ‘amigo’ e *logos* que se traduce por ‘palabra’; deste xeito, un *filólogo* viría a ser un ‘amigo das palabras’. Pensa un pouco e, seguindo esta lóxica etimolóxica, contesta: ¿de quen será amigo Teófilo?
9. ¿Que nome reciben as estrofas desta cantiga en función do número dos seus versos?





10. Nos textos líricos, moitas veces inténtase transmitir a intensidade dunha emoción ou dun pensamento mediante distintos recursos, entre os que está a repetición; ¿poderías dicir se atopas algún caso de repetición na composición?
11. A expresión da afectividade tamén ten recursos propios, entre os que se atopan diminutivos, vocativos, ou exclamacións. Sinala algún exemplo.

12. ¿Encontras no texto algún caso de oración comparativa? ¿Cales?
13. O estilo directo é aquel no que o narrador reproduce con exactitude as palabras que di algún personaxe, ¿encontras algún exemplo de estilo directo no texto? ¿Cal?

### **Unha actividade de investigación**

Ao longo do apartado **comprensión do texto** aparecen aludidos, por un ou outro motivo, obxectos como os *manuscritos* ou os *pergameos*. A historia do libro, dende os primeiros debuxos en pedra ata o actual formato, é moi interesante.

Busca o material que precisas e elabora un breve informe no que deas conta dos sucesivos soportes que, a través da historia, se foron empregando para plasmar mensaxes escritas.

### **Un asunto para debater**

Afonso di que Teófilo foi inducido por un xudeu para obrar mal, ¿cales poden ser as motivacións do monarca para expresar unha idea tan negativa dun membro da comunidade xudía? ¿Pensas que hoxe en día estaría ben visto este xuízo? Debate isto cos teus compañeiros.

**2**  
**(4)**

**Esta é de como Santa María salvou o fillo do xudeu  
para que non ardese, porque o seu pai o botara ao forno**

*A nai do que librou  
dos leóns a Daniel,  
esa do lume gardou  
un meniño de Israel.*

5    En Bourges un xudeu  
      había que facer sabía  
      vidro e un fillo seu  
      -que el máis non tiña,  
      polo que entendín eu-  
10    entre os cristiáns lía  
      na escola; e isto non gustaba  
      ao seu pai Samuel.  
      *A nai do que librou...*

      O meniño o mellor  
15    leu que ler podía,  
      e de aprender gran sabor  
      tiña de canto oía;  
      e por isto tal amizade  
      con eses nenos collía,  
20    cos que era escolar,  
      que ía na súa cuadrilla.  
      *A nai do que librou...*

Por isto quérovos contar  
o que lle pasou un día  
25 de Pascua, que foi entrar  
na igrexa, onde vía  
o abade diante do altar,  
que dándolles aos mozos ía  
hostias para comulgar  
30 e viño nun cáliz fermoso.  
*A nai do que librou...*

O xudeíño tanto pracer  
tivo, que lle parecía  
que hostias para comer  
35 lles daba Santa María,  
á que vía resplandecer  
no altar onde permanecía,  
e nos brazos ter  
o seu fillo Emmanuel.  
40 *A nai do que librou...*

Cando o mozo esta visión  
viu, tanto lle praciá  
que por tomar a súa ración  
entre os outros se metía.  
45 Santa María entón  
a man lle tendía,  
e deulle tal comunión  
que foi máis doce có mel.  
*A nai do que librou...*

50 Despois de que a comunión tomou,  
deseguido de alí saía,  
e na casa do seu pai entrou  
como adoitaba facer;  
e el lle preguntou  
55 qué fixera. El respondía:  
“A dona que baixo o capitel  
vin, me comulgou”.  
*A nai do que librou...*

O pai, cando isto oíu,  
60 tanto rabeou,  
que dos seus cabais saíu;  
e entón o seu fillo colleu  
e, cando arder o forno viu,  
meteuno dentro e pechou  
65 o forno, e moi mal pecou  
como traidor cruel.  
*A nai do que librou...*

Raquel, a súa nai, que moi ben  
ao seu fillo quería,  
70 reparando en nada máis  
que en que no forno lle ardía,  
grandes berros por isto deu  
e á rúa saíu;  
e a xente veu  
75 ao socorro de Raquel.  
*A nai do que librou...*

En canto souberon de certo  
por qué ela xemía,  
foron de seguida o forno abrir  
80 en que o mozo xacía,  
ao que a Virxe quixo acudir  
como protexera a Ananías  
Deus, o seu fillo, e tamén  
a Azarías e a Misael.  
85 *A nai do que librou...*

O mozo axiña de alí  
sacaron con alegría,  
e preguntáronlle, así,  
se dalgún mal se doía.  
90 Dixo el: “Non, que eu cubrín  
o que a dona cubría,  
que sobre o altar vin  
co seu fillo, fermoso doncel”.  
*A nai do que librou...*

95 Por este milagre tal,  
de seguido a xudía creu,  
e o meniño sen máis  
o bautismo recibiu;  
e ao pai, que o mal  
100 fixera pola súa tolería,  
déronlle entón morte cabal  
como quixo el dar ao seu fillo Abel.  
*A nai do que librou...*

## NOTAS

**V. 5 Bourges** é a capital do departamento de Cher, na zona central de Francia.

**Vv. 6-7:** A profesión do xudeu desta cantiga era a de artesán do vidro, que era un oficio tradicional da comunidade hebrea que se instalou en Occidente, ademais doutros coma os de cesteiros ou ourives, dentro dos artesáns, se ben o oficio considerado tradicionalmente máis emblemático dos xudeus era o de prestamista: de aí a mala fama que os acompañaba, xa que facían préstamo a usura.

**V. 16, sabor:** Na linguaxe figurada, este termo aínda se emprega para referirse ao pracer que causan as cousas que gustan.

**V. 57, me comulgou:** Deume a comunión.

**V. 60, tanto rabeou:** O verso orixinal di "creceu-lli tal felonía".

**Vv. 82-84:** A comparación que establece aquí Afonso entre o mozo xudeu e os personaxes bíblicos de Ananías, Azarías e Misael está explicada máis polo miúdo no comentario ao texto.

## Comprensión do texto

39

Un neno xudeu tiña por compañeiros na escola a outros nenos cristiáns, cos que se levaba moi ben. Un día, pola festa da Pascua, o neno quedou engaiolado pola Virxe María porque mesmo lle parecía que era Ela en persoa quen lle daba a comunión aos outros; así, achegouse el tamén ata o altar e recibiu a hostia da propia nai de Deus. Ao chegar á casa o pai quixo saber de ónde viña, e el díxolle que viña de tomar a comunión de mans de María; o pai, fóra de si, castigouno botándoo no forno aceso. Desesperada por este suceso, a nai saíu á rúa pedindo auxilio. Os que pasaban entraron a socorrer o meniño, que non morrera porque a Virxe o protexera. Sacaron o neno e este díxolles que non sufrira mal ningún porque se cubrira co manto da Virxe (as roupas da Virxe, por ter estado en contacto co seu corpo, considerábase que estaban impregnadas da súa santidad e que, por tanto, podían tamén obrar milagres). Isto fixo que a nai do neno, chamada Raquel, se convertera ao cristianismo. O pai morreu a mans dos que socorran o neno, como vinganza.

### DEBES SABER QUE...

- Afonso fai unha comparación entre o meniño protagonista do milagre e os personaxes bíblicos de **Ananías, Azarías e Misael**, que tamén foran salvados de morrer en parecidas circunstancias. O rei babilonio Nabucodonosor conquistou Xerusalén. Os babilonios tiñan un costume moi hábil: cando conquistaban un territorio non colocaban a un dos seus para gobernalo, xa que isto produciría rexeitamento dos nativos, senón que seleccionaban algúns dos mozos máis destacados do territorio conquistado, e levábanos a Babilonia para formalos nos seus costumes. Isto foi o que lles aconteceu aos tres mozos xudeus e mais ao profeta Daniel, que foron trasladados a Babilonia, onde lles cambiaron os nomes, e se lles deu formación conforme aos costumes do novo país.

A Daniel, que tiña a facultade de interpretar os soños do rei, foille concedido moito poder. Un bo día, de resultas dunha destas interpretacións, o rei tomou a decisión de erixir unha grande estatua, e mandou que fose adorada por todos. Os tres xudeus que Afonso cita na súa cantiga negáronse a adorar esta estatua, porque iso ía en contra da relixión xudía, co que foron condenados a morrer queimados nun forno. Non obstante, o lume non lles facía nada, o que motivou que o rei Nabucodonosor se decatase de que o deus dos hebreos era poderoso e digno de respecto.

- Utilízase nesta cantiga –como noutras afonsinas– aos **xudeus** como un instrumento para salientar a superioridade da relixión cristiá, o que vén subliñado polo contraste entre o meniño (e despois a nai deste) e o pai, que é capaz de chegar a matar o seu propio fillo por frecuentar a compañía de nenos cristiáns e, sobre todo, por ter tomado a comunión canda eles. Para Afonso, estes relatos de conversións de xudeus tiñan especial relevo porque el estaba intentando ser o seguinte emperador do Sacro Imperio Romano-Xermánico, e tiña que contar coa aprobación do Papa de Roma, para quen era motivo de preocupación o gran número de xudeus e musulmáns que había na Península.

- Non se sabe con seguridade de cando datan as primeiras chegadas de xudeus á Península (aínda que se cre que xa no século X a.C., barcos do rei Salomón cargados de mercadorías comerciaban cos tartesos do Guadalquivir), pero a súa presenza en época romana, polo menos, parece probada. Coa conversión ao catolicismo do rei visigodo Recaredo, a fins do século VI, os xudeus empezaron a sufrir terribles persecucións, a ser vítimas de conversións forzosas e a soportar un atroz acoso debido ás calumnias sobre a súa conduta moral propagadas dende os estamentos eclesiásticos e asumidas pola poboación. A situación xa non cambiaría (malia que en Al-Ándalus gozaron de certa paz ao amparo dos musulmáns, a quen axudaran na conquista) ata a súa expulsión por orde dos Reis Católicos, quen, presionados polas altas xerarquías eclesiásticas, ditaron un edicto o 31 de marzo de 1492 no que os obrigaban a saír do territorio peninsular, abandonando os seus bens, as súas raíces e a súa memoria. O fin perseguido, nas distintas épocas, non era outro que a unificación do país.

A hostilidade contra este pobo tiña un fundamento principalmente relixioso: antes de nada, considerábase aos xudeus responsables da morte de Xesús Cristo e a súa presenza era tolerada coa esperanza de que algún día se converteran ao cristianismo. Por outra banda, o feito de que en épocas de crise económica o antixudaísmo se extremara, está relacionado co feito de que algúns xudeus se dedicaban a actividades profesionais como o empréstimo con xuros, o arrendamento ou a recadación de rendas, o que lles fixo coller a toda a comunidade fama de usureiros e explotadores. Esa tolerancia que había en determinadas épocas non era, non obstante, plena, xa que os xudeus habitaban zonas segregadas chamadas "xuderías" dentro das cidades.



## Actividades

### Arredor do texto

1. ¿Por que o día de Pascua é unha festividade especial para os cristiáns?  
¿Que se celebra?
2. Os nomes dos xudeus protagonistas da cantiga son Abel (o meniño), Raquel (a nai) e Samuel (o pai). Os tres son nomes tradicionais xudeus: ¿poderías engadir algún outro? ¿Algún apelido?
3. Xesús quere dicir “lavé salva”. Busca no evanxeo (Mt I, 23) o significado de *Emmanuel*, nome que no verso 39 se aplica a Xesús. ¿Que relación cres que existe entre os dous nomes á vista do seu significado?

### Contido

4. ¿Cal é a maneira que Afonso ten de expresar a condición de xudeu do meniño protagonista da cantiga? ¿Por que?
5. Afonso, xa dende o refrán, establece unha comparación entre o meniño xudeu e o profeta Daniel. No apartado **Debes saber que...** presentámosche unha breve explicación do episodio bíblico de Daniel, Ananías, Azarías e Misael. ¿Cres que os dous episodios se poden relacionar? Xustifica a túa resposta.
6. ¿Que orixinou a amizade entre o meniño xudeu e os rapaces cristiáns? ¿Que lle supuxo ao primeiro esta amizade e que reacción provocou isto no pai do neno?
7. ¿En que momento cres que se obra a conversión do neno xudeu? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

8. Un *encabalgamento* é a falta de coincidencia entre a pausa gramatical e a rítmica ao final do verso; deste xeito, a construción aparece rota e continúa no verso seguinte. Aínda que menos frecuentemente, o encabalgamento tamén se pode dar entre dúas estrofas (*interestrófico*) e mesmo pode chegar a partir unha mesma palabra en dous versos distintos. ¿Encontras algún caso de encabalgamento nesta cantiga? ¿Onde? ¿De que tipo?
9. ¿Hai algún exemplo de estrutura comparativa no texto? ¿Onde?
10. O *punto de vista* é a perspectiva dende a que se presenta ao receptor o narrado polo emisor e depende da situación do narrador con respecto ao que vai relatando: se intervén nos acontecementos que relata a perspectiva é a de *primeira persoa*, se queda fóra, a narración está en terceira persoa que, á súa vez, pode ser *omnisciente* (cando coñece os feitos da historia e o mundo interior das personaxes), *personaxe* (cando a súa perspectiva está limitada ao que coñece o personaxe que encarna) ou *testemuña* (se conta a historia dende fóra e, polo tanto, ten a súa información restrinxida a esa perspectiva). ¿Cal é, nesta cantiga, o punto de vista? Xustifica a túa resposta.

42


### Un asunto para debater

Ás veces, por motivos relixiosos, ideolóxicos ou políticos, cométese actos desmesurados. Neste caso, o pai quixo matar o seu fillo por mor das súas crenzas relixiosas, e despois os cristiáns matárono a el para vingar o neno, alegando motivos morais. ¿Que opinión che merece esta espiral de violencia? ¿Cres que hoxe en día estamos libres deste tipo de condutas?



### **Un punto para a reflexión**

¿Parácheste algunha vez a pensar que Xesús naceu xudeu, viviu coma un xudeu e, máis importante, morreu xudeu? Que paradoxos ten a vida, ¿non si? Reflexiona sobre o *esquecemento* desa realidade e das súas consecuencias.



**3**  
**(10)**

**Esta é de loor de Santa María, de como  
é fermosa, boa e ten gran poder**

*Rosa das rosas e flor das flores,  
dona das donas, señora das señoras*

Rosa de beldade e de bo parecer,  
Flor de alegría e de pracer,  
5 Dona de moi piadoso ser,  
Señora en quitar coitas e dores.  
*Rosa das rosas e flor das flores...*

A tal señora debe o home moito amar,  
porque de todo mal o pode gardar;  
10 e pódelle os pecados perdoar  
que fai no mundo por malos praceres.  
*Rosa das rosas e flor das flores...*

Debémola amar moito, e servir,  
porque loita por nos gardar de pecar;  
15 ademais, dos erros nos fai arrepentir,  
que nós facemos sendo pecadores.  
*Rosa das rosas e flor das flores...*

Esta dona que teño por Señora,  
e da que quero ser trovador,  
20 se eu puidese ter o seu amor,  
daría ao demo os outros amores.  
*Rosa das rosas e flor das flores...*

## NOTAS

- V. 1, *Rosa das rosas e flor das flores*:** Este tipo de construcións, cuxo sentido é “a mellor rosa entre todas as rosas, a mellor flor entre todas as flores”, etc., ten un uso intensificador: Aparece con certa frecuencia nos textos bíblicos (pensemos, por exemplo, no mesmo título dun libro como “O cantar dos cantares”).
- V. 2. *Señora das señoras*:** O texto orixinal di “Señor das señores”, aínda que o vocativo se refira a unha figura feminina. Iso débese ao costume dos trovadores de tratar a muller das cantigas como a dona das súas vidas e das súas pertenzas o que, na realidade, correspondía ao *señor* feudal, o dono das terras onde vivían e que era quen impartía xustiza e, por tanto, podía condenar a morte.
- V. 3, *bo parecer*:** Estas construcións son moi frecuentes na lírica medieval; *parecer* refírese ao aspecto físico da dama, particularmente ao seu rostro que, neste caso, sería belo.
- V. 4:** Refírese ao *pracer* que sente quen a serve ou contempla.
- V. 5, *ser*:** Neste caso, ‘carácter’, ‘talante’.
- V. 10, e *pódelle os pecados perdoar*:** Nesta ocasión, no desexo do trovador por cantar as excelencias da Virxe, comete a esaxeración de dicir que Ela perdoa os pecados. María pode interceder ante Deus para que El perdoe os pecados, pero non o pode facer Ela directamente, segundo quedou establecido pola teoloxía católica.
- V. 11, *malos praceres*:** Cualifica Afonso de *malos* os praceres mundanos posto que as consecuencias que carrexan no que atinxe á salvación son negativas.
- Vv. 20-21:** Oponse aquí o amor mundano ao amor espiritual, que é o que se lle pode profesar á Virxe.

## Comprensión do texto

Esta é, seguramente, a máis coñecida das cantigas afonsinas. O rei reitera ao longo de toda esta composición o seu propósito de ser para sempre trovador de Santa María, a quen enxalza por riba de todas as outras mulleres cunha serie de epítetos que a describen dun xeito moi lírico.

Este enxalzamento vai acompañado dunha comparación coas mulleres terreaís, cuxa imaxe se ve diminuída por tan excelso modelo. Conclúe Afonso, finalmente, que polo amor de María estaría disposto a renunciar ao das outras mulleres.

**DEBES SABER QUE...**

- Na nota ao verso II dicímosche que, para a moral relixiosa, os **praceres mundanos** son negativos dado que, ao estar vinculados á carne, moitas veces levan asociado o **pecado**. A explicación é moi complexa pero é bo que saibas que para os cristiáns o corpo está sometido e dirixido a Deus. Isto é debido a que o corpo e a propia persoa son equivalentes, mentres que a alma forma parte indisoluble do conxunto. Por esta razón se di en ocasións que o corpo é un templo de Deus e que hai que preservalo do pecado porque é, aínda por riba, facilmente corruptible.

O pecado, pola súa banda, é visto dende antigo como unha perturbación da vontade divina, polo que é considerado unha desobediencia contra Deus. Tradicionalmente se ten identificado a carne coa luxuria.

- Tendo en conta o explicado arriba a propósito da carne, repara en que Afonso di que, no caso de ter o amor da Virxe, renunciaría aos "outros amores". Dende moi antigo, e particularmente no ámbito literario, opúxose o chamado "**bo amor**", que Menéndez Pidal definiu como "puro, ordenado e verdadeiro, capaz de inspirar belas accións" ao "**louco amor**" que, segundo o estudoso, sería "desordenado, van e deshonesto". O primeiro corresponderíase co amor virtuoso que se lle profesa a Deus (algúns autores identifícano tamén co amor casto ao esposo ou á esposa) e, o outro, co amor carnal, mundano, luxurioso. O *Libro del buen amor*, do Arcipreste de Hita, é un bo exemplo desta distinción da época, e nel encontramos esta definición: "el alma [...] escoge e ama el buen amor; que es el de Dios" ou, como neste caso, o da Virxe.

- O verso inicial do refrán enxalza a María comparándoa coas **rosas**. O emprego deste símil foi moi frecuente nas metáforas referidas á beleza e xa se empregaba na literatura clásica. Tamén simbolizaba a fragilidade, a pureza ou a inocencia. Dende que se empezou a aplicar a María, tivo un éxito extraordinario, ata o punto de que se lle puxo o seu nome á oración mariana máis emblemática: o **rosario**.

O rosario é un modo de pregaría que consiste en loar a María mediante a repetición do saúdo anxélico (o que lle dirixiu o anxo Gabriel no momento da anunciación) cento cincuenta veces, intercalando entre cada decena meditacións sobre episodios da vida de Xesús Cristo.

47

**Actividades****Contido**

1. Enumera os epítetos cos que Afonso cualifica a María. Intenta unha clasificación (escolle o criterio) e mais unha interpretación dos mesmos.
2. ¿Como destaca Afonso a diferenza entre os homes e a Virxe? ¿Cal é o trazo máis característico dos homes?



3. ¿Que é o que leva ao rei a decantarse polo amor divino?
4. ¿Cal dirías que é a calidade mariana máis ponderada polo trovador?  
¿Por que?

### Recursos expresivos

5. ¿Por medio de que recursos logra Afonso o retrato de María?
6. Un *oxímoron* é unha construción formada por palabras de sentido oposto que chegan a ser semanticamente compatibles nun contexto determinado. ¿Encontras algún oxímoron nesta cantiga? Xustifica a túa resposta.
7. En **Debes saber que...** sinalámosche as diferenzas entre o bo amor e o louco amor; le detidamente a cantiga e sinala que atributos de María che parecen máis propios de cada un deses tipos de amor. Despois contesta, ¿que cres que leva ao trovador a cantar dun xeito tan humano o amor espiritual que sente pola Virxe?
8. Repasa as informacións que sobre o punto de vista che ofrecemos nos materiais de comentario da cantiga anterior e tenta establecer cal é a perspectiva do narrador nesta composición.

### Un asunto para debater

Na Idade Media, os homes cunha certa posición social podían seguir distintos modelos para acadar a súa realización persoal, como por exemplo as vidas exemplares dos santos, se se decantaban pola senda relixiosa, ou as dos guerreiros dos relatos de cabalerías se seguían a carreira militar. Non obstante, para todas as mulleres, sexan da clase que fosen, o único modelo para imitar era o da Virxe María. ¿Que reflexión che merece isto? ¿Que modelos, tanto masculinos como femininos, segue a sociedade actual?



**4**  
(11)

**Esta é de como Santa María lle arrebatou ao demo  
a alma do monxe que afogara no río, e fixoo resucitar**

*Aínda que o home por tolería  
axiña caer  
pode en pecado,  
do ben de Santa María*  
5 *non se debe ver  
desesperado.*

Por isto direi aínda  
como nunha abadía  
un tesoureiro había,  
10 un monxe que traer  
mal gobernado  
o seu patrimonio sabía,  
para a Deus perder,  
o desgraciado.  
15 *Aínda que o home por tolería...*

Ademais do moito mal que facía,  
cada noite en pillería  
cunha amante súa ía,  
para con ela ser  
20 ben agasallado;  
pero antes “Ave María”  
sempre ía soste  
de moi bo grado.  
*Aínda que o home por tolería...*

25 Cando isto facer quería  
nunca as campás tanxía,  
e despois as portas abría  
para ir facer  
o seu desaguisado;  
30 pero no río que adoitaba  
cruzar, foi morrer  
dentro, afogado.  
*Aínda que o home por tolería...*

E cando a alma lle saíu,  
35 deseguido o demo a colleu,  
e con moita alegría  
foina botar  
no fogo airado;  
pero a compañía dos anxos  
40 para a socorrer  
veu decontado.  
*Aínda que o home por tolería...*

Gran liorta alí crecía,  
e o demo lles dicía:  
45 “Marchade de aquí pola vosa vía,  
que desta alma o destino  
foi xulgado,  
que fixo obras noite e día  
sempre ao meu pracer  
50 e ao meu mandado”.  
*Aínda que o home por tolería...*

Cando isto oíu  
a compañía dos anxos, partiu  
de alí triste, pois vía

- 55 o demo proceder  
ben acertado;  
pero a Virxe que nos guía  
non quixo desatender  
o seu chamado.
- 60 *Aínda que o home por tolería...*

- E despois de que chegou, lles influía  
a súa razón con tal preitesía,  
que alí lles facía  
a alma coller
- 65 do frade culpado,  
dicíndolles: “Ousadía  
foi a de irdes tocar  
o meu encomendado”.
- Aínda que o home por tolería...*

- 70 O demo, cando oíu  
isto, con pavor fuxiu;  
e un anxo dispúxose  
para a alma recoller,  
ledo e obstinado,
- 75 e no corpo a meteu,  
e fixo erguer  
o resucitado.
- Aínda que o home por tolería...*

- O convento esperaba  
80 o sinal para se erguer,  
pois había un cacho que non durmía,  
polo que sen tardanza  
ao sagrado  
foron, ata a auga fría,

85 onde viron xacer  
o moi culpado.  
*Aínda que o home por tolería...*

Toda aquela clerecía  
dos monxes logo lía  
90 sobre el a ladaíña,  
polo defender  
do demo denodado;  
pero como a Deus pracia,  
logo vivir  
95 fixo o finado.  
*Aínda que o home por tolería...*

52

**NOTAS**

**Vv. 17-23:** O autor salienta a actitude contraditoria do monxe, quen antes de ir encontrarse coa súa amante, non ten reparos en irlle rezar á Virxe.

**V. 38:** O demo levou a alma do monxe ao inferno polos seus pecados. A caracterización máis usual para o inferno é a dun lugar onde os condenados penan atormentados polo lume.

**Vv. 39-41:** A idea predominante na Idade Media, no que atinxe ás vicisitudes das almas dos mortais, era a de que estaban a mercé dun exército de demos que se enfrontaba a outro de anxos para facerse coa alma do finado.

**V. 56:** Os anxos vían que, efectivamente, o monxe obrara en vida como para facerse merecedor do castigo.

**V. 77:** Segundo a concepción cristiá, o home, en vida, está composto de corpo e alma. No momento da morte, a alma abandona o corpo. Así, se o anxo lle une de novo a alma co corpo, o monxe recobra a vida.

**V. 92:** Unha persoa denodada é aquela que non se desanima ante os atrancos que se lle poidan presentar.

## Comprensión do texto

Parece que este milagre data do século XI. Téñense contabilizadas máis de sesenta versións latinas, e foi empregado con moita frecuencia para adornar os sermóns ao longo de toda a Idade Media. O asunto da composición é o do castigo a un monxe pecador que cada noite se vai encontrar coa súa amante e, unha vez, caeu nun río que tiña que atravesar e afogou. Neste asunto central conflúe a polémica entre anxos e demos, posto que os dous bandos se queren facer coa alma do pecador; Afonso concede unha especial importancia a esta trama derivada, converténdoa nun episodio troncal dentro da composición. Finalmente, ante a igualdade de forzas entre o exército do ben e o do mal, a Virxe aparece para inclinar a balanza ao seu favor, resucitando finalmente o monxe cando os seus compañeiros xa lle estaban dicindo a ladaíña.

53

### DEBES SABER QUE...

O demo enfróntase ao exército dos anxos para apoderarse da alma do monxe. Na teoloxía cristiá, a alma era interpretada dende antigo como o 'alento vital', 'forza vital' e, ás veces, como a mesma 'vida', entendida como 'vida eterna' por canto a alma é inmortal. Contrapoñíase ao corpo, que si era mortal; de aí que segundo as accións do home, a alma penara para sempre no inferno ou gozara para sempre do reino dos ceos

## Actividades

### Contido

1. A composición empeza aludindo á función desempeñada polo monxe dentro do convento do que era tesoureiro. ¿Que tarefas cres que lle corresponderían dentro da comunidade? ¿Coñeces algún outro cargo na xerarquía dos mosteiros? ¿Cales?
2. ¿Con que palabras describe Afonso a conduta contraditoria do monxe? ¿Con que trazo de carácter identificas esta contradición?
3. ¿Que función ten a Virxe nesta composición? ¿Por que cres que Afonso a fai aparecer no momento en que os anxos dan por perdida a alma do monxe?
4. ¿Cal é a lección que se pode extraer do refrán da cantiga? ¿Como se xustifica ao longo do texto?

54

### Recursos expresivos

5. Malia ter un ritmo áxil (por certo, ¿en que se percibe?), a composición presenta unha adxectivación moi rica. ¿Poderías dicir que persegue o autor con ese recurso? Tenta unha clasificación dos adxectivos por campos semánticos.
6. No momento da descrición da disputa entre os anxos e os demos podemos ver algún exemplo de discurso en estilo directo; ¿encontras na cantiga algún caso de discurso en estilo indirecto? ¿Onde?
7. Busca o significado de *tensión* nun dicionario de termos literarios e contesta: ¿hai no texto algún exemplo que se axuste a esa definición?
8. ¿Con que recursos busca o autor inclinar o ánimo do oínte / lector favorablemente cara ao bando dos anxos? ¿Cres que o consegue?



### **Unha actividade de creación**

No momento en que o finado expulsa a alma do corpo o demo cóllea raudo, pero o exército de anxos acude inmediatamente para socorrerla. O autor recrea unha tensa conversa entre os anxos e os demos; ¿poderías ti imaxinar unha disputa dramatizada entre eles?

### **Un punto para a reflexión**

O retórico grego Protágoras (481 -411 a.C.), para articular a argumentación nun debate, ensinou a doutrina da antítese, é dicir, el sostiña que un mesmo argumento sempre pode presentarse dende puntos de vista opostos, porque cada problema ofrece, polo menos, dúas caras. Recordar isto pódete axudar a comprender que, aínda que non compartas a postura daquel con quen estás debatendo, as súas ideas poden ser tan razoables como as túas e, dende logo, igual de respectables. Ao monxe da cantiga preséntaselle a posibilidade de emendarse e corrixir a súa conduta, ¿ti cres que o fará? E ti, ¿faríalo? ¿Cres que compensa, no caso de existir un máis alá, privarse de praceres mundanos para acceder a el? Debáteo cos compañeiros pero fai o exercicio de defender a postura contraria daquela coa que ti te identificas.



**5**  
**(13)**

**Esta é de como Santa María salvou un ladrón de  
morrer na forca porque a saudaba**

*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou  
un ladrón, así a súa Nai outro da morte librou.*

E por isto un gran milagre vos direi nesta ocasión,  
que fixo Santa María a un moi malfeitor ladrón  
5 que Elbo tiña por nome; pero sempre na súa oración  
a Ela se encomendaba, e aquilo lle prestou.  
*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou...*

Onde lle aconteceu un día que foi un furto facer,  
e o meiriño daquela terra o houbo logo prender,  
10 e moi axiña, sen demora, fíxoo na forca poñer;  
pero a Virxe, de Deus Nai, de contado del se lembrou.  
*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou...*

E cando estaba pendurado na forca para se afogar,  
a Virxe Santa María non vos quixo entón tardar,  
15 ao contrario, chegou moi axiña, e foille as mans colocar  
baixo os pés, e alzouno de tal xeito que non se afogou.  
*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou...*

Así estivo tres días o ladrón, que non morreu;  
pero o meiriño pasou por alí e se decatou  
20 de que estaba vivo, e un dos seus homes logo lle apertou  
o lazo para que morrese, pero a Virxe o salvou.  
*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou...*

Cando pensaban que estaba morto, o ladrón díxolles así:  
“Quérovos dicir agora, amigos, por qué non morrín:  
25 gardoume Santa María, e velaquí  
que nas súas mans me suxeitou, e o lazo non me matou”.  
*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou...*

Cando isto oíu o meiriño, deu loor  
á Virxe Santa María, e logo foi baixar polo seu amor  
30 a Elbo, o ladrón, da forca, quen despois servidor  
dela foi sempre na súa vida, e nunha orde despois entrou.  
*Así como Xesús Cristo estando na cruz salvou...*

#### NOTAS

58

**V. 6:** Como no caso da cantiga anterior; a Virxe mostrará compaixón por quen, aínda que peque, lle mostre devoción, debido a que esa actitude pode facilmente levar ao arrepentimento.

**V. 9, meiriño:** Oficial público que estaba encargado da administración económica, financeira e xudicial dun territorio; este cargo foi abolido polos Reis Católicos.

**V. 29:** O sentido deste verso é “por amor á Virxe María”.

## Comprensión do texto

Afonso X repite o tema desta cantiga na 175 do seu cancionero, aínda que nesta última se axusta máis á versión máis común do relato. Esta lenda do *aforcado descolgado* narra un feito que aconteceu na cidade francesa de Toulouse. Dous peregrinos alemáns, pai e fillo, pasan a noite nun mesón; o mesoneiro mételles unha copa na súa equipaxe e a continuación acusounos de roubalo. Revisan as cousas dos peregrinos e atopan a copa. O xuíz sentencia que lle cederán ao



mesoneiro os seus bens e que un dos dous debe morrer aforcado. Aforcan ao fillo e o pai continúa, apesarado, cara Santiago. Á volta, encontra o seu fillo vivo, protexido polo apóstolo Santiago. O relato do milagre espállase e, finalmente, o mesoneiro é axustizado.

A cantiga que che ofrecemos aquí trata unha variante na que o protagonista, Elbo, non é peregrino, senón un ladrón que resulta xustamente acusado de roubo. A condena imposta é a de morrer colgado, pero como Elbo, aínda sendo ladrón, era moi devoto da Virxe, Ela apiádase del e cando está pendurado, colócalle as mans debaixo dos pés evitando que afogue. Así estivo por espazo de

tres días; cando o meiriño que o mandou aforcar o viu aínda vivo, mandou que lle apertaran máis o nó. A Virxe volve salvalo, e Elbo explícalles a todos cal é a razón de que non morra despois de levar tanto tempo colgado. O meiriño baixa el mesmo a Elbo, que decide recluírse nun convento en agradecemento á Virxe.

### DEBES SABER QUE...

Durante a Idade Media, non existía unha maquinaria de goberno tal e como a coñecemos hoxe. Entre os séculos X e XIII, en liñas xerais, Europa estaba rexida polo que se coñece como *réxime feudal*, baseado nun conxunto de institucións que crean e establecen unha serie de obrigas de dependencia e servizo –principalmente militar– por parte dun home libre chamado *vasalo* e outro home libre chamado *señor*, que tiña que protexer ao primeiro a cambio da súa fidelidade. Na Península Ibérica (agás en Cataluña) este sistema nunca chegou a callar en estado puro porque a loita contra os musulmáns na reconquista reforzaba a figura do monarca por riba de calquera un dos seus súbditos, por poderosos que estes fosen. Sen perder nada da súa autoridade, o rei gobernaba o seu reino dividido en distritos baixo a autoridade dun oficial que el mesmo nomeaba ou depuña se se daba o caso. Así os reinos acostumaban estar divididos en condados, rexidos por un conde que representaba o rei e tiña funcións de goberno. Por debaixo do conde había diferentes cargos ata chegar ao de **meiriño**, que é un cargo herdeiro do antigo mordomo de palacio (ambas as dúas palabras teñen a mesma raíz, *maiorinus*). Afonso X, nas súas *Partidas*, define o *meiriño* como “ome que ha mayoría para facer justicia sobre algun lugar señalado”.

Así pois, o desenvolvemento político e económico era basicamente local, e a súa célula básica era a xurisdición. Os campesiños dependían dos señores para obter a súa protección e tamén recibir, en momentos de conflito, unha rudimentaria administración de xustiza. Neste esquema, os meiriños eran nomeados polo señor, e a súa función principal era a de xuíces; non obstante, a ela engadíanlle tamén funcións de tipo administrativo, fiscal, económico e mesmo militar, co que se convertían nos persoeiros máis importantes da comunidade.

A partir do século XII, a administración territorial evolucionará e os meiriños irán tomando máis e máis importancia, ata o punto de converterse na propia base administrativa, de xeito que mesmo haberá clasificacións de meiriños en función da súa xurisdición: os meiriños maiores, cuxo dominio abrangue máis territorio e, por riba de todos eles, o meiriño maior do reino, aínda que non era un só.

O propio monarca Afonso X creará, máis tarde, un cargo con funcións similares, o de *adiantado*, que se destinará principalmente a administrar a xustiza en rexións recentemente conquistadas ou conflitivas, e pouco a pouco, o adelantado irá absorbendo as funcións do meiriño e chegará a converterse no máis alto funcionario real.

Esta minoría nobiliaria que posuía a terra viu dende antigo asentados os seus dereitos mediante diferentes instrumentos xurídicos coma os *fóros*, que regulaban as relacións entre os campesiños e os nobres propietarios das terras traballadas por eles.

O foro naceu a finais do século XII e caracterizábase por fixar o pago dunha renda ao campesiño, a quen se obrigaba tamén a servizos de tipo vasalático por un longo período de tempo que se determinaba no contrato e que podía, incluso, durar toda a vida. Isto, como podes ver, contribuía a estabilizar o patrimonio dos nobres, aínda que tamén, é certo, dotaba aos campesiños dunha certa independencia e seguridade.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Como podes deducir da lectura do apartado **Debes saber que...**, quen administraba a xustiza e dominaba a xurisdición posuía tamén o señorío e mais o poder, e se a persoa que ostentaba tantos privilexios exercía a súa autoridade dun xeito inxusto ou desmesurado, individualmente pouco se podía facer para impedilo. Non obstante, a partir do século XV comeza a espallarse un sentimento colectivo de agravio moi forte entre as clases máis baixas. En Galicia, ese sentimento callou no que se coñece como *revoltas irmandiñas*. ¿Poderías explicar brevemente como se desenvolveu o movemento irmandiño?

### Contido

61

2. Elbo ingresa nunha orde relixiosa despois de vivir esa experiencia. ¿Que sentimento cres que motivou tal decisión?
3. Afonso non di cal foi a orde que elixiu o protagonista para mudar de vida; ¿ti cal pensas que podería ser? E, ¿que outras ordes coñeces?
4. Intenta sintetizar en dúas liñas o contido da composición.
5. ¿Cres que nesta composición se poden percibir claramente diferenciadas as partes das que consta a súa estrutura? ¿Cales serían?

### Recursos expresivos

6. ¿Encontras algún caso de encabalgamento nesta cantiga? (No material de traballo correspondente á cantiga dúas ofrecémosche unha definición desta figura métrica).
7. Na quinta estrofa hai un exemplo de discurso en estilo directo. Tenta pasalo a estilo indirecto.

## Unha cuestión para debater

A pena de morte, como podes facilmente deducir, é a sanción máis grave da historia, pero tamén a máis antiga: Elbo foi condenado a morte polo meiriño porque no período medieval, o poder civil asumía o dereito de dar morte ao que cometía un delito, e estas leis estaban plenamente amparadas pola Igrexa (¡o propio papa Inocencio III, no século XIII, condenou a varias persoas que criticaban esa postura pola consideraren contraditoria coa doutrina cristiá!).

Ata mediados do século XVIII non xorde o debate abolicionista, é dicir, non hai voces, polo menos dunha maneira sistemática e organizada, que pidan a prohibición da pena máxima, e ata despois de mediados do século XX, ese debate vivirá altibaixos en función da realidade histórica correspondente (por exemplo, despois de cada gran guerra recrúase e imposición da pena capital). En España, a pena de morte foi abolida no 1978. Na actualidade, máis da metade dos países do mundo prohibírona, pero setenta e oito mantéñena na súa lexislación aínda que, na práctica, non en todos se aplica.

Amnistía Internacional ten constancia de que no ano 2004 foron executadas case 3.800 persoas en 28 países, o 98% delas en China, Irán, Vietnam e Estados Unidos e non importa se son menores de idade. En China fálase de dez execucións diarias (por certo, ¡a familia do reo ten que pagar a bala empregada!).

Sen dúbida terás algunha opinión sobre tan controvertido tema, así que podedes enfocar o debate por onde prefirades (¿é lícito decidir sobre a vida doutra persoa, por terribles que foran os seus crimes? ¿cales son os obxectivos que se perseguen nos países onde a pena capital está vixente? ¿cúmprense eses obxectivos?...), pero non esquezades reparar en que a pena de morte é irreversible, e isto conleva, que pode ser aplicada a persoas inocentes por erro aparte dea imposibilidade de emenda para quen a sufra.

**6**  
(26)

**Esta é de como Santa María xulgou a alma  
dun romeiro que ía a Santiago e se matou  
no camiño por engano do diabo, para que volvese  
ao corpo e fixese penitencia**

*Non é estraño que saiba bo xuízo dar  
a Nai do que o mundo todo ha de xulgar.*

Con moita razón sabe dereito  
a que a Deus trouxo no seu corpo e do seu peito  
5 mamou, e del despeito  
nunca foi levar;  
por isto, de bo xuízo –eu sospeito–,  
a quixo ben dotar.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

10 Sobre isto, se me escoitásedes, falaría  
dun xuízo que deu Santa María  
por un que cada ano ía,  
segundo oín contar,  
a Santiago en romaría,  
15 e que se foi matar.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

Este romeiro ía con boa vontade  
a Santiago, de verdade,  
pero nisto fixera maldade,

20    porque antes se foi deitar  
          cunha muller sen bondade,  
          sen con ela casar.  
          *Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

          Despois de que fixo isto, púxose en camiño  
25    e non se confesou o mesquiño;  
          e o demo moi lixeiriño  
          se lle foi mostrar,  
          máis branco ca un armiño,  
          para axiña o enganar.  
30    *Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

          Tomou a figura de Santiago  
          e dixo: “Aínda que estou de ti descontento,  
          da salvación che fago ofrecemento  
          aínda que fuches pecar,  
35    para que non caias no sufrimento  
          do inferno, sen dubidar.  
          *Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

          Pero antes farás isto que che digo,  
          se desexo tes de ser meu amigo:  
40    corta o que traes contigo,  
          que te foi deixar  
          en poder do inimigo,  
          e vaite degolar.  
          *Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

45    O romeiro, que sen dúbida pensaba  
          que Santiago aquilo lle mandaba,



o que lle mandou cortaba;  
despois que o foi cortar,  
logo entón se degolaba,  
50 crendo ben obrar.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

Os seus compañeiros, despois que morto o acharon,  
para que non os acusaran de que o mataran,  
marcharon; e logo chegaron  
55 os demos para a alma tomar  
e a levaron  
moi axiña sen tardar.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

E cando pasaban ante unha capela  
60 de San Pedro, moi fermosa e bela,  
Santiago de Compostela  
a eles foi trabar,  
dicindo: “Ai, falsa rabañela,  
non podedes levar  
65 *Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

A alma do meu romeiro que collestes,  
que facéndo vos pasar por min enganastes;  
gran traizón aí matinastes,  
e, que Deus me ampare,  
70 posto que falsamente o ganastes,  
non vos pode durar”.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

Responderon os demos louzâns:  
“De quen é esta alma foi facer feitos vans,

75 polo que estamos ben certos  
de que non se debe mostrar  
ante Deus, posto que coas súas mans  
se foi suicidar”.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

80 Santiago dixo: “Isto fagamos:  
pois nós e vós así discutimos,  
ao xuízo imos  
da que non ten par,  
e que o xulgue fagamos  
85 logo sen tardar”.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

66

Despois ante María viñeron  
e razoaron canto máis puideron.  
Dela o seguinte xuízo tiveron:  
90 que fose volver  
a alma de onde a trouxeron,  
para despois se salvar.  
*Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

Este xuízo logo foi cumprido,  
95 e o romeiro morto foi revivido  
polo que foi Deus despois servido;  
pero nunca cobrar  
puido aquilo do que foi desposuído,  
co que fora pecar.  
100 *Non é estraño que saiba bo xuízo dar...*

**NOTAS**

- V. 3: *saber dereito***, é dicir, ter coñecementos de dereito, de xurisprudencia. Este verso hai que interpretalo á luz do que se anuncia no refrán que o precede, no que se está a falar de *xuízos* e que vai dominar o tema de toda a cantiga.
- V. 28:** A cor branca por excelencia, polo menos para os autores medievais, era a do armiño; por iso vemos moi frecuentemente expresións do tipo "tan branco coma o armiño". Por outra banda, o branco é a cor da pureza; neste texto vemos como o demo escolle esta cor para disfrazarse de apóstolo Santiago e non levantar así sospeitas no peregrino.
- V. 31:** O demo tiña o poder de tomar diferentes figuras (tanto humanas como animais) para levar a cabo as súas malas obras amparado noutra identidade.
- V. 40:** Refírese ao membro xenital masculino.
- V. 78:** O suicidio é considerado pola Igrexa católica un pecado mortal. A explicación da consideración da gravidade do acto é a de que Deus é quen dá vida aos homes, e polo tanto é o único que lla pode quitar.
- V. 99:** Enténdese que ficou castrado.

**Comprensión do texto**

Trátase dun dos relatos máis repetidos ao longo da Idade Media e é quizais o máis famoso de entre os que transcorren no camiño xacobeo. Aparece recollido xa no *Liber Sancti Jacobi* e no século XII incluso se lle dedicaba unha festa especial na catedral de Santiago. A historia coincide coa transmitida pola maioría das versións. Xiraldo era peleteiro nunha aldea preto de Lyon, onde vivía coa súa nai, e ao parecer castamente. Todos os anos ía a Santiago en romaría, pero un ano, antes de poñerse en camiño con dous veciños, foise deitar cunha moza. O día seguinte empezou o camiño, pero o demo aparecéuselle, tomando a figura de Santiago, para botarlle en cara a súa falta. Díxolle tamén que, se quería salvarse, tiña que amputar o membro co que pecara, e que despois se quitase a vida. O demo –lembremos, sempre facéndose

pasar polo apóstolo– dille que non se preocupe pola súa alma, que el mesmo irá recollela en canto morra. Chegada a noite, cando todos foron durmir, fai o que pactara co demo, e crava ademais o coitelo no ventre. Cando os outros espertan e ven o seu cadáver, foxen porque temen ser acusados de asasinato.

Cando o ían soterrar, todos observan abraiados como resucita e lles conta o que lle aconteceu: cando os demos ían apoderase da alma do romeu intervén Santiago asegurando que lle corresponde a el porque o morto fora moi devoto seu en vida. Como non se poñen de acordo, acoden á arbitrase da Virxe que propón que a alma sexa devolta ao corpo para poder facer penitencia polos seus pecados. Outras versións do relato que contan unha historia máis longa, indican que ao protagonista lle medrou unha verruga pola que ouriñar.

### DEBES SABER QUE...

A tumba do apóstolo Santiago descóbrese arredor do 814. Sobre o sepulcro axiña se erixiu un santuario que se foi remodelando ata acadar a estrutura do que hoxe é a catedral compostelá. No século XII é cando se lle dá a estrutura románica, cando a importancia de Santiago como centro de peregrinación empeza a ser grande e é tamén cando se compilan os milagres que recolle o *Liber Sancti Jacobi* (ou *Codex Calixtinus*). Todo isto ten unha relación directa: a fixación dun camiño estable carrexaba uns gastos importantes posto que había que crear a infraestrutura viaria, hospitais, pousadas, etc. Para acadar ese capital que se precisaba, había que facer unha grande operación de promoción do camiño que, na Idade Media, consistiu en crear e espallar o máis posible relatos de milagres realizados polo apóstolo, preferentemente ao longo do propio camiño.

Tendo isto en conta, contesta:

- ◆ Hoxe en día, ¿quen se encarga de facer promoción do camiño? ¿Como se fai esa promoción? Compara a situación actual coa medieval.
- ◆ Imaxina que o teu concello custodia a reliquia dalgún santo e ti es o concelleiro de cultura; ¿que idearías para dar a coñecer ese achado?

Debes pensar, por último, que o sentido co que na Idade Media se facía o camiño non é coma hoxe, no que mesmo se converteu nunha forma máis de facer turismo: no transcurso do camiño, os peregrinos medievais víanse expostos a constantes perigos, e ademais enfocaban a tarefa como un terrible exercicio de penitencia despois do que, xeralmente, se obraba neles unha fonda transformación espiritual.



## Actividades

### Arredor do texto

1. Dante deixou escrito que só é peregrino o que camiña cara a tumba de Santiago; téñenselles chamado tamén *xacobeos* posto que Santiago en latín é "Iacobus". ¿Sabes como se chaman os que van a Roma? ¿E a Xerusalén? ¿Parécenche denominacións axeitadas segundo o motivo que as inspirou?

## Contido

2. O demo dille que corte as partes coas que pecou e o peregrino, ademais de amputar o pene, dególase. ¿Poderías dar unha explicación a este feito?
3. ¿Como estruturarías o texto? Xustifica esa distribución.
4. Berceo recolle unha variante do mesmo milagre na súa obra *Milagros de Nuestra Señora*. Compara as dúas versións e sinala as semellanzas e as diferenzas que atopas.

## Recursos expresivos

5. Os verbos reflexivos son aqueles nos que o axente e o paciente son o mesmo suxeito. ¿Encontras na cantiga algún caso de verbo reflexivo?
6. Como sabes, o modo imperativo é o que denota mandato, exhortación, discusión ou rogo. ¿Hai nesta composición algún verbo imperativo? ¿Onde?

## Un asunto para debater

Na Idade Media, os santuarios das distintas cidades rivalizaban en importancia e recorrían moitas veces á ostentación de reliquias (cuxa autenticidade podía ser real ou, en moitas ocasións, ficticia) que estaban xerarquizadas segundo a importancia do santo do que se tratase, e tamén do tipo de reliquia (obviamente, considerábase que tiña máis valor un óso de Santa Teresa, por exemplo, que un anaco da casula dun bispo santo). No *Compendio Moral Salmanticense* (1805) establécese por escrito algo que na práctica había moito tempo que se consideraba lícito: expor as reliquias para acadar esmolos máis cuantiosas. ¿Que opinión che merece isto? ¿Hai na igrexa da túa parroquia algunha reliquia? Discute sobre o tema cos teus compañeiros.

7  
(36)

**Esta é de como Santa María apareceu  
de noite no mastro da nave que ía a Bretaña,  
e a gardou para que non perigase**

*Moito amar debemos nas nosas vontades  
a Señora, que coitas nos quita e tempestades.*

E disto mostrou a Virxe marabilla tamaña  
que non pode mostrar outro santo, no mar de Bretaña,  
5 cando foi salvar unha nave na que ía gran compañía  
de homes seu proveito buscar, polo que todos loitamos.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

E cando singraban polo mar, tal foi a súa ventura  
que se levantou moi gran tormenta, e a noite tan escura  
10 se fixo que nada lles valía, nin siso nin cordura,  
e todos pensaron morrer, de certo o saibades.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

Despois de que viron tal perigo, xemendo e chorando  
aos santos todos a pregar se puxeron, chamando  
15 polos seus nomes a cada un deles, moito rogando  
que os viñesen socorrer polas súas piedades.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

Cando oíu isto un santo abade que na nave ía,  
díxolles: “Penso que estades a facer gran tolería,

20 que pregades a outros santos, e a Santa María  
que nos pode disto librar, nin sequera a mencionades”.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

Cando isto oíron dicir a aquel santo abade,  
entón todos dun corazón e dunha vontade  
25 chamaron a Virxe santa, Nai de piedade,  
que lles valesse e non reparase nas súas maldades.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

E dicían: “Señora, válenos, que a nave se afunde!”  
E dicindo isto, miraron como é de costume  
30 cara ao mastro, e viron na cima moi gran lume,  
que alumeaba moito máis que outras claridades.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

72

E despois de aparecer isto, púxose o vento calmado,  
e o ceo viron claro e o mar amansado,  
35 e ao porto cedo chegaron, como desexado  
tiñan; e se isto lles agradou, dúbida non teñades.  
*Moito amar debemos nas nosas vontades...*

#### NOTAS

**V. 4, o mar de Breaña:** Trátase do océano Atlántico; Afonso chámalle así porque sitúa o seu relato nas costas de Breaña.

**V. 8, *singaban*:** *Singrar* é guiar unha embarcación cun rumbo determinado.

**V. 10, *siso*:** Bo entendemento para falar e obrar. É, por tanto, sinónimo do substantivo que lle segue no verso, *cordura*.



## Comprensión do texto

O texto forma parte dunha antiquísima tradición de relatos referentes á aparición de lume nos mastros. Mentres un barco ía navegando polas costas de Bretaña, desatouse unha gran tormenta, e fíxose noite pecha. Os tripulantes, temendo polas súas vidas, pedían protección a todos os santos, pero un abade que viaxaba con eles recomendoulles rogar á Virxe, posto que ten máis poder. Efectivamente, os mariñeiros así o fixeron, e no mastro da nave viron unha luz moi potente, ao tempo que o vento se calmaba e o ceo clarexaba. Así, co mar en calma, puideron chegar a porto sans e salvos.

Este recurso foi empregado frecuentemente na literatura (por exemplo na *Odisea* ou, máis recentemente, *Moby Dick*) xa que, nun relato de mariñeiros, unha tormenta no mar é un importante elemento de tensión argumental.

### DEBES SABER QUE...

- ◆ Dentro dunha **tempestade**, os relampos pódense dar en distintas partes: o oitenta por cento deles orixínanse na mesma nube, mentres que no outro vinte por cento a traxectoria é dende a nube ao chan; máis raramente, aínda que pode acontecer, o relampo salta dunha nube a outra ou queda no aire que a circunda. Por outra banda, a maioría dos relampos que vemos semellan unha soa liña de luz brillante, aínda que os hai con forma de garfo, de cinta ou de pelota. Unha das formas que pode tomar o relampo é o chamado "**lume de san Telmo**", que é o que ocorre no milagre relatado por Afonso. Este fenómeno meteorolóxico ten un brillo verdoso ou azulado que aparece sobre obxectos aguzados; chámase a "descarga en coroa" pola forma que toma, dado que flúe dende os mastros das naves, antenas ou ás dos avións cara ao ceo (fórmase pola carga positiva dos obxectos nos que prende, que reacciona coas cargas eléctricas negativas que se xeran nas nubes e no aire).

O nome de "san Telmo" corresponde ao patrón dos mariñeiros.

- ◆ Non vaías pensar que as viaxes na Idade Media se facían coa comodidade con que se fan hoxe en día. Daquela, as viaxes eran longas, pesadas e perigosas, sobre todo, as viaxes por mar. Por iso só viaxaban aqueles que se vían obrigados a facelo: comerciantes, soldados ou os peregrinos que fixeran unha promesa. Os mellores navegantes eran os árabes e os habitantes de países europeos

bañados polo Mediterráneo. Para guiarse empregaban a brúxula (¡un invento chinés!) e o *kamal*, aparello de orixe árabe para medir a altura das estrelas e calcular a situación da nave no mar.

- ➡ No caso das navegacións, tes que pensar que, en realidade, o mar é un límite que a natureza pon aos homes, desexosos de traspasalo por ansias militares ou comerciais. Non é difícil ver que baixo esa idea están presentes os naufraxios na literatura de todas as épocas: serían o símbolo do castigo contra a arrogancia e cobiza dos navegantes. Este castigo proviría da divindade, e xeralmente se manifestaría en forma de tormentas, como neste caso, no que as implicacións relixiosas son evidentes e se manifestan no feito de que os mariñeiros rezan á Virxe para que lles vala.

## Actividades

### Arredor do texto

1. En Comprensión do texto dixemos que unha tormenta no mar é un elemento de tensión argumental. ¿Ocórreseche algún outro elemento para crear tensión que estea relacionado co medio mariño? (Pensa, para inspirarte, nalgunha das numerosas películas que empregan o mar como escenario).
2. ¿Que impulso humano cres que fai aos homes pedir axuda aos santos e, despois, á Virxe?

### Contido

3. Nos versos 5-6 Afonso di que na nave ía “gran compañía de homes seu proveito buscar”. ¿A que cres que se refire? ¿Que actividades económicas se poden levar a cabo no mar?
4. Os mariñeiros recorren á petición de axuda divina porque polos seus propios medios non se podían valer. ¿Con que frase expresa Afonso esa impotencia dos tripulantes do barco?
5. O abade aconsella aos mariñeiros que pidan á Virxe e non aos santos dado que Ela é máis poderosa. ¿Ti por que cres que a Virxe ten máis



75

autoridade cós santos?

6. Intenta establecer a estrutura da composición atendendo ao seu contido.

### **Recursos expresivos**

7. ¿Coñeces algún sinónimo do verbo *singrar*? ¿Cal é o substantivo correspondente a ese verbo?
8. Localiza todos os termos pertencentes ao léxico mariño que poidas.

Organízaos con arranxo ao seu significado (accións relacionadas, tripulación, embarcacións, partes dela...).

9. Unha *aposición* é a xustaposición de dúas palabras, ou dunha palabra e unha frase da mesma categoría gramatical, onde o segundo membro ten unha función explicativa con respecto do primeiro. Ao longo da cantiga aparecen espalladas aposicións que se afastan, no seu contido, do estrito relato dos feitos para dirixirse ao lector directamente. ¿Ves algunha? ¿Que función cres que teñen?
10. Nesta cantiga abundan os adxectivos: localízalos e intenta unha clasificación.
11. ¿Hai algún exemplo de discurso en estilo directo? Trasládao a indirecto.
12. Viches que explicamos o lume do mastro como consecuencia dun relampo orixinado pola tormenta. ¿Coñeces algún sinónimo de *relampo*? ¿Que outros fenómenos meteorolóxicos coñeces?

## 76

### Unha cuestión para reflexionar

Os cristiáns denominaron como “lume de San Telmo” un fenómeno meteorolóxico o que xa as culturas da India e de Grecia tentaran dar unha explicación mitolóxica. Do mesmo xeito, frecuentemente santuarios cristiáns fundáronse enriba de lugares de culto pagáns. ¿A que cres que se debe isto? Pensa na cantidade de cruceiros que se atopan en moitos cruces de camiños ao longo de toda Galicia...

### Un asunto para debater

Dende antigo hai a tendencia a atribuír unha orixe sobrenatural a determinados fenómenos ou acontecementos, ou á crenza en que certos acontecementos fortuítos son presaxio de algo: é o que se coñece como *superstición*. ¿Que opinión che merecen as condutas supersticiosas? ¿De quen cres que son propias? ¿Cres que a superstición é algo superado hoxe en día? ¿Por que?

**8**  
**(42)**

**Esta é de como o clerizonte meteu o anel  
no dedo da imaxe de Santa María,  
e a imaxe encolleu o dedo con el**

*A Virxe moi gloriosa,  
Raíña espiritual,  
dos que ama é celosa,  
que non quere que lles fagan mal.*

- 5 Sobre isto un milagre fermoso, que vos ha gustar,  
vos direi, que fixo a Virxe, Nai do Noso Señor,  
que librou de gran pecado a un moi falso amador  
que a miúdo cambiaba os seus amores, obrando mal.  
*A Virxe moi gloriosa...*

- 10 Foi en terra de Alemaña, cando querían renovar  
unhas xentes a súa igrexa, e polo tanto foron sacar  
a maxestade fóra, que estaba no altar,  
e puxérona na porta da praza, baixo o portal.  
*A Virxe moi gloriosa...*

- 15 Naquela praza había un prado bastante verde  
en que as xentes desa terra ían ter o seu deleite  
e xogaban á pelota, que é un xogo que lles presta  
moito aos homes novos, máis que calquera xogo.  
*A Virxe moi gloriosa...*

- 20 Unha vez chegou alí un gran tropel  
de mancebos para xogaren á pelota, e un doncel  
que andaba namorado traía o seu anel  
que a súa namorada lle dera, como era normal.  
*A Virxe moi gloriosa...*
- 25 Este doncel, con gran medo de o anel torcer  
cando golpease a pelota, foi buscar onde o poñer  
puidese; e viu a imaxe de tan fermoso parecer  
e foillo poñer no dedo, dicindo: “Dende hoxe éme igual  
*A Virxe moi gloriosa...*
- 30 Aquela a que eu amaba, que eu lle xuro a Deus  
que nunca tan bela cousa viron estes ollos meus;  
polo que de aquí en adiante eu serei dos servos teus,  
e este anel tan fermoso douche por iso en sinal”.  
*A Virxe moi gloriosa...*
- 35 E os xeonllos fincou ante ela con devoción,  
dicindo: “Ave María”. Prometeulle entón  
que de alí en adiante nunca no seu corazón  
outra muller ben queredría, e que lle sería leal.  
*A Virxe moi gloriosa...*
- 40 Despois de facer esa promesa, o doncel logo se ergueu,  
e a imaxe o dedo co anel encolleu;  
e el, cando viu isto, tan gran pavor lle creceu  
que dixo a moi grandes voces: “¡Ai, Santa María, axúdame!”.  
*A Virxe moi gloriosa...*
- 45 As xentes, cando isto oíron, correndo chegaron alí  
onde o doncel berraba, e el contoulles aí,

o que xa vos temos dito; e aconselláronlle así,  
que axiña entrase na orde dos monxes de Claraval.  
*A Virxe moi gloriosa...*

50 Todos creron que o faría logo desa vez;  
pero por consello do demo el outra cousa foi facer  
distinta da que prometera á Virxe de gran prez:  
así se lle desfixo na mente, como se dissolve na auga o sal.  
*A Virxe moi gloriosa...*

55 E da Virxe gloriosa nunca despois se lembrou,  
e da namorada primeira outra vez se namorou,  
e por compracer aos parentes logo con ela casou  
e o pracer do outro mundo deixou polo terreal.  
*A Virxe moi gloriosa...*

79

60 Despois de feitas as vodas e o día concluíu,  
deitouse o noivo primeiro e moi axiña se durmiu;  
e durmindo, en soños a Santa María viu  
que o chamou moi enfadada: “¡Ai, falso e mentirán!  
*A Virxe moi gloriosa...*

65 Do meu lado, ¿por que partiches e fuches tomar muller?  
Mal te lembraches da sortella que me deches; por iso é  
mester  
que a deixes e te vaias comigo como debe ser,  
se non, de aquí en adiante padecerás unha anguria mortal”.  
*A Virxe moi gloriosa...*

70 Despois espertou o mozo, pero non se quixo ir;  
e a Virxe gloriosa fíxoo outra vez durmir,

e foi xacer entre a noiva e el para os dividir,  
chamándoo a el moi enfadada: “Malo, falso, desleal.  
*A Virxe moi gloriosa...*

75 ¿Por que me deixaches e avergoñado non estás?  
Pero se ti queres o meu amor, de aquí te erguerás,  
e iraste comigo despois, que non esperes a mañá;  
érguete de aquí correndo, e ¡sae desta casa, sae!”  
*A Virxe moi gloriosa...*

80 Entón espertou o noivo, e disto tal medo colleu  
que se ergueu e púxose en camiño, e non chamou a dous  
nin tres  
homes que con el fosen; e polos montes máis dun mes  
andou, e nunha ermida meteuse a carón dun piñeiral.  
*A Virxe moi gloriosa...*

85 E despois, en toda a súa vida, polo que eu escrito achei,  
serviu a Santa María, Nai do moi alto Rei,  
que o levou despois consigo polo que eu creo e sei,  
deste mundo ao Paraíso, o reino celestial.  
*A Virxe moi gloriosa...*

#### NOTAS

**Título:** Un **clerizonte** era un crego mal vestido, ou que tiña malos modais. Este termo tamén podía designar a calquera persoa que usara as roupas apropiadas dun sacerdote sen selo.

**V. 12:** Refírese a unha imaxe da Virxe.

**V. 21, doncel:** Mozo da nobreza que aínda non foi armado cabaleiro.

**V. 48:** O mosteiro cisterciense de Claraval foi fundado por San Bernaldo (1090-1153). Bernaldo tiña unha



devoción moi especial pola Virxe María, sendo o primeiro en considerala intercesora polos homes perante Deus. A el debemos preces e sermóns dunha singular beleza dedicados a María.

**V. 52, prez:** Honra, gloria.


**V. 85:** Afonso di coñecer o relato que conta porque o “achou escrito”. Non debemos esquecer que este cancionero non é creación persoal do rei, senón recompilación de historias que lle chegaron a través de moi distintas vías e que el recolle e adapta.

## Comprensión do texto

Unha imaxe da Virxe é quitada do templo que a custodia e posta nunha praza, posto que a igrexa estaba en obras. Entre uns mozos que están preto de alí xogando á pelota, atópase un doncel que leva un anel de compromiso; o mozo, como non quería deformar a sortella, achégase á imaxe a fin de colocarlle nun dos seus dedos pero, unha vez a carón dela, queda impresionado pola súa beleza, e prometéulle que non ía querer nunca a outra muller máis ca a ela. Para confirmar a promesa, entrégalle o anel que a el lle dera a súa namorada. A estatua, pola súa parte, encolle o dedo como sinal de aceptación; vendo este milagre, el berra asustado, e veñen os outros que lle din que debería meterse no convento de Claraval. Non obstante, o mozo esquecese da súa promesa e acaba casando coa súa moza. Pero velaí que na noite de vodas a Virxe aparecésele mentres dormen e reprende o home por incumprir o que prometera. Finalmente el, arrepenido, marcha só e métese nunha ermida, onde servirá á Virxe toda a súa vida.

### DEBES SABER QUE...

- ✦ Aínda hoxe persiste a idea de que a Idade Media é unha época escura, triste, supersticiosa e na que as xentes só pasaban traballos, facían guerras e eran pasto das epidemias; non obstante, había tamén tempo e actitude de lecer (sobre todo no caso da nobreza), de xeito que incluso moitos xogos que hoxe están de moda teñen na época medieval un precedente. Efectivamente, Afonso di que os mozos da cantiga “xogaban á pelota”. Aínda que o podemos imaxinar, non sabemos exactamente de que xogo se trata, polo que imos facer un pequeno percorrido por algúns dos deportes actuais que utilizan como instrumento unha pelota e se practicaban tamén na Idade Media. A maioría deles foron regulamentados máis ou menos definitivamente no século XIX, polo tanto, a equivalencia medieval nas regras non é exacta, e por iso poñemos os nomes con comiñas. Por outra parte, debemos ter en conta que tamén a filosofía que impulsaba o deporte non é a mesma que hoxe: na Idade Media, o pracer deportivo sofre unha desvalorización con respecto ao período grego, buscándose a utilidade do adestramento guerreiro; co Renacemento, recuperárase o deporte entendido como entretemento pracenteiro. Vexamos:
- ☞ “Fútbol”: No século XII, en Inglaterra, atopamos xa evidencias dalgún tipo de fútbol de entre os varios que se podían disputar no período medieval: tratábase dunha competición entre grupos rivais en vilas e cidades na que participaban unha gran cantidade de xogadores; un dato curioso é que as porterías podían estar separadas ¡máis dun quilómetro! Este xogo, entre outros, a miúdo tornábase violento (chegou a ser prohibido por iso).
- ☞ “Balonmán”: Aínda que este é un deporte de recente creación, na Idade Media os xogos de pelota coa man eran practicados principalmente na Corte. Foron bautizados polos trovadores como os “Primeiros xogos de verán”. Parece que se trataba de prácticas deportivas non estruturadas, sen ningún tipo de regulamento nin de normas.
- ☞ “Tenis”: Di a lenda que un trovador errante levou á Corte Real francesa este xogo no século X, pero case con toda seguridade se xogaba nos mosteiros franceses un tenis primitivo no século XI: os monxes estiraban unha sogá a través dos cuadriláteros centrais do claustro do mosteiro, e usaban as mans para golpear a pelota; posteriormente protexeron as mans cunhas luvas para, finalmente, usar bates curtos (o prototipo das nosas raquetas). A partir de aí o éxito deste xogo foi enorme (mesmo tentaron prohibilo inutilmente Luís XIV e maila Igrexa). Boa mostra da súa popularidade é o feito de que no século XIII había arredor de mil oitocentas *canchas* en Francia. Outra das peculiaridades deste deporte é que moitas das súas regras actuais pódense remontar ao século XIV. Unha variante deste xogo é o das “palas”, tamén de grande éxito na Idade Media: parece ser que o rei de Castela Henrique I xa o practicaba e que Felipe o Feroso morreu dunha pulmonía despois de xogar un partido de palas.
- ✦ Di Afonso que a namorada lle dera ao seu namorado un anel porque “era o normal”. Na Idade Media, ao igual que hoxe en día, cando dúas persoas estaban namoradas, o intercambio dun anel entre elas significaba que se establecía un compromiso que xeralmente acababa en voda.



## Actividades

### Contido

1. ¿Por que cualifica o trobador de “falso” no verso sete o protagonista da cantiga?
2. Afonso evoca nesta composición un momento de lecer nun escenario especialmente axeitado para iso. Trátase do tópico do *locus amoenus* ('lugar agradable'), e fai referencia a un lugar pracenteiro, con árbores que dan sombra e boa froita, prados verdes, canto de paxaros, fontes con auga cristalina, etc. ¿En que estrofa o recrea? ¿Con que recursos?

3. En **Debes saber que...** presentámosche algunhas das distintas modalidades de xogos que se podían practicar na Idade Media cunha pelota; ¿cal cres que era o que disputaban os mozos desta cantiga? ¿Por que?
4. O mozo prometeu entregar a súa vida á Virxe. ¿Que lle aconsellan os seus amigos? ¿Por que? ¿Faino el?
5. Nesta composición preséntase unha aparencia moi humanizada da Virxe; ¿en que podes percibilo?

### **Recursos expresivos**

6. Cando no primeiro verso o trovador presenta o milagre que vai relatar e anticipa “que vos ha gustar”, está intervindo persoalmente no texto para expresar un xuízo ou unha opinión; ¿fai isto en máis ocasións ao longo da composición? ¿Cando? ¿Con que motivo?
7. ¿Que epítetos usa Afonso nesta cantiga para referirse á Virxe?
8. Un dos temas da cantiga é o da lealdade, ¿coñeces algún sinónimo dese substantivo?
9. Nos dous parlamentos que a Virxe dirixe ao doncel profire unha serie de insultos contra el. Considerando o motivo de reproche, ¿son axustadas esas pullas no seu significado? ¿Por que?

### **Unha actividade teatral**

Esta composición ten un carácter especialmente dramático, no sentido de que parece elaborada para ser representada perante un auditorio: hai unha parte importante de diálogo, as personaxes están claramente trazadas, e a estrutura é facilmente delimitable. Unídevos e imaxinade un discurso en estilo directo para as partes que o narrador conta en estilo indirecto, repartide os roles entre os compañeiros e, despois, tentade facer unha representación do texto tendo en conta que unha lectura

en voz alta, para que transmita axeitadamente o contido que se está a expresar débese facer:

- ✱ Marcando as pausas no momento xusto.
- ✱ Dando unha entoación axeitada ao sentido, aos personaxes ou ás emocións.
- ✱ Mantendo o ritmo imposto polo estilo versificado.
- ✱ Adecuando os xestos ao ton do discurso.



**9**  
(51)

**Esta é de como a imaxe de Santa María  
ergueu o xeonllo e recibiu o golpe da seta  
por defender o que estaba detrás dela**

*Á Nai de Deus*  
*debemos ter moi agarimada,*  
*porque aos seus*  
*sempre moi ben os ampara.*

- 5 E disto contarvos quero unha moi grande evidencia  
que mostrou Santa María en terra de Orleáns en Francia  
ao Conde de Poitiers,  
que un castelo cercara  
e como xudeus  
10 á xente prender pensara.  
*Á Nai de Deus...*

- Aquel conde, tomar este castelo quería  
só pola riqueza que no lugar había;  
por iso gran poder  
15 de xente alí xuntara  
para a facer  
loitar, e quizais o tomara  
*Á Nai de Deus...*

- Se non fosen os do castelo que, en canto viron que perigaban,  
20 para estar máis amparados

colleron a imaxe da Virxe,  
Santa María, que xa se decatara do perigo  
e que aos seus nunca desampara.

25 *Á Nai de Deus...*

E despois sobre a porta do castelo a puxeron  
e, adorándoa, chorando moito, así lle dixeron:  
“Nai do Señor  
do mundo, estrela moi clara,

30 fai de noso defensor  
ti, altar e ara  
*Á Nai de Deus...*

En que o corpo de Cristo foi feito e consagrado;  
por iso che rogamos que deste conde airado

88 35 nos queiras salvar,  
e sé a nosa defensa,  
que nos quere esnaquizar  
cos enxeños que prepara”.  
*Á Nai de Deus...*

40 De súpeto, dos de fóra veu logo un besteiro  
e díxolle a un da vila que estaba de porteiro  
–que para se protexer  
coa imaxe se escudara–,  
que viñese abrir

45 a porta que tiña pechada.  
*Á Nai de Deus...*

O de dentro respondeu que non faría nada;  
e o de fóra tan axiña tivo a bésta armada,



tiroulle de tal maneira  
50 que sen dúbida o mancara.  
Pero, polo que oín,  
un dos xeonllos alzara  
*Á Nai de Deus...*

Tan alto a imaxe, que lle chegou preto da teta,  
55 para protexer o besteiro, e feriulle a ela a seta.  
E souben igual,  
que o de dentro tirou  
de maneira tal  
que ao de fóra matou.  
60 *Á Nai de Deus...*

Esta marabilla viron os de dentro e os do bando,  
e tamén o fixo o conde; e lixeiro foi baixando  
dun cabalo seu,  
en que entón cabalgara,  
65 e como un romeiro  
oín que dentro entrara.  
*Á Nai de Deus...*

E cos xeonllos fincados adorou a maxestade,  
moito dos ollos chorando, coñecendo a súa maldade;  
70 e despois mandou  
devolver todo o que alí capturara,  
e a súa tropa retirou  
que sobre a vila botara.  
*Á Nai de Deus...*

75 Por isto a Santa María todas as loores lle deron,  
e loitaron para a seta lle quitar, pero nunca puideron,

como escrito achei,  
da perna onde lla cravara,  
-xa volo contei-,  
80 o besteiro que tentara  
*Á Nai de Deus...*

Matar o outro de dentro, ao que a imaxe abeiraba;  
e por iso Santa María tan gran desgusto mostraba,  
que nunca, para nada,  
85 achei que despois dobrara  
a perna, senón que lle quedara  
como cando a alterara.  
*Á Nai de Deus...*

90

#### NOTAS

**V. 6:** Orleáns é a capital do departamento de Loiret, situada sobre o Loira, 110 kms. ao sur de París e un chisco ao oeste.

**V. 40, besteiro:** guerreiro que vai armado cunha *bésta*, que é unha arma que se compón dun arco suxeito a un mango de madeira, que serve para lanzar frechas ou pedras.

**V. 48, bésta:** vid. supra.

**Vv. 55 e 76, seta:** frecha.

**V. 61, bando:** O orixinal emprega a voz *oste*, 'hoste, exército'.

## Comprensión do texto

O conde de Poitiers emprende unha serie de manobras bélicas para apoderarse das riquezas dun castelo en Orleáns. A fortaleza resulta cercada e os seus habitantes vense obrigados a protexerse

utilizando como escudo unha imaxe da Virxe, á que pediron que os protexera nesas circunstancias. Efectivamente, os que cercaban o castelo enviaron un besteiro para que intentase acceder á fortaleza; este pídelle ao porteiro que abra a porta, el négase e protéxese poñendo a imaxe da Virxe por diante. Cando o besteiro inimigo lanza unha bésta ao do castelo, a Virxe elévase sobre os seus pés e colócase á altura do peito do seu amparado, co que a frecha queda cravada nunha perna da imaxe mariana; despois, o porteiro dispárralle ao besteiro, e mátao.

Todos cantos viron este milagre quedaron abraiados, entre eles o conde de Poitiers quen, conmovido, entrou na fortaleza para fincar os xeonllos diante da Virxe, arrependíndose das súas maldades e devolvendo todo canto capturara. Finalmente, os do castelo loan á Virxe, a quen tentaron inutilmente quitar a bésta que lle quedara cravada na perna.

### DEBES SABER QUE...

➡ **Os castelos** son as construcións máis emblemáticas do feudalismo. Comezaron a multiplicarse a partir do século X. A súa función era fundamentalmente defensiva, e dende eles o señor da terra controlaba os seus dominios. Os primeiros substituían a fortes de madeira, e a súa evolución cara a unha maior solidez debeuse aos cambios nos métodos bélicos.

A súa construción non respondía a unhas normas regularizadas, senón que tendían a adaptarse ao lugar, ao presuposto e ás necesidades militares. Só os señores moi ricos e poderosos podían emprender a construción dun castelo, e elixían lugares estratéxicos (xeralmente construíanse sobre montículos, ou dominando grandes extensións de terra, cun río cerca para abastecerse de auga, etc.).

As partes máis importantes das que constaba un castelo convencional son: sólidos e grosos **muros**; un **foso** (tratábase dun foxo de auga que rodeaba o castelo para impedir o acceso de inimigos); unha **ponte levadiza** que se adoitaba estender sobre o foso; unhas **murallas** rodeando o castelo, con **ameas** dende as que os vixías controlaban o exterior; as **portas**, que eran o primeiro que os inimigos tentaban destruír, dado que eran necesariamente de madeira (aínda que adoitaban estar moi protexidas) ou a **torre da homenaxe**, que era onde vivían o señor e maila súa familia, e estaba situada no centro da fortaleza.

En tempo de paz, o castelo era un centro administrativo, mercado, etc. e xeralmente dentro

dos seus muros habitaban os viláns, pero cando había guerra, transformábase por completo. Disto é do que nos fala esta composición, por iso nos deteremos aquí un chisco:

- 🔗 **Organización do exército e estratexias bélicas.** A organización dos exércitos medievais era moi sinxela, non había rexementos, divisións ou corpos militares permanentes. Cando había guerra, o señor feudal facía un chamamento a todos os seus vasalos, quen se achegaban ata o lugar onde se atopaban os cabaleiros, arqueiros e a infantería convocada, xeralmente no castelo.

Cando estaba toda a milicia reunida, organizábase: os cabaleiros ían cos seus escudeiros, tamén os arqueiros e a infantería. Por outra banda, había tamén mercenarios, soldados profesionais que acudían a servir ao señor que os chamara. Apenas existía unha xerarquía de mando, polo que as manobras era raro que se planearan previamente.

A maioría das batallas seguían unha estrutura fixa: as dúas faccións organizábanse no campo de batalla antes de empezar a loita (pensa en *Braveheart* ou *O señor dos aneis II*, por exemplo); os mandos dividían as tarefas en función da categoría do soldado (besteiros, cabaleiros armados con espadas ou machetes, soldados a pé, etc.), despois, practicamente a única recomendación era sobre o momento de atacar.

- 🔗 **O asedio.** Cando se achegaba un exército para invadir un castelo, os aldeáns xeralmente se refuxiaban dentro levando as cousas de valor que tivesen (aínda que cando dende a fortaleza pensaban que o asedio podía ser moi longo, a miúdo rexeitaban os campesiños que non puidesen loitar para aforrar a comida). Os atacantes podían negociar a rendición dos de dentro, e se as negociacións fracasaban, pasábase ao ataque. Se o ataque era repelido, pasábase ao asedio: o primeiro paso era disparar coa artillería, despois podíase escavar unha parte da muralla para que caese e acceder por aí; abrir unha fenda nos muros lanzando pedras cunha catapulta; construír torres de asalto ou elixir unha porta e tentar tirala abaixo cun ariete.

O máis característico dos asedios era impedir a entrada e saída dos muros do castelo, co que os víveres minguaban, obrigando aos de dentro a negociar por fin a rendición. Se non había posibilidade de rendición, xeralmente tras un asalto vitorioso comezábbase a masacre dos do castelo ou cidade e o reparto do botín entre os atacantes. ¡Viches *O Reino dos Ceos*? A situación que se dá ó final da película é a mesma que che describimos aquí.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Nun mapa de Francia, localiza o escenario do relato. Busca outras cidades francesas nas que aínda se conserven vestixios de castelos medievais.

2. Repasa as partes do castelo que che enumeramos no apartado anterior. Agora, tenta debuxar ti unha fortificación na que aparezan os diferentes elementos mencionados.

### Contido

3. ¿Por que motivo quería o conde de Poitiers tomar o castelo?
4. ¿Como evita a Virxe que a seta fira o porteiro?
5. ¿Con que símil expresa Afonso a entrada do conde no castelo? ¿Por que?
6. ¿Como exterioriza o conde o seu arrepentimento?

### Recursos expresivos

7. ¿Que comparación emprega Afonso na primeira estrofa para referirse ás vítimas do ataque? ¿Por que cres que o fai?
8. O soldado que inicia a acción ofensiva é un besteiro. ¿Que outras categorías coñeces dentro dun exército?
9. ¿Con que epítetos laudatorios se alude a María ao longo da composición?
10. Nos versos 31-32 o trovador emprega unha metáfora segundo a que relaciona a Virxe e mais ao seu fillo; ¿poderías explicar o sentido desa figura estilística?
11. Os homes da Idade Media eran moito menos pudorosos á hora de exteriorizar as súas emocións do que o son hoxe, e non se consideraba que un cabaleiro, por exemplo, fose menos valente polo feito de chorar. Isto vese tamén reflectido na literatura, de xeito que podemos ver incluso o mesmo Cid, nos versos iniciais do *Cantar*, chorando diante das súas tropas. Nesta cantiga hai dúas ocasións en que os personaxes choran: como dixemos, o conde chora cando se prostra arrepentido perante a imaxe da Virxe e, antes, os do castelo

choran mentres lle piden protección. ¿Cal cres que é o sentimento que impulsa a estes últimos a obrar así? Pensando nisto, ¿poderías aventurar unha definición de *emoción*?

### **Imaxina...**

... que a túa vila se encontra nunha situación de asedio. Escolle o teu sexo, a túa profesión, a localización, etc. e elabora un relato con todas as túas vivencias dende o punto de vista dese personaxe ficticio.

**10**  
**(59)**

**Esta é de como o crucifixo lle deu unha labazada,  
na honra da súa nai, á monxa de Fontevrault  
que se propuña marchar co seu namorado**

*Quen á Virxe ben servir,  
nunca se poderá perder.*

E sobre isto un gran feito  
dun milagre vos direi  
5 que fixo moi fermoso, e ben feito  
a Nai do alto Rei,  
segundo eu escrito achei,  
se me quixésedes oír.  
*Quen á Virxe ben servir...*

10 Isto foi dunha doncela  
que era en Fontevrault  
monxa, fermosa e bela,  
que a Virxe moito amar  
quería, así Deus me valla.  
15 Pero quixo da orde saír  
*Quen á Virxe ben servir...*

Cun cabaleiro aposto  
e fermoso e de bo ser,  
e non mirou a súa aldraxe,  
20 senón que, como mala muller,

quixose ir esa vez.  
Pero non a quixo deixar ir  
*Quen á Virxe ben servir...*

25 A Virxe Santa María,  
a que moi de corazón  
loaba noite e día  
cada vez que a súa oración  
facía; tamén entón  
ía bicar, non vou mentir,  
30 *Quen á Virxe ben servir...*

Os pés da maxestade  
e dun crucifixo alí,  
que de gran santidade  
había, tal como eu oín.  
35 E cando se erguía de alí,  
ía as portas abrir,  
*Quen á Virxe ben servir...*

Da igrexa do lugar  
pois era sancristá,  
40 como oín contar,  
e ocupábase de a campá tocar  
para o convento levantar  
e as Horas rezar.  
*Quen á Virxe ben servir...*

45 Facendo así o seu labor,  
moito tempo che pasou,  
ata que o demo  
a tentou e se namorou  
do cabaleiro, e loitou  
50 pola súa vontade cumprir.  
*Quen á Virxe ben servir...*



E por iso nunha ocasión  
a media noite se ergueu  
e, como tiña por tradición,  
55 na igrexa se meteu  
e cara á imaxe correu  
para dela se despedir.  
*Quen á Virxe ben sirve...*

E fincando os xeonllos,  
60 dixo: “Coa túa graza, Señora”.  
Pero chorou despois dos ollos  
a Nai do Salvador,  
de tal xeito que a pecadora  
se quixese arrepentir.  
65 *Quen á Virxe ben sirve...*

Entón se ergueu a mesquiña  
para irse antes da luz;  
pero o crucifixo axiña  
soltou a man da cruz  
70 e, como home que guía,  
moi forte a foi ferir,  
*Quen á Virxe ben sirve...*

E ben preto da orela  
lle deu orellada tal  
75 que, do cravo, a marca  
tivo sempre por sinal,  
para que non fixese mal  
nin se fose así aldraxar.  
*Quen á Virxe ben sirve...*

80 Deste xeito como morta  
xaceu esvaecida sen sentido,

ata que as monxas a porta  
romperon; e espantáronse  
cando ela lles contou quen  
85 a feriu para conseguir  
*Quen á Virxe ben sirve...*

Apartala do grande erro que quixera  
facer; pero non quixo Deus  
nin a súa Nai, que fera-  
90 mente quere amparar o seu,  
segundo Lucas e Mateu  
e os outros que escribir  
*Quen á Virxe ben sirve...*

98

Foron. Por iso no convento,  
95 onde había mil e cento  
donas, todas cara a cara,  
como en formación,  
e, cantando moi ben,  
isto a Deus foron agradecer.  
100 *Quen á Virxe ben sirve...*

#### NOTAS

**V. 11, Fontevrault:** Cidade beneditina fundada moi preto de Saumur; ao oeste de Francia, no departamento de Maine-et-Loire.

**V. 19, aldraxe:** Inxuria, agravio.

**Vv. 38-40:** A estrutura destes tres versos varía un pouco respecto ao orixinal; decidiuse esa disposición para facilitar a comprensión.

**V. 43, as Horas:** A liturxia das Horas alude, en linguaxe eclesiástica, a certas oracións para ser rezadas a

determinadas horas do día ou da noite. As principais son as *Laudes*, oración matutina e as *Vésperas*, oración vespertina; outras son as *Completas*, os *Matíns*, a *Terza*, a *Sexta* ou a *Nona*.

**V. 70:** A expresión fai referencia á potestade que tiñan os homes para corrixir a actitude das mulleres.

**Vv. 89-90:** Mantense o encabalgamento por cuestións de rima e porque non afecta á fluidez na lectura.

**V. 96:** Enténdese que a disposición das relixiosas é a dunhas fronte ás outras, como se adoitan colocar no coro.

## Comprensión do texto

Novamente, como nos dous casos anteriores, temos unha cantiga cuxo tema xira arredor das imaxes que cobran vida, que nesta ocasión se une ao tema da monxa namorada que quere abandonar o convento.

A sancristá dun convento de Fontevrault era unha muller de gran fermosura. Esta monxa tiña, ademais, unha gran devoción pola Virxe, e ía todos os días bicar os pés da imaxe que se custodiaba no mosteiro. Un día, o demo fixo que se namorase dun cabaieiro, co que decidiu abandonar o convento; non obstante, esa gran fe que tiña, e a devoción pola Virxe, fixeron que decidise ir xunto a imaxe despedirse dela. Mentres a monxa estaba prostrada ante a estatua, esta empezou a chorar para que a muller se arrepentise do que pretendía facer, pero ela, cando acabou as súas oracións ergueuse para marchar antes de que se fixera de día. De súpeto, o Cristo crucificado soltou a man do crucifixo e deulle unha labazada na cara. A monxa caeu desmaiada no chan, e as súas compañeiras tiveron que romper a porta para acceder á capela. Finalmente, a monxa escarmentada cóntalles ás outras o que acontecera, e todas xuntas cantaron loanzas a Deus.

### DEBES SABER QUE...

- Da monxa protagonista desta composición dise que tiña moita fe, agora ben, isto non necesariamente quere dicir que tivese vocación monástica, o que se descarta a tenor dos acontecementos que se relatan. Na Idade Media, o destino de moitas mulleres da nobreza que non podían casar polo que fose, era o de verse forzadas a ingresar en conventos, onde deixaban de ser un problema para a súa familia, xa que eses dous destinos (o matrimonio ou a vida relixiosa) eran os únicos que podía seguir unha muller nobre medieval.
- A violencia defínese en ciencias sociais como o uso desmedido da forza que alguén exerce contra outro para acadar determinados fins. Aínda que dende a nosa perspectiva pareza desmesurada a conduta do Cristo crucificado coa monxa, a quen propina unha labazada que a deixa inconsciente, debemos ter en conta que na Idade Media as condutas violentas eran mellor admitidas socialmente, dado que eran aceptadas psicolxicamente por ambas as dúas partes; ademais, adoitaban estar legalmente xustificadas cando as exercía unha persoa pertencente a unha clase superior sobre alguén de inferior rango. Por outra banda, a sensibilidade medieval perante a violencia é moi distinta da nosa: mentres que agora se contemplaría un caso de tortura con rexeitamento, mágoa ou horror; na Idade Media as execucións públicas e torturas producían pracer; e eran contempladas como se dun espectáculo lúdico se tratara. No tránsito da Idade Media á Moderna, comeza a considerarse negativamente o uso privado da forza.

## Actividades

### Contido

1. Na terceira estrofa di Afonso que a monxa “non mirou a súa aldraxe” cando decidiu marchar do convento co seu namorado, ¿a que se refire? ¿Por que?
2. ¿Que comportamentos da monxa nos fan deducir que tiña unha gran fe? ¿Cres que hai contradición entre a súa fe e o seu desexo de abandonar o convento? ¿Por que?
3. Di Afonso que María protexe “feramente” os seus, como deixaron dito “Lucas e Mateu e os outros”; pero... ¿cómo se chamaban eses outros? e ¿quen eran?
4. Esta composición pertence ao tema das *cantigas de malmonxada*. A pesar de que a denominación é expresiva dabondo, ¿poderías



aventurar unha definición do termo á vista do seu argumento e das explicacións dadas en **Debes saber que...** ?

### Recursos expresivos

5. O *hipérbato* é unha figura retórica que consiste na alteración da orde habitual das palabras dentro da oración. Esta figura retórica é moito máis empregada no xénero lírico que no narrativo, ¿a que cres ti que se debe iso? ¿Atopas algún hipérbato nesta composición?
6. Nas lecturas que levas feito desta antoloxía puidiches ver a abundancia de fórmulas con significado estereotipado e función anti-climática (momento que rebaixa a tensión narrativa) do tipo “así Deus me valla” ou “así Deus me perdoe”. ¿Podes identificar no texto algún caso de fórmulas deste tipo? ¿Cales adoitas empregar ti no teu discurso cotián?

102

### Imaxina...

... que es a protagonista da composición e tenta elaborar un monólogo interior no que se reflectan as túas tribulacións a noite antes de tentar fuxir co teu namorado. Lembra que o *monólogo interior* é unha técnica narrativa que pon de manifesto a corrente de conciencia dun personaxe, o seu discurso mental, que é diferente das súas accións. Dende o punto de vista estilístico, adoita estar en primeira persoa e en tempo presente, e as máis das veces é caótico (sen coherencia lóxica nin sintáctica) e tamén elíptico, con pouca puntuación. ¿Recordas a novela *Cinco horas con Mario*, de Miguel Delibes? É un magnífico exemplo do que che propoñemos.

**11**  
**(63)**

**De como Santa María librou da vergoña a un cabaleiro  
que debía ir a unha lide a san Esteban de Gormaz e  
que non podía estar alí polas tres misas súas que oíu**

*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer  
por nós, nunca pode en vergoña caer.*

Sobre isto un milagre vos quero contar  
que Santa María fixo, así Deus me valla,  
5 por un cabaleiro a quen foi salvar  
de moita vergoña en que temeou caer.

*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

103

Este cabaleiro, polo que eu oín,  
franco e valente era, que nin aí  
10 onde el vivía, nin arredor de alí,  
non había quen de armas tivera tanto saber.

*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

De bos costumes era capaz,  
e nunca cos mouros quixo ter paz;  
15 por iso en San Esteban de Gormaz  
entrou, cando Almanzor a quixo conquerer.

*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

O conde don García, que entón  
posuía o lugar naquela ocasión,

20 era bo home e de tal corazón  
que polos mouros se facía temer.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Este conde de Castela foi señor  
e tivo gran guerra co rei Almanzor,  
25 que San Esteban todo arredor  
lle veu cercar, queréndolla coller.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Pero o conde defendíase moi recio,  
pois era valente e de moi bo xuízo;  
30 e por iso do seu nada cedía,  
senón que os ía moi forte acometer.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

104

Pero o cabaleiro do que vos falei  
tanto pelexou alí coas armas, polo que eu sei,  
35 que non houbo lide nin moi bo torneo  
onde non se fixese por moi bo ter.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

E ocorreulle un día que quixo saír  
co conde para na hoste ir ferir  
40 os mouros; pero antes misa foi oír,  
como cada día acostumaba facer.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Despois que estivo na igrexa, moito se arrepenhiu  
dos seus pecados e a misa oíu  
45 de Santa María, da que nada perdeu,



e outras dúas máis que alí foron dicir,  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Que eran da Raíña espiritual.  
Pero un escudeiro seu deixouno quedar mal  
50 dicindo: “Quen non vai a torneo tal  
coma este, nunca debe volver aparecer”.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

A ningunha das cousas que lle dixo aquel seu  
escudeiro, el nada de atención lles deu,  
55 e a Santa María dixo: “Son teu,  
e líbrame desta vergoña, que para iso tes poder”.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Coas misas oídas, axiña cabalgou,  
e no camiño ao conde achou,  
60 que o brazo destro ao pescozo lle botou  
dicindo: “En bo momento vos fun coñecer,  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Porque se non fose por vós, xúroo por Deus,  
que vencidos seríamos eu e mais os meus;  
65 pero tantos matastes vós dos mouros  
do rei Almanzor, que o houbestes vencer.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

E tanto fixestes por ganar distinción,  
que nunca un cabaleiro tanto loitou  
70 nin sufriu en armas como nesta ocasión  
sufrir fostes vós para os mouros vencer.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Pero rógovos, porque moi necesario vos é,  
que as vosas feridas curedes, señor;  
75 e eu teño un unguento dos de Montpellier  
que vos pode pronto delas restablecer”.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Díxolle isto o conde, e moitos máis de tres  
lle deron estes mesmos parabéns.  
80 El de todos eles tal vergoña colleu  
que avergoñado pensou de se ir perder.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Pero despois de que as súas armas viu, decatouse  
de que estaban meladas; despois recoñeceu  
85 que fora un milagre, pois ben entendeu  
que doutra maneira non podía ser.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

Despois de que isto viu, estivo seguro  
de que foi Santa María, que non quixo  
90 deixalo caer en vergoña; e marabedís  
e outras ofrendas lle foi ofrecer.  
*Quen sirva ben á Nai do que quixo morrer...*

#### NOTAS

**V. 16, Almanzor:** Trátase de Abi Amir Muhammad. O nome de *Almanzor* procede do alcume “al-Mansur bi-Allah” (‘o vitorioso de Deus’). A finais do século X, e durante máis de vinte anos, Almanzor exerceu o poder absoluto en Al-Andalus.

**V. 18, o Conde don García:** Trátase de García, ou Garci-Fernández, conde de Castela. Naceu en Burgos no 938 e morreu no 995. Foi fillo de Fernán González, a quen sucedeu no 970.

**V. 35, torneo:** Combate a cabalo que se celebraba na Idade Media e que consistía nunha loita entre dous bandos de cabaleiros, baixo o xuízo do rei, o señor ou calquera nobre de maior rango.

**V. 75, Montpellier:** Cidade situada ao sur de Francia, no Languedoc-Roussillon, famosa en toda a Idade Media pola súa Facultade de Medicina. A súa reputación esténdese ás medicinas que se elaboraban alí, por iso o unguento debía ser moi efectivo.

**V. 90, marabedí:** Moeda antiga, española e portuguesa.

## Comprensión do texto

É esta unha das narracións milagrosas máis difundidas na Idade Media. O texto conta o que aconteceu durante os enfrontamentos entre as hostes de Almanzor e as do conde don García, en que un cabaleiro castelán dos máis valentes, antes de saír loitar, decidiu ir oír misa. Mentres tanto, os dous exércitos estaban loitando duramente, polo que o escudeiro do noso protagonista foino recriminar por non ter saído inmediatamente ao campo de batalla. O cabaleiro pide axuda á Virxe e, a continuación, ponse en marcha. Polo camiño crúzase co conde, que viña de volta, e este felicítalo pola súa fereza no combate, atribuíndolle mesmo a vitoria contra os musulmáns. Despois de que o felicitaran tamén outros cabaleiros, e de comprobar que as súas armas estaban meladas, decatouse de que a Virxe obrara un milagre para salvar a súa honra de cabaleiro.

107

### DEBES SABER QUE...

- ◆ Debes ter presente, para unha mellor comprensión desta cantiga, as explicacións relativas á **arte da guerra** que che facilitamos no apartado correspondente da cantiga 9. Ademais, fíxate que:
- ◆ **O Islam** é unha relixión monoteísta predicada polo profeta Mahoma (570-632), a quen se atribúe a redacción do seu libro sagrado *O Corán*. quen a practica recibe o nome de *musulmán*, e debe cumprir os seguintes cinco preceptos básicos:

- ☞ Crer nun só Deus e que Mahoma é o seu profeta.
- ☞ Orar cinco veces no día.
- ☞ Xaxuar durante o mes de Ramadán.
- ☞ Dar esmola.
- ☞ Peregrinar á cidade da Meca polo menos unha vez na vida.

Os afáns expansionistas dos musulmáns teñen varias causas, entre elas as de conquistar terras máis fecundas que as súas (a meirande parte da superficie de Arabia é desértica) e o precepto relixioso da **guerra santa** (*yihad*), que promete o paraíso para todos os que morran combatendo pola fe.

Mahoma morreu sen deixar un herdeiro, polo que o primeiro califa foi o seu sogro. Á morte deste, foi elixido Omar quen, ademais de predicar nos países veciños, iniciou a propagación militar do Islam. Así, en cen anos tiñan conquistada Arabia, Palestina, Siria, Persia, Exipto, o norte de África, Sicilia, Chipre, Rodas, Armenia e a Península Ibérica. Entre o 717 e o 718 cercaron Constantinopla, pero fracasaron no seu intento de tomala co que o imperio bizantino se salvou; por outra banda, o trunfo dos francos en Tours e Poitiers no 732 freou a súa expansión pola cristiandade occidental.

Deste xeito, o antigo imperio romano quedou dividido en tres poderes que determinarán a historia medieval: os reinos occidentais, o imperio bizantino e o Islam.

- ❖ A **invasión da Península Ibérica**: Os musulmáns estaban acabando a dominación do norte de África mentres que a Península Ibérica estaba moi debilitada polos continuos conflitos entre os reis visigodos: Rodrigo destronou ao rei visigodo Witiza, quen pediu axuda ao dirixente árabe Muza, conseguindo derrotar a Rodrigo. Parece ser que os musulmáns non pensaran en invadir a Península Ibérica, pero vendo que a conquista podería ser tan doada... ; a principios do século VIII (ano 711), pobos musulmáns de Arabia e do norte de África ocuparon case todo o territorio hispánico, e os cristiáns tiveron que buscar refuxio nas montañas do norte.
- ❖ O momento histórico no que se sitúa a acción desta cantiga é o da **Reconquista**. A Reconquista foi iniciada polo nobre visigodo Pelayo, quen no 718 derrota o exército musulmán preto de Covadonga; o seu labor finalizou coa toma de Granada o dous de xaneiro do 1492 por parte dos Reis Católicos. Polo tanto, abrague un longo período de case oitocentos anos no que os cristiáns foron recuperando moi lentamente os territorios invadidos.
- ❖ Debes ter en conta que a presenza musulmá enriqueceu enormemente España, e en todos os ámbitos: científico, médico, cultural, etc. Don Ramón Menéndez Pidal xa sinalou hai tempo a existencia dun prexuízo para aceptar a influencia árabe en distintas manifestacións da cultura europea, e este prexuízo ten a súa base na falsa crenza dunha incomunicación entre as culturas cristiá e islámica, que non ocorreu así.
- ❖ Hai nesta cantiga dúas personaxes particularmente salientables:
  - ☞ O Conde **García Fernández**: o nobre ao que alude a cantiga como caudillo responsa-

ble da loita contra Almanzor foi un conde de Castela, nacido en Burgos no 938, fillo de Fernán González. No ano 975 foi derrotado en Gormaz polo califa, pero el desquitouse e no 978 recupera Gormaz e Atienza. No 981 foi derrotado por Almanzor en Rueda, perdendo Gormaz, Sepúlveda, Osma e Alcoba. No 989 Abdallah, que se rebelara contra o seu pai Almanzor, pediulle protección a García, e este prestoulla durante un ano, pero acabou entregándoo ao seu pai. Non obstante, Almanzor vingouse fomentando a rebelión de Sancho, o fillo de García, contra o seu propio pai no 994. García loitou contra Sancho e contra Almanzor; pero foi ferido na batalla de Alcocer (995), caeu prisioneiro e morreu aos poucos días. O seu corpo descansa en Cardeña.

☞ **Almanzor** é o máis famoso de todos os caudillos da España musulmá. Naceu nunha familia nobre en Alxeciras no 939, e trasladouse a Córdoba para estudar. As súas virtudes fixérono merecedor das simpatías da familia real, co que foi escalando postos ata o punto de acabar sendo nomeado rexente do califa Hescham, que tiña dez anos, e que misteriosamente nunca saíu do seu encerro, de xeito que Almanzor foi o califa de feito. Cada ano saía dúas veces de campaña; algunhas das súas xestas máis salientables foron: no 982 tomou Zaragoza; no 984 arrasou León, Astorga e Gormaz; no 985 ou 986 chegou a Barcelona, que tamén conquistou; no 987 destruíu Coimbra (el mesmo a reedificou sete anos máis tarde); no 989 tomou Atienza e Osma; no 997 fixo unha expedición a Galicia, destruindo Santiago (aínda que respectou o sepulcro do apóstolo) e levando as campás da Berenguela (que foron restituídas por Fernando III). No ano 1002 foi derrotado na batalla de Calatañazor por Afonso V de León, coas tropas de Navarra e Castela, e morreu en Medinaceli aos poucos días polas feridas que sufrira.

## Actividades

### Contido

1. Á vista do exposto no subapartado de **dúas personaxes**, ¿a que batalla cres que se refire este texto? Xustifica a túa resposta.
2. O cabaleiro queda abraiado cando o conde e mais os outros cabaleiros o felicitan. Corrobora que se obrou un milagre cando ve as súas armas meladas, ¿por que?
3. ¿Como cres que sucedeu o milagre obrado pola Virxe?

### Recursos expresivos

4. A *etopeia* é a descrición psicolóxica dunha persoa, do seu carácter, costumes e características morais. ¿Como elabora Afonso a *etopeia* do cabaleiro protagonista da historia? ¿Con que recursos? Clasifica os seus atributos nas categorías sinaladas.
5. Nesta composición, os “mouros” non veñen caracterizados directamente, senón que o seu retrato moral faise por oposición ao do protagonista e ao do conde. Atendendo a isto, ¿como é esa caracterización?
6. O parlamento do conde cando agradece ao cabaleiro a suposta axuda prestada ten unha lonxitude considerable. ¿Poderías describir a súa estrutura? ¿De que partes consta? Xustifica a túa resposta.
7. O campo léxico das accións bélicas vese amplamente representado nesta composición. ¿Que sinónimos do termo “batalla” están presentes no texto? ¿Teñen todos eles o mesmo significado? Xustifica a túa resposta e contribúe á lista con algún outro.

### Un punto para a reflexión

Na película *Robin e Marian* (1976), dirixida por Richard Lester e protagonizada por Sean Connery e Audrey Hepburn, nárrese o desilusionado regreso de Robin Hood, quen estivo nas cruzadas en Terra Santa con Ricardo Corazón de León, e se decata de que todo canto fixo non serviu para nada. Nunha secuencia da película, Marian pregúntalle se cre que despois de ter matado a tanta xente, e inflixido tanta dor a outros, a súa alma pode estar en paz. Un conflito semellante se presenta neste texto, onde nos versos 43-44 se di que o cabaleiro “moito se arrepeniu / dos seus pecados”. Tendo en conta a mentalidade medieval e o que acontece a continuación, ¿cres que entre eses *pecados* se inclúen as mortes en situación de guerra? Xustifica a túa resposta e expresa a túa opinión sobre este asunto.



### **Unha actividade... cinematográfica**

Un *guión* é o texto que se escribe previamente á realización dunha obra cinematográfica; nel inclúense todos os pormenores para a realiza-

ción da película: diálogos, a situación das personaxes, as súas accións, etc., pero tamén todo o relativo aos movementos da cámara, música, efectos especiais, planos, etc. Xeralmente, os guionistas dividen verticalmente a páxina en dúas, e usan a columna da esquerda para os diálogos e a da dereita para as outras indicacións sinaladas. Imaxina un dos torneos nos que participa o noso cabaleiro e tenta elaborar un guión que recolla a escena. Seguro que tes visto moitos nalgunha película...



**12**  
**(64)**

**Esta é de como a muller á que o home deixara  
en encomenda a Santa María, non puido meter no pé  
o zapato que lle dera o seu amante, nin descalzalo**

*Quen moi ben queira o que ama gardar,  
a Santa María llo debe encomendar.*

E sobre isto un milagre, ao que lle fixen cobras e son,  
vos direi moi grande, que mostrou en Aragón  
5 Santa María, que a muller dun infanzón  
gardou de tal maneira que non puidese pecar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

113

Esta dona, polo que eu dela oín expoñer,  
fermosa e nova era, e de bo parecer;  
10 e por isto foina o infanzón querer  
por muller, e foina para a súa casa levar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Aquel infanzón moito tempo así viviu  
con aquela dona; pero despois irse de alí decidiu,  
15 xa que unha carta do seu señor recibiu  
que había guerra, que o fose axudar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Antes de que partise, díxolle así a súa muller:  
“Señor, posto que vos ides, buscade, se vos prouguer,

20 como me encomendedes a alguén, porque é mester  
que me ampare e que me saiba ben aconsellar”.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

E o infanzón lle respondeu entón así:  
“Moito me gusta disto que vos oín;  
25 así que á igrexa mañá iremos, e aí,  
entón vos direi a quen, para que vos coide, hei deixar”.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Ao outro día foron ambos a misa oír  
e despois de que foi dita, cando se quixo el despedir,  
30 chorando entón ela comezoulle a pedir  
que lle dese garda para que a puidese vixiar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

114

E entón el, chorando moito dos ollos seus,  
mostroulle a imaxe da Virxe, Nai de Deus,  
35 e díxolle: “Amiga, nunca os pecados meus  
sexan perdoados se a outro vos vou entregar  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

senón a esta, que é Señora Espiritual,  
que vos pode ben gardar de afrontas e de mal;  
40 e por iso a ela rogo eu, que pode e vale,  
que me vos garde e me deixe a min cedo regresar”.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Foise o cabaleiro despois de alí. Pero, ¿que acción  
fixo o diablo arteiro por lle quitar a súa boa distinción  
45 a aquela dona? Tanto andou naquela ocasión  
que fixo a un cabaleiro dela namorar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

E cos seus amores por pouco toleou;  
e por iso a unha súa alcaiota encomendou  
50 para que lle fose boa, e tanto lle xurou  
que, por forza, fixo que fose con ela falar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

E díxolle así: “Ide falar coa miña señora  
e dicídlle como morro polo seu amor;  
55 e aínda que vexades que isto ingrato lle for,  
non deixedes vós, por iso, moito de porfiar”.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

A muller repuxo: “Isto de boa gana farei,  
e para que a teñades, canto eu poida loitarei;  
60 pero as vosas prendas dádeme e eu llas darei,  
e quizais con isto a poderei enganar”.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Dixo o cabaleiro: “Isto farei con gusto”.  
Despois uns zapatos lle deu de bo cordobán;  
65 pero a dona tratouna peor ca un can  
e dixo que por nada llas quería aceptar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Pero aquela vella, como era muller moi vil  
e de alcaiotaría sabedora e sutil,  
70 para que a dona os zapatos collese, mil  
razóns lle deu ata que llos fixo aceptar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

Pero a desgraciada, que facer ben cría,  
colleu logo os zapatos, e fixo aí gran tolería;

75 que cando quixo calzar un deles, xa non o podía  
facer, nin o zapato do pé quitar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

E así estivo ben un ano e un mes,  
que o zapato ao pé así tiña preso  
80 que, aínda que quitarllo probaron, dous nin tres  
nunca llo puideron daquel pé descalzar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

E despois disto aos poucos días acudiu  
o seu home a ela, e tan fermosa a viu  
85 que logo a quixo; pero ela non llo consentiu  
ata que todo o sucedido lle puidese contar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

O cabaleiro dixo: “Dona, disto me praxe,  
e despois disto nunca teremos máis que paz,  
90 pois sei que Santa María, en que todo ben hai,  
vos gardou”. E o zapato lle foi quitar.  
*Quen moi ben queira o que ama gardar...*

116

#### NOTAS

**V. 3, cobras e son:** O texto e mais a música con que se transforma un relato nunha canción.

**V. 5, infanzón:** Título nobiliario que posuían aqueles que eran dunha categoría inferior á dos nobres, pero superior á dos simples fidalgos, que era a clase máis baixa da nobreza.

**V. 49, alcaiota:** Muller que –utilizando artimañas como enganos, persuasión, beberaxes ou conxuros– favorecía os amores ilícitos. A máis coñecida é, seguramente, a Celestina.

**V. 64, cordobán:** Pel curtida, de macho cabrún ou de cabra. Considerábase un material moi fino.

## Comprensión do texto

Esta cantiga pertence ao ciclo narrativo do “retorno do esposo”. Un infanzón decide casar cunha muller noviña e fermosa, pero a tranquilidade do seu matrimonio al térase porque o home é chamado para ir á guerra. A esposa pídelle que lle poña alguén que a garde, e o home lévaa á igrexa e dille que a Virxe a vai custodiar. Mentres o marido está fóra, un admirador da dona aproveita para facerlle as beiras, enviando unha alcaiota cuns zapatos como agasallo. A muller resístese ás adulacións do namorado, pero acaba aceptando os zapatos e, cando vai calzalos, o primeiro atráncaselle no pé e non pode acabar de poñelo, pero tampouco pode quitalo; varias persoas tentan quitarlle o zapato pero ninguén pode facelo.

Cando regresa o marido, máis dun ano despois, a muller cóntalle o que lle acontecera e el, sen esforzo ningún, logra quitarlle o zapato.

117

### DEBES SABER QUE...

- ◆ Esta composición posúe unha riqueza especial, porque dela se pode facer unha lectura literal, que é a que che vimos de ofrecer; pero, ademais, agocha outras claves de lectura ás que aludiremos agora.

Efectivamente, parece que Afonso está a falar nesta cantiga do control que na Idade Media se exercía sobre a sexualidade das mulleres, o que reflicte o trobador empregando como símbolo as vicisitudes da esposa co zapato. Verás, os zapatos e máis os pés teñen unha clara connotación erótica; non imos estendernos sobre isto, pero cómpre que saibas que os pés simbolizan dende antigo o pene e os zapatos e vaxina, por iso...

- ☞ o namorado faríalle chegar á dona uns zapatos como agasallo de amor, co que se lle estaría insinuando sexualmente,
- ☞ o zapato atráncaselle no pé e a muller non pode poñelo nin quitalo, co que o zapato estaría facendo, por obra da Virxe, as funcións dun cinto de castidade,
- ☞ a muller, unha vez que o marido regresa, non lle permite deitarse con ela ata que lle teña

contado todo o acontecido, porque relaciona o sexo co zapato represor e, por iso

☞ o esposo, unha vez oída a historia, é o único que lle pode quitar o zapato sen esforzo ningún, porque é o que ten a autoridade para decidir sobre a vida sexual da súa esposa, segundo a concepción medieval.

- ☞ Antes de marchar o marido, a súa muller pídelles repetidamente que lle poña **tutela**, como podes ver nos versos 19-21 e 30-31. Afonso reflicte aquí a crenza medieval en que as mulleres por si mesmas non se poden custodiar, o que impoñía aos varóns do seu entorno a tarefa de controlalas e sometelas, porque crían que as mulleres eran luxuriosas por natureza e que, deixadas ao seu albedrío, danarían o honor da familia; a custodia era responsabilidade do esposo no caso dos matrimonios e, de faltar este, en familiares achegados. Neste caso, o marido delega na Virxe coas consecuencias que vimos de ver.
- ☞ Esta obsesión por controlar os movementos das mulleres debíase fundamentalmente á desconfianza en que fosen fieis, dado que os matrimonios non se concertaban por amor senón por conveniencias de política familiar. A **fidelidade** era un requisito indispensable do matrimonio, e esixíase aos dous; non obstante, na práctica, a Igrexa era máis tolerante coa infidelidade masculina, posto que se pensaba que das catro custodias que ten unha muller (o temor de Deus, o control do marido, a vergoña perante a xente e o temor das leis), só a primeira afectaba ao home. Por outra banda, a única garantía que o home ten da paternidade dos seus fillos é a fidelidade da súa muller; polo que esta acabou sendo unha virtude especificamente feminina. Así, insistíase dende todos os ámbitos pedagóxicos enfocados ás mulleres en que o ben máis prezado dunha dona era a súa castidade; por exemplo, na cantiga 105 (vv. 21-23) deste mesmo cancionero, que non aparece recollida nesta escolma, a Virxe solicita a unha moza que garde o celibato, condición indispensable para disfrutar da visión beatífica.
- ☞ Utilízase nesta cantiga o motivo da entrega dunha **prenda** como símbolo de amor. Este motivo non é frecuente na lírica galego-portuguesa pero si na occitana e, neste caso, a prenda máis usual de intercambio entre os namorados é un anel, como na actualidade: obsequiar a alguén cun anel supuña solicitar ser correspondido amorosamente e, aceptalo, admitir que se ama a quen fai o agasallo. ¿Lembras a cantiga 8?
- ☞ Fíxate que di o trobador que o infanzón, á dona, “foina para a súa casa levar” (v. 11). Por unha banda, este verso suxírenos o feito de que entre os rituais que se celebraban con motivo dunha voda estaba o de que un cortexo conducía á recién casada ao domicilio do esposo, que en adiante será o seu fogar e, por outra banda, aparecen delimitados o espazo público, a rúa, e o privado, a casa. O espazo público é aquel no que se moven os homes e mais as mulleres de mala reputación (nesta cantiga, por exemplo, a alcaiota) e o espazo privado, a casa, constitúe xunto coa igrexa practicamente os únicos lugares frecuentados polas mulleres *decentes*. As mulleres medievais estaban recluídas no espazo doméstico e suxeitas ás tarefas propias do fogar e ao coidado da prole e das persoas maiores que puidese haber ao seu cargo.



## Actividades

### Contido

1. ¿É Afonso o autor orixinal deste relato? Xustifica a túa resposta.
2. Delimita que accións transcorren nos espazos vinculados á muller nesta cantiga.
3. ¿Como expresa o infanzón os sentimentos que lle causa a petición da súa dona de que lle poña quen a garde? e por certo, ¿que sentimentos son eses?
4. ¿Cales son as peticións que o infanzón dirixe á Virxe?

### Recursos expresivos

5. Tenta establecer a estrutura desta composición.
6. ¿Por medio de que recursos se logra a descrición da dona?
7. ¿Como vén caracterizada a alcaiota?
8. Fíxate que, como che dicíamos no apartado **Debes saber que...**, na Idade Media os matrimonios non se concertaban por amor senón por política familiar. Cremos que neste caso se pode percibir que a expresión do sentimento amoroso non é tan explícita no caso dos esposos como no do admirador da dona; ¿estás de acordo con isto? Xustifica a túa resposta e tenta relacionala co presuposto admitido antes.

### Imaxina...

120

... a casa da alcaiota, ¿como cres que será atendendo á definición que delas se che ofrece nas **NOTAS**?

### Unha actividade teatral

Esta composición, tanto pola acción da súa trama como polo feito de transmitir os parlamentos das distintas personaxes en estilo directo, parece facilmente dramatizable. Repartide os roles entre os compañeiros e tentade facer unha representación do texto tendo en conta que se debe dotar a cada personaxe dunha entoación axeitada ao sentido e ás emocións do que se quere transmitir. Por outra banda, tentade axustar tamén as vestimentas aos usos da época para conferir maior credibilidade, sobre todo no que atinxe ao caso da alcaiota.



**13**

(77)

**Esta é de como Santa María sandou na súa igrexa  
en Lugo a unha muller contrafeita dos pés e das mans**

*Da que Deus mamou o leite do seu peito,  
non é marabilla que sande ao contrafeito.*

Disto fixo Santa María milagre fermoso  
na súa igrexa en Lugo, grande e piadoso,  
5 por unha muller que tiña tolleito  
a maior parte do seu corpo, e de mal encolleito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Que ámbalas súas mans tanto se encolleran,  
que ben por cerca dos seus ombreiros se meteran,  
10 e os calcañares, polo mesmo feito,  
se meteron todos no corpo maltreito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

En canto viu que non a sandaba ningunha menciña,  
volveuse a Santa María, a nobre Raíña,  
15 pregándolle que non mirase o despeito  
que ela lle fixera, senón o seu proveito;  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Que parase mentes nela de maneira que a sandase,  
se non, que fixese de xeito que cedo finase;  
20 e despois se fixo levar nun leito  
ante a súa igrexa, pequeno e estreito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

E ela alí xacendo fixo moi boa vida  
ata que lle tivo a Señora a mercé cumprida  
25 no mes de agosto, no día sinalado,  
na súa festa grande, como contado  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

Será agora por min. Que naquel día  
se fixo levar á igrexa de Santa María;  
30 pero a Santa Virxe non demorou o preito,  
senón que lle sandou todo o corpo desfeito.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

E ocorreulle de xeito que alí onde sandaba,  
cada membro, por si, moi rexo estalaba,  
35 como a madeira moi seca do teito,  
cando se estendía o nervio encollido.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

O bispo e toda a xente diante estando,  
vendo isto e oíndoo, e fortemente chorando,  
40 viron que un milagre foi e non impostura,  
polo que loaron á Virxe a fartura.  
*Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

## Comprensión do texto

Este milagre foi transmitido pola tradición oral e non parece que queden testemuñas na escrita de milagres con este tema e coa igrexa de Lugo como localización. Como podes ver, a cantiga trata o tema da curación dunha muller tolleita dos pés e das mans.

Unha muller á que ningún remedio puido curar, pide á Virxe que a sande ou que, do contrario, faga que morra pronto para evitarlle o sufrimento de padecer unha parálise nas súas extremidades. Faise trasladar no mesmo leito ata a igrexa que custodia a imaxe da Virxe, e alí fai unha vida virtuosa. Así transcorre o tempo ata que no mes de agosto, o día no que se conmemora a festa grande da Virxe, fixo que a introduciran no templo. Unha vez alí, a Raíña obrou o milagre. Finalmente, todos os que estaban no templo loaron á Virxe, decañándose de que fora un feito marabilloso e non un engano.

O tema iconográfico da Virxe do Leite (*Maria Lactans*) foi moi difundido dende a segunda metade do século XIII.

#### DEBES SABER QUE...

- ✦ A data de inicio da construción da **catedral lucense de Santa María** é o 1129, e a dirección correspondeu a Raimundo Monforte. Dende o momento en que se inician as obras, ata que se rematan as torres da fachada actual, no 1880, o templo viviu varias reformas e ampliacións que o dotaron dunha variedade de estilos de entre os que destacan:
  - ✦ Románico: a planta, os paramentos verticais, a bóveda da nave do cruceiro, a maior parte das naves maior, laterais e o triforio.
  - ✦ Gótico: o primeiro corpo da capela maior e o deambulatorio, coas súas capelas absidais acaroadas (agás a central). O primeiro corpo da torre das campás e o pórtico norte.
  - ✦ Barroco: a sancristía, a sala capitular, o claustro e a capela central do deambulatorio.
  - ✦ Renacentista: o segundo corpo da capela maior e a fachada.
- ✦ **A Nosa Señora dos Ollos Grandes**, que é a patroa da cidade de Lugo, foi moi venerada na Idade Media. A ela téñense atribuído unha serie de feitos marabillosos, sobre todo curacións de enfermos e desafiuzados, que xeralmente se logran coa aplicación do aceite das lámpadas que ardían perante o seu altar. A súa festa celébrase o 15 de agosto, non obstante, a imaxe non representa a Asunción, senón á Virxe do Leite. Vexamos...
- ✦ Fíxate no refrán da cantiga, alúdese á **Mater lactans**, é dicir, á Nai dando de mamar ao seu fillo Xesús Cristo. Parece ser que este tema se orixinou en Exipto, onde a deusa Isis aparece aleitando ao seu fillo Horus, e pode ser que fora de aí de onde pasou á iconografía cristiá. O leite é metáfora do don da vida, que a Virxe deu ao seu fillo e a toda a humanidade (porque Xesús fíxose home

para redimir a humanidade). Por certo que a da lactación é a única función fisiolóxica que se atribúe á Virxe.

- ➡ O trovador ofrécenos unha descrición o suficientemente detallada dos síntomas padecidos pola protagonista da composición como para que poidamos supoñer que o mal que sofre é unha **artrite** (quizais da variante reumatoidea, que é a máis deformante e discapacitante). A artrite é unha enfermidade dexenerativa das articulacións: o cartilaxe e o mais o óso adxacente dexeneran, e isto causa dor articular e rixidez, podéndose chegar a unha rotura do cartilaxe, erosión do óso e, consecuentemente, deformación da articulación. Pode aparecer en case todos os vertebrados, o que inclúe peixes, anfibios e aves.

## Actividades

### Contido

1. Di Afonso que mentres a muller esperaba ser atendida pola Virxe, xacendo no leito á porta da igrexa “fixo moi boa vida”. ¿A que cres que se refire?
2. Na sétima estrofa relata o trovador os pormenores da curación; á vista do que che dixemos en **Debes saber que...** a propósito dos síntomas da artrite, ¿paréceche axeitado ese desenlace? ¿Por que?

### Recursos expresivos

3. Segundo o dicionario, unha *advocación* é unha denominación que complementa o nome dunha persoa divina ou santa, e que se refire a unha virtude súa, un atributo ou un misterio; tamén a momentos especiais da súa vida, lugares nos que estivo ou achados relacionados; por exemplo a *Virxe da Esperanza*, o *Cristo da Boa Morte* ou a propia *Virxe do Leite*. ¿Hai algunha advocación mariana no texto? ¿Coñeces algunha outra? ¿Cales?
4. Na descrición da enfermidade da muller menciónanse os *ombreiros*

e os *calcañares*. ¿Coñeces algunha outra articulación do corpo humano? ¿Cales?

### Unha actividade... pictórica


Tenta trazar, aínda que sexa na túa cabeza, un debuxo da enferma a partir da detallada descrición da segunda estrofa. O importante é que repares na mestría descriptiva afonsina á hora de presentar o seu retrato, polo que che recomendamos que te recrees novamente nel.

### Un punto para a reflexión

Hai uns dez anos que o Dicionario da Real Academia incluíu a acepción *discapacidade*, que quere dicir “falta de habilidade nalgún ramo específico”. Non obstante, termos de uso máis común como *incapacidade*, *eiva* ou *minusvalía* poden dar a entender que a persoa a quen se aplican “vale” menos que outra que non padeza enfermidade. ¿Cal che parece máis axeitado? ¿Por que?

En función disto, debate cos teus compañeiros a posible facultade da linguaxe de influír en actitudes.





**14**

(85)

**Esta é de como Santa María librou da morte  
a un xudeu que tiñan preso uns ladróns,  
e ela ceibouno da prisión e fíxoo volverse cristián**

*Para quitar a gran perfidia  
ben dos corazóns,  
mostra Santa María  
as súas grandes visións.*

- 5 Sobre iso direi un milagre que en Inglaterra  
mostrou Santa María, a que nunca erra,  
para converter a un xudeu que colleran uns ladróns  
ao que grandes feridas fixeran e tamén lesións.  
*Para quitar a gran perfidia...*

127

- 10 Os ladróns que fixeron isto eran cristiáns;  
e despois que o tiveron feito, atáronlle as mans  
e os pés, e déronlle moitos golpes con bastóns  
para que lles dese esterlinas e non pepións.  
*Para quitar a gran perfidia...*

- 15 Deste xeito o tiveron fóra do camiño  
atado nunha gran casa vella, ao mesquiño;  
e déronlle pan e auga aqueles peóns,  
para que non lles morrese e obtivesen quiñóns  
*Para quitar a gran perfidia...*



- 20 Do seu haber. Pero el, coas penas que sufría,  
adormeceu e en soños viu a Santa María  
máis fermosa que o sol; e logo as prisións  
lle quebrantou, e foi sandado de todas as lesións.  
*Para quitar a gran perfidia...*
- 25 E despois de que soñou isto, axiña foi esperto  
e, estando esperto, viuna iso foi ben certo;  
e por saber mellor quén era, fixo as súas oracións  
para que lle dixese o seu nome e que lle daría dons.  
*Para quitar a gran perfidia...*
- 30 E ela díxolle despois: “Mírame fixamente,  
que eu son á que ti e todos os teus parentes  
tedes moi gran desamor en todas as ocasións,  
e matástesme o meu Fillo, sendo moi felóns.  
*Para quitar a gran perfidia...*
- 35 E por iso quero mostrarche o ben que perdedes,  
e o mal que, despois de morreredes, axiña teredes,  
para que cara a min e cara ao meu Fillo as vosas intencións  
cambiedes e recibades bos galardóns”.  
*Para quitar a gran perfidia...*
- 40 Entón colleuno pola man e botouno fóra  
de alí e a un gran monte levouno ela agora  
e mostroulle un gran val cheo de dragóns  
e doutros demos, moito máis negros que carbóns.  
*Para quitar a gran perfidia...*
- 45 Que de máis de cen mil maneiras penaban  
as almas dos xudeus, que as cocían e despois asaban



e facíanas arder como tizóns,  
queimándolles as barbas e despois os guedellóns.  
*Para quitar a gran perfidia...*

50 Cando o xudeu viu isto quedou espantado;  
pero moi axiña foi a outro gran monte levado  
onde viu sentado a Xesús Cristo con lexións  
de anxos, que seguido lle cantaban doces sons.  
*Para quitar a gran perfidia...*

55 E viu alí moitos tipos de santas e santos  
moi alegres, que cantaban fermosos cantos  
que rogan polos cristiáns, para que Deus de perigos  
os garde, e do demo, e das súas tentacións.  
*Para quitar a gran perfidia...*

60 Santa María díxolle en canto el viu isto:  
“Estes son meus e do meu Fillo, Deus Xesús Cristo,  
con quen estarías se creces nel e leitóns  
comeses e deixases de degolar cabróns”.  
*Para quitar a gran perfidia...*

65 Despois de que Santa María lle fixo estes reproches,  
deixouno; e el foise despois a un mosteiro  
onde achou un santo abade cos seus compañeiros  
que compartiron de boa gana con el as súas racións.  
*Para quitar a gran perfidia...*

70 E despois de que ante os do convento contou canto vira,  
o abade fíxoo cristián logo, sen mentira;  
e deste feito correron por todas partes lendas  
para que a Santa María se lle desen ofrendas.  
*Para quitar a gran perfidia...*

#### NOTAS

- V. 13, *pepións*:** Moedas de pouco valor, aínda así, de maior lei que os *burgaleses*, polos que foron substituídas por mandato do rei Sabio. A alteración do valor da moeda tivo a consecuencia de empobrecer máis o pobo.
- V. 18, *quiñóns*:** Cantidades que corresponden a cada un dos que participan nunha repartición. Sería sinónimo de "lote" ou "ración".
- V. 33, *felóns*:** Persoas desleais que cometen traizóns e enganós.
- V. 48, *guedellóns*:** Pelos longos e mal peiteados.

## Comprensión do texto

Esta composición, a modo de *exemplum* para a conversión de xudeus, trata da liberación por parte da Virxe dun xudeu maltratado e a súa posterior conversión.

Un xudeu é asaltado nun camiño por uns ladróns cristiáns; estes retéñeno nunha casa vella, onde o torturan, pero manténdoo con vida para que lles entregue os seus bens. O cansazo fai adormecer o xudeu, que soña con que a Virxe o libera do seu cativerio. Cando esperta, decátase abraiado de que efectivamente está María ao seu carón, e pídelles que se identifique para estar certo de todo. Ela faino e a continuación mostroulle todos os males do inferno, dicíndolle que será o que o espere se persevera na súa relixión; seguidamente lévao a un monte onde pode ver a Xesús Cristo en toda a súa gloria. Finalmente, el vai a un mosteiro, onde se fai cristián despois de relatar á comunidade a súa experiencia.

**DEBES SABER QUE...**

❖ O **exemplum** é un tipo de conto con función didáctico-moral de grande éxito na Idade Media. Xeralmente, estes contos procedían de fontes moi diversas: fábulas latinas, contos orientais, parábolas bíblicas ou a mesma tradición oral. Xeralmente, a súa estrutura respondía ao seguinte esquema: alguén propón un dilema ao sabio, quen o resolve coa narración dun apólogo ou *exemplum*, e remata cunha sentencia que recolle a ensinanza moralizante.

❖ **A relixión xudía** baséase no principio de adoración a un único Deus, *Iahvé*, e a obediencia á súa lei relixiosa escrita, a *Toráh*. Os preceptos contidos na *Toráh* son moi estritos, e dende a nosa perspectiva algúns poden parecer absurdos (observa que Afonso alude dun xeito moi despectivo á súa prohibición de comer carne de porco) pero o certo é que a maioría obedecen a motivacións derivadas da súa difícil vida no deserto. Vexamos algúns deses preceptos:

☞ Os nenos son circuncidados aos oito días de nacer.

☞ O sábado é un día sagrado e de descanso no que está terminantemente prohibido desenvolver calquera labor que requira certo esforzo.

☞ Está prohibido comer carne de porco e marisco.

Por outra banda, os xudeus son particularmente estritos co tema da impureza: distinguen unha serie de cousas puras doutras impuras, e no caso de tocar algo impuro hai que purificarse con auga inmediatamente.

Finalmente, non debes perder de vista que Xesús era xudeu, e que a *Toráh* non é outra cousa que os cinco primeiros libros do Antigo Testamento, que tamén forma parte das Sagradas Escrituras dos cristiáns.

❖ O **inferno** é, na teoloxía cristiá, o lugar onde os pecadores sofren tormentos eternamente despois da morte, aínda que na tradición xudía anterior, *inferno* designaba unicamente a morada dos mortos. O elemento máis importante do inferno é o lume, que é inextinguible; tamén se alude nos escritos cristiáns ao pranto dos condenados, renxer de dentes e, ás veces, tebras.

❖ Eses **dragóns** que o trobador sitúa no inferno son uns dos animais míticos máis mencionados nos bestiarios medievais. Os bestiarios eran libros que recollían clasificacións de animais organizadas en función de determinadas calidades –xa fosen reais, xa simbólicas– que se lles atribuían. Na Idade Media eran uns libros moi populares ata o extremo de que un deles, o *Fisiologus*, era ata o século XII o libro máis difundido despois da Biblia.

En canto ao dragón, que ás veces aparece asociado directamente co demo, como neste caso, críase que vivía nunha cova, de onde saía para facer dano voando polos aires. Vexamos que nos di sobre el o bestiario latino de Cambridge, que se coñece co nome desa cidade inglesa (165-167):

“O dragón é a meirande de todas as serpes, e en realidade de todos os seres vivos que hai na terra. (...). Cando o dragón sae da súa cova, a miúdo elévase aos ceos, e o aire arredor vólvese ardente. Ten cresta, boca pequena e unha estreita gorxa a través da que toma alento ou saca a lingua. Por outra banda, a súa non está nos dentes, senón na cola, e fai dano cos seus golpes máis que coas súas picaduras.

Así, é ofensiva no que atinxe ao veneno. Pero din que non precisa de veneno para matar xa que, se se enrosca en torno a alguén, mátao dese xeito (...). O diabo, que é o máis enorme de todos os reptís, é coma este dragón”.

## Actividades

### Arredor do texto

1. O dragón é un animal mítico, creado pola imaxinación humana. ¿Que outros animais deste tipo coñeces?
2. Os pepións foron substituídos en tempos de Afonso X polos burgaleses, moedas de menos valor; o que incidiu na economía dos cidadáns; ¿ocórreseche algunha relación entre as oscilacións dos valores monetarios e a economía doméstica? ¿Por que sería importante para o consumidor que houbera, por exemplo, unha caída no valor do euro?

132

### Contido

3. Di o trovador que os ladróns querían que o xudeu “lles dese as esterlinas, e non pepións”. Lembra que a localización da acción é Inglaterra e, pensando na definición de *pepión*, ¿a que moeda cres que se refire Afonso?
4. A Virxe explícalle ao protagonista que todos os xudeus están condenados ao inferno por un grave delito, ¿cal?
5. Denomínase *maniquea* a actitude que divide todos os asuntos en dúas partes, unha completamente boa e outra completamente mala, sen matices. Afonso elabora unha trama na que un xudeu é vítima duns ladróns que son cristiáns, ¿cres que a perspectiva do trovador é maniquea? Xustifica a túa resposta.

## Recursos expresivos

6. O xudeu pídlle á Virxe que lle desvele o seu nome, pero Ela identifícase mediante outro recurso, ¿cal?
7. A *hipotipose* é unha figura de pensamento que consiste na representación viva e plástica dunha realidade, coa particularidade dunha implicación afectiva por parte de quen a describe. Fíxate na representación afonsina do inferno, ¿cres que se axusta ao sinalado? ¿Por que?
8. Nesa descrición dos tormentos infernais, hai un campo semántico que predomina claramente, ¿cal? ¿de que elementos léxicos consta?
9. Fíxate que se promete ao xudeu a salvación no caso de abandonar as súas crenzas substituíndoas pola fe cristiá. ¿Como se caracteriza a relixión dos xudeus na doceava estrofa? ¿Cres que o ton desa descrición é ridiculizante? Xustifica a túa resposta.

133

## Un traballo de investigación

Malia que a postura de Afonso é claramente a favor da conversión ao cristianismo dos xudeus, o feito de presentar aos ladróns como cristiáns demostra que neste caso desvincula o feito de pertencer a unha determinada relixión co comportamento ético individual. Nestes tempos nos que son particularmente virulentos os enfrontamentos entre relixións e as novas referentes a eles inundan os medios de comunicación, ¿opinas que a postura dos informantes é tan obxectiva á hora de abordar o asunto? Cos teus compañeiros, facede provisión de distintos xornais que conteñan unha mesma nova alusiva a isto e analizade os distintos graos de obxectividade que pode haber no seu tratamento.

## Un punto para a reflexión

¿Parácheste algunha vez a pensar que cando Xesús Cristo foi crucificado Xerusalén estaba en poder dos romanos e que os xudeus non tiñan potestade (*ius gladii*) para ditar sentencias de morte dende o ano 6 d.C., en que os romanos iniciaron o dominio directo sobre Xudea? ¿Sabías que a crucifixión era unha modalidade de axustizamento, que se aplicaba a escravos e sediciosos? Era tradicionalmente empregada polos romanos, mentres que os xudeus preferían a lapidación ou a decapitación. Atendendo a isto, ¿por que cres que se buscou responsabilizar unicamente aos xudeus? Busca información sobre este particular (o profesor pódete axudar, xa que terías que usar material un chisco especializado<sup>1</sup>) e pon en común cos teus compañeiros as túas conclusións.

<sup>1</sup> Por exemplo, *El Jesús histórico*, de Gerd Theissen e Annette Merz (ed. Sígueme, Salamanca, 1999) ou o libro de John P. Meier *Un judío marginal* (ed. Verbo Divino, Estella, 1999).

**15**  
**(101)**

**Esta é de como Santa María sandou  
o que era xordo e mudo**

*Ben pode a Señora sen par  
facer oír e falar.*

5 Como unha vez fixo  
a un mudo e xordo de boa reputación,  
que dunha vez  
foino completamente sandar.  
*Ben pode a Señora sen par...*

10 Este fora a Soissons  
rogar a Deus no corazón,  
que pola boca xa non  
llo podía el mostrar,  
*Ben pode a Señora sen par...*

15 Senón por acenos facer  
coas súas mans, e xemer  
ante a Virxe que valer  
lle quixese e axudar  
*Ben pode a Señora sen par...*

20 Para que puidese oír  
e falar sen confundir.  
E por isto irse  
non quixo de diante do altar,  
*Ben pode a Señora sen par...*

Ata que a gran Señora  
que Nai é do Salvador  
25 lle mostrou tan grande amor  
como vos quero contar,  
*Ben pode a Señora sen par...*

Que logo lle apareceu,  
e coas súas mans lle tanxeu  
30 o rostro e o restableceu  
e foille a lingua soltar.  
*Ben pode a Señora sen par...*

E as orellas lle abriu,  
así que tan axiña oíu,  
35 e o sangue lle saíu  
da lingua e delas á par,  
*Ben pode a Señora sen par...*

Así que entón, axiña deu  
loores, como oín eu,  
40 á Virxe e por seu  
ficou naquel lugar.  
*Ben pode a Señora sen par...*

#### NOTAS

**V. 8, Soissons:** Cidade francesa, do departamento de Picardía, ao norte do país.



## Comprensión do texto

Este milagre relata a curación dun xordomudo. Unha persoa incapacitada para oír e falar vai a Soissons pedirlle a Deus a través da Virxe que o sande. Colócase diante do altar, de onde non se move ata que María se apiada del e, estendendo unha man ata o rostro do enfermo, conseguiu que puidese falar e recuperase o sentido do oído. Agradecido, o home lóaa e fica en Soissons para servila.

### DEBES SABER QUE...

- ✦ **Mediación da Virxe.** Fíxate que Afonso especifica nesta composición que o enfermo rézalle a Deus (foi a Soissons "rogar a Deus no corazón", v. 9) e para iso colócase diante do altar que custodiaba a imaxe da Virxe, a quen dirixe acenos e a quen fai chegar os seus xemidos. A relixión católica considera que María ten a capacidade de interceder polos homes perante o seu fillo, conseguindo para eles a redención dos pecados e, consecuentemente, a graza. Neste caso, o trovador parece querer dicir que a curación a obraría Deus a través de María.
- ✦ Fíxate que o milagre se obra a través do procedemento que se coñece como "**imposición de mans**". Esta é a forma máis común de facer unha curación milagrosa, porque dende antigo as accións que se levaban a cabo coas mans constituían unha parte moi importante do ritual relixioso (na oración, nas ordenacións sacerdotais ou na invocación da bendición, por exemplo). No caso concreto da curación, decátate de que este era un xesto tamén empregado por Xesús Cristo en vida (podes velo en Mc 1, 41 ou 7, 33) e tamén polos apóstolos cando se espallaron despois da morte deste para predicar a súa palabra (vai, por exemplo, a Fei 9, 12). Este ritual xurdiu das connotacións simbólicas que tiñan as mans na cultura hebrea: a man (tamén o brazo) concibíase como posuidora de funcións autónomas, símbolo de forza e poder. Outros significados asociados ás mans nas culturas antigas e, nalgún caso, aínda hoxe son...
  - ☞ Deixar caer as mans simboliza debilidade ou falta de determinación.
  - ☞ Erguer a man é símbolo de violencia e, tamén, de súplica.
  - ☞ Estreitar a man a alguén equivalía a ratificar un acordo, etc.
- ✦ A igrexa á que se dirixe o enfermo é **Notre Dame de Liesse**, que é o santuario marial que dende o 1134 se converteu en lugar de peregrinación para venerar a Virxe Negra, que é a patroa da diocese de Soissons. A lenda di que a imaxe foi transportada por tres cabaleiros que partiran á primeira cruzada a Terra Santa. Eran señores franceses da Picardía e cabaleiros da orde de San Xoan de Xerusalén. Estes tres mozos caeron prisioneiros no curso dun combate, e o sultán in-

tentou sen éxito que se converteran á fe musulmá, recorrendo finalmente a enviar a súa propia filla, Ismérie, para que os engaiolara co seu encanto e os persuadira de se converter. O resultado foi contrario ao esperado, e a princesa, coa intervención da Virxe, acaba interesándose pola fe dos cabaleiros e os misterios do cristianismo. Un día, a filla do sultán pregunta aos cabaleiros se teñen unha imaxe da Virxe, eles respóndenlle que non, pero María envía unha estatua milagrosa. Despois de que se lle apareza a Virxe nun soño, Ismérie libera os cativos e marcha con eles portando a imaxe, que os protexe e lles franquea todos os atrancos. Finalmente, chegan milagrosamente a Francia, e preto do castelo onde vive a nai dos cabaleiros, a estatua faise colocar no chan, e a Virxe indica que é nese lugar onde quere ser venerada, co que se inicia a construción do seu santuario. Ismérie convértese ao cristianismo, leva unha vida virtuosa e, cando morre, é enterrada na mesma igrexa de Notre-Dame de Liesse.

## Actividades

### Contido

138

1. ¿Poderías intentar unha paráfrase da sétima estrofa?
2. ¿Que entendes a partir da expresión dos versos 40-41 “por seu / ficou”?

### Recursos expresivos

3. Esta cantiga ten unha disposición gramatical continua, é dicir, transcorre sen digresións, retrospeccións ou prospeccións. Por outra banda, tamén a lectura se fai fluída polo feito de escasear hipérbatos que entorpezan a comprensión, ou adxectivos que a retarden. ¿Poderías explicar isto se estás de acordo? Se non, explica por qué.
4. Tenta establecer a estrutura da composición.



### **Imaxina...**

O enfermo non puido verbalizar fisicamente a súa petición, senón que, como di Afonso, “roga a Deus no corazón”. Imaxina e redacta a súplica que puido dirixir a Deus.



**16**  
**(103)**

**Esta é de como Santa María fixo estar o monxe  
trescentos anos oíndo o canto dunha aveciña,  
porque lle pedía que lle mostrase cál era o ben  
que tiñan os que estaban no paraíso**

*Quen á Virxe ben sirva  
ao Paraíso irá.*

E sobre isto un gran milagre quérovos eu agora contar,  
que fixo Santa María por un monxe, que lle ía rogar  
5 sempre para que lle mostrase qué bens no Paraíso haberá  
*Quen á Virxe ben sirva...*

141

E pedirlle poder velo na súa vida, antes de morrer.  
E por iso mirade o que a Gloriosa lle foi facer:  
fíxoo entrar nunha horta en que moitas veces xa  
10 *Quen á Virxe ben sirva...*

Entrara; pero aquel día fixo que unha fonte achase  
moi clara e fermosa, e que a carón dela sentase.  
E despois de que lavou as mans, dixo: “Ai, Virxe, cándoo será  
*Quen á Virxe ben sirva...*

15 Que verei do Paraíso, como eu tanto che pedín,  
un pouco da súa delicia antes de que saia de aquí,  
e que saiba, para o que ben obra, qué galardón haberá”  
*Quen á Virxe ben sirva...*

20 Tan pronto como acabou o monxe a súa oración  
oíu un paxariño cantar en tan bo son,  
que se esqueceu, estando e mirando sempre alá.  
*Quen á Virxe ben sirva...*

25 Tan gran gusto tiña de aquel canto e de aquel *lais*,  
que trescentos anos longos estivo así, ou máis,  
pensando que non estivera máis ca un pouco, como está  
*Quen á Virxe ben sirva...*

30 Calquera monxe algunha vez ao ano, cando sae ao xardín.  
Despois marchou de alí a aveciña, e moita mágoa lle causou  
e dixo: “Eu teño que marchar de aquí que xa comer quererán  
*Quen á Virxe ben sirva...*

142

No convento”. E axiña marchou, e achou un gran portal  
que nunca vira, e dixo: “¡Ai, Santa María, venme axudar!  
Non é este o meu mosteiro, así que, comigo ¿qué pasará?”  
*Quen á Virxe ben sirva...*

35 Despois entrou na igrexa, e tiveron gran pavor  
os monxes cando o viron, e preguntoulle o prior,  
dicindo: “Amigo, ¿vos quen sodes e que buscades acá?”  
*Quen á Virxe ben sirva...*

40 Dixo el: “Busco o meu abade, que agora aquí deixei,  
e o prior dos frades, de quen agora me apartei  
cando fun a aquela horta; onde están, ¿quen mo dirá?”  
*Quen á Virxe ben sirva...*

45 Cando isto oíu o abade, tívoo por louco,  
e tamén os outros do convento; pero dende que ben soubo  
cómo fora este feito, dixeron: “¿Quen oirá  
*Quen á Virxe ben sirva...*

Nunca tal marabilla como Deus por este foi facer  
por mor do rogo da súa Nai?, ¡Virxe santa de gran prez!  
E por isto loémola; pero, ¿quen non a loará  
50 *Quen á Virxe ben sirva...*

Máis que a calquera outra cousa? Que, por Deus, moi  
xusto é,  
posto que canto nós lle pedimos nolo dá o seu Fillo, abofé,  
por Ela, e aquí nos mostra o que despois nos dará”.  
*Quen á Virxe ben sirva...*

#### NOTAS

**V. 23, lai:** Nome que reciben diferentes tipos de composicións literarias (relatos breves ou composicións estróficas con música). Os máis famosos son, seguramente, os *Lais* de María de Francia, relatos en verso que contan preciosas historias de amor entre cabaleiros e fadas.

**V. 48, prez:** Honra, gloria.

## Comprensión do texto

Este tema forma parte dun amplo abano de narracións medievas que inclúe visións, probas ou testemuñas paradisíacas. Nesta ocasión, trátase dun monxe que estivo trescentos anos escoitando o canto dun ave celestial, e toda esa morea de tempo pasoulle como se fose un intre.

O frade pedía continuamente a Santa María que lle mostrase as recompensas do paraíso para os que obran ben. Un día que lle rogaba isto nun xardín, un paxaro púxose a cantar tan melodiosamente que o monxe perdeu a conciencia do tempo, ata tal punto que pasaron

trescentos anos e el non se decatou; o paxaro marchou e el, pensando que sería a hora de xantar, volveu ao convento. Queda abraiado ao contemplar unha porta que non era a que el coñecía e, pensando que se perdera, entrou moi preocupado na igrexa a preguntar polos seus superiores. Cando contou o que acontecera, todos se decataron de que fora un milagre da Virxe e comezaron a loala.

### DEBES SABER QUE...

- ❖ Diciámosche máis arriba que este tema gozou dun grande éxito ao longo da historia. Nós tamén temos a nosa propia lenda segundo a cal o cabaleiro galego do rei Afonso VII, Ero de Armendariz, decidiu cambiar a vida guerreira pola tranquilidade de Armenteira. Un bo día, extasiado co canto dun xilgaro, din uns que permaneceu douscentos anos sen sentir e outros trescentos, vencendo ao tempo e á morte. Este foi o premio de Deus á admiración do cabaleiro pola obra divina da natureza. Esta lenda parece propia das abadías beneditinas, porque tamén aparece en Samos e Leire, por citar só dúas.
- ❖ O monxe estivo trescentos anos ensimesmado escoitando o canto da ave. ¿Por que trescentos anos? ¿Decatácheste de que o número tres ten certa importancia ao longo dos textos que compoñen esta escolma? Vexamos algún exemplo: na cantiga primeira, tres son os días que Teófilo permanece no lugar onde se lle apareceu a Virxe antes de morrer; do mesmo xeito, na cantiga número cinco o ladrón colgado na forca pasa tres días pendurado e non morre; na número doce o cabaleiro escoita tres misas e iso impídelle acudir ao campo de batalla ou, na trinta e nove, un frade escribe o nome de María con tres cores distintas, que nos indican que ese número constituía un comodín para formar expresións estereotipadas.

Na nosa cultura, conceder importancia ao número tres é herdanza da tradición bíblica: o misterio máis importante da teoloxía cristiá é a Santísima Trindade e, por outra banda, tres son os Reis Magos, tres as mulleres de nome “María” que tiveron influencia especial na vida de Cristo, El viviu trinta e tres anos, resucitou ao terceiro día e Pedro negouno tres veces.

Os científicos medievais xa sabían que o tres era un número primo, que non se pode descompoñer (neste período ten lugar o que se chamou “a gran revolución aritmética da Idade Media”), polo que representa a perfección e nos remite á divindade. Os números ademais, para os filósofos medievais, rexían o espazo e o tempo, e tamén o individuo, a sociedade etc. Por outra banda, tamén na simbólica estética deste período tiveron importancia: San Agustín, por exemplo, insistía en que o número é fundamental para a consideración do que é belo, porque está relacionado coa proporción, coa orde.



## Actividades

### Arredor do texto

1. Fíxate que o monxe, na fonte, “lavou as súas mans” (v. 13). ¿Por que cres que o fai? Busca os sentidos espirituais que ten a auga na relixión cristiá, entre outras, e aventura unha explicación.
2. No verso 23 dise que o monxe estaba escoitando un *lais*. O *lai* é unha composición poética breve, xeralmente de tema amoroso, que apareceu na Idade Media na zona francoprovenzal. Metricamente, caracterízase por estar construído en sextinas de versos hexasílabos e con dúas rimas consoantes agudas. Escolle e define, segundo o modelo do *lais* que che presentamos, outros tres tipos de estrofa.

### Contido

145

3. ¿Cales eran as peticións do monxe? ¿E os medios cos que pretendía lograr que se lle cumpriran?
4. Cando se encontra perdido, o monxe da cantiga pregunta polo seu *abade* e polo seu *prior*. ¿Cales son as atribucións correspondentes a cada un deles? ¿Que outras xerarquías eclesiásticas coñeces?
5. ¿Por que cres ti que o pobre do monxe non recoñeceu o seu mosteiro? ¿Paréceche iso posible á vista da durabilidade deste tipo de construcións? Aventura unha explicación a este feito.

### Recursos expresivos

6. Vai á cantiga octava e lembra o que se che explicou nas actividades a propósito do *locus amoenus*. ¿Hai algunha descrición nesta composición que poidas identificar cun *locus amoenus*? ¿Onde? Xustifica a túa resposta.

7. ¿Encontras algún caso de encabalgamento nesta composición? ¿Onde? ¿De que tipo? (recupera se che fai falta a definición que che facilitamos no comentario á cantiga número dous)
8. O monxe cualifica, no verso 17, de “galardón” a posibilidade de acceder ao paraíso para quen obre ben na terra. ¿Que sinónimos podería presentar ese termo neste contexto?
9. Traslada os fragmentos en estilo directo a indirecto.

### **Imaxina...**

Seguramente terás algunha idea do que debe ser o paraíso, ben sexa en relación co imaxinario cristián do que é herdeira a nosa cultura ou ben algunha outra idea propia asociada a sensacións positivas ou pracentiras. ¿Cal é, pois, a túa imaxe do que debe ser o paraíso? Descríbeo.

### **Unha actividade de investigación**

Aínda que nos poida parecer increíble, se enviáramos un reloxo de gran precisión nun avión, e este estivese sincronizado con outro reloxo en terra, no intervalo de tempo da viaxe e unha vez en chan firme, a hora que marcara o reloxo de precisión que vai na nave sería máis temperá que a do que ficou en terra no mesmo intervalo de tempo. Este experimento fíxose no ano 1971 con catro reloxos atómicos embarcados en avións comerciais para demostrar o fenómeno que en Física se coñece como “dilatación do tempo”, e demostrouse que o tempo transcorre tal e como se describe na teoría da relatividade de Einstein. ¿Que ocorrería no mundo se se puidese viaxar á velocidade da luz? Obviamente non se pode acelerar un corpo dese xeito, aínda que hai máquinas xa que permiten acelerar as partículas da materia da que estes están constituídas. A ciencia ficción, pola súa banda, xoga coa idea de que a velocidade da luz puidese ser superada polos humanos,

tese ficticia (¡... de momento!) na que se apoian as historias sobre as viaxes ao pasado.

Evidentemente Afonso non coñecía o fenómeno da dilatación do tempo, pero fíxate que hai unha relación entre ela e a non percepción do transcorrer de trescentos anos por parte do monxe que fixo unha viaxe... ¡ao mundo ultraterreo! Infórmate un chisco máis e aventura unha explicación particular para o noso monxe.

### **Un punto para a reflexión**

A doutrina teolóxica da retribución consiste na crenza de que Deus castiga as malas obras dos homes co purgatorio ou o inferno e recompensa as boas co acceso ao paraíso.

Aínda que quizais o vexas máis polo miúdo na materia de Filosofía, adiantámosche que Kant (1724-1804), pola súa banda, postulou que o home pode decidir actuar de acordo co que chamou o “imperativo moral”, que é o deber de facer o correcto. Este bo obrar débese facer, segundo o filósofo, sen pensar nun premio, simplemente porque é unha esixencia humana.

Fíxate que Afonso parece indicar que o monxe da cantiga obra ben movido polo desexo de acceder ao paraíso, de acordo coa doutrina da Igrexa. ¿Cal pensas ti que é o principio que debe rexer as condutas humanas? Debáteo cos compañeiros.



**17**  
**(104)**

**Esta é de como Santa María fixo que lle saíse sangue  
da cabeza á muller que quería facer feitizos de amor  
ao seu amigo co corpo de Xesús Cristo, que o traía na  
touca, ata que o quitou**

*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer,  
como quen ao seu Fillo, Deus, quere escarnecer.*

A quen facelo pretende, crédeme isto a min,  
que aquel escarnio todo ha de volverse contra el.  
5 E sobre isto un gran milagre vos direi, que eu oín  
que fixo Santa María; escoitádemo a pracer.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

149

Isto ocorreu en Galicia non hai moito tempo,  
que un escudeiro tiña unha súa querida;  
10 e porque el casara, tanto pesar tivo ela entón  
que co gran desgusto fora ata a cabeza perder.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

E co gran pesar que tivo foi consello buscar  
nas outras veciñas, e así llo foron dar:  
15 que só con que ela puidese unha hostia roubar  
das da igrexa, que logo o podería ter,  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

Xa que tanto lle quería. E ela axiña, sen agardar,  
foise a unha igrexa da Virxe espiritual,

20 que nas nosas grandes penas nos garda sempre de mal,  
e dixo entón que quería axiña a comunión obter.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

E o crego sen malicia a comunión lle entregou;  
pero esta muller a hostia na boca gardou,  
25 que de ningunha maneira non a rompeu nin tragou  
e procurou canto máis axiña puidese de alí desaparecer.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

Despois de saír da igrexa, logo os dedos meteu  
na boca e moi rápido quitouna de aí e colocou  
30 a hostia na touca; e non agardou nada,  
ao contrario, foise moi axiña para probar isto e ver  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

150

Se lle dixeran a verdade ou se lle foran mentir  
aquelas que lle dixeran que lle farían vir  
35 axiña o seu amigo onda ela, e nunca máis partir  
dela xa podería, e si con ela vivir.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

E entrando nunha vila que lle chaman Caldas de Reis,  
de onde esta muller era, polo que eu sei,  
40 sucedeu entón moi gran cousa que agora vos contarei;  
que lle viron polas toucas sangue vermello correr.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

E a xente entón dicía, cando aquel sangue viu:  
“Di, muller, ¿que foi iso ou quen tan mal te feriu?”  
45 E ela quedou tan abraiada en canto isto oíu  
que non lles soubo ningunha cousa responder.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

E puxo as mans nas toucas, e sentiu e viu moi ben  
que era sangue quente, e polo tanto dixo así:

- 50 “A min non me feriu outro máis que quen o mundo ten  
no seu poder; polo grande erro o fun eu merecer”.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

Entón contoulles todo o feito, tremendo con gran pavor,  
como lle acontecera; e deron por isto loor

- 55 todos a Santa María, Nai do Noso Señor,  
e ao seu Fillo bendito, chorando con gran pracer.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

A muller volveuse logo á igrexa outra vez,  
e prostrouse ante a imaxe e dixo: “Señora de prez,

- 60 non mires o meu pecado que o demo me fixo facer”.  
E despois a un mosteiro monxa se foi meter.  
*Nunca pode á Virxe ningún home tal pesar facer...*

#### NOTAS

**Título, touca:** Peza de tecido para cubrir a cabeza ou prenda empregada polas mulleres para cubrir as costas.

**V. 59, prez:** Honra, gloria.

## Comprensión do texto

Esta cantiga relata o ocorrido a unha muller que, para facer un feitizo de amor, comete un sacrilexio.

A amante dun escudeiro, desesperada porque el casara con outra muller, por consello dunhas veciñas decide facerlle un feitizo para recuperalo. Este feitizo consistía en conseguir unha hostia consagrada e colocala debaixo da touca, o que, segundo as veciñas, atraería para sempre o seu amante.

Cando estaba chegando á súa vila, Caldas de Reis, a xente puido ver que lle saía sangue por debaixo da touca, e pensaron que se debía a que alguén a atacara. Ela, botando a man á cabeza e comprobando que o sangue estaba quente, díxolles que a *ferira* Deus; a continuación recoñeceu que o merecía e contoulles o porqué. Marabillados, todos loaron a Santa María e o seu Fillo.

Despois, a muller dirixiuse a unha igrexa, onde pediu perdón polos seus pecados para, finalmente, ingresar nun convento.

152

### DEBES SABER QUE...

- Hoxe en día impera, no mundo occidental e falando en termos xerais, un respecto ás conviccións relixiosas individuais que está avalado pola *Declaración dos Dereitos Humanos*. Na Idade Media non ocorría o mesmo, xa que o vínculo entre o profano e o sagrado era moi íntimo, e as heterodoxias cobraban unha grande importancia; por outra banda, nunha sociedade como a feudal, que articulaba a vida cotiá a través de contratos, a herexía rompía un acordo ao que se adhería o conxunto da sociedade, e tamén por iso se consideraba algo moi grave.
- A protagonista da nosa cantiga actúa movida pola **superstición**. O resorte que motiva a superstición, se te paras a pensalo, é moi semellante ao que orixina a fe; de feito, xa no Concilio de Trento (1545-1563) se declarou que a superstición é unha falsa imitación da verdadeira piedade. Hai unha serie de feitos intimamente ligados á esencia do ser humano dos que a ciencia non se pode ocupar porque non son empiricamente demostrables (o fenómeno da morte, a posibilidade da existencia dunha vida ultraterrea e dun ser superior, as vivencias interiores, etc.) e polo tanto tiveron que ser tratados por outras vías, denominándose supersticiosas as condutas que se afastaban do establecido pola crenza oficial da comunidade.



Dende o século XIII englobáronse baixo a categoría de condutas supersticiosas a feitizaría e mais a bruxería. A diferenza entre elas é que a segunda implica un pacto co diabo e a primeira non; ademais, considerábase que a feitizaría empregaba materiais sensibles (herbas, ósos de animais, pocións, etc.) mentres que a bruxería traballaba coa imaxinación e a suxestión.

O estereotipo da bruxa na época medieval era o dunha muller (o 75 % dos procesos por este delito fixéronse a mulleres), vella e xeralmente viúva e de nivel socioeconómico baixo; isto era debido a que este é o sector da poboación máis indefenso, e xeralmente, ou recorría á bruxería para defenderse e/ou procurarse sustento, ou estaba marxinaada pola súa comunidade e era acusada inxustamente. No caso das bruxas, a opinión xeral mesturaba catro ideas principais:

- ☞ Practicaba o que se chamaba *maleficium* (é dicir, facía dano por medios ocultos).
- ☞ Era servente do diabo.
- ☞ Voaba polos aires de noite para levar a cabo os seus feitos malignos.
- ☞ Formaba parte dunha sociedade que celebraba periodicamente unhas reunións (*aquelarres*) onde se adoraba o diabo e se facía burla da relixión cristiá, é dicir, se cometía *sacrilexio*, que é a profanación intencional de algo sagrado (un obxecto, un lugar ou unha persoa).

A nosa heroína non consta que sexa unha bruxa e, non obstante, ao tomar a comuñón con eses fins está incorrendo nun sacrilexio ao estilo dos que se facían nos *aquelarres*.

O consello que as veciñas dan á protagonista da nosa cantiga quizais estivese recollido nalgún *grimorio*. Os *grimorios* eran libros sobre feitizos máxicos que gozaron de moita popularidade na Idade Media e en si mesmos xa eran considerados máxicos; vistos dende a nosa perspectiva, chama a atención que a Igrexa dedicara tantas enerxías a condenalos, xa que a maioría son moi inxenuos e consistían en remedios para diversas doenzas físicas e fórmulas para preparar pocións.

### **Unha curiosidade:**

Un filtro de amor elaborado tradicionalmente por feiticeiras da época medieval facíase conxuntamente a seguinte receita: queimar os órganos sexuais dun lobo e os pelos do seu fociño e do seu queixo, mesturar esas cinzas con algo que a persoa amada estea bebendo de xeito que non se decate e... velaí que a vítima do feitizo che corresponderá para sempre e, ademais, ¡serache sempre fiel!

## Actividades

### Arredor do texto

1. En **Debes saber que...** dicímosche que a muller actúa movida pola superstición. Hoxe en día, polo menos no mundo occidental e en sectores minimamente instruídos da poboación, case ninguén cre na maxia; non obstante, máis de media Europa leva algún tipo de fetiche ou amuleto que supón que lle pode dar sorte ou protexelo. ¿Levas ti algún? ¿Que cres que motiva as condutas supersticiosas?

### Contido

2. Di Afonso no verso 23 que o crego, “sen malicia” lle deu a comunión á muller: ¿A que se se refire?
3. O milagre nesta ocasión maniféstase a través do sangue de Cristo, que mana da hostia da que se está facendo un uso sacrílego. Neste senso, tense repetido en escritos relixiosos que cada vez que cometemos un pecado é como se Xesús fose crucificado de novo; ¿a que cres que se debe tal razoamento? ¿Cres que hai relación entre iso e o feito de manifestarse mediante o sangue a comisión do sacrilexio? ¿Por que?
4. A muller decátase de que o estraño suceso que lle acontece é obra de Deus ao comprobar que o sangue que ten na touca está quente. ¿Por que?
5. ¿A quen responsabiliza a muller da súa mala acción? ¿Por que cres que o fai así?

### Recursos expresivos

6. ¿Con que recursos asegura Afonso que son certos os acontecementos que relata?

7. ¿Como se denomina ao longo do texto o sacrilexio no que incorre a muller?
8. Nas terceira e cuarta estrofa hai un exemplo de discurso en estilo indirecto. Pásao a directo.
9. Un *epíteto* é un adxectivo que vai acompañando a un substantivo resaltando unha calidade que xa vai implícita neste, de xeito que fundamentalmente posúe valor expresivo; ¿encontras algún exemplo desta figura retórica no texto?
10. Da nosa protagonista dise no verso 11 que “co gran desgusto fora ata a cabeza perder”. O sentimento, pois, que a ocupaba nese momento era o da *desesperación*, que é... Fai unha relectura da composición na procura de datos que che permitan identificar outros sentimentos ou sensacións, enuméraos e xustifica esa elección.

### Un asunto para debater

155

No século II, as comunidades cristiás do Imperio Romano foron acusadas de practicar estraños rituais de maxia; estas acusacións repetían unha serie de clichés, reiterándose a presenza nas súas reunións de animais como gatos negros ou machos cabrúns, de efectuar rituais sanguentos, caníbales e sexuais, etc. A expansión do cristianismo empezaba a cobrar forza e estas historias espalláronse como un intento de desacreditar a nova relixión que se afianzaba no Imperio.

Numerosos escritores da Igrexa Latina lanzáronse a escribir refutacións a estas acusacións falsas, aínda así, no 177 tivo lugar unha sanguenta persecución contra os cristiáns ordenada polo emperador Marco Aurelio. Como sabes, a historia da expansión do cristianismo está chea de altos e baixos ata chegar a converterse no que agora é, pero o que nos interesa salienta neste momento é que esas acusacións das que foron obxecto os cristiáns xa foran dirixidas antes contra outras comunidades ou grupos (por iso che dixemos un chisco máis arriba que constituían un cliché) e,

ademais, cando a relixión cristiá pasou a oficializarse, repetiu a historia que sufrira, perseguindo a grupos disidentes como os montanistas, cátaros ou valdenses, que eran considerados herexes, acusados de prácticas similares ás que falsamente se lles atribuíran a eles.

O poder (ben sexa relixioso, político, etc.) é xeralmente ambicionado por outros, e a historia demostra que o grupo que o ostenta ás veces se ve na obriga de recorrer a solucións drásticas para afianzalo ou mantelo. Trasladándonos ao ámbito político, ¿lembras algún caso no que o grupo dominante se impuxera pola forza sobre os outros? ¿Cres que hai algún camiño pacífico neste tipo de situacións? Debáteo cos compañeiros.

### **Un punto para a reflexión**

¿Lembras a película *O crisol*, que protagonizaron no 1996 Daniel Day-Lewis e Winona Ryder? Estaba baseada nuns feitos reais, os terribles acontecementos que fixeron conmocionar a todo un pobo, Salem, en Massachusetts, a finais do século XVII.

Verás, no verán de 1688, unha rapaciña de trece anos, Martha Goodwin, reprende a lavandeira que traballaba para os seus pais insinuándolle que lle roubara roupa; a nai da lavandeira rifou con Martha, quen sufriu un ataque parecido aos da epilepsia. A continuación os seus tres irmáns padeceron accesos parecidos. Goody Glover, a muller que lle chamara a atención á nena, foi xulgada por bruxería e condenada á forza. Coa morte da suposta bruxa non melloraron os nenos, máis ben ao contrario e, ademais, outras catorce rapazas de Salem entre os nove e os vinte anos, empezaron a sufrir os mesmos síntomas e a acusar a veciños de bruxería, apoiándose entre elas nestas delacións. A mecánica era moi sinxela: as mozas empezaban a facer movementos espasmódicos, a berrar dicindo que sentían como se alguén as mordese ou a repetir palabras sen sentido. Os adultos do pobo, incluídos o médico e mais o reverendo,

deduciron que estaban embruxadas e, cando as interrogaron, elas víronse obrigadas a identificar a alguén como responsable.

Acusaron a tres anciás, e o proceso debeulles parecer tan apaixonante que continuaron a cadea de delacións. O resultado, ata que no ano 1692 se lles deixou de prestar atención, foi de cento cincuenta detencións, das que trinta persoas foron condenadas a morte; ademais, unha muller morreu de angustia e dúas na cadea polos malos tratos.

O feito é que as rapazas simularon eses ataques para escapar das súas responsabilidades (sempre tiñan un no momento en que se lle mandaba calquera labor), para chamar a atención e, sobre todo, por celos e rancor cara a determinadas persoas do pobo.

No ano 1697 decretouse en Salem un día de xaxún público para manifestar arrepentimento por esas inxustizas; no 1711 o Tribunal Supremo aboliu os veredictos que quedaran pendentes e só unha das nenas, Ann Putnam, se arrepenhiu catorce anos despois facendo pública a súa confesión.

Esta historia, que ilustra a atmosfera *bruxeril* da composición afonsina, é un caso extremo, pero... ¿parácheche algunha vez a pensar na cantidade de veces que criticamos a outros ou facemos xuízos morais sobre os seus actos e nas consecuencias diso?



**18**  
(112)

**Esta é de como Santa María salvou unha nave  
que ía cargada de trigo para que non se afundise  
e deixouna a salvo no porto**

*Nas coitas débémolle chamar  
á Virxe, estrela do mar.*

Esta é Santa María  
que aos seus noite e día  
5 garda do mal, e os guía,  
pois se lle van encomendar.  
*Nas coitas débémolle chamar...*

159

Como fixo unha vez  
cunha nave cargada  
10 de trigo e de cebada  
de Colliure, que foi salvar  
*Nas coitas débémolle chamar...*

Porque estaría toda  
acabada e perdida  
15 se non fose pola súa axuda,  
que a quixo a salvo guiar.  
*Nas coitas débémolle chamar...*

Porque houbera tal tormenta  
que, en millas, setenta

20    correra, ou oitenta,  
          queréndose a nave afondar.  
          *Nas coitas debémoslle chamar...*

          Porque o mastro foi arrincado  
          e o temón despezado,  
25    e os da nave, de mal grado  
          saíron de alí para escapar  
          *Nas coitas debémoslle chamar...*

          Nun barquiño con gran mágoa,  
          porque viron a nave chea  
30    de auga, envorcada na area,  
          e aquel pan todo a remollar.  
          *Nas coitas debémoslle chamar...*

160

          Isto foi cousa moi certa,  
          que a nave quedara aberta;  
35    e por iso grande oferta  
          prometeron entón dar  
          *Nas coitas debémoslle chamar...*

          Á Virxe, que rogase  
          ao seu Fillo para que lles gardase  
40    o seu pan, e que os deixase  
          a salvo, sen perda sufrir.  
          *Nas coitas debémoslle chamar...*

          Entón moi axiña remaron  
          e da nave se afastaron  
45    e ao porto chegaron  
          onde a viron sa estar.  
          *Nas coitas debémoslle chamar...*



E viron o seu pan enxoito,  
polo que xa fixeran loito;  
50 e por iso á Virxe moito  
comezaron axiña a loar.  
*Nas coitas debémoslle chamar...*

#### NOTAS

**V. 2, *estrela do mar*:** Esta metáfora é unha das máis correntes para invocar a Virxe. O sentido da petición é o de que María ilumine o pecador para que encontre o camiño que o leve á salvación.

**V. 11, *Collioure*:** Cidade francesa que está nos Pirineos orientais, ao sur entón, moi preto da fronteira con España.

**Vv. 19-20:** Refírese á forza do vento, que empuxa violentamente a nave.

**V. 25, *de mal grado*:** De mala gana, contra a súa vontade.

**V. 30, *envorcada*:** *Envorcar* é 'volver unha cousa boca abaixo', 'caer para un lado'.

**V. 35:** Neste caso, o termo **oferta** ten o sentido de 'ofrenda, voto'.

**V. 48, *enxoito*:** 'Enxugado, seco, sen humidade'.

## Comprensión do texto

Parece ser que a orixe deste relato é oral. A Virxe salva a un barco cargado de cereais de naufragar por causa dunha tormenta. Os mariñeiros abandonan a nave para salvar as vidas e rogan á Virxe que a carga non se perda. Ela cúmprelles o desexo e a nave aparece no peirao co pan intacto.

### DEBES SABER QUE...

- ❖ Fai unha relectura da **cantiga 7** e dos materiais de traballo correspondentes.
- ❖ Podes ver que nesta composición se di que á Virxe se lle debe chamar "**estrela do mar**". A xéne-se desta advocación é moi curiosa, xa que naceu dun erro na transcripción latina; verás: San Xerome traduciu ao latín, a finais do século IV, un tratado grego de Oríxenes que versaba sobre interpretacións de nomes hebreos, e nunha das numerosas denominacións que acompañan a María, copiou *stellam maris* ('estrela do mar') no canto de *stillam maris* ('pinga do mar'). O caso é que este erro, tan afortunado, tivo moitísimo éxito, e esta denominación inspirou incluso un himno, o *Ave, Maris Stella*, moi recitado dende entón.
- ❖ O **comercio marítimo** co Mediterráneo nos séculos XIII e XIV foi moi próspero, particularmente os portos de Valencia e Barcelona mantiñan unha actividade moi frecuente (co negocio do arroz, viño, aceite, dátiles, azucre, seda, améndoas, mel, azafrán e armas), a pesar dos perigos que comportaba a piratería berberisca. Colliure está a 26 km. da costa española e podemos supoñer que o barco da composición ía cargado co cereal de Aragón cara a alá, xa que a comarca aragonesa (aínda que tamén a castelá), era grande exportadora de trigo, sobre todo a zona do Ebro, dende onde se enviaba cara ao sur de Francia polo porto de Barcelona.
- ❖ O **trigo**, ao que por metonimia se chama tamén pan, é o gran de cuxa moenda se extrae a fariña coa que se fará o pan, que é un produto básico da dieta de todas as épocas e civilizacións. Para elaborar o pan sempre se utilizaron grans de distintas gramíneas, aínda que dende tempos moi antigos se preferiu o trigo. Durante a Idade Media fabricouse tamén pan de centeo, sobre todo en épocas de fame, por ser moi nutritivo e, ademais, porque se pode cultivar en terras pobres.  
Non obstante, o feito de que o pan fose o alimento básico facía depender a agricultura do monocultivo de cereal. Isto tiña as súas vantaxes e os seus inconvenientes; as vantaxes eran que daba pouco traballo e requiría man de obra escasa e o inconveniente era que no momento en que faltase o pan, xeralmente polas malas condicións meteorolóxicas, producíanse grandes fames e con elas epidemias, enfermidades, etc.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Na cantiga dise cal é a medida da velocidade dun barco, pero... ¿sabes cal é a unidade de medida da forza do vento?
2. O temón é a peza que serve para gobernar unha nave. ¿Para que serve o mastro?

## Contido

3. ¿Cal é o motivo ao que Afonso atribúe nesta composición a protección mariana?
4. Fíxate que, no momento de escapar, o sentimento que se lles atribúe aos mariñeiros non é o medo senón a mala gana de abandonar o barco. ¿Por que?
5. Di Afonso que os mariñeiros puxéronse a salvo nun barquiño. ¿Sabes a que se refire? ¿De onde puideron sacar ese *barquiño*?

## Recursos expresivos

6. ¿Encontras no texto algún encabalgamento? ¿De que tipo? (se o precisas, podes refrescar a descrición desta figura retórica que che facilitamos a propósito da cantiga 2).
7. Agrupa todos os termos sinonímicos desta composición.

163

## Un asunto para investigar

¿Lembras o afundimento do *Prestige*? Reflotar un barco afundido é moi custoso, tanto economicamente como no que atinxe ao esforzo humano, por iso moitas veces se opta por deixalo á súa sorte. No caso do *Prestige*, o fuel que aínda permanecía no barco era unha ameaza para o ecosistema e había que tentar extraelo por todos os medios.

Por grupos, acudide á hemeroteca ou a Internet e elaborade un informe co proceso de extracción do fuel: recursos, medios técnicos e humanos, presuposto, temporización, etc.

### **Un asunto para debater**

Volvendo ao *Prestige*, ¿lembras a cantidade de voluntarios que acudiron ás costas galegas dende todos os puntos de España e dende moitos lugares do estranxeiro? É moi reconfortante pensar que cando se necesita aos demais están aí para apoiarte, pero... ¿parácheste algunha vez a pensar que, de non ter acudido os voluntarios, neste como noutros casos, os gobernos asumirían as súas responsabilidades máis prontamente? E, sobre todo, ¿o goberno obrigaría ás multinacionais que sucun os mares con substancias perigosas a extremar as precaucións ou a asumir os custos das desfeitas provocadas por eles? Por outra banda, é certo que en moitas ocasións os voluntarios ocúpanse de tarefas valiosísimas que os gobernos non asumen (por exemplo, a formación de xente sen recursos, visitas a anciáns e enfermos, etc.). É esta unha cuestión controvertida que pode suscitar debate, poñédevos á tarefa.

164

### **Unha actividade de creación**

¿Lembras a película *Master and Comander* que protagonizou Russell Crowe no 2002? As vicisitudes dos mariñeiros en perigo de naufragar aparecen moi ben reflectidas, e quizais, refrescar as imaxes desa ou doutra película sobre o tema che axude, para recrear “a túa propia experiencia”... como grumete dun barco en perigo de naufragar. Elabora unha redacción na que contes os pormenores de tan arriscada peripecia.

**19**  
**(126)**

**Esta é de como Santa María salvou un home,  
en Elxe, dunha seta que lle entrara polos ósos  
da súa cara**

*De toda chaga ben pode sandar,  
e de dor, a Virxe sen faltar.*

Como sandou en Elxe unha vez  
Santa María, a Señora de prez,  
5 un home dunha chaga que lle fixo  
unha seta, pola que pensou morrer.  
*De toda chaga ben pode sandar...*

Porque a seta lle entrara así  
polos ósos da cara, como eu oín,  
10 que non lla podían quitar de alí  
¡nin con mestría se puido conseguir!  
*De toda chaga ben pode sandar...*

E con tenaces íanlla quitar  
pero de ningunha maneira lla podían arrincar,  
15 nin cunha bésta que ían armar,  
porque Deus non lle quería consentir  
*De toda chaga ben pode sandar...*

Que se salvase, se non fose pola Señora  
nosa, a súa Nai. Por iso sufridor

20    foi aquel home de gran dor,  
do que vos garde Deus, se ben o facedes.  
*De toda chaga ben pode sandar...*

En canto viu aquel home que nada valer  
lle podía nin sabía qué podía facer,  
25    ante o seu altar, o de Santa María,  
se fixo levar e se arrepentir  
*De toda chaga ben pode sandar...*

Dos seus pecados foi; e chorou  
moito, e moi ben se comportou,  
30    e a Santa María moito invocou  
que axiña o ferro lle fixo saír,  
*De toda chaga ben pode sandar...*

Sen dor, dos ósos da cara.  
E isto viron bastantes homes,  
35    e loárona, porque nela xacen  
máis bens dos que poidamos imaxinar.  
*De toda chaga ben pode sandar...*

166

#### NOTAS

**V. 4, prez:** Honra, gloria.

**V. 11, mestría:** Coñecemento, ciencia, habilidade.

**V. 15, bésta:** Arma que consta dun arco suxeito a un mango, e serve para lanzar frechas ou pedras.

## Comprensión do texto

Este milagre, que Afonso presenta como recibido pola tradición, trata dun home que foi ferido por unha seta que lle atravesou a cara e o deixou en perigo de morte. Ninguén lle podía quitar a frecha, polo que o home decide achegarse á igrexa e, diante do altar, arrepeníuse dos seus pecados e rogou á Virxe que o salvara. Inmediatamente, Ela fixo que a seta lle saíse da cara.

### DEBES SABER QUE...

- **Elxe** é unha cidade **alacantina** (¿sabes, por certo, cal é o xentilicio de Elxe?), e unha das poucas cidades do mundo que conta con dous elementos Patrimonio da Humanidade: o Palmeiral (con dúascentas mil palmeiras integradas na paisaxe urbana) e o Misterio. Por outra banda, é tamén famosa por terse atopado alí un dos exemplos paradigmáticos da arte ibérica, a Dama que leva o nome da cidade.

Pero ocupémonos máis polo miúdo do Misterio: trátase dun drama cantado que data de época medieval e se ocupa da Durmición, Asunción aos Ceos e Coroación da Virxe. O texto consta de douscentos cincuenta e nove versos en valenciano e mais un salmo en latín; a música abarca dende a monodía medieval á polifonía renacentista e barroca, pero o máis salientable do Misterio de Elxe é a posta en escena. A escenografía é dunha gran complexidade, dada a súa división do espazo en terrestre (horizontal) e celeste (vertical), co que se fai necesaria a utilización de mecanismos que lle dan á representación unha gran espectacularidade.

O Misterio represéntase os días catorce (a Durmición de María) e quince (a Asunción e Coroación) de agosto na Basílica de Santa María.

- Dísenos na cantiga que nin “con maestría” poden solucionar o problema da seta cravada na cara do noso personaxe, e estase aludindo ao saber médico. Na época medieval, a medicina baseábase nos coñecementos herdados da obra de Galeno (s. II) e, a partir do século XI en que se traduciron os tratados árabes ao latín, tamén se incorporou o saber islámico. Os monxes foron quen conservaron os coñecementos clásicos durante a época altomedieval, e ata finais do século XV os tratamentos seguíanse segundo catro medidas xerais que se debían a Galeno:

- ☞ **Sangrías**, ben mediante pequenas incisións cutáneas nas que se introducían corpos estraños, por exemplo un fío, para evitar que cicatrizaran ou ben coa aplicación de samesugas.
- ☞ **Dietas** baseadas nas restricións alimentarias e na dirección precisa das inxestas: explicitábase que comer e beber, tamén a cantidade, a preparación, etc.
- ☞ **Purgas**, para lograr eliminar toxinas do intestino.

👁️ **Drogas** de moi distintos tipos, obtidas a maior parte delas de plantas ás que se atribuían propiedades laxantes, diuréticas, analxésicas, etc.

No caso do noso protagonista, é obvio que ningún destes remedios podería funcionar xa que se trata dun problema cirúrxico. Fíxate, como dato curioso, en que na época medieval os médicos non practicaban a cirurxía, senón que o facían os cirurxiáns (que non estudaban e eran considerados xente de clase inferior) e os barbeiros, que aprendían nos mosteiros cando ían facer a tonsura aos monxes.

Atendendo a isto contesta:

1. Hoxe en día séguese recomendando, en función da enfermidade do paciente, medicamentos específicos, dietas e purgas pero... ¿ocórreseche para que podería servir facer sangrías?
2. Vimos de dicirche que os barbeiros aprendían a facer incisións, sacar dentes, aplicar unguentos, etc. nos mosteiros, cando facían a tonsura aos frades. ¿Sabes que quere dicir *tonsura*?

O caso é que non debeu o cativo do home encontrar ningún cirurxián nin ningún barbeiro hábil... ¡e tivo que recorrer á Virxe!

## Actividades


### Arredor do texto

1. Fíxate que nos *westerns* tamén aparece frecuentemente o recurso de crear tensión argumental coa extracción dunha bala a un ferido. Afonso dínos que o noso protagonista está en perigo de morte de non poder quitarlle a seta; ¡por que? ¿Lembras como é o proceso nas películas?

### Contido

2. ¿A que motivo atribúe Afonso a imposibilidade de arrincarlle a seta ao protagonista por medios humanos? ¿Por que cres que o fai?
3. ¿Fixácheste que xeralmente, como nesta composición, os milagres se





obran en presenza de xente aparte do propio interesado? ¿Por que cres que Afonso insiste nisto?

### Recursos expresivos

4. Dicimos que Afonso presenta este milagre como recibido pola tradición, ¿que palabras do texto nolo permiten supoñer?
5. Afonso logra crear tensión argumental na descrición dos sucesivos intentos por librar o home da seta que ten cravada na cara, ¿como o fai?
6. ¿Encontras algún caso de encabalgamento nesta cantiga? ¿De que tipo? (lembra, se o precisas, a descrición de encabalgamento da cantiga 2).

7. É a mecánica usual deste cancionero a de que a Virxe favoreza a quen é devoto dela e está libre de pecado, ¿como se expresan estas características na composición?

### **Unha actividade para a reflexión**

¿Oíches algunha vez iso de que “a fe move montañas”? ¿Que cres que quere dicir? Aplicado a un caso de enfermidade, ¿terá algo que ver cos milagres que ocorren en Lourdes, por exemplo? Debate cos teus compañeiros.

**20**  
(134)

**Esta é de como Santa María salvou na súa igrexa  
en París a un home que cortara unha perna  
da gran dor que tiña polo lume de san Marcial,  
e, outros moitos que estaban con el**

*A Virxe, en quen está toda santidade,  
ten poder para librar de toda enfermidade.*

E sobre isto, en París,  
a Virxe María  
5 facer un milagre quixo  
e fixoo, porque había  
moita xente reunida que saúde  
viñera demandar da súa piedade.  
*A Virxe, en quen está toda santidade...*

10 E polo lume deste,  
de San Marcial,  
eran tan atormentados  
e tan queimados  
que os membros todos por tal desgraza  
15 houberon perder, isto foi verdade.  
*A Virxe, en quen está toda santidade...*

Facíanse levar  
por iso axiña  
ante o altar  
20 da Santa Raiña,

dicindo: “Nai de Deus, en nós reparaide,  
e non miredes a nosa maldade”.

*A Virxe, en quen está toda santidadade...*

Eles invocaban así

25 Virxe cumprida,  
e foilles, segundo eu oín,  
a súa petición atendida;  
e por unha vidreira, coa claridade,  
entrou na igrexa a de gran bondade.

30 *A Virxe, en quen está toda santidadade...*

E foise achegar

perante os doentes

e os persignou,

pois os tivo presentes,

35 e díxolles así: “Moi axiña sandade,  
porque o meu Fillo o quere, o Rei da Maxestade”.

*A Virxe, en quen está toda santidadade...*

Despois quedaron tan ben

sandados daquel fogo,

40 que non os danou nada  
nos pés nin nas mans;

e dicían así: “Varóns, marchade,

e loores a Santa María dade”.

*A Virxe, en quen está toda santidadade...*

45 Cantos estaban entón

dentro, nesa hora

sans e sen lesións

quedaron; pero os de fóra  
da igrexa xacían coas súas miserias,  
50 porque non collían dentro nin a metade.  
*A Virxe, en quen está toda santidade...*

Entre eles, como teño  
en verdade sabido,  
xacía un, como escoitei,  
55 tan infectado  
que a súa perna cortou con crueldade  
e botouna ao río desa cidade.  
*A Virxe, en quen está toda santidade...*

O mal xa lle prendera  
60 na outra perna,  
tan forte que ardeu  
moito máis ca unha lanterna;  
pero a Nai de Deus díxolle: “Recuperádevos,  
que xa estades sans desta leprosidade”.  
65 *A Virxe, en quen está toda santidade...*

El respondeulle con dificultade:  
“Benaventurada,  
sabede que estoutra perna  
teño cortada;  
70 pero, pola vosa gran misericordia, mandade  
que sexa como era antes, e unídema”.  
*A Virxe, en quen está toda santidade...*

Entón o seu rogo oíu  
a moi piadosa,  
75 e el axiña a perna viu

sa e fermosa  
polo poder da Virxe, que pola súa humildade  
foi Nai do que é Deus na Trindade.  
*A Virxe, en quen está toda santidad...*

#### NOTAS

**Vv. 10-11:** O *lume de San Marcial* é unha maneira de referirse á lepra na Idade Media. No verso 64 vemos que a menciona explicitamente (no galego medieval dicíase “gafidade”). A alusión a San Marcial explícase porque este santo era considerado avogado de enfermidades, é dicir, os fieis pedíanlle expresamente para que os librase dalgún mal.

**V. 25, *cumprida*:** Exacta no cumprimento das súas obrigas; cortés, atenta.

**V. 29, *a de gran bondade*:** Epíteto co que se alude á Virxe.

**V. 46:** Nese momento, nesa ocasión.

**Vv. 61-62:** Trátase de enfermos de lepra. Debemos supoñer que a sensación física dun membro infectado sería a dun extraordinario escozor; semellante ao que producen as queimaduras.

**V. 74:** Refírese á Virxe.

**V. 77:** Considérase a *humildade* unha das características que decidiron a Deus a escoller a María para que xestase o seu fillo.

## Comprensión do texto

Esta composición, que trata dunha curación colectiva feita pola Virxe a unha serie de persoas afectadas polo “lume de San Marcial”, aparece tamén en coleccións moito máis antigas que esta do Rei Sabio.

En París no altar de Santa María xuntouse moita xente pedindo á Virxe que os curara da lepra. Un día, a súa petición foi atendida e a Virxe fíxose presente na igrexa onde a loaban, persignounos e, cunhas palabras, sandounos. Non obstante, os que estaban fóra da

igreja non se viron beneficiados desta curación, e un deles que tiña a perna infectada, cortouna e botouna ao río; a infección xa lle pasara á outra perna, e a Virxe curouno. O home pediulle recuperar a outra perna que el mesmo arrincara e Ela concedeuullo.

### DEBES SABER QUE...

- No título da cantiga dise que o que se vai narrar aconteceu “na súa igrexa (da Virxe) en París”; estase, pois, referindo Afonso á catedral de **Notre Dame**, que está, como o seu propio nome indica, consagrada á “Nosa Señora”.

A construción da catedral de Notre Dame foi proxectada polo bispo Maurice de Sully no 1161 e deuse por terminada no 1196, aínda que a fachada e mais as torres rematáronse no 1225 e as capelas, que non estaban incluídas no plano inicial, engadíronse entre o 1235 e o 1250.

Esta é unha das catedrais góticas máis famosas de Francia. Unha das características máis salientables deste edificio son as súas gárgolas.

*Gárgola* provén do latín, e significa ‘sumidoiro’; as gárgolas son sumidoiros de pedra con forma de monstro, metade home metade besta, que teñen unha canle que recolle a auga da chuvia do tellado e a fai saír pola boca da figura. Paga a pena que busques algunha fotografía porque son moi curiosas.

- As **curacións colectivas**, aínda que menos que as individuais, son relativamente frecuentes nos relatos neotestamentarios. Xesús tiña o poder de curar enfermidades orgánicas, e facíao xeralmente mediante unha simple palabra ou a imposición das súas mans, aínda que ten usado saliva soa ou mesturada con lama. Na nosa escolma, este é o único caso de curación colectiva obrado pola Virxe.
- A **lepra** é unha enfermidade infecciosa caracterizada por lesións cutáneas desfigurantes, entre outros síntomas menos visibles. Non se sabe con exactitude cando apareceu, aínda que hai casos comprobados en momias exipcias do século II a.C.

A vida dos leprosos na sociedade medieval era de moito sufrimento, non só polas características da propia enfermidade, senón pola exclusión social á que estaban condenados quen a padecían; cando a alguén se lle diagnosticaba a lepra, era afastado da comunidade; ademais, padecer esta enfermidade era causa de divorcio e de perda dos bens.

O proceso que se seguía tras o diagnóstico era o seguinte: o sacerdote ía á casa do enfermo e conducíao á igrexa, onde o confesaba por última vez e, recostado nunha saba de cor negra, oía a misa; ao acabar a homilía, na porta da igrexa, dicíasele que a súa vida acabara para o mundo e comezara para Deus. Finalmente, era conducido á entrada da cidade, onde se lle lembraba a prohibición de entrar a calquera sitio onde houbera xente ou lavarse ou lavar a roupa en río ningún, e a obriga de vestirse dun xeito particular reservado aos leprosos e tocar unha campaniña cando vise a alguén, entre outras moitísimas prescricións. Xa na propia época medieval creáronse as *leproserías*, que eran recintos destinados unicamente a persoas afectadas desta enfermidade, e onde vivían completamente illadas dos demais sentíndose como enterradas en vida.

Na actualidade, é aínda relativamente común nos países tropicais e subtropicais.

- ✎ Fíxate que nos vv. 28-29 se di que a Virxe entrou na igrexa “coa claridade”. A **luz** é, dende antigo, empregada en sentido figurado, símbolo da divindade, entre outras moitas significacións asociadas a realidades positivas (por exemplo a felicidade, a ciencia ou a vida).
- ✎ Nas cantigas que tes visto ata agora, as xentes piden á Virxe, lóana, falan con Ela de distintas maneiras pero nunca viramos como nesta que lle falen directamente, téndoa diante. Isto, que pode parecer chocante dende a nosa perspectiva velo reflectido nun relato destas características, é debido ao feito de que na Idade Media, a Virxe estaba contemplada dende unha óptica moito máis humana, máis familiar:

## Actividades

### Arredor do texto

1. Dicímosche en **Debes saber que...** que as leprosarías eran recintos destinados á permanencia neles dos leprosos, como indica o seu nome; has de saber que tamén se lles chamaba *lazaretos*, ¿ocórreresche por que? Busca información e razoa unha resposta.

### Contido

2. ¿Como entra a Virxe no templo?
3. O leproso que cortou a perna botouna “ao río desa cidade” (v. 57); ¿de que río se trata?
4. ¿Cal é o motivo que, segundo o trovador, orixinou a elección de María como Nai de Deus?

### Recursos expresivos

5. ¿Con que advocacións vén denominada a Virxe nesta composición?





6. ¿Como demostra o trobador que son certas as informacións contidas nesta cantiga?
7. ¿Encontras algún caso de estrutura comparativa? ¿De que tipo?

8. Deducimos a partir do texto que os síntomas da lepra serían, entre outros, fortes ardores; ¿que sinónimos emprega Afonso para reflectir esas sensacións físicas?
9. En **Debes saber que...** dáseche moi sumariamente unha explicación dos sentidos figurados da luz na antigüidade; ¿que expresións coñeces nas que se empregue ese recurso asociado a algunha desas significacións? ¿A que cres que é debido o éxito deste termo?

### Un punto para a reflexión

Na actualidade, a Organización Mundial da Saúde (OMS) estima que hai aproximadamente entre dez e doce millóns de enfermos de lepra, un 34% deles no continente africano, outro 62% en Asia, 3% en América e no resto do mundo o 1% restante. Parece que a solución para a curación destes enfermos pasa pola politerapia, un tratamento que combina tres fármacos; o que ocorre é que, como podes ver pola distribución da enfermidade no mundo, os afectados son precisamente quen menos poden acceder ao remedio pola súa situación económica.

Actualmente hai un debate aberto en torno á SIDA e os medicamentos xenéricos, que son, para entendérmonos, "copias" que se fabrican cun custo moito máis baixo que os que elaboran as multinacionais farmacéuticas. Verás: o asunto foi que trinta e nove multinacionais farmacéuticas presentaron unha querela ao goberno surafricano por pretender loitar contra a SIDA promovendo a fabricación de xenéricos; finalmente, retiraron a querela –aínda que as leis lles daban a razón– por presións das ONG's (entre elas Médicos sen Fronteiras ou Intermón-Oxfam) e da opinión pública.

Segundo Intermón, o ano que vén morrerán uns once millóns de persoas a causa de enfermidades infecciosas, como a lepra, ¡que se poden previr e tratar! Facede unha reflexión sobre a influencia das leis de mercado sobre asuntos tan fundamentais como a saúde e a vida de tanta xente.

**21**  
(147)

**Esta é de como unha muller pobre lle deu a súa ovella a gardar a un ovelleiro, e cando despois de tosquiar as ovellas foi a vella reclamar a súa, o ovelleiro díxolle que a comera o lobo; ela invocou a Santa María de Rocamadour, e a ovella berrou dende onde a tiña o ovelleiro escondida, e dixo: “estou aquí, estou aquí”.**

*A Nai do que á besta de Balaam fixo falar,  
fixo despois unha vez a unha ovella falar.*

Isto fixo Santa María  
por unha pobre muller  
5 que de boa gana a servía,  
como quen quere servir ben;  
e, por iso, Ela un día  
valeulle, cando lle foi mester,  
e mostrou alí un milagre, que non vos foi moi pequeno.  
10 *A Nai do que á besta de Balaam falar fixo...*

Esta muller coitada,  
en canto puido aforrar,  
comprou unha ovella  
e foilla deseguido levar  
15 a un pastor para gardar;  
e despois, de a tosquiar,  
foi alí pedir a la para vendela segundo o seu prezo.  
*A Nai do que á besta de Balaam falar fixo...*

20 Pero o pastor infame  
a ovella escondeu,  
e, sendo cobizoso,  
dixo: “O lobo a comeu”.  
A vella tívoo por mintiroso  
entón, e lle creceu  
25 tal mágoa pola súa ovella, que se puxo como a pez.  
*A Nai do que á besta de Balaam falar fixo...*

E dixo: “Ai, Gloriosa,  
dádeme a miña ovella,  
que ti es poderosa  
30 como para o poder facer”. E dende alí,  
dende onde estaba, a infeliz  
ovella dixo: “Estou aquí”.  
E así Santa María este engano desfixo.  
*A Nai do que á besta de Balaam falar fixo...*

35 Entón a vella moi axiña  
a súa ovella tosquiou,  
e púxose de camiño  
e, todo o que puido, andou  
a costas co seu vélaro  
40 e a Rocamadour chegou,  
dicindo: “Isto fixo a Virxe que sempre me amparou”.  
*A Nai do que á besta de Balaam falar fixo...*

## NOTAS

**Título, *tosquiar*:** Rapar o pelo ou a la a un animal.

**Título, *Rocamadour*:** Cidade francesa que se atopa na rexión de Midi-Pyrénées, no departamento de Lot, cara ao sur do país.

**V. 17:** Refírese á Virxe, que é a nai do que fixo falar á besta de Balaam. Balaam era un adiviño xudeu ao que o rei de Moab, Balac, chamou ás súas terras para que maldicise o pobo hebreo; el consultou co Señor, quen lle prohibiu facelo. Balac repetiu a súa petición, desá vez ofrecéndolle agasallos, co que Balaam aceptou e partiu para Moab montado na súa burra. Deus provocou repetidas veces que a besta alterase o rumbo e, como Balaam batía nel, o animal soltouse a falar, e recriminoulle que non se decatara de que os obstáculos que lle facían cambiar a ruta, eran uns anxos que mandaba Deus como aviso para que o adiviño desistise de traizoar o seu pobo. Despois, o anxo ordenoulle a Balaam que en Moab só dixese o que Deus lle mandara; Balaam así o fixo, proferindo distintas bendicións para Israel.

**V. 8, *cando lle foi mester*:** Cando lle fixo falta, cando tivo necesidade.

**V. 25, *se puxo como a pez*:** Metáfora que esconde a imaxe, tamén simbólica, de pórse negro, é dicir, angustiarse, ter unha forte inquietude.

**V. 39, *vélaro*:** A la dunha ovella ou dun carneiro que sae toda xunta ao rapar o animal.

**V. 41:** O texto orixinal di “que sempre teve belmez”. O *belmez* era un tipo de vestidura que, colocada debaixo da armadura, protexía o corpo; así por extensión, débese entender como ‘amparo, protección’.

## Comprensión do texto

Esta cantiga, que procede do libro que recolle os milagres de Rocamadour, trata do desmascaramento dun ladrón e a recuperación do roubado. Unha muller, que despois de aforrar consegue comprar unha ovella, lévalla a un pastor para que lla garde. Cando chega o momento de tosquiála, a muller vai onda o pastor pedirlle a la para poder vendela e el dille que o lobo comera a ovella. Ela échese de mágoa pola perda e pídelle á Virxe poder recuperala; de súpeto, oe berrar a ovella que di “¡estou aquí!”; entón a muller conseguiu recuperar o animal e tosquiouno e levou o vélaro. Chegou finalmente a Rocamadour, onde contou que o acontecido fora obra da Virxe.

### DEBES SABER QUE...

- ✦ Aínda que no ton esta unha cantiga é un tanto inxenua, o que se pode percibir tamén pola súa sinxeleza ao narrar; non debes pensar que o asunto é unha minucia: adquirir unha cabeza de gando, na Idade Media, era moi custoso, co que perder o animal, que o roubaran, que o comera o lobo ou que enfermara era unha traxedia para moitos fogares.

A nosa protagonista facilmente podía ser castelá, xa que na Península Ibérica a gandería ovina estendeuse moitísimo por todo o territorio de xeito que, a partir do século XIII, a la de Castela inundou o mercado europeo (ata entón era o xénero inglés quen o copaba, pero a guerra dos cen anos afectou grandemente á súa produtividade). Case todos os rabaños que había na Península eran propiedade dos mosteiros ou dos nobres, que se verán favorecidos pola creación do "Honrado Concejo de La Mesta", que lles recoñece aos grandes propietarios de gando unha serie de privilexios (usar Cañadas Reais, por exemplo, para levar os rabaños no verán ao norte e no inverno ao sur) a cambio de pagar un imposto sobre a la.

- ✦ Nesta cantiga é a propia ovella quen avisa á muller do engano do que está a ser vítima. Os animais, aos que se dota de comportamentos humanos, adoitan ser protagonistas do xénero fabulístico.

A **fábula** é un xénero narrativo-didáctico breve con fins exemplarizadores; pode estar escrita en verso ou en prosa e debe ser de fácil comprensión, polo que adoita ter unha disposición e unha redacción sinxelas. Xeralmente interveñen dous tipos de personaxes: humanos por unha banda e animais ou plantas pola outra. Os animais, que aparecen máis frecuentemente que os vexetais, adoitan representar un tipo psicolóxico concreto, é dicir, levan apareladas unha serie de características fixadas tradicionalmente como a crueldade, a astucia, a laboriosidade, etc. e, polo tanto, reproducen os defectos e as virtudes que son propios do ser humano, polo que o lector se ve reflectido e pode así quitar un mellor aproveitamento do relato.

- ✦ O **santuario de Rocamadour** é un dos lugares de peregrinación máis antigos da cristiandade. Xorde este centro de devoción porque un santo enigmático, san Amadour, escolleu ese lugar remoto para retirarse do mundo, a súa piedade acadou a sona necesaria para empezar a atraer xente ata converter Rocamadour no importante centro de peregrinación que foi durante toda a Idade Media.

Para acceder ao lugar hai que subir unha famosa escaleira de 233 banzos (que moitos fieis ascenden de xeonllos) ata chegar á praza de Saint-Amadour. Esta praza dá acceso a sete templos, entre os que está a Chapelle de Notre-Dame, onde se venera á milagrosa Virxe Negra. A Virxe Negra é unha talla de madeira do século XII, que representa á Nai co fillo no colo.

Por certo que á saída da capela hai unha espada cravada nunha pedra, e a tradición di que é Durandarte, a famosa espada de Roldán.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Dícímosche en **Debes saber que...** que o “Honrado Concejo de la Mesta” podía cruzar cos seus rabaños de norte a sur da Península usando as Cañadas Reais, ¿sabes que nome recibe a acción de atravesar dese xeito a Península?
2. En **Debes saber que...** ofrecémosche unha sucinta descrición do xénero fabulístico; amplía eses datos con nomes de autores de fábulas e mais con algunha das súas obras.
3. Durandarte, ou Durandal, era a espada de Roldán pero... ¿sabes quen era Roldán?



### Contido

4. Vimos de dicirche que nas fábulas se dota aos animais de determinadas características psicolóxicas acorde moitas veces coa súa natureza; ¿cales dirías que son os trazos que definen unha ovella? ¿O seu comportamento nesta cantiga correspóndese coa imaxe que tradicionalmente se ten dos ovinos?
5. No refrán da cantiga alúdese á “besta de Balaam”; ¿cres que esa referencia literaria é adecuada? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

6. ¿Con que cualificativos se define o pastor? ¿Como se reflicte a psicoloxía da personaxe que se desprende deles?
7. Hai certa abundancia de adxectivos no texto; fai unha busca e clasi-fícaos.
8. Unha das características do xénero fabulístico é que, polo xeral, conclúe cunha sentencia didáctico-moral a modo de resumo; ¿axús-tase a nosa cantiga a esa estrutura? Xustifica a túa resposta.
9. Unha *apóstrofe* é unha figura retórica na que o falante se dirixe ao interlocutor (que pode estar ausente e mesmo ser inanimado) por medio dunha invocación, exclamación ou pregunta e, xeralmente, dun xeito vehemente; ¿encontras no texto algún exemplo de após-trofe? ¿Onde?

184

### Por grupos...

... facede un listado de animais que adoiten aparecer en fábulas, relatos ou mesmo en expresións populares nas que se lles atribúa algunha cali-dade (por exemplo, “é traballadora coma unha formiguiña”; “é mala como unha víbora”; “é leal como un can”); a continuación, dispoñédeos nunha columna e, enfronte, facede outra columna coas características que lles son propias. Finalmente, repartídelas aos outros grupos para que unan con frechas o animal coa súa calidade.



**22**  
(148)

**Esta é de como un cabaleiro se salvou das mans  
dos seus inimigos por unha camisa que traía vestida,  
que din de Santa María**

*De moi grandes perigos e de moi grandes males  
garda Santa María os que lle son leais.*

E sobre isto un milagre contarei, de tal xeito  
que dos outros da Virxe será moi gran proba,  
5 que fai moitos en Chartres por medio dunha súa camisa;  
xa vos teño contado outros, ben oístes cáles.

*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

185

En Chartres hai unha arca –van moitos vela–,  
onde hai unha camisa de liño que foi dela,  
10 e cada un a súa tea leva, e vai poñela  
sobre aquela camisa que está envolta en cendais.

*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

E despois fan camisas, cada unha de seu pano,  
que nas batallas levan para que Deus de todo dano  
15 dos inimigos os garde; pero isto que sen engano  
fagan, se non, El xa non os axudará máis.

*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

E ocorreu que un cabaleiro unha destas traía  
vestida porque tiña moitos inimigos;

20 e el na Virxe Santa confiaba e cría,  
e non facía feitos malos nin desiguais.  
*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

Un día cabalgaba preto dunha fraga,  
coa súa camisa vestida, que a armarse non chegara;  
25 entón os seus inimigos saíronlle pola fronte  
e déronlle moi grandes golpes, e moi mortais.  
*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

E cada un deles lle atravesaba  
o corpo coa lanza, de tal ferida que lle daba;  
30 pero salvouno a Virxe para que non lle chegara  
ningún golpe ao corpo, nin para facerlle sinais.  
*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

186

E os seus escudeiros foron chorando  
cara ás súas aldeas e o nome dando.  
35 Entón moita xente se foi alí achegando  
e achárono vivo cerca duns amorodos.  
*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

E el contoulles o caso todo, de qué maneira  
o gardara da morte a Señora verdadeira;  
40 e ademais, viron a camisa toda enteira  
e loaron a Virxe que fai milagres tales.  
*De moi grandes perigos e de moi grandes males...*

**NOTAS**

**V. 5, Chartres:** Cidade localizada no centro de Francia, e famosa por un importante santuario no que se custodia unha camisa da Virxe, ofrecida polo rei Carlos o Calvo no 876.

**V. 11, cendal:** Tea moi fina, de seda ou liño.

**Vv. 15-16:** Con fe, sen dubidar de que sexa milagroso.

**V. 21, desiguais (feitos):** Desequilibrados, irregulares.

**V. 31, sinais:** Marcas, cicatrices.

**V. 34, e o nome dando:** Repetindo o seu nome como sinal de dó.

## Comprensión do texto

Este asunto, de precedentes xermánicos, aparece en numerosísimas versións con algunha variante, xeralmente en canto á identidade do cabaleiro que protexe a Virxe. O tema é o do poder de protección atribuído ás reliquias, por teren estado en contacto co corpo de Cristo, dalgún santo ou, como neste caso, da Virxe.

A catedral de Chartres custodia unha camisa que, segundo a tradición, pertenceu á Virxe, polo que se lle atribúen propiedades milagrosas. As xentes, especialmente os cabaleiros que van ir á guerra, van alí coas teas coas que confeccionarán as súas roupas e, con elas, rozan a camisa para que os protexa na batalla. Así o fixo tamén o cabaleiro protagonista da nosa cantiga, que malia as súas virtudes tiña moitos inimigos.

Un día que ía desarmado co seu cabalo, saíronlle ao encontro os seus inimigos e atacárono duramente, cravándolle as lanzas e batendo nel golpes mortais. Os escudeiros do noso cabaleiro foron á aldea lamentándose pola perda do seu señor, así que a xente encamiñouse ao lugar dos feitos para ver que pasara. Unha vez na fraga

onde acontecera todo, puideron ver o cabaleiro moi tranquilo e perfectamente san, quen lles contou como a Virxe obrara o milagre de protexelo por ter levado posta a camisa confeccionada cunha tea que estivo en contacto co vestido custodiado en Chartres; a xente corroborou que se obrara un milagre ao comprobar que a camisa estaba intacta.

Finalmente, todos loaron a Virxe milagrosa.

### DEBES SABER QUE...

- A **catedral de Chartres** segue a ser hoxe en día centro de peregrinacións. Como che dixemos máis arriba, dende o ano 876 a catedral custodia un vestido da Virxe, que foi un agasallo ofrecido ao templo polo rei Carlos o Calvo e, segundo di a lenda, conseguírao Carlomagno arrebatándollo ao rei de Bizancio. No ano 1193 o edificio sufriu un terrible incendio, pero a tea quedou intacta, o que contribuíu a incrementar a crenza de que se trataba dun obxecto milagroso.

O templo é unha xoia da **arte gótica**. A arte gótica desenvolveuse en Europa no último período da Idade Media, entre os séculos XII e XV, tendo a súa época de máximo esplendor no XIII. O edificio máis emblemático desta arte é a *catedral*, cuxa proliferación coincide co incremento da fe cristiá na época medieval. Isto vese reflectido na altura que se dá ás catedrais, que adoitan ser moi altas nun inxenuo desexo de achegarse dese xeito a Deus; mesmo había unha especie de competición entre cidades para ver cal era a que construía o templo máis alto. Busca a foto dunha catedral gótica, preferentemente esta da que fala Afonso, que por certo é belísima, e observa a sensación de verticalidade que transmite. Esta impresión vén reforzada, ademais, porque no exterior empregábanse torres, frechas, pináculos, etc. que lles conferían unha impresión de ingravidez, gardando unha perfecta harmonía coa fonda espiritualidade da época.

A catedral de Chartres é unha das primeiras que se construíron en Francia, e foi erixida por riba da vella catedral románica que se incendiou, como che dixemos, no 1193. En 1194 comezouse a súa construción, que se remataría no 1290.

Un dato curioso é que o propio rei San Luis peregrinou a Chartres e, como é tradición, as últimas cinco leguas de camiño fíxoas descalzo.

- As **reliquias** son aquilo que queda do corpo dun santo xa morto, das súas vestiduras ou dos instrumentos cos que foi martirizado.

O culto ás reliquias, que aínda hoxe pervive (pensa en calquera das moitísimas romarías galegas) débese a que a devoción popular precisa dun apoio sensible. O acceso aos escritos relixiosos non era posible para a inmensa maioría da xente (para internarse na Biblia, e noutros escritos teolóxicos, non só facía falta saber ler –e o 90% da poboación contemporánea de Afonso era analfabeta–, senón saber linguas clásicas, xa que a Biblia non se traduciu ás linguas vernáculas ata o século XVI). Así as cousas, a xente necesitaba sustentar a súa fe en algo concreto, e deste xeito xurdiron as reliquias e, con elas, as peregrinacións aos lugares que as custodian.

O fenómeno das reliquias, cuxo número se incrementou sensiblemente no tempo das cruzadas, deu lugar a un inmenso movemento de fieis e a unha extraordinaria proliferación de santuarios, asociados ás reliquias pero tamén a milagres, aparicións marianas, etc. Dise que o cofre que se conserva no santuario de Chartres contiña o vestido (de seda crúa e non de liño, como di Afonso), que levaba posto María no momento en que o anxo lle anunciou que fora a escollida por Deus para xestar o seu Fillo. A caixa foi destruída no 1789 e só se puideron recuperar uns cachos dese vestido. Non se sabe exactamente se a reliquia é a que deu sona ao santuario ou este xa a tiña e por iso se trasladou alí a reliquia, porque o certo é que as primeiras informacións sobre a presenza do vestido en Chartres son bastante posteriores ao século X, que é cando comezan as peregrinacións ao templo. Sexa como sexa, o que nos interesa é que o Rei Sabio coñecía a existencia e veneración desta reliquia e decidiu contar cómo lle salvou a vida ao cabaleiro dun dos seus milagres.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Dícímosche en **Debes saber que...** que o motivo de que as catedrais se construíran tan altas, no período que corresponde ao estilo arquitectónico gótico, se debía ao desexo que tiñan os homes medievais de achegárense a Deus o máis posible, tamén fisicamente; isto era debido á fonda espiritualidade que caracterizou esta época pero... ¿lembras a historia de Ícaro? Busca un libro de mitoloxía, recupéraa e compara os motivos que levaban a ese personaxe a achegarse a Deus e comenta a xustificación dese desenlace.
2. O número de reliquias que chegan a occidente para ser veneradas nos santuarios multiplícase na época das cruzadas... ¿por que?
3. O cofre co vestido de María, que se custodiaba no santuario de Chartres, deteriorouse por mor duns sucesos acaecidos no ano 1789; ¿sabes que acontecemento sacudiu Francia, e mesmo Europa, nese ano?
4. Non se nos di na cantiga se o cabaleiro levaba a súa armadura posta cando foi atacado polos seus inimigos, sabemos que non ía armado así que quizais poidamos deducir que non a levaba. Se pensas en

calquera película de cabaleiros medievais terás unha imaxe moi aproximada de como eran as armaduras coas que os cabaleiros se protexían cando ían á batalla, pero debes saber que todos os elementos dos que consta a armadura teñen un nome e unha finalidade distinta. Busca a información e elabora unha lista coas partes dunha armadura e a súa función.

5. Por certo... ao noso cabaleiro protexeuno a camisa pero, se levase armadura ¿levaría a camisa debaixo?

### Contido

6. ¿De que maneira relaciona Afonso este milagre con outros que teña obrado a Virxe? ¿Por que cres que o fai?
7. ¿A que cres que se refire o trobador ao pedir aos cabaleiros que van a Chartres que “isto, que sen engano fagan” (vv. 15-16)?
8. Sabemos que Chartres é un centro de peregrinación xa en tempos de Afonso X; ¿de que palabras do texto se pode deducir?


190

### Recursos expresivos

9. As *Cantigas de Santa María* foron escritas para seren cantadas (non esquezas que o texto ía acompañado da notación musical) perante un auditorio. É característica da literatura oral a inclusión de fórmulas nas que se invoca ou interpela ao auditorio; ¿hai no texto algún exemplo?
10. Tenta establecer a estrutura da cantiga xustificando a túa división.

### Unha actividade de investigación

Os vitrais son anacos de vidro montados nunha armazón de chumbo que se dispoñen formando un debuxo; cada escena na que se divide



a composición aparece enmarcada, contendo cada recadro, xeralmente, un episodio bíblico. A catedral de Chartres posúe cento setenta e cinco vitrais (contando os tres rosetóns) e divídense tematicamente en tres

categorías: as ventás baixas contan historias da Biblia, as altas representan figuras de santos e, finalmente, os tres rosetóns reflicten a gloria de Cristo e mais da Virxe.

O gótico non é o estilo arquitectónico máis representativo da arte galega pero, aínda que máis modestas, seguro que na túa vila ou cidade tamén haberá vidreiras nalgunha igrexa. Formade grupos e facede un percorrido seleccionando unha igrexa, documentádevos (podedes consultar algún libro ou mesmo falar co párroco) e elaborade un informe no que deades conta detallada das características das vidreiras: data e pormenores da elaboración, vicisitudes asociadas á historia do templo (por exemplo, posibles incendios ou deterioros provocados por guerras), posibles restauracións das que fora obxecto e, finalmente, escenas que representan, contextualizadas no episodio bíblico correspondente se fose posible.

### **Unha actividade de creación e... ¿lucrativa?**

192

Popularmente dise en moitas ocasións que “non inventamos nada” cando atopamos un precedente a algo que nun principio nos pode parecer moi novidoso. Neste caso, despois de ler a cantiga, quizais che viñeran á cabeza as historias de superheróis que inzan cómics e debuxos animados e nas que personaxes que inicialmente son persoas normais, topan con obxectos ou substancias que os dotan de *superpoderes* que os fan invulnerables; tal é o caso de Obelix coa poción secreta que prepara Panoramix, Hulk despois de caer nun charco radioactivo, Spiderman co veneno da araña que o morde ou... o noso cabaleiro coa súa camisa milagrosa.

Entre todos poñede un nome ao cabaleiro da cantiga (tentade que sexa acorde coa época histórica... ¿Rodrigo? ¿Fernán? ¿García?...), despois elaborade por grupos unha historia de peripecias *vividas* por el, redactando cada grupo un capítulo; a continuación unide os episodios, enlazádeos e... ¿tedes unha excursión á vista? Maquetade o conxunto e poñede prezo á vosa obra (¡non esquezades o *copy right!*).



**23**  
(160)

**Esta é de loor de Santa María**

Quen boa dona queira loar,  
que loe a que non ten par:  
*Santa María.*

5 E par nunca lle achará,  
posto que Nai de Deus foi xa  
*Santa María.*

Posto que Nai de Deus foi xa,  
e virxe foi e será  
*Santa María.*

10 E virxe foi e será,  
por iso a carón del está  
*Santa María.*

15 Por iso a carón del está,  
onde sempre por nós rogará  
*Santa María.*

Onde sempre por nós lle rogará  
e del perdón para nós obterá  
*Santa María.*

20 E perdón nos obterá  
e ao demo vencerá  
*Santa María.*

E ao demo vencerá  
e consigo nos levará  
*Santa María.*

#### NOTAS

**V. 8, *Virxe foi e será*:** A Igrexa católica considera que María foi virxe antes do parto, durante o parto e despois do parto.

**V. 17:** Alúdese á capacidade de intercesión da Virxe ante Deus para que perdoe os pecados dos homes. Esta é a característica mariana máis repetida por Afonso.

## Comprensión do texto

194

Esta é unha cantiga das de loar (repara a número tres desta escolma e dez do cancionero) e, polo tanto, a temática é a de loar a María enumerando as súas calidades e xustificando, por elas, a propia necesidade de a loar.

#### DEBES SABER QUE...

No verso oito di o trobador que María “virxe foi e será”, co que está aludindo á **virxindade perpetua** de Santa María: a Igrexa dende moi antigo (e explicitamente a partir do concilio de Constantinopla no ano 553) considera que a nai de Deus era virxe antes do parto e despois do parto. Este é o principal misterio da Virxe e o que desencadeou o culto mariano. Trátase dunha maternidade divina pero física no seu sentido biolóxico, igual que a que pode experimentar calquera muller, porque Cristo ten natureza humana e por iso a súa xestación foi como a de calquera home; non obstante, é tamén Deus, por iso a Virxe non pode experimentar algo tan carnal para concibilo como o acto sexual.



## Actividades

### Contido

1. ¿Que quere dicir o trobador cando no verso 2 explica que Santa María “non ten par”?
2. ¿Cal é o motivo aducido para xustificar esa calidade antes mencionada?
3. ¿Que consecuencias se derivaron, segundo o trobador, da condición de virxe perpetua de María? ¿En que afecta iso aos homes?

### Recursos expresivos

4. Nuno Fernandez Torneol é un dos máis famosos trovadores galegos, autor dalgunhas cantigas que constitúen un exemplo moi claro dun tipo de estrofa paradigmático da lírica galego-portuguesa: o *leixa-prén*. A continuación, transcribímosche un fragmento dunha das composicións de Torneol, dende a que deberás deducir unha definición deste recurso estrófico; finalmente, observa se a afonsina se adapta á túa definición xustificando a túa resposta.

Vi eu, mia madr', andar  
as barcas eno mar:  
e *moiro-me d'amor*.

Foi eu, madre, veer  
as barcas eno ler:  
e *moiro-me d'amor*

As barcas eno mar  
e foi-las aguardar:  
e *moiro-me d'amor*

As barcas eno ler  
e foi-las atender:  
e *moiro-me d'amor*

E foi-las aguardar  
e non o pud'achar  
e *moiro-me d'amor*.

E foi-las atender  
e non o pudi veer:  
e *moiro-me d'amor*.

E non o achei i,  
o que eu por meu mal vi:  
e *moiro-me d'amor*.

5. Busca a entrada *coblas capfinidas* nun dicionario de termos literarios e explica a relación entre estas e o recurso do leixa-prén.
6. ¿Como é a rima nesta composición?
7. ¿Compara a estrutura desta cantiga coa doutras que che presentamos nesta escolma, ¿atopas algunha diferenza?

### **Un punto para a reflexión**

Relé a cantiga de loor que precede a esta (leva o número tres nesta escolma) e reflexiona sobre a explicación que sobre os praceres mundanos che ofrecemos en **Debes saber que...**, ¿hai algunha relación entre a consideración da virxindade perpetua de María e o rexeitamento dos praceres da carne que caracterizou á Igrexa dende antigo? ¿Cal é a postura da Igrexa actualmente sobre este particular?



**24**  
**(182)**

**Esta é de como Santa María librou un ladrón  
da man dos diabos que o levaban**

*Deus, ¡que ben negocia  
quen pola Virxe mira!*

Sobre isto un marabilloso  
milagre e moi fermoso  
5 vos contarei, saboroso  
e para oír sen présa,  
*Deus, ¡que ben negocia...*

Que fixo Santa María  
a un home que facía  
10 moito mal cada día.  
Indo por unha fraga  
*Deus, ¡que ben negocia...*

Asaltaba os camiños  
e, ademais, pan e viño  
15 roubaba aos mesquiños,  
e o ouro e mais a prata  
*Deus, ¡que ben negocia...*

E todo o que achaba,  
que nada lles deixaba.  
20 Pero moito confiaba  
na que o mal desata,  
*Deus, ¡que moi ben negocia...*

De xeito que as vixilias  
gardaba dos seus días,  
25 e non facía malfeitorías,  
nin sequera un zapato  
*Deus, ¡que ben negocia...*

De ninguén roubaba.  
Ademais, a quen lle preguntaba  
30 pola Virxe, lle contaba  
que lle tiña feita a ofrenda,  
*Deus, ¡que ben negocia...*

E que daba o que tiña  
polo amor da Raiña.  
35 Pero unha morte axiña,  
repentina, das que matan  
*Deus, ¡que ben negocia...*

200

A moitos, matouno deseguida;  
e a hoste dos demos,  
40 por riba dunha ladeira,  
moito máis que a Damietta,  
*Deus, ¡que ben negocia...*

Máis lonxe aínda, o levaron  
e moito o maltrataron,  
45 e de tal xeito o deixaron  
coma un pano escarlata.  
*Deus, ¡que ben negocia...*

E a súa nai, coitada,  
tivo moito rogado



50 á Virxe coroada,  
que os demos ata,  
*Deus, ¡que ben negocia...*

Para que o seu fillo lle devolvese,  
e que revivir o fixese,  
55 e do demo o quitase,  
que ten rostro de gata.  
*Deus, ¡que ben negocia...*

A súa oración foi oída  
pola Virxe cumprida,  
60 e despois deulle vida;  
dende entón, da moi sucia  
*Deus, ¡que ben negocia...*

Morte o gardou, privándoo  
do inferno; e o mandado  
65 da Virxe fixo de bo grado,  
que Ela os males saca.  
*Deus, ¡que ben negocia...*

#### NOTAS

**V. 5, *saboroso*:** Que causa pracer; que é agradable.

**V. 15, *mesquiño*:** Na lingua medieval significaba 'coitado'.

**V. 21:** A virxe ***o mal desata***, o mal desfai.

**Vv. 23-24:** A vixilia era o día anterior a unha festividade relixiosa, no que había que gardar xaxún e abstinencia. Con ese "seus días" quérese dicir que o protagonista honraba as festividadeas dedicadas a María.

**V. 34:** Refírese á Raíña dos Ceos, á Virxe María.

**V. 39, *hoste*:** Exército.

**V. 41, *Damietta*:** Cidade portuaria situada ao leste de Exipto. Con esta referencia xeográfica quere expresar o lonxe que foi parar o ladrón.

**V. 51:** Débese entender en sentido figurado, é dicir, a Virxe obstaculiza as accións dos demos.

**V. 56:** Os gatos negros eran considerados animais diabólicos.

**V. 59: *Cumprida*** no sentido de 'posuidora de todo ben'.

**V. 65, *de bo grado*:** De boa gana.

## Comprensión do texto

Un saltador de camiños, tan devoto da Virxe que non roubaba nos días consagrados a Ela, morreu repentinamente e os diabos van buscalo para atormentalo. A nai do condenado, non obstante, pide á Virxe pola súa salvación e esta, finalmente, accede a resucitalo. O ladrón agradécelle o favor abandonando a súa vida de pecado.

202

### DEBES SABER QUE...

- ➡ Para unha mellor comprensión do contido na narración deste milagre quizais che conveña actualizar as lecturas que fixeches das cantigas catro, cinco e seis desta escolma e mais dos seus materiais de traballo.

## Actividades

### Contido

1. ¿Encontras algún paralelismo entre este milagre e o relatado na cantiga número cinco desta escolma? ¿E diverxencias? Xustifica a túa resposta.



203

2. ¿Por que di o trobador no verso 6 que este milagre é “para oír sen présa”?
3. ¿Como aparece aludida María na cuarta estrofa? ¿Cal é o sentido dese apelativo?
4. ¿Cres que hai unha dualidade na conduta do protagonista da composición? ¿En que se percibe?

### Recursos expresivos

5. O vocativo é a forma que expresa que un suxeito ou mesmo unha cousa inanimada é invocado ou chamado. Na frase, o vocativo pronúnciase cunha entoación independente. ¿Dirías que hai algún exemplo de vocativo no texto?
6. ¿Con que apelativos aparece aludida a Virxe ao longo da composición?
7. ¿Hai algún exemplo de estrutura comparativa no texto? ¿Onde?

8. No verso 21 di o trobador que a Virxe “o mal desata” e, no 51, que “os demos ata”; ¿poderías explicar o sentido destas expresións?
9. ¿Como aparece cualificada a morte no texto? ¿Que outros termos pertencentes a ese campo semántico se che ocorren?

### **Un punto para a reflexión**

Moitas veces, terás visto nos informativos ou nalgunha película, que cando se prende a un delincuente –sobre todo se cometeu delitos de sangue– hai un ánimo xeral de vinganza, aínda que o reo xa fose xulgado e condenado. Isto ocorre porque tendemos a analizar ese tipo de condutas dende unha perspectiva unidimensional, contemplando unicamente o delito cometido, esquecendo que ata o máis vil dos delincentes é un ser humano e que ninguén é completamente malo como tampouco non se é delincuente por casualidade... ¿Parácheste algunha vez a pensar que a maioría dos delincentes proceden dun estrato socioeconómico baixo e que, polo tanto, a vida quizais lles ofrezca menos opcións que aos demais? Por outra banda, ¿cres que iso xustifica calquera comportamento?

Fai unha reflexión sobre isto e comparte as túas conclusións cos compañeiros.

**25**  
**(186)**

**Esta é de como Santa María salvou unha muller,  
á que querían queimar, do lume**

*Quen na Virxe santa moito confiará,  
se o vise en coita, socorrelo ha.*

Sobre isto un milagre quero relatar  
que Santa María fixo por salvar  
5 unha muller que houberan queimar,  
se non lle valse a que poder ten.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Esta dona estaba ben casada  
cun home que amaba máis ca nada,  
10 e a Santa María todo o seu sentido  
puña en servila para sempre xamais.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

O marido amábaa máis ca nada;  
pero a súa sogra queríalle tan mal  
15 que lle buscou unha morte descomunal,  
como por min agora dito vos será.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

E un día en que durmindo a achou  
soa, a un mouro seu axiña mandou  
20 deitarse con ela; e en canto se deitou,  
foi onda seu fillo e dixo: "Ven acá;  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

A túa muller que amabas máis ca ti,  
se a vises como eu agora a vin  
25 cun mouro no seu leito cabo de si,  
ben penso que moito che pesará”.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Cando el isto oíu, tivo entón moi gran pesar;  
e a nai pola man collelo  
30 foi, e dende alí levouno ao lugar  
e díxolle: “¡Mira a túa muller como está!”  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

E el matala quixera entón,  
pero a nai díxolle: “Non o fagas, non;  
35 a xustiza mostrará a túa razón,  
e verás que dereito che dará”.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

El foi e a xustiza fixo vir,  
e a outros moitos con el, non minto;  
40 e viron a dona no leito durmir  
co mouro, e dixeron: “¿Qué será  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Desta muller que tan grande erro fixo,  
que descoñeceu a Deus, ao mundo e a súa reputación,  
45 posto que fixo un feito tan malo, vil e desprezable?  
E por iso no lume arderá,  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Porque é de xustiza”. E, polo que entendín eu,  
colleron a muller, que quedou moi anoxada

50 cando se viu presa con aquel infiel  
e dixo: “Ai, Señora, váleme, que moita falta me fas,  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Santa María Virxe, se che prouguer,  
que en maior coita nunca se viu ningunha muller;  
55 e por iso penso que quen en ti cre  
nunca a túa misericordia o defraudará”.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

E dicindo isto, logo inmediatamente  
levaron a dona a unha gran praza,  
60 e tamén ao mouro, que era tan  
negro como a pez. E as xentes alá  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Foron correndo moito, e todo arredor  
lle puxeron lume, non o vistes maior;  
65 e ardeu o mouro falso e traidor,  
pero quedou a dona como quen está  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

Dentro dunha casa, que non sentiu  
nada daquel lume. E a xente viu  
70 ao lado dela a outra, e falar a oíu,  
e despois non a viron nin alá nin acá.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

E deste xeito o mouro ardeu  
e ningún resto del apareceu;  
75 e a dona do lume permaneceu  
salvada por aquela que nos salvará.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

E despois de que saíu de alí, a dona fiel  
contou que a Nai do Deus Manuel  
80 a librara del, e un milagre belo  
fixo aquela que moitos outros fará.  
*A quen na Virxe santa moito confía...*

#### NOTAS

**V. 6:** Refírese á Virxe.

**V. 44:** O sentido deste verso é o de sinalar que a muller non tivo presentes a Deus, ao mundo e a súa reputación, porque se o fixera non cometería as accións que se lle reprochan.

**V. 50:** Refírese ao mouro; *infiel* era unha das maneiras de denominar a quen non era cristián.

**V. 76:** Refírese á Virxe.

**V. 79:** Manuel, ou Emmanuel, era un nome de pía de Xesús.

## Comprensión do texto

Esta composición, que probablemente chegou ao rei dende a tradición oral, trata o tema do sangue pola honra. Unha muller virtuosa e devota de María foi acusada inxustamente pola súa sogra de enganar o seu home, urdindo un plan segundo o que, un día que a súa nora se achaba soa no leito, mandou a un mouro que se deitase con ela, sen que ela se decatase. Despois foi avisar ao seu fillo, que se quixo vingar alí mesmo; pero a nai, máis teimada, pediulle que esperase a que fose xulgada, atopada culpable e condenada, xuntamente co mouro, a morrer no lume. Todo isto ocorreu como ela planeara agás o final, xa que Santa María, á que todos puideron ver a carón da condenada, protexeu das lapas muller. Finalmente, o mouro ardeu e a muller ficou intacta, co que as xentes puideron ver que era inocente.



**DEBES SABER QUE...**

Na Idade Media considerábase que unha opinión negativa sobre a honra de alguén, particularmente se ese alguén era unha muller, era tan letal coma unha arma; as inxurias que máis dano facían eran as referidas á estética corporal e, sobre todo, á luxuria (a moral sexual condicionaba, sobre todo, ás mulleres e aos homosexuais).

Considerábase que as mulleres, por seren quen dan a vida, son por iso as depositarias do sangue da liñaxe, pero as ofensas que a elas se lles profiran padécenas os homes, que son os que ostentan esa honra. Neste sentido, para que non puidese haber lugar a ningún acto que embazase a honra da familia, o que se esperaba das mulleres era que estivesen tranquilas e silenciosas no interior das casas ou dos conventos, escoitando e obedecendo a pais, irmáns, maridos ou confesores.

Na literatura pedagóxica producida a partir do século XII, hai numerosas pasaxes sobre a conduta a seguir cunha muller adúltera, e van dende o perdón ao castigo, podendo ser este o repudio ou, no caso extremo, como o da cantiga que nos ocupa, a morte (fíxate en que a condena que establece o propio Afonso X na sétima *Partida* é a de ser azoutada publicamente e a perda de arras e dote (tít. XVII, lei XV), pero se a infidelidade se comete cun servo –como acontece neste caso–, ambos os dous serían queimados). Isto confirma o feito de que, na práctica, a fidelidade só se esixía á muller.

Para unha boa comprensión desta composición, sería boa cousa que actualizaras a lectura do texto e, sobre todo, dos materiais de traballo correspondentes á cantiga 12 desta escolma.

**Actividades****Contido**

1. No apartado **Debes saber que...** da cantiga 12 enumerámosche as catro custodias que tiñan as mulleres na Idade Media; ¿poderías dicir en que momento se alude a elas nesta cantiga? ¿Con que palabras?
2. No momento en que a muller se encontra na fogueira, rodeada polas lapas, as xentes ven a unha muller falando con ela, ao seu carón. ¿Quen era esa muller? Imaxina o diálogo que mantiveron.
3. O mouro, que se prestou ao engano, morre na fogueira por mor da *xustiza poética* (premio ou castigo que os personaxes dun conflito reciben segundo o seu comportamento). ¿Cres que nesta composición alguén máis merece sufrir castigo por ese motivo? ¿Quen? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

4. ¿Por que supoñemos que esta cantiga chegou ao rei por tradición oral?
5. ¿Que sentimentos che espertan as accións dos distintos personaxes? ¿Que condutas os motivan?
6. As sospeitas sobre a culpabilidade da muller levan ás xentes a cualificar o feito de “malo, vil e desprezable”. ¿Que nome recibe, no que atinxe á análise estilística, esta enumeración?
7. ¿Con que epítetos se alude indirectamente á Virxe ao longo desta composición?

### Unha actividade teatral

Ao longo desta cantiga hai varios casos de discurso en estilo directo; de feito, falan o narrador, a sogra, a muller e un coro formado pola xustiza e os veciños. Repartide os roles entre os compañeiros (tamén os da Virxe e mailo marido, quen non falan pero teñen unha importancia capital que poden expresar por medio da xestualidade) e tentade facer unha representación do texto tendo en conta que unha lectura en voz alta, para que transmita axeitadamente o contido do que se está a expresar, débese facer:

- \* Marcando as pausas no momento xusto.
- \* Dando unha entoación axeitada ao sentido, aos personaxes ou ás emocións.
- \* Mantendo o ritmo imposto polo estilo verificado.

Axudarache para a túa recreación ter en conta a resposta á primeira cuestión en **recursos expresivos**.



### **Un punto para a reflexión**

En literatura forman case tradición as narracións que teñen como tema ás sogras, e tamén, como seguramente saberás, hai moitísimos ditos populares e chistes pexorativos sobre elas. O asunto adoita ser sempre

o mesmo: as súas inxerencias na vida dos fillos, particularmente cando son varóns, e as rivalidades coas noras. Agora ben, quizais sexa un chisco frívolo ver o asunto así espido e ao mellor deberíamos reparar en certas sutilezas antes de desprezar actitudes que son dignas de comprensión.

Duns cantos anos a esta parte, paralelamente á progresiva incorporación das mulleres ao mercado laboral, a situación está a cambiar; pero é aínda unha realidade facilmente perceptible a de que, e sempre xeneralizando, hai un pouco ou un moito de verdade nesas actitudes que se lles atribúen. Agora ben, tampouco é xusto non ver os motivos que as levan a reaccionar así cando os fillos abandonan o fogar paterno para formar o propio: foron educadas na idea de que o seu labor é case exclusivamente o de ocuparse da casa e mais da prole, e estas constitúen as súas cotas de poder e de realización persoal; ademais, cando os fillos marchan da casa as súas vidas moitas veces se baleiran, porque non se esperou delas nada máis e, polo tanto, xeralmente se lles negou a formación e non se lles fomentaron inquiredanzas para acometer outras tarefas despois.

212

Reflexiona sobre isto e, se o ves oportuno, comparte as túas reflexións cos compañeiros.

### **Un asunto para debater**

Non debemos pensar que o rigor con que se trataba na Idade Media un caso (suposto ou real) de infidelidade feminina era dunha desmesura descoñecida nos tempos modernos, e non nos fai falla ir aos países islámicos para atopar indicios. Esta herdanza da concepción de inferioridade da muller aínda pervive, en maior ou menor grao, na nosa sociedade. Debate cos teus compañeiros en qué se percibe, e cómo se podería cambiar esa situación.

**26**  
**(188)**

**Esta é dunha doncela que amaba a Santa María  
de todo corazón e cando morreu, fíxoa seu pai abrir  
porque poñía a man no corazón e acháronlle  
gravada a imaxe de Santa María**

*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito ame,  
aínda que o queiran encubrir, ela despois o fai mostrar.*

Sobre isto ela un milagre mostrou, que vos contarei,  
do que fixen boas cobras e son, porque moito me gustou;  
5 e des que ben o oiades, de certo sei  
que por iso poderedes na Virxe moito máis confiar. 213  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito amase...*

Isto mostrou a Señora de honra por unha doncela  
que moi de corazón a amou sempre, dende a nenez,  
10 e servíaa de bo grado; por iso tal amor lle tiña,  
que o ben que lle pedía non llo quería por nada negar.  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito amase...*

Esta doncela tanto a Santa María amou  
que, aínda que no mundo estaba, por ela o desprezou  
15 tanto, que pola abstinencia que facía enfermou,  
e un mes enteiro xaceu, que non podía nada probar  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito amase...*

Do que lle daban para comer e beber.  
E aínda que non falaba, polo que eu sei,

20 cando lle mencionaba a Santa María, segundo eu oín,  
ao corazón a man ía moi axiña levar.  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito ames...*

A nai ben se decataba de que estaba moi mal,  
e que a postura da man era como un sinal  
25 de que diso morría; e quixo Deus, non outro,  
que a súa Nai bendita a fose consigo levar.  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito ames...*

O pai e a nai dela, cando a viron finar,  
creron que un veneno fora e fixérona abrir;  
30 e no corazón, dentro, lle acharon –non minto–  
a imaxe da Gloriosa, tal como a ela se lle foi gravar.  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito ames...*

214

E por isto a Santa María deron gran loor  
eles e todas as xentes que estaban en derredor,  
35 dicindo: “Bendita sexas, Nai do Noso Señor,  
que a túa gran lealdade non ten nin terá par”.  
*O corazón dun home ou dunha muller que a Virxe moito ames...*

#### NOTAS

**V. 4, cobras:** Unidades estruturais das cantigas. Afonso interviría na elaboración dos textos, frecuentemente na súa redacción final, que é o que se indica con esa frase.

**V. 14:** Alúdese aquí á oposición entre as cousas terreaís e as celestiais. A doncela, para agradar máis a María, desprezaría as cousas mundanas posto que se considera que o terreal, o carnal, está máis próximo ao pecado.

## Comprensión do texto

Unha doncela moi devota de María amábaa máis que a nada no mundo, e demostráballo desprezando as cousas terreas, o que a levaba a non comer nin beber e tampouco falar. Só reaccionaba se lle falaban da Virxe, e manifestábao levando a man ao corazón, co que a nai supoñía que padecía del. Non obstante, cando faleceu e a abriron para comprobar se morrera envelenada, viron dentro do seu corazón unha imaxe da Virxe e loaron todos a Santa María.

### DEBES SABER QUE...

- No refrán o trovador emprega o **corazón** simbolicamente como o lugar no que se alberga o amor pola Virxe, o que nesta cantiga se pon de manifesto no propio milagre coa aparición da imaxe mariana no corazón da doncela.

Nas Sagradas Escrituras, o corazón non vén identificado como un órgano biolóxico nin tampouco como un símbolo do amor ou outro sentimento superficial, senón que reflicte o interior da persoa, o seu *eu* oculto, onde residen sentimentos como a ledicia, a anguria, o afecto, as preocupacións, a forza de vontade, etc. A alianza con Deus localízase no corazón, ao igual que o complexo de culpa polas malas accións (en moitas pasaxes bíblicas verás expresións como a da “dureza de corazón” que amosa o pecador), é dicir, o máis íntimo do que atinxe á unión entre Deus e o home. Nos evanxeos pode verse como se simboliza a recepción por parte do home da mensaxe de Deus na apertura do seu corazón, que se enche co espírito da divindade.

Esta será tamén a visión da lírica occidental, que identifica o corazón co sentimento amoroso, que perdura aínda hoxe.

- No verso 14 o trovador aclara que esta doncela, “aínda que no mundo estaba, / por ela o desprezou”. A consideración negativa do mundo na teoloxía cristiá reside na tese de que o mundo, en tanto que creado por Deus, era orixinariamente bo, pero a acción do home, por influxo do demo, afastouno da divindade, por iso é preciso rexeitar todo o negativo que é propio do mundo: a concupiscencia, a incredulidade... Neste espírito de renuncia daquilo que se identifica co mundo para achegarse a Deus, o **xaxún** é un dos sacrificios máis frecuentemente practicados polos devotos.

A vida relixiosa de Israel coñecía gran variedade de sacrificios ofrecidos para congraciarse coa divindade; moitos deles contiñan a inmolación dun animal. Xesús non chegou a rexeitalos, pero si criticou o seu abuso, e posteriormente simbolizou co seu propio sacrificio a reconciliación definitiva do home con Deus; isto facía superfluo calquera tipo de oblación (*oblación* é precisamente iso, sacrificio) animal, polo que os primeiros cristiáns estableceron novas categorías de sacrificios que serían agradables a Deus, entre eles a oración, as esmolos, o martirio ou o mesmo xaxún, entre outros.

## Actividades

### Arredor do texto

1. ¿Lembras que na cantiga que leva o número tres nesta escolma presentabamos a distinción entre o *bo amor* e o *louco amor*? ¿Encontras algún paralelismo entre esas categorías e a que distingue entre os dous mundos mencionados en **Debes saber que...**? Xustifica a túa resposta.
2. Di Afonso que abriron a moza para ver se morrera dalgún veneno; ¿como se chama o acto de abrir a alguén para investigar as causas da súa morte?

### Contido

3. ¿Como demostra o trovador ter predilección especial por este milagre?
4. ¿Que efecto espera conseguir co seu relato?
5. ¿Cal pensou a nai da nena que era o motivo da súa enfermidade?
6. ¿Cal cres ti que foi o motivo que orixinou a afección da doncela? ¿E o motivo fisiolóxico da súa morte?
7. En moitas ocasións, como terás visto ao longo desta escolma, a conclusión da cantiga encerra unha ensinanza de tipo didáctico-moral; ¿dirías que este é un deses casos? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

8. ¿Con que palabras demostra Afonso ter recibido este milagre da tradición?
9. ¿Hai algún exemplo de apelación ao auditorio por parte do trovador? ¿Onde? ¿Dirías que existe algunha relación entre isto e a circuns-





217

tancia de ter nacido as cantigas para seren recitadas en público?

10. ¿Encontras algún caso de intromisión persoal do trovador no texto?
11. ¿Hai algún exemplo de encabalgamento nesta composición? (nos materiais da cantiga 2 atoparás unha descrición desta figura)
12. Tenta establecer a estrutura da composición.

### **Un punto para a reflexión**

A rapaza protagonista deste milagre enfermou a causa do rigoroso xaxún que tiña ofrecido por amor á Virxe. Os sacrificios que na tradición cristiá se ofreceron á divindade adoitan levar aparellada unha entrega física que simboliza a negación da carne para achegarse o máis posible ao espiritual (pensa nos anacoretas, nas sanguentas mortes dos santos ou, mesmo, no día a día de calquera monxa de clausura). Sexas ou non crente, ¿cres que pode haber outras maneiras menos dramáticas de servir eficazmente a Deus? Debáteo cos compañeiros.

**27**  
(199)

**Esta é de como un peleteiro que non gardaba as festas  
de Santa María comezou a traballar no seu día  
de marzo e atravesóuselle a agulla na gorxa  
e non a podía quitar; e foi a Santa María de Terena  
e despois xa foi curado**

*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas,  
así está colmada Santa María de grazas e de perdóns.*

Se Deus permite ao demo que polos nosos pecados  
nos dea coitas, dores, traballos e coidados,

5 tamén quere que pola súa Nai sexan todos perdoados,  
pola fe, os xaxúns, as preces e as oracións.

*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

Por iso contarei un milagre que fixo por un peleteiro  
que vivía na fronteira, nun castelo guerreiro

10 que se chama Burgos, e ademais está fronteiro  
de Xerez de Badaxoz, onde adoitan andar ladróns.

*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

Neste castelo o peleteiro moraba

e da Nai de Deus santa nunca as festas gardaba,

15 e pola festa de Marzo, cando el as súas peles traballaba,  
o mal que lle sucedeu entón, por Deus, oíde, varóns:

*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

Que meteu a agulla na boca, e endereitando  
as peles para traballalas, non reparou nela senón  
20 cando a tragou e na gorxa se lle atravesou,  
que os que ao demo serven, del conseguen tales galardóns.  
*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

E deste xeito estivo moitos días para quitala,  
pero de ningunha maneira non podía nin sequera tragala;  
25 e ademais inchoulle a gorxa, de tal xeito que perdeu a fala,  
e volvéuselle o rostro negro, moito máis ca un carbón.  
*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

E en canto el se decatou e viu que así morría,  
e toda medicina que puxese ningún proveito lle facía,  
30 mandouse levar axiña, dereito a Santa María  
de Terena, prometéndolle as súas ofrendas e dons.  
*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

E cando chegaron á igrexa, perante o altar o colocaron,  
e despois a Santa María por el moito rogaron;  
35 e el chorando e xemendo adormeceu, e non repararon  
senón en que a agulla saíu sen que grandes esforzos  
*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

Fixese por sacala; que cando xacía durmindo,  
a Virxe moi gloriosa lla fixo quitar, tusindo,  
40 envolta nun cacho de carne. E isto oíndo  
as xentes que alí estaban, deron grandes bendicións  
*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

Á bendita Raíña que no ceo e na terra  
socorre os coitados, e perdoa a quen lle falla,

- 45 e para darlles misericordia nunca a súa porta pecha,  
e gárdaos do demo e das súas malas tentacións.  
*Así como o mundo está colmado de males e de desgrazas...*

#### NOTAS

**Título, Terena:** Santuario localizado na propia vila de Terena; Terena é unha parroquia portuguesa pertencente ao concello de Alandroal, na provincia do Alentejo, situada ao oriente de Lisboa e inmediatamente ao norte do Algarve.

**V. 4, coidados:** No senso de preocupacións.

**V. 10, Burgos:** Debe tratarse da cidade actualmente coñecida como Burguillos del Cerro, a medio camiño entre Zafra e Xerez de los Caballeros. A cidade contaba, como di a cantiga, cun poderoso castelo, e tivo certa significación no período medieval.

**V. 11, Xerez de Badaxoz:** Trátase de Xerez de los Caballeros, cidade pertencente á provincia de Badaxoz, a 74 kms. da capital.

**V. 15, (a) festa de Marzo:** Refírese á festa da Anunciación, que se celebra o día 25 de marzo.

221

## Comprensión do texto

Un peleteiro –que vivía no castelo de *Burgos*– nunca gardaba as festas dedicadas a Santa María e, por ese motivo, recibiu un castigo. El tiña o perigoso costume de meter a agulla na boca cando ía endereitar a pel que estaba a coser. O día da festa da Anunciación estaba traballando no seu taller e esqueceuse de que tiña a agulla na boca; sen querer tragouna e atravesóuselle na gorxa, como escarmento por non ter consagrado a María o día da súa festa.

O pobre home pasou así moitos días, que non podía acabar de tragar a agulla nin tampouco quitala, co que lle inchou a gorxa, perdeu a fala e a cara púxoselle negra. Cando sentiu que morría sen

que os médicos puidesen remedialo, mandou que o levasen a Santa María de Terena prometéndolle moitas ofrendas.

Alí, diante do altar, el e os que estaban con el loaron e pedíronlle moito á Virxe pola curación do peleteiro e, nun momento en que este quedou durmido, a Virxe fixo que tusira e cuspira a agulla envolta nun cacho de carne. Finalmente, todos loaron a Santa María pola curación do peleteiro.

### DEBES SABER QUE...

✦ Dende a antigüidade, xa antes de Cristo, as **festas** solemnizábanse co descanso do traballo e reunións relixiosas; este costume considerábase tan importante que mesmo estaba integrado entre os dez mandamentos que a tradición considera que Deus entregou a Moisés no monte Sinaí. Os cristiáns substituíron as festas xudías por outras de homenaxe a determinados fitos relacionados coa súa historia (entre elas, a da Anunciación que o peleteiro desta composición non respecta) pero non a maneira de vivilas, dado que se honra a festividade co descanso e a participación en determinados ritos relixiosos.

✦ O uso das **peles** estaba estendido en todo o mundo cristián durante a Idade Media. Por esa época tratábase de peles moi mal traballadas, vastas e de animais locais (por exemplo a toupa, a doniña, a lebre ou o cervo); pola súa banda, os nobres e o alto clero, que tiñan maior poder adquisitivo, facían importar armiño dende o Cáucaso e, no século X, comezan a chegar xa as peles de Siberia. O caso é que para o ano 1000 estaba extraordinariamente estendido o uso de peles en todo o occidente cristián.

Xa ben entrado o século XIII, os dominicos emprenden un forte ataque contra o fasto terreal e as peles serán un dos seus cabalos de batalla. Baixo a influencia desta e outras ordes que loitaban contra o luxo terreal, non só a pel, senón tamén determinados animais veludos, caerán en desgraza, asociados moitas veces ao mesmo diabo (machos cabrúns, gatos e mesmo cans considerábanse diabólicos e, por outra banda, acusábase ás meigas de adoptar a forma de lobs, raposas ou gatas). Así, a xente de ben empezará a rexeitar as peles. Este empeño dominico non persistirá moito tempo porque cando os cruzados volven de Terra Santa, fano convertidos en grandes defensores do uso das peles, traéndoa moi refinadas do fastoso Oriente.

Téñense noticias de asociacións de curtidores dende o século XII, sendo este un oficio que case non sufriu evolución. Na España musulmá hai documentos que testemuñan a existencia dun grupo moi numeroso de cordobaneiros (¡lembras que na cantiga 12 unha dona é agasallada cuns zapatos de cordobán, que é unha pel de cabra moi fina?) e os xudeus, pola súa banda, caracterizáronse por estar moi relacionados coa industria da pel en todas as ordes (curtiana e facían e vendían as prendas ou os libros). Así, árabes e xudeus traballaron moi exitosamente o coiro en Al-Andalus, de xeito que as peles de Córdoba acadaron moita sona mesmo a nivel europeo. Facíanse cadeiras (tamén selas de montar), caixas, arcas, tapices e mesmo alfombras ou manteis.

Como dato curioso has de saber que na sociedade medieval estaba regulado tamén todo o concenrente ao vestiario; concretamente, e no que atinxe ao uso das peles, Afonso X emitiu no ano 1258 unhas disposicións segundo as que, por exemplo, aos xudeus se lles prohibía levar peles brancas, aos eclesiásticos zapatos con fibelas (aínda que se lles obrigaba a levar selas de montar de cor branca) e aos nenos guadamecís dourados (coiro pintado), entre outras moitísimas regras minuciosamente establecidas e referidas aos dous sexos e a todos os estamentos ou idades.



223

## Actividades

### Arredor do texto

1. En **Debes saber que...** alúdese moi de pasada á relación entre a pel e os libros; ¿lembras que nos materiais de traballo da primeira

cantiga se che pide que fagas un percorrido pola historia do soporte do actual *libro*? Recupera aquí eses datos –ou procúraos no caso de que non os teñas– só no que atinxe ao tempo en que se empregaban peles para facelos.

2. A festa que o peleteiro non garda é a da Anunciación; ¿sabes que episodio bíblico recorda esta celebración?

### Contido

3. ¿A que fronteira se refire o trobador no verso 9? Xustifica a túa resposta.
4. ¿Como é posible que un peleteiro vivise nun castelo? ¿Tan lucrativo era ese negocio na Idade Media? Os materiais de traballo correspondentes á cantiga 9 poderanche axudar a resolver esta dúbida.
5. ¿Paréceche verosímil o accidente acontecido ao peleteiro? Xustifica a túa resposta (serviranche de axuda as túas pescudas de **Unha actividade de investigación**).
6. ¿A quen adoita Afonso responsabilizar en última instancia dos pecados cometidos polos homes? ¿Nesta cantiga tamén? ¿Como?
7. ¿Que datos concretos ofrece o trobador sobre o mal que lle afectaba ao noso protagonista?
8. ¿Como obrou María o milagre?

### Recursos expresivos

9. Cremos que a primeira estrofa ten a disposición dunha ecuación matemática, ¿estás de acordo? ¿Por que?
10. Seguindo na primeira estrofa, podes ver que hai dous casos de enumeracións, ¿a que campo semántico pertencen os elementos contidos na segunda delas?
11. ¿Hai algún caso de estrutura comparativa no texto? ¿Onde?



12. ¿Con que advocacións aparece aludida a Virxe ao longo da composición?
13. As cantigas de Santa María adoitan axustarse a un modelo narrativo que articula os textos en dúas grandes partes: unha máxima moralizante que contén a mensaxe que se quere clarificar e, a continuación, desenvólvense unha serie de argumentos que demostran que esa mensaxe se cumpre; ¿cres que esta composición se axusta a ese modelo? Xustifica a túa resposta.

### **Unha actividade de investigación**

Procura os materiais que precisas e elabora un informe no que deas conta detallada do proceso de curtido das peles.



**28**  
(209)

**Esta é de como o rei don Afonso de Castela caeu  
enfermo en Vitoria e tivo unha dor tan grande  
que creron que morría e puxéronlle enriba o libro  
das cantigas de Santa María e foi salvado**

*Moi gran erro fai a Deus, e en falta está,  
quen lle nega o ben que El lle fai.*

Pero nesta falta de ningunha maneira caerei,  
de non contar o ben que del teño recibido  
5 pola súa Nai Virxe, á que sempre amei,  
e, loala, máis ca nada me satisfai.  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

E, ¿como non vou ter o gran gusto  
de loar os feitos desta Señora  
10 que me vale nas coitas, me quita a dor,  
e me fai moitas outras misericordias?  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

Por iso vos contarei o que me pasou a min,  
xacendo en Vitoria tan enfermo, así,  
15 que todos crían que morría alí,  
e non agardaban de min boa recuperación.  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

Porque me colleu unha dor alí tal  
que eu ben cría que era mortal,

20 e berraba: “Santa María, váleme,  
e pola túa virtude este mal desfai”.  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

E os médicos mandábanme poñer  
panos quentes, pero non o quixen facer,  
25 senón que mandei o libro dela traer;  
e puxéronmo enriba, e despois quedei en paz,  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

Que non berrei nin sentín nin un chisco  
de dor, senón que me sentín axiña moi ben;  
30 e deille por iso grazas a Ela,  
porque estou seguro de que o meu mal a desgusta.  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

228

Cando pasou isto, había moitos no lugar  
que demostraban que tiñan gran pesar  
35 da miña dor, e poñíanse a chorar,  
todos ante min nunha ringleira.  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

E en canto viron a mercé que me fixo  
esta Virxe santa, Señora de gran sona,  
40 loárona moito todos desa vez,  
cada un poñendo en terra o seu rostro.  
*Moi gran erro fai a Deus, e en pecado está...*

**NOTAS**

**Título, *puxéronlle enriba o libro das cantigas...*** : Refírese a unha primitiva colección de cen composicións, anterior aos catro códices que se conservan hoxe en día.

**V. 41:** Reverencia que é un sinal de respecto.

## Comprensión do texto

O rei conta en primeira persoa como foi beneficiario dun milagre da Virxe. Estando en Vitoria, Afonso caeu enfermo de tal gravidade que xa todos crían que morría, aínda que el nunca desesperou. Así, confiando na Virxe, contradixo as prescricións dos médicos e decidiu mandar traer o libro das súas cantigas para poñelo enriba; inmediatamente, o rei empezou a sentir que lle pasaba a dor: obrárase o milagre. Finalmente, todos os que presenciaron o milagre loaron a Virxe emocionados.

Este libro milagroso podería ser unha primitiva colección de cen cantigas que Afonso X redactou antes da obra definitiva, de máis de catro centos textos.

229

**DEBES SABER QUE...**

- ✦ Esta é a primeira cantiga desta escolma na que Afonso relata un milagre con que a Virxe o favoreceu a el, por iso reservamos para este espazo o **perfil biográfico** deste rei considerado o máis universal e brillante que deu a Idade Media hispánica.

Naceu en Toledo o día 21 de setembro do 1221, fillo primoxénito de Fernando III e de Beatriz de Suabia; herdou do seu pai o fervor relixioso e mais o ardor guerreiro, e da súa nai a curiosidade intelectual. Pasou parte da súa infancia en Allariz, onde o seu aio García Fernández de Villaldemiro posuía unhas terras, e parece que foi alí onde aprendeu a lingua coa que escribiría parte da súa obra literaria.

Pouco a pouco o seu pai ía introducíndoo nas tarefas de goberno e, ademais, a súa xuventude

transcorreu entre os feitos de armas e a apracible vida no campo; por outra banda, é xa nestes anos cando comeza a manifestar a súa vea cultural: alterna con trobadores e xograres e parece que empeza a compoñer as súas primeiras trobas e, ademais, datan desta época os comezos da súa afección pola astronomía (cando no 1252 accede ao trono, xa elaborara as *Tablas alfonsíes*) e mais a historiografía.

Casou no 1246 con dona Violante, filla de Jaime I de Aragón e de Violante de Hungría; Violante chega á corte moi noviña pero non tardará en revelarse como unha muller de forte personalidade e grande intelixencia política.

A lonxevidade de Fernando III fai que Afonso non comece a reinar ata que ten 31 anos, no 1252. Nese momento, Castela está tranquila e as relacións coa coroa de Aragón son boas; pola súa banda, os reinos musulmáns de Niebla e Granada recoñécense vasallos do rei de Castela e, Navarra, fai vida á marxe dos asuntos peninsulares sen dar problemas. Con este panorama político, só se presentan difíciles as relacións con Portugal polo dominio do Algarve (que, por certo, se arranxarán nun futuro cando unha filla súa casa co rei lusitano, da que nacería o rei don Dinís).

Afonso principia así a súa vida de monarca con multitude de proxectos para ampliar o poder e mais o prestixio da coroa castelá; non obstante, comezan a xurdir atrancos, intrigas urdidas polos seus irmáns, dificultades no goberno das novas terras conquistadas... A todo isto hai que lle engadir a súa obsesión por ser o próximo emperador do Sacro Imperio, pese ás poucas posibilidades de éxito.

Non son eses os únicos problemas do rei: ten os nobres de Castela en contra del e, ademais, morre o seu primoxénito. Con este panorama, e na súa ausencia, enfróntanse pola sucesión o seu segundo fillo, Sancho, que está levando os asuntos da coroa con moito éxito, e os infantes de la Cerda, fillos do primoxénito, a quen legalmente correspondía o trono. É dicir, o dereito tradicional apoiaba a Sancho pero o código vixente lexitimaba os infantes. Estas disputas durarían ata despois de morto Afonso, quen non tiña unha postura firme, dubidando entre apoiar a un ou a outro.

Estes últimos anos de vida do monarca foron particularmente difíciles, mesmo foi abandonado pola súa propia esposa Violante, que se decantou dende un primeiro momento polos seus netos e reclamou para eles o apoio dos reis de Aragón e de Francia. Afonso, finalmente, testa a favor dos infantes presionado polas circunstancias, en presenza da Junta de Eclesiásticos e da propia Violante. O seu fillo Sancho non o acepta e defende ata o final os seus dereitos á coroa.

O rei Sabio morre só e incomprendido en Sevilla o 4 de abril de 1284, e parece ser que no último momento perdoa ao seu fillo Sancho todos os problemas que lle deu nos últimos anos.

- ❖ O rei Afonso foi a **Vitoria** para vixiar dende esa posición a guerra de Navarra (había fortes disputas pola sucesión) pois esa localización era idónea porque dende alí podía controlar a fronteira con Francia (o rei francés Felipe III tamén era o seu inimigo). Estivo o rei en Vitoria dende agosto de 1276 a marzo do 1277. A cidade de Vitoria, que foi concibida en principio como unha simple fortaleza defensiva, foi fundada polo rei Sancho VI enriba do outeiro de Gasteiz; no ano 1181 concedéuselle a *carta puebla*. No ano 1200 foi conquistada por Afonso VIII, quen a dotou dun ensanche gótico, pasando así á coroa de Castela e, no ano 1256, Afonso X estendeuna cara ao leste con novas rúas gremiais. Antes da expulsión ordenada polos Reis Católicos, posuía unha importante *aljama* xudía.
- ❖ Parece ser que foi **hidropisia** a enfermidade sufrida por Afonso durante bastantes anos, enfermidade que, ademais, puido ser herdada posto que o seu pai Fernando III tamén a padecera. A hidropisia consiste no derrame ou acumulación de líquido seroso en calquera cavidade do corpo

ou a súa infiltración no tecido celular. Na Idade Media xa estaba perfectamente diagnosticada. Vincente de Beauvais ten feito esta observación: "Todos se fan hidrópicos despois dunha longa enfermidade. Dado que polas prolongadas tensións das vísceras, os que padecen do fígado e do bazo e mais os que padecen de gota fanse hidrópicos e teñen que beber moita auga cando sofren as súas longas febres cotiás". Considerábase que o mal se contraía por mor dunha incorrecta alimentación (esaxerada inxesta de graxas e escaseza de vitaminas) e de falla de exercicio. Pola súa banda, Guillerme de Saliceto, contemporáneo de Afonso, describe a hidropisía como resultado da insuficiencia renal. Na Idade Media, a hidropisía era incurable. Por certo que seguramente Afonso se encomendaría a San Eutropio.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Antes de nada, relé con calma os materiais de traballo correspondentes á cantiga 19 para obter información máis concreta sobre a visión das enfermidades na Idade Media. Redacta un resumo dos datos que alí se che ofrecen.
2. Dícímosche en **Debes saber que...** que unha filla de Afonso X casará co rei de Portugal e será nai do rei don Dinís; ¿sabes por que foi importante este rei para as nosas letras?
3. ¿De que maneira cres que se poden enfrontar os intereses monárquicos cos nobiliarios?
4. ¿Por que cres que che dicimos que quizais Afonso se encomendaría a San Eutropio?

231

### Contido

5. ¿Poderías condensar nunha soa palabra o contido das dúas primeiras estrofas?
6. ¿Que informacións *científicas* podemos extraer do texto a propósito da hidropisía? ¿Por que se recomenda aplicar ao enfermo panos quentes?

7. ¿Hai algunha relación entre a técnica empregada pola Virxe para obrar a curación na cantiga 19 e nesta? (quizais che axude, para contestar a esta cuestión, o material de estudo correspondente á cantiga citada).
8. Tenta establecer a estrutura da composición atendendo ao seu contido.
9. O rei di que queda “en paz” (v. 26) despois de colocar o libro das cantigas enriba do peito; refírese, obviamente, a que lle pasou a dor e ía notando que curaba pero... ¿sabes a que outra situación se aplica esta expresión? Comenta a pertinencia do seu uso neste contexto concreto.

### **Recursos expresivos**

10. ¿Cal é a perspectiva dende a que están narrados os feitos da cantiga? ¿Dáste conta de que é a primeira vez que se usa?
11. ¿Que imaxe dá de si mesmo o rei? ¿Con que recurso a logra?
12. ¿Encontras algún caso de estrutura comparativa no texto? ¿De que tipo? ¿Con que finalidade?
13. ¿Encontras algún caso de encabalgamento? (Revisa os materiais de traballo da segunda cantiga).
14. ¿Sabes o que é unha pregunta retórica? ¿Encontras algún exemplo no texto?

### **Unha actividade de creación**

A estancia na que o rei xace non aparece descrita fisicamente, pero a situación reflectida no texto ten os suficientes mecanismos de evocación como para que nola podamos imaxinar: espazo, temperatura, luz, personaxes, etc. ¿Como a imaxinas ti?





### Recapitulemos...

Considerando as circunstancias e características dos enfermos curados pola Virxe ata o de agora nas lecturas que levas feito desta escolma, ¿dirías que hai algunha diferenza no retrato dos outros favorecidos pola Virxe e o do rei? Xustifica a túa resposta.



**29**  
**(225)**

**Esta é de como un crego na misa tragou unha araña  
que lle caera no cáliz e andáballe entre a pel e a carne  
viva, e fixo Santa María que lle saíse por unha unlla**

*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso,  
para que a verdade entenda o necio porfioso.*

E sobre isto un gran milagre vos será por min contado,  
e maravilloso de oír, así que oídeo de grado,  
5 que mostrou a Santa Virxe, da que Deus por nós foi nado,  
en Ciudad Rodrigo. E dos máis maravillosos  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

235

De entre todos os que oístes, penso eu que o é  
o que vos contarei agora, que lle aconteceu a un crego  
10 que dicía sempre a misa da Nai do Rei celeste;  
e porque a cantaba ben, estaba moi desexoso  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

O pobo de lla oír. Pero un día, sen falta,  
na gran festa de Agosto desta Señora moi comprida  
15 estaba cantando a misa; e en canto tivo consumida  
a hostia, tamén quixo o sangue consumir do glorioso  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

Xesús Cristo. E viu estar no cáliz unha grande araña  
dentro do sangue nadando, e tívoo por estraña

20 cousa; pero fixo un grande esforzo, ao costume de España,  
e de consumilo todo non vos estivo moi vagaroso.  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

E en canto isto tivo feito, non quixo que lle danase  
a Deus o veleno da araña, nin que no corpo lle morrese;  
25 e como andaba viva, tampouco quixo que o mordese,  
porque entre a pel e a carne ía xa aquel bicho horroroso.  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

E andaba moi apurada polo corpo, e non facía  
dor nin mal, por milagre da Virxe Santa María;  
30 e se ao sol se poñía, entón a araña vía,  
e mostrábaa a todos, dicindo: “O rei piadoso  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

236

Quixo que polos meus pecados este martirio sufrise;  
por iso rogo á Virxe que se a Ela lle prouguese,  
35 que rogase ao seu Fillo que axiña a morte me dese,  
ou que me quitase esta coita, posto que é moi poderoso”.  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

Estaba a araña andando por riba do espiñazo,  
e despois polas costas, e por todo o bazo,  
40 dende alí aos peitos, e nin sequera deixaba brazo  
polo que non andase; e o corpo moi piloso  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

Tiña esta araña. E un día, estando  
el ao sol, á hora nona, foille o brazo proendo,  
45 e el púxose a rascarse, e non se decatou máis que cando  
lle saíu por unha unlla aquel veleno tan noxento.  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

E tan axiña como lle foi saída, o crego colleuna  
 e fixo logo con ela po, e na súa bolsa gardouna;  
 50 e cando dixo a misa, consumiuna e tragouna,  
 e dixo que lle soubera como un manxar moi saboroso.  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

As xentes que alí estaban, cando isto tiveron visto,  
 loaron moito a Nai do Santo Rei Xesús Cristo;  
 55 e dende alí en adiante, foi o crego por isto  
 moito máis confirmado na fe, e non foi luxurioso.  
*Moi bo milagre fai a Virxe estraño e fermoso...*

#### NOTAS

**V. 6, Ciudad Rodrigo** encóntrase na zona medio-oeste de España, na comunidade de Castela-León, a 87 kms. de Salamanca, que é a capital de provincia. O seu nome orixinal era Miróbrica, pero recibiu o que actualmente ten no ano 1100, cando o conde don Rodrigo González Girón comeza a súa repoboación con xente, fundamentalmente, de Zamora, León, Segovia e Ávila.

**V. 14, (a) gran festa de Agosto:** Refírese á festividade da Asunción da Virxe María, que se celebra o 15 de agosto.

**V. 16, sangue:** Nun sentido figurado. Refírese ao viño co que se simboliza o sangue de Cristo.

**V. 21, vagaroso:** Preguizoso, pausado, lento. Ao estar impregnada a araña do líquido, tiña que tragala posto que se non perderíase ese pouco viño consagrado que a tocara.

**V. 31, o rei piadoso:** Refírese a Deus.

**V. 44, hora nona:** Ás nove.

**V. 49, (a) súa bolsa:** Os frades tiñan cosido no seu hábito un peto de tamaño grande e do mesmo tecido; chamábaselle “faldriqueira”.

## Comprensión do texto

Milagre que narra o acontecido a un crego que, no momento da consagración, cando vai consumir as *sagradas formas*, observa que hai unha araña nadando no cáliz. O bo do crego apura toda a copa sen evitar tragar o arácnido, que non lle morre no corpo senón que llo percorre todo entre a pel e a carne.

A araña non lle facía mal ningún, pero debíalle causar grande incomodidade porque pide á Virxe que lle dea morte. Un día empezoulle a proer un brazo, comezou a rascarse e o bicho saíulle por unha unlla. O crego recolleuna, converteuna en po e meteuna na faldriqueira, co fin de consumila no momento da misa. Todos os que isto viron loaron a Virxe e, o crego, confirmouse na fe e fíxose máis virtuoso.

238

### DEBES SABER QUE...

Considérase que o sacrificio da **Misa** foi instituído por Xesús na Última Cea para que se perpetuase o seu propio sacrificio redentor na cruz. Fíxoo convertendo o pan e o viño no seu corpo vivo e dándollo a comer aos discípulos, a quen fixo así partícipes do sacerdocio. A tarefa posterior dos discípulos, que lles foi encargada por Xesús nese momento, é que no sucesivo celebraran a mesma cerimonia en memoria súa, renovando dese xeito o sacrificio reconciliador co Señor.

A Misa sómente pode ser celebrada por un sacerdote, porque eles personifican a Cristo, que é cabeza da Igrexa. O obxectivo co que se ofrece a Santa Misa é o de adorar a Deus, pero tamén agradecerlle os beneficios dados aos homes e pedirlle perdón polos pecados.

O ritual da Misa sufriu a través da súa historia distintas transformacións, vexamos algunhas: polos séculos X e XI a única misa en uso en Occidente era a romana aínda que a totalidade do ritual actual e mais as oracións recitadas polo celebrante no ofertorio foron importadas de Francia no século XIII; tamén veu de Francia o costume de incensar a persoas e obxectos, que a misa romana non incluíu no seu ritual ata o século XI ou XII (antes o incenso estaba reservado ás procesións). En canto á posta en escena da celebración, debes saber que nos primeiros séculos o costume era o de que concelebraran varios sacerdotes arredor do bispo, costume que practicamente desaparecera no século XIII, isto provocou que se dixeran diferentes misas privadas pero simultáneas. As consecuencias desta proliferación de misas supuxo, por unha banda, a construción de diversos altares en cada templo e, por outra, a simplificación do rito: substitúense os cantos pola recitación e omítese a incensación e o ósculo da paz, por exemplo. Coa uniformidade do rito romano abolíronse case todas as variantes medievais (que eran moitas) e,

finalmente, o Concilio de Trento nomeou unha comisión especial para preparar un misal uniforme para todos os celebrantes.

Por certo que non hai moito (ata finais dos anos 60) a Misa celebrábase aínda en latín e de costas aos fieis, e a primeira misa en galego foi oficiada por Seijas Subirachs no ano 1965.

## Actividades

### Arredor do texto

1. ¿A que feito se fai homenaxe coa festa da Asunción da Virxe?
2. Fíxate que en **Debes saber que...** reiteramos o termo Misa; ¿coñeces algún sinónimo?
3. Infórmate sobre o sentido da comunión no ritual da Misa.

### Contido

239

4. ¿Cal era o motivo polo que os fieis ían de boa gana á igrexa?
5. ¿Que temores tiña o sacerdote con respecto á araña?
6. ¿Cal é a explicación que encontra o crego para tan estraño suceso? Á vista do seu propósito de emenda, ¿a que cres que se refire?
7. Unha *disxuntiva* é unha situación na que se debe elixir entre dúas opcións opostas; ¿que disxuntiva formula a Virxe ao pobre do crego?
8. Unha vez a araña lle sae do corpo, o crego non a deixa ir ou a mata sen máis, senón que a converte en pos que consome finalmente na misa, ¿por que?

### Recursos expresivos

9. ¿Con que epítetos vén a Virxe nomeada nesta cantiga?



- I0. Fai un listado con todos os adverbios que encontres no texto; organízalos consonte ao seu significado.
- I1. Para expresar que a araña lle marchou ao crego do corpo di que lle saíu “por unha unlla aquel veneno tan noxento” (v. 46); ¿párecete que esta imaxe se pode axustar a algunha figura estilística?
- I2. Na quinta estrofa nárrese como o crego non quere que o dane o veneno da araña, que o bicho lle morra no corpo nin tampouco que afecte ás sagradas formas que xa consumiu; o sentimento que embarga o home nese momento é o de *impotencia*, xa que el por si mesmo non podería evitar calquera desas opcións. ¿Que outros sentimentos de tipo negativo se desprenden da lectura do texto? Apoia a túa resposta no contido da composición.
- I3. ¿Cantos termos pertencentes ao campo léxico do corpo humano están presentes no texto?

240

### **Unha actividade científica**

Non parece probable que alguén poida sufrir a experiencia que viviu o noso protagonista xa que a narración é puramente fantasiosa; non obstante, quizais nos fagamos unha idea máis aproximada das sensacións físicas do noso crego se consultamos as peculiaridades do sistema motriz dos arácnidos. Provetete dun libro de ciencias, consulta os datos relativos a isto e a continuación elabora un pequeno informe.

### **Unha actividade de creación**

Xa dixemos que quizais o crego se sentise un chisco impotente vivindo esa situación na que non está na súa man librarse de algo tan molesto como unha araña que lle anda polo corpo pero... ¿xogamos a poñernos no caso da araña? Quizais ela tivese unha sensación parella por non poder saír do interior do home. Supón que un organismo vivo tan



pouco evoluído como unha araña teña sentimentos ou sensacións semellantes aos dos humanos e, máis aínda, que ti es esa araña nesa situación concreta; a continuación, redacta un *arácnido* discurso en primeira persoa no que deas conta de todas as túas peripecias para tentar saír do corpo do crego.



**30**  
(269)

**Esta é de como a un meniño que era xordo e mudo o  
resucitou Santa María polo rogo da nai do meniño  
e fíxolle recobrar o falar e o oír**

*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir,  
pode aos mudos e aos xordos facer falar e oír.*

Sobre isto un gran milagre fixo por unha boa muller  
a Virxe Santa María, que fai moitos cando quere,  
5 grandes e maravillosos, e socorre onde é mester  
a aqueles que a chaman ou que a saben servir.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

Esta muller tiña un fillo que moito amaba  
máis ca outra cousa, pero non oía nada  
10 nin falaba unha miguiña; e por iso a coitada,  
para facelo sandar, canto tiña gastara.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

En canto viu que non lle valía nin medicina nin nada,  
púxose a rogar á Virxe, a Señora espiritual  
15 que aos aflixidos nunca defrauda nin lles falla,  
e as vixías das súas festas xaxuaba sen faltar.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

O fillo, que era mudo, por sinais lle preguntou  
por qué tanto xaxuaba; e ela lle contestou  
20 que pola Virxe bendita o facía. El se dedicou  
a xaxuar como ela e axuda lle pedir  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

Na vontade e por sinais, isto con gran devoción.  
Pero unha enfermidade grande lle veu entón,  
25 que por morto o tiveron os seus parentes; pero non  
lle prougo a Santa María que así fose ficar.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

Porque no leito xacendo axiña se foi erguer  
e falou acertadamente e comezou a dicir:  
30 “Miña Señora, ben veñades”. E tamén, como para responder,  
dixo: “Señora, de boa gana o farei eu, sen mentir”  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

E ademais dixo outra vez: “De boa gana verei”.  
Cando isto oíu a súa nai, dixo como vos direi:  
35 “Meu fillo, ¿con quen falades?” Dixo el: “Non o negarei:  
falo con Santa María, que me fixo revivir  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

E me dixo “Deus te salve”; e eu respondín que ben  
vinda fose, e tamén dixo que non permitiría por nada  
40 que non me confesase ben; e eu respondín que ben  
me quería de boa gana dos pecados arrepentir.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

Tamén dixo outra cousa, que se eu perseverar  
no seu servizo quixese, que me faría levar  
45 moi axiña ao paraíso; e eu logo, sen tardar,  
respondín que moi de grado quería con Ela ir.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

En canto isto tivo dito, san do leito se ergueu,  
que non era mudo nin xordo, e ademais comeu e bebeu.

- 50 Cando isto viu a xente, logo á Virxe deu  
 loores; e que de nós sexa loada, se para ben foi vir.  
*A que poder ten sobre os mortos para os facer revivir...*

#### NOTAS

**Vv. 30-33:** O diálogo que se establece entre o neno e a Virxe é finxido; sobreenténdense os parlamentos de María –que non recolle a cantiga– para salientar que o rapaz recuperou a fala.

## Comprensión do texto

Unha muller gastou canto tiña en tentar curar o seu meniño, que era xordomudo, sen solución ningunha. Desesperada, púxose a pregar á Virxe e a amosar a súa devoción xaxuando nas festas dedicadas a María. O neno decidiu imitar a súa nai, xaxuando e pedindo á Virxe; entón enfermou tan gravemente que todos crían que morría. De súpeto, ergueuse do leito e comezou a falar; a nai preguntoulle con quen falaba e o neno contestoulle que coa Virxe, e repetiulle todo o que entre eles acordaran. Todos os que viron como o neno curara, loaron a Virxe.

245

#### DEBES SABER QUE...

- ✦ Consulta nos materiais de traballo da cantiga 19 as informacións relativas ao estado da **ciencia médica** na Idade Media.
- ✦ Volve á cantiga 26, na que se ofrece unha sucinta información sobre os sacrificios que se podían ofrecer á Virxe, particularmente o **xaxún**.
- ✦ O neno preguntalle á nai por que xaxúa, e faise entender mediante signos porque, como viches, era xordomudo. Evidentemente, na época medieval non se coñecía unha **linguaxe de signos** como

as que na actualidade permiten a comunicación entre os xordos e coas persoas que están introducidas nese código, pero podemos supoñer que, con vontade de facerse entender, é posible.

Non obstante, quizais che interese saber que a linguaxe de signos é unha lingua natural que existe dende que as comunidades xordas se organizaron como tales. A normalización da lingua dos xordos topa con moitas dificultades, derivadas fundamentalmente do feito de que a súa entidade como lingua natural non é recoñecida e, ademais, carecen de escritura. Só moi recentemente se inclúen intérpretes de signos nalgúns actos públicos ou se ofrecen subtítulos para xordos nos programas televisivos. Pola súa banda, as asociacións de xordos reclaman a creación de servizos de interpretación entre a lingua oral e a de signos e que se impulse dende as administracións o desenvolvemento dunha educación bilingüe.

## Actividades

### Arredor do texto

246

1. O proceso comunicativo falla cando algún dos elementos que interveñen nel non está axustado co resto; busca información sobre este particular e contesta, ¿como se establece a comunicación entre unha persoa xorda que se expresa mediante a linguaxe de signos e unha persoa que non ten problemas de audición e non entende eses signos? Desenvolve a resposta.

### Contido

2. A nai do neno esgota todos os recursos ao seu alcance para tentar curalo, ¿cales son eses recursos? ¿Poderías clasificalos con arranxo a algunha categoría? ¿Cal?
3. Inmediatamente despois de informarnos de que o neno decide xaxuar, dinos que enferma gravemente; ¿cres que a súa enfermidade pode estar relacionada co xaxún que ofreceu á Virxe? Razona a túa resposta.
4. ¿Podemos dicir que o que fan o neno e mais a Virxe é un trato? ¿Por que? ¿En que termos se establece?

5. A Virxe ofrécelle ao neno o paraíso se persevera no seu servizo, ¿a que cres que se refire?
6. Despois de ser curado, o neno “comeu e bebeu” (v. 49); ¿por que cres que Afonso nolo especifica?
7. O título da cantiga adiántanos que o neno sanda polos rogos da nai, unha vez feita a lectura completa do texto, ¿dirías que o tema é ese? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

8. Nesta cantiga abundan os adxectivos; fai un listado con todos os que aparecen e a continuación clasifícaos.
9. É propio da lírica medieval, sobre todo cando foi concibida para ser recitada en público, que se chame a atención do auditorio mediante distintos procedementos; un deses procedementos é o léxico popular, ou mesmo vulgar. ¿Hai algún caso de expresión popular nesta composición?
10. No que atinxe aos recursos expresivos explotados nesta cantiga, quizais o máis rechamante sexa o tratamento do diálogo no texto; por unha banda, nos vv. 30-33, o narrador facilítanos só o parlamento dun dos elementos que entran no diálogo, debéndose sobreentender o expresado polo outro e, nos vv. 35-46 temos un diálogo en estilo directo no que se narra en estilo indirecto un diálogo anterior. ¿Poderías desenvolver este punto máis polo miúdo?

247

### Unha actividade de investigación

En **Debes saber que...** ofrecémosche unha breve introdución á linguaxe de signos empregada polos xordos para comunicarse, ¿poderías afondar un chisco máis no tema? ¿Sabes o que é o *alfabeto dactilolóxico*, por exemplo? ¿Sabes se todos os idiomas empregan os mesmos acenos

para designar os conceptos? ¿Por que? Busca a información e elabora un informe o máis exhaustivo posible sobre este particular:

### **Un punto para a reflexión**

¿Parácheste algunha vez a pensar no sentimento de *incomunicación* que debe experimentar unha persoa xorda no seu día a día? Fai o exercicio de poñerte no seu lugar e redacta un escrito no que deas conta dos diferentes pensamentos e sensacións que tal situación che suxira.

### **Se eu fose ministro ou ministra de Asuntos Sociais...**

... Propondría as seguintes solucións para facilitarlles a vida ás persoas con esta clase de eivas físicas:

248

\* ...

\* ...

\* ...

\* ...

\* ...

\* ...

\* ...

\* ...



**31**  
(278)

**Esta é de como unha boa señora de Francia  
que era cega veu a Vila-Sirga e tivo aí vixilia,  
e foi logo sandada e recobrou a vista.  
E ela, índose para a súa terra, achou un cego  
que ía en romaría a Santiago e ela aconselloulle  
que fose para Vila-Sirga e sandaría**

*Como sofre moita coita o home por cego ser,  
así fai gran piedade a Virxe ao socorrelo*

E sobre isto contarvos quero un milagre fermoso e belo  
que mostrou en Vila-Sirga a Nai de Manuel,  
5 onde fai a miúdo moitos, que son máis doces có mel,  
para que quen nela fía, poida gran pracer aí ter.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

Isto foi naquel tempo no que a Virxe comezou  
a facer en Vila-Sirga milagres, polo que sandou  
10 a moitos de enfermidades, e mortos resucitou.  
E por iso as xentes alí algo comezaban a facer,  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

E de moitas terras eran os que viñan alí.  
Pero unha dona de Francia, cega, polo que eu oín,  
15 romeira a Santiago foi, e pasoulle así:  
que non sandou na visita, de xeito que puidese ver.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

E despois á volta, cando chegou a Carrión,  
unha filla dela dixo: “Tentade, se Deus vos dá perdón,  
20 acubillarvos máis adiante nunhas chozas que están  
preto do noso camiño, e alí poderemos xacer”.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

E en canto saíron da vila, moi preto daquel lugar,  
púxose a chover moi forte, e foron entrar  
25 con aflición na igrexa, e alí, ante o altar  
deitáronse. E a cega foi a súa oración facer,  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

Rogando a Santa María, a Señor espiritual,  
que se apiadase dela e lle quitase aquel mal,  
30 para que recobrase a súa vista. E despois a que pode e vale  
fixo que fose logo sandada. E púxose a bendicir  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

Á Virxe Santa María; e ao outro día retomou  
o seu camiño, e indo así, un home cego achou  
35 que a Santiago ía; pero ela lle aconsellou  
que fose por Vila-Sirga, se quería a vista obter.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

E contou todo o seu caso, cómo fora con moitos  
romeiros para Santiago, pero que nunca dos seus  
40 ollos a vista recobrara, pero despois a Nai de Deus  
Ila dera en Vila-Sirga polo seu moi gran poder.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

O cego creu á dona, e tan axiña partiu  
e foi á carreira, tan pronto como se despediu;

45 e despois foi a Vila-Sirga, e fixo a súa oración e viu,  
que non quixo Santa María en sandalo retrasarse.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

Os que isto souberon, todos logo conxuntamente  
loaron a Santa María, a Señora do bo talante,  
50 por tan axeitado milagre que fixo, e tan sen afán,  
como en facer a dous cegos tan axiña sandar.  
*Como sofre moita coita o home por cego ser...*

#### NOTAS

**Título, Vila-Sirga:** Actual Villalcázar de Sirga, na provincia de Palencia. A igrexa parroquial de Santa María a Branca (considerada Virxe milagrosa) era onde se prostraban os peregrinos xacobeos que ao longo do século XIII se dirixían a Santiago.

**V. 5, *fai a miúdo moitos*:** Afonso, no seu cancionero, relata catorce milagres en Vila-Sirga.

**V. 18, *Carrión*:** Carrión de los Condes é unha cidade situada na provincia de Palencia.

251

## Comprensión do texto

Unha muller cega peregrina coa súa filla dende Francia a Santiago de Compostela para ser curada polo apóstolo, pero non o consegue. De volta, as mulleres deciden parar en Carrión, onde a enferma roga á Virxe que a sande; Santa María concédello. No camiño de regreso, atopan a outro cego que se dirixe a Compostela para que o cure Santiago e a muller cóntalle a súa historia, e recoméndalle que vaia a Vila-Sirga; o home así o fai e a Virxe non tarda tampouco en curalo a el. Todos os que teñen coñecemento destes milagres loan a Virxe.

### DEBES SABER QUE...

- ✚ Nos materiais de traballo da cantiga 6, atoparás información sobre as peregrinacións en xeral, e sobre as xacobeas en particular.
- ✚ Nas súas orixes, o camiño de Santiago non pasaba por Vila-Sirga, senón que para ir dende Frómista a Carrión cruzábase a vila de Arconada, onde había un hospital de peregrinos moi importante; posteriormente, a ruta alterouse e o camiño terminou pasando por Vila-Sirga, onde se veneraba con moita devoción a Virxe Branca, custodiada na igrexa do mesmo nome.
- ✚ A **igrexa de Santa María** a Branca, cuxa construción data do século XIII, custodia unha talla da Virxe que lle dá nome ao templo. A escultura perante a que se prostrou a muller cega da nosa cantiga é unha talla en pedra policromada que representa unha Virxe sedente, co Neno no seu colo; na parte superior, un coro de anxos portan nas súas mans uns incensarios.
- ✚ Fíxate que Afonso fai que unha personaxe súa desprece as peregrinacións xacobeas ao recomendarlle a outro enfermo que rexeite a idea de ir a Santiago e vaia rogar pola súa curación a Vila-Sirga. Na Idade Media había moita **rivalidade entre os centros de peregrinación** e, neste caso concreto, Afonso tiña particular interese en converter en foco de atracción para os peregrinos a igrexa de Vila-Sirga, onde mesmo fixo enterrar o seu irmán don Felipe. Decátate de que as ofrendas presentadas polos peregrinos eran unha importante fonte de ingresos e pagaba a pena competir por elas.

No caso persoal de Afonso, ademais, había outro motivo, xa que a súa hostilidade con Santiago obedecía a motivos persoais. Verás, Afonso sempre seguiu a estratexia política de utilizar a Igrexa como instrumento para gobernar o reino, e cando os nobres se rebelaron contra el no 1272 (nos materiais de traballo da cantiga 28 atoparás información sobre este particular), o arcebispo de Santiago, entre outros, apoiounos en contra do monarca. Pero os problemas con Santiago viñan xa de antes e tiñan que ver coa loita polo control político da zona.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Debuxa un mapa da provincia de Palencia onde se poidan situar todos os puntos xeográficos mencionados na cantiga. Marca o trazado do percorrido realizado pola nosa protagonista. ¿Coincide co actual *Camiño de Santiago*?
2. ¿Que é unha “Virxe sedente”?
3. ¿Cres que existe relación entre a proliferación de reliquias na Idade

Media e a rivalidade entre os distintos centros de culto e peregrinación? Xustifica a túa resposta.

### Contido

6. ¿Quen é “a Nai de Manuel” (v. 4); ¿por que vén así denominada?
7. ¿Dirías que Vila-Sirga era nos tempos de Afonso X unha vila moi desenvolvida? ¿Por que?
8. ¿Por que a muller aconsella ao cego que non continúe camiño a Santiago?
9. ¿Que tipos de milagres fai a Virxe Branca de Vila-Sirga? ¿De que liñas do texto se pode deducir ese dato?

### Recursos expresivos

10. Na primeira estrofa, Afonso caracteriza dun xeito moi expresivo os milagres que a Virxe obra en Vila-Sirga; ¿con que recursos o consegue?
11. ¿Cales son as advocacións que se empregan ao longo desta composición para nomear a Virxe?
12. ¿Segundo o autor da cantiga este milagre é recibido pola tradición ou é unha creación persoal súa? Xustifica a túa resposta.
13. ¿Hai algunha estrutura comparativa no texto? ¿Onde?
14. A muller cóntalle ao cego en estilo directo como foi a súa experiencia; traslada as súas palabras a estilo directo.

253

### Un traballo de investigación

A mediados do século XII, unha das Ordes Militares máis importantes ao longo de toda a Idade Media, os Templarios, estableceuse en Vila-Sirga. Busca o material que precises e elabora un informe xeral

sobre a natureza, funcións, estatutos, etc. das ordes militares na Idade Media.

### **Unha actividade diacrónica**

Na actualidade, coa axuda dun bo mapa e a destreza de sabelo interpretar, podemos orientarnos por calquera lugar onde non estiveramos antes. As mulleres da nosa cantiga diríxense a Compostela, supoñemos que por primeira vez, dende unha localidade francesa non especificada polo trobador: O seu percorrido estaba trazado xa por milleiros de peregrinos que antes ca elas fixeran esa viaxe; aínda así, un traxecto tan longo podía dar lugar a frecuentes extravíos ou desorientacións, a falta das actuais características frechas amarelas. ¿Preguntácheste algunha vez de cando datan os primeiros mapas?

254

A cartografía nace cos primeiros pobos sedentarios (algúns estudosos mesmo pensan que naceu incluso antes que a propia escritura, e aínda hoxe se conservan mapas chineses ¡con tres mil anos de antigüidade!). O home, ao asentarse nun lugar concreto, precisaba dominar o seu espazo por diferentes motivos, entre eles unha boa explotación dos recursos ou unha optimización dos sistemas de defensa. Deste xeito, fíxose preciso conservar o recordo doutros lugares que fan coñecendo nas súas rutas de caza, sinalando posibles atrancos e descartando camiños non idóneos.

Máis tarde, foi en Grecia onde a cartografía adquiriu o rango de ciencia. Na primeira Idade Media, os mapas eran moi sinxelos. Os mapas da primeira parte do período medieval dividían a terra en tres partes, Europa, Asia e África, circundadas polo océano e atravesadas polo río Nilo, o Don e mais o mar Mediterráneo. O motivo desta distribución era que se inspiraban nos textos bíblicos, polo que localizaban Xerusalén no centro do mundo. Posteriormente, a partir do século XIII, aparece un novo tipo de mapas especialmente destinados a marcar rutas mariñas



255

que se chamaban *cartas portulanas*. Estas cartas, feitas sen dúbida coa axuda de brúxulas, deseñaban escrupulosamente rumbos posibles e rosas dos ventos.

Con axuda do teu profesor, faite cun mapa medieval e busca o correspondente actual; sinala as súas diferenzas.

Por certo... ¿sabes que é unha rosa dos ventos?





**32**  
(287)

**Esta é de como Santa María da Scala,  
que está preto de Xénova, librou da morte  
a unha muller que ía alá polo mar en romaría**

*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten,  
o que por mal lle fagan, todo llo torna en ben.*

E sobre isto un gran milagre vos direi, se vos prouguer,  
que mostrou Santa María por unha boa muller  
5 que en Xénova vivía; e quen o lugar quixer  
saber: foi na ermida da Scala, que preto de alí está.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

257

Esta estaba casada cun home que peor  
lle quería ca outra cousa do mundo, e como pecador  
10 isto non o ocultaba; e o falso traidor  
buscou como matala, e fixo niso mala imprudencia.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

Esta en Santa María confiaba, polo que oín,  
máis que en ningunha outra cousa, e sucedeu entón así:  
15 que a protexeu da morte, tal como oiredes por min;  
e de cómo foi isto, eu non vos negarei nada.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

O home por matala dixo esta razón:  
“Ai, muller, por Deus, imos ambos facer oración

20 á ermida da Scala por mar, que por terra non,  
e este meu consello non miredes con desdén”  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

Ela creuno e foise con el a aquel lugar;  
pero o falso, que tiña moitas ganas de a matar,  
25 colleuna, indo na barca, e botouna ao mar.  
Pero salvouna despois na ribeira a Señora que nos mantén.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

Cando isto viu o marido, de corazón lle pesou  
e foi logo onda ela e tanto lle rogou  
30 que entrou con el na barca; e axiña a agarrou  
e meteua nun saco, para que nunca saíse de alí.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

258

E atou ben o saco aquel falso desleal,  
e tirouna ao mar logo, porque lle quería moi mal;  
35 pero axiña foi con ela a Raíña espiritual,  
e púxo a salvo fóra. E aquí o falso volveu  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

Pensando que estaba morta, e foi da barca descender  
e dereito á ermida foi para a oración facer;  
40 e cando foi á porta, viu a súa muller alí ter  
o saco na man, dicindo: “Non che convén  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

Que estas máis comigo: que a Virxe me protexeu  
cando no mar me botaches, e a miña oración oíu  
45 e no mar moi fondo este saco abriu,  
que non quixo que alí morrese; bendita sexa, amén”.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

Cando isto viu o marido, aos pés lle caeu  
e perdón pediu chorando, por aquel que naceu  
50 da Virxe Santa María; e ela o recibiu,  
e ambos en romaría foron a Xerusalén.  
*Ao que en Santa María todo o seu corazón ten...*

#### NOTAS

**Título, Xénova:** Cidade costeira italiana, situada na Liguria, ao norte do país.

## Comprensión do texto

Unha muller xenovesa, que era moi devota da Virxe, estaba casada cun home que a maltrataba continuamente e planeaba matala. O home levouna enganada, por mar, á ermida da Scala; no camiño, empurrouna fóra da barca, pero a Virxe salvouna. O marido, ao ver iso, arrepeniuse e pregoulle que volvese subir á embarcación, e ela accedeu. Por segunda vez, el aproveitou para metela nun saco, que atou e botou ao mar; a Virxe socorreuna novamente. Desta vez, o home non se decatou de que a súa dona fora salvada, e continuou o camiño, indo facer a súa oración á ermida, como tiña previsto. Unha vez entrou no templo, viu que a súa muller se achaba alí sa e salva, e co saco no que fora pechada na man. A muller contoulle como fora salvada pola Virxe e advertiuno de que non volvera con ela. O home arrepeniuse, esta vez en serio, e pediulle perdón moi sentidamente; ela perdoouno e os dous peregrinaron a Xerusalén.

### DEBES SABER QUE...

- Para ver a situación de **sometemento** das mulleres na Idade Media, recupera os materiais de traballo correspondentes á cantiga número 12. Nesta composición en concreto, o asunto que se narra é un caso de violencia de xénero, que suporía unha manifestación extrema dese sometemento.

Verás, no Novo Testamento hai unha carta de San Paulo que contén unha frase moi significativa e que será o lema da Igrexa no que a doutrina moral do matrimonio se refire: "E, como a Igrexa se somete a Cristo, así tamén as mulleres aos seus maridos en todo" (Ef 5, 24). Deste xeito, o home mandaba e a muller obedecía sen chistar (hai documentos medievais onde a esposa aparece denominada "maritali jugo subdita", é dicir, "escrava do xugo marital"). Pola súa banda, os maridos tiñan dereito de castigo avalado polos decretos canónicos, o que os lexitimaba para exercer o seu mando con violencia. Está probado que polo regular así o facían e, ademais, de xeito mesquiño, é dicir, intervindo na vida da esposa tamén no eido do estritamente persoal e privado, como poden ser as prácticas relixiosas ou mesmo as vestiduras. Ademais, tiñan a potestade de repudialas (o propio Afonso repudiou a súa esposa nun primeiro momento a causa da súa esterilidade, decisión que revocou cando, por sorte, ela quedou en estado ao pouco do repudio).

Nos séculos XIV e XV, a inmensa maioría dos litixios relacionados con asuntos familiares que se dirimían en París eran casos de violencia de xénero, o que demostra que moitas esposas non admitían voluntariamente este xugo como pretendían os eclesiásticos e a sociedade masculina en xeral; a maioría destes casos resolvíanse amoestando os maridos pola súa violencia cando era excesiva e lembrándolles ás esposas que, malia todo, lles debían obediencia.

- Ata hai moi pouco, a situación das mulleres dentro do núcleo familiar non difería substancialmente do que vimos de ver; e as consecuencias diso no que atinxe ao tema da **violencia de xénero** é que estaban socialmente admitidos actos que hoxe consideramos agresións. A situación cambiou cando se deron as circunstancias que propiciaron o acceso das mulleres ao mundo laboral, xa que a independencia económica da muller dotouna de autonomía. Esta situación foi parella a políticas igualitarias que permitiron que eses casos de violencia dentro do ámbito familiar saísen á luz e fosen tratados coma os delitos que son.

Considérase que unha muller maltratada é a que, sendo maior de idade, sofre abusos por parte do home co que ten ou tivo no pasado unha relación íntima. Os abusos que pode sufrir unha muller por parte da súa parella ou ex-parella son moi variados, e van dende ameazas a golpes, pasando por violacións e, obviamente, a mesma morte, ata o máis sutil e non menos grave maltrato psicolóxico (que, por certo, vai implícito tamén no maltrato físico).

O que debe facer unha muller vítima de maltrato é o seguinte: recorrer aos Servizos Sociais da súa localidade, onde a informarán dos seus dereitos e das capacidades que as institucións públicas posúen para apoiala; se existen lesións físicas, debe ir a un centro sanitario onde a asistan e lle dean un parte de lesións, co que irá a unha comisaría poñer a correspondente denuncia.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Provete dun mapa de Italia e localiza os topónimos mencionados no texto.
2. ¿Cres que nesta cantiga se impón a xustiza divina por riba da humana? Xustifica a túa resposta.

### Contido

3. ¿Como engana o home a súa muller?
4. ¿Por que a mete no saco a segunda vez? ¿Que quere evitar o home?
5. ¿Onde se reencontran os dous finalmente?
6. ¿Por que se arrepite o marido?

261

### Recursos expresivos

7. ¿Hai algún elemento nesta cantiga que che permita afirmar que foi composta para ser recitada perante un público?
8. A narración desenvólvese de maneira lineal, sen apenas elementos que afasten a atención do nó do relato, ¿concordas con isto? Xustifica a túa resposta.
9. ¿Con que adxectivos vén cualificado o marido ao longo da composición? ¿A que campo semántico pertencen?
10. ¿Hai algún caso de estrutura comparativa no texto?

### Un asunto de investigación

Para que exista unha situación de maltrato só é preciso que o maltratador exerza violentamente a súa situación de superioridade, superioridade que pode

ser física, psicolóxica ou económica. Parece ser que non existe un perfil moi concreto de maltratador; xa que este fenómeno se dá en todos os estratos sociais, económicos ou culturais, aínda que case sempre comparten características como as de que son intolerantes, posesivos, coa autoestima baixa, non recoñecen os seus erros e responsabilizan deles aos demais, particularmente á súa muller; son controladores cos fillos e, sobre todo, coas fillas e non adoitan exteriorizar os seus sentimentos, entre outras características; ademais, xeralmente non recoñecen ser maltratadores e, se nalgún caso confesan ter incorrido en maltrato, culpan á parella por provocalo, ou ao alcohol, etc. Non obstante, hai unha circunstancia que pode concorrer, e é que de pequenos foron testemuñas de maltrato por parte doutros homes cara ás mulleres. Isto lévanos a pensar que se *aprende* a ser maltratador... pero, ¿pódese aprender a non selo?

Ultimamente estanse levando a cabo estudos nos que se tentan elaborar propostas de tratamento psicolóxico para ver se os maltratadores son recuperables. Busca a información necesaria e elabora un informe sobre este tema.

### **Un punto para debater**

¿Por que a protagonista da nosa cantiga perdoa sen dubidalo ao seu home despois de que tentara asasinala por dúas veces? ¿Sabías que as lesións por maltrato no fogar son a primeira causa pola que as mulleres precisan asistencia sanitaria, por diante de accidentes de coche ou de calquera outro tipo de circunstancia? ¿Sabías que no ano 2004 morreron en España 84 mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas? E, aínda que che poida parecer estraño, ¿sabías que un 75% desas mulleres nunca denunciaran o maltratador? Nestes tempos púidose comprobar que non sempre a independencia económica conleva autonomía afectiva, é dicir, o maltrato continuado sófreno tamén mulleres cuxo traballo é remunerado... ¿que é pois o que leva a esas mulleres a aguantar tanto? Son

moitos os factores: unha educación que privilexia os homes (irmáns, pai, avó...) sobre as mulleres, problemas de autoestima persoal e profesional, desexo de evitar sufrimento aos fillos, etc.

¿Cres posible que con axuda psicolóxica unha muller maltratada poida deixar a súa parella? ¿Cales cres que serían os procedementos a seguir? Debáteo cos compañeiros incluíndo entre os vosos argumentos, se o vedes necesario, as conclusións recollidas no apartado anterior:





**33**  
(320)

**Esta é de loor de Santa María**

*Santa María leva  
o ben que perdeu Eva.*

O ben que perdeu Eva  
pola súa necidade,  
5 ganouno Santa María  
pola súa grande humildade.  
*Santa María leva...*

O ben que perdeu Eva  
pola súa gran loucura,  
10 ganouno Santa María  
coa súa gran cordura.  
*Santa María leva...*

O ben que perdeu Eva  
a nosa nai antiga,  
15 ganouno Santa María  
cando foi de Deus amiga.  
*Santa María leva...*

O ben que perdeu Eva,  
polo que perdeu o paraíso,  
20 ganouno Santa María  
polo seu moi bo siso.  
*Santa María leva...*

O ben que perdeu Eva  
cando perdeu de Deus o medo,  
25 ganouno Santa María  
crendo nel moi cedo.  
*Santa María leva...*

O ben que perdeu Eva  
rompendo o mandamento,  
30 ganouno Santa María  
polo seu bo entendemento.  
*Santa María leva...*

Canto ben perdeu Eva  
facendo gran tolería,  
35 ganouno a gloriosa  
Virxe Santa María.  
*Santa María leva...*

#### NOTAS

**V. 4, (a) *súa* *necidade*:** Alude ao erro cometido por Eva ao caer na tentación do demo, co que perdeu o paraíso para ela e toda a humanidade.

### Comprensión do texto

Esta cantiga xira arredor do paralelismo entre Eva e María. Así, acúsase a Eva de ser a responsable de que a humanidade nacera co “pecado orixinal”, pero sinala que grazas á intermediación de María foi posible a reconciliación con Deus.

**DEBES SABER QUE...**

➡ **Eva** é a primeira muller segundo a Biblia. O nacemento dos nosos primeiros pais está nos textos bíblicos integrado no relato da creación. No libro da Xénese cóntase que no espazo dunha semana, Deus foi creando o ceo e mais a terra, e todos os elementos que os compoñen. O sexto día, decidiu crear o home. Agora non vén ao caso o motivo, pero debes saber que por circunstancias da transmisión dos libros sagrados, chegarónnos dúas versións que discrepan un chisco sobre a creación da humanidade. Verás: a versión máis coñecida é a de que “infundiu o Señor Deus un sono profundo no home, e este adormeceu. Tiroulle unha costela e cerrou con carne o sitio. Da costela do home formou unha muller...” (Xn 2, 21-22), pero, no capítulo anterior, dise simplemente: “E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno varón e femia” (Xn 1, 27), o que parece dotar dunha natureza menos subordinada a muller:

O relato bíblico cóntanos que o home caeu en desgraza por desoír o mandato divino e comer da árbore prohibida. Dísenos que a serpe tentou a Eva, quen colleu un froito, probouno e deullo a comer a Adán. Inmediatamente, os dous repararon en que estaban espidos, tapáronse e escondéronse de Deus que chamaba por eles. Deus recriminoules a súa desobediencia e a continuación castigounos: á muller condeouna a parir con dor e a ser dominada polo home, e ao home a traballar para poder vivir. Finalmente, botounos do xardín do Edén.

A condena imposta aos primeiros homes estendeuse a toda a súa descendencia, e a salvación de tal condena veuna traer María ao parir o fillo de Deus, que morreu para redimir os homes do pecado. Dende moi antigo, as dúas mulleres se propoñen como exemplos de contrarios: por Eva caemos no pecado e María librounos del; Eva desobedeceu a Deus e María obedeceuno en todo; con Eva o home foi expulsado do Paraíso, pero grazas á Virxe podemos recuperalo...

**Actividades****Arredor do texto**

1. Eva tivo tres fillos, dous deles particularmente coñecidos, ¿por que? ¿Como se chamaba o outro?
2. Dícímosche máis arriba que Deus creou o home e mais a muller ao sexto día, ¿sabes que fixo o sétimo?

**Contido**

3. Seguindo a caracterización que de Eva e María che facilitamos máis arriba contesta, ¿cales das súas calidades salienta o trovador? Xusti-

fica nos textos a túa resposta.

4. Despois dunha lectura detida do apartado **Debes saber que...** responde, ¿cal é exactamente o *ben* que perdeu Eva?
5. Enumera as ideas que o trovador asocia a Eva. A seguir contesta, ¿a que campo semántico pertencen?
6. ¿Cales son os atributos que adoman a María?

### Recursos expresivos

7. Formalmente, esta cantiga áchase moi próxima na súa construción á *balada*; busca un manual de métrica, procura unha descrición da balada e establece as semellanzas entre ela e esta composición.
8. ¿Dirías que o paralelismo é un recurso explotado nesta cantiga? Xustifica a túa resposta.
9. É curiosa nesta composición a escasa variación nos verbos escollidos polo trovador; ¿cales son eses verbos que se reiteran? ¿A que cres que se debe esa constante repetición?
10. Ao igual que ocorre nesta, a anterior cantiga de loor que viches nesta escolma (número 23), ten unha estrutura métrica moito máis complexa que as cantigas de milagre. ¿Poderías achegar unha explicación a isto?


268

### Un punto para a reflexión

“A muller que aprenda en silencio e con toda submisión. Non lle consinto á muller que ensine, nin domine o home, senón que estea calada. Porque primeiro crearon a Adam, despois a Eva. E a Adam non o enganaron, senón que a muller se deixou enganar e caeu no pecado” (1Tim 2, 11-14). Estas palabras son de san Paulo e reflicten á perfección o ideal de submisión que se inculcaba ás mulleres.

Nesta composición opóñense dous modelos femininos: o contramodelo é Eva, que se presenta como un mal exemplo pero, non obstante, pode facer

uso da súa liberdade. A da liberdade é unha prerrogativa que nas mulleres hai moi pouco que se valora e mesmo permite, por iso sinalamos na análise da terceira cantiga que o arquetipo a imitar polas mulleres foi sempre o de María, coa obediencia como virtude máis ponderada. Repasa os materiais de traballo da terceira cantiga e, sobre todo, recupera as ideas que ti e mais os teus compañeiros expuxestes no debate, cuxo asunto eran as expectativas sociais para as mulleres. Redacta as ideas que che xurdan a partir dunha reflexión sobre este particular.



**34**  
**(323)**

**Esta é de como Santa María resucitou un meniño  
en Coira, unha aldea que está preto de Sevilla**

*Entre todas as virtudes que á Virxe lle son dadas,  
está a de amparar ben as cousas que lle son encomendadas.*

Porque ela, que é amparada, pode gardar ben sen contenda  
o que lle dean para protexer, e telo na súa encomenda.

- 5 E por iso un gran milagre direi, para que Deus me defenda,  
que fixo esta que xa ten feitos outros moitas veces.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

271

- 10 En Coira, preto de Sevilla, este gran milagre foi feito  
no tempo que Abuū Yuūsuf pasou ben polo estreito  
de Alxeciras, e a terra de Sevilla toda a eito  
percorreu, e moitas aldeas dos mouros foron queimadas.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

- 15 Alí había un bo home que un filliño pequeno posuía,  
e que tanto amaba como a vida que vivía;  
a este deulle unha febre e foi morrer ao terceiro día.  
O pai, con pena del, no seu rostro deu palmadas,  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

- 20 E despeiteou os seus cabelos, e fixo gran dó  
dicindo: “Ai, meu fillo, cómo quedo sen ti tan só;  
quixera eu que ti me vises como eu vin o teu avó,  
meu pai, que me daba moitos agasallos xenerosos”.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

E estando el dicindo isto, os mouros logo botaron  
as súas algaras, e atacaron e roubaron canto acharon;  
25 e os de Coira, correndo, todo o lugar abandonaron,  
fuxiron, e ficaron as casas desamparadas.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

Aquel home que para soterrar o seu fillo estaba,  
cando viu atacar a vila, o fillo desamparaba,  
30 e á Virxe bendita logo encomendaba  
todo canto el tiña, chorando a saloucadas.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

Foise o home e os mouros todo aquel lugar arrasaron,  
pero na casa daquel home non entraron nin tocaron;  
35 mentres que todos os outros, canto tiñan, aí o perderon,  
non perdeu o home bo o valor de tres diñeiradas.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

272

Porque naquela casa entrou a Señora cumprida  
de todo ben, e moi axiña deu ao meniño vida,  
40 e protexeu as outras cousas, que non atopou o home despois  
que lle faltase nada, nin sequera estaban as portas arrincadas.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

E achou o seu fillo vivo, e preguntoulle qué acontecera,  
ónde e cómo resucitara, porque el por morto o tivera;  
45 e el díxolle que unha dona con el estivera,  
que o protexera dos mouros e que as súas cousas ben gardara  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

Que nin sequera tocaran nelas, nin ningún dano  
fixeran, nin no leito nin na mesa nin no escano.



50 Cando isto oíu o bo home, como disto estaba moi certo,  
foi chamar os seus veciños; e en canto lles tivo mostradas  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

Todas estas marabillas, loores por elas deron  
á Virxe gloriosa; e a cantos llo dixeron  
55 bendiciron o seu nome, e gran festa lle fixeron,  
e houbo alí, de alegría, moitas bágoas choradas.  
*Entre todas as virtudes que á Virxe son dadas...*

#### NOTAS

**V. 3, *contenda*:** Subst. fem. que significa 'acción e efecto de contender'; *contender*, entre outros significados, ten o de 'disputar, discutir con outra persoa... '.

**V. 9: *Abuū Yuūsuf*,** fillo do califa Abuū Yaqub, entra na península Ibérica no ano 1195. É el quen inicia a construción da Giralda de Sevilla.

**V. 16, *no seu rostro deu palmadas*:** É a maneira de Afonso de expresar a dor que sente o pai.

**V. 24, *algaras*:** Subst. fem. de orixe árabe que fai referencia a un grupo de persoas armadas que se desprazan a cabalo e que se dedican a realizar ataques rápidos dentro do territorio inimigo.

## Comprensión do texto

Un meniño de Coira morreu dunhas febres no tempo en que os mouros estaban invadindo a zona. Cando o pai ía enterrar o neno, todos os da súa aldea abandonaron o lugar fuxindo dos mouros, e o home tamén se viu obrigado a escapar, deixando o seu filliño encomendado á Virxe. Os mouros entraron no pobo e saquearon todas as casas menos aquela onde se atopaba o meniño morto. Despois, entrou a Virxe e resucitou o neno. Cando volveu o pai, atopou a

súa casa intacta e o seu fillo con vida. O neno contoulle como unha muller fora onda el e o protexera dos mouros, gardando tamén as súas pertenzas. O pai, abraiado, relata tal feito aos veciños e todos loan á Virxe.

### DEBES SABER QUE...

- ✚ *Coira* é a actual **Coria del Río**, cidade situada na marxe dereita do río Guadalquivir; na comarca do Aljarafe, a uns doce kms. ao sur de Sevilla, a capital. Na Idade Media, Coria estivo dominada polos árabes, e a vila chamábase *Qawra*.
- ✚ Xa sabes (podes reler os materiais de traballo da cantiga 11) que no 711 os musulmáns invaden dende o sur gran parte do territorio peninsular; quedando practicamente reducidos os territorios cristiáns ás montañas cántabras e pirenaicas. Non moito despois, estes grupos cristiáns inician o avance cara ao sur; coa intención de recuperar as terras que perderan (como sabes, este proceso culminará coa toma de Granada polos Reis Católicos no ano 1492).

O sur da Península Ibérica, que nestes anos de dominio musulmán se coñece como Al-Ándalus, acharase condicionado por estas circunstancias. No século XI cae o Califato de Córdoba, co que se crearán pequenas células políticas de reinos individuais, os Reinos de Taifas, que vivirán numerosas loitas internas que os fan vulnerables aos ataques dos pobos nómades do norte de África.

Os reinos cristiáns aproveitan esta situación de debilidade dos musulmáns para presionar dende o norte. Así, Fernando III (pai de Afonso X) inicia as operacións militares no 1224; Córdoba cae no 1237 dez anos máis tarde é cercada Sevilla (podes facer unha relectura dos materiais da cantiga 9, que che refrescará os coñecementos sobre estratexias bélicas na Idade Media). A zona do Aljarafe, onde está Coria, é fundamental dende o punto de vista estratéxico xa que era de onde viñan os víveres para alimentar a poboación cercada e, ademais, os reforzos militares dos musulmáns dende Niebla, o que motivará que fose o territorio máis controlado polos exércitos cristiáns.

Entre os acordos que se negociaron coa caída de Sevilla incluíase a entrega das terras do Aljarafe, que así se integra na coroa de Castela. Agora tocaba repoboar a cidade de cristiáns, que viñeron, como che dixemos, das terras do norte peninsular atraídas pola promesa de terras de cultivo e casas onde vivir. Non obstante, debes saber que a política repoboadora de Fernando III e mais do seu fillo Afonso X foi a de non expulsar a poboación mudéjar, xa que se precisaba man de obra no fértil campo da ribeira do Guadalquivir.

Nesta cantiga nárrese como a cidade é atacada polos mouros, por tanto podemos deducir que nese momento estaba xa en mans cristiáns. Así, este contexto poético non fai senón reflectir a situación histórica dos numerosos ataques dos que esta zona foi obxecto nos anos posteriores á súa reconquista e repoboamento. A zona onde está Coria era moi perigosa dado que era fronteira cos territorios musulmáns e estes sometían a cidade a continuos ataques.

Os ataques máis importantes, non obstante, eran os que perpetraron os benimeríns dende o 1260 aproximadamente, ata o 1285. ¿Sabes quen estaba ao mando destas tropas ofensivas? Pois nada menos que o Yusuf da nosa cantiga. Estes ataques continuados arruinaron a zona e provocaron que moitos dos repoboadores regresaran ás súas terras de orixe.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Para unha axeitada comprensión das explicacións coas que contextualizamos o contido da cantiga, serache necesario proverte dun mapa da zona. Localiza nel as distintas poboacións mencionadas.
2. Busca nun dicionario o termo *capitulación* e tenta deducir a qué momento dos relatados en **Debes saber que...** se pode aplicar.
3. ¿Sabes o que significa *razzia*? Poderías aventurar unha explicación a partir do relato afonsino.
4. *Almorávides*, *almohades* e *benimeríns* son pobos que chegaron á Península dende o norte de África; ¿poderías achegar unha breve caracterización de cada un deles?
5. Xa sabes o significado de *algara*, ¿poderías agora deducir, se é que non o coñeces, o de *algarada*?
6. Nesta composición, vemos a maneira como un personaxe expresa a dor que sente pola morte dun ser querido. En Galicia, particularmente en determinadas zonas, o dó maniféstase tamén dun xeito singular; ¿sabes cal é? ¿Poderías explicar a que obedecen estes rituais?

275

### Contido

7. ¿Cal parece ser o motivo de fondo polo que o trobador relata os milagres da Virxe? ¿Por que?
8. Na primeira estrofa o trobador parece querernos dicir que aínda hai unha instancia máis alta que a propia Virxe María, ¿estás de acordo con esta impresión? Xustifica a túa resposta dende o propio texto.
9. ¿Cal foi o “tempo que Abuū Yuūsuf pasou ben polo estreito”? Por certo, ¿cal é ese estreito? Xustifica a túa resposta.

10. ¿Cales son as mostras de dó con que o pai se lamenta polo pasamento do fillo?
11. ¿Cal foi a reacción dos corianos ao recibir os ataques inimigos?
12. Esta é a primeira das cantigas que che presentamos nesta escolma, onde a Virxe favorece a alguén sen ser directamente emprazada para tal fin e sen especificarse que o desvalido sexa particularmente devoto. Así as cousas, ¿por que dirías que Santa María actúa nesta ocasión?
13. En relación coa anterior actividade, repara en que nese senso hai unha certa contradición entre o refrán da composición e o contido nela. ¿Poderías desenvolver este punto?
14. ¿Poderías establecer a estrutura da composición? ¿Cres que é similar á doutras cantigas que teñas visto ata o de agora? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

15. ¿Encontras na cantiga algún trazo típico da fala coloquial?
16. Algunhas partes desta composición son dunha forte expresividade sentimental; ¿mediante que recursos logra transmitir isto o trovador? E, ¿que efecto quere producir no lector / oínte?
17. O pai diríxelle ao seu fillo unhas sentidas palabras que o fillo non pode oír porque xa está morto. Así, a función comunicativa da linguaxe falla porque o emisor carece de receptor que descodifique a súa mensaxe; ¿cal é, pois, a función lingüística que ten ese episodio?
18. O pai preguntoulle ao seu fillo “qué acontecera, / ónde e cómo resucitara” (vv. 43-44); ¿qué clase de palabras son *qué*, *ónde* e *cómo*? Achega unha definición desa categoría gramatical.
19. No verso 49 o neno dille ao seu pai que os mouros non fixeran dano ningún “nin no leito nin na mesa nin no escano”; ¿sabes a que figura retórica responde esa construción? ¿E que finalidade ten?

## **Á procura dunha información**

Fíxate como a partir do substantivo *algara* se formou o adxectivo *algarada*. Isto é debido a que a lingua é un instrumento vivo, que se transforma continuamente para adaptarse ás necesidades comunicativas dos usuarios. Tendo isto en conta, busca a información que precisas e dá conta por escrito dos distintos procedementos que coñece a túa lingua para a creación de palabras.

## **Unha actividade de investigación**

Nos conflitos bélicos, o sector máis desprotexido é a poboación civil. Isto queda de manifesto moi claramente nesta composición, onde se relata como os habitantes dunha cidade atacada se ven obrigados a abandonar mesmo os seus mortos para poñer as súas vidas, o único que lles queda, a salvo.

Seguramente terás na cabeza o recente cerco e asalto á cidade iraquí de Faluya por parte das tropas estadounidenses; ¿poderías lembrar, despois dunha visita a unha hemeroteca real ou virtual, como foron eses momentos para a poboación civil de Faluya?



**35**  
**(343)**

**Esta é de como Santa María de Rocamadour  
protexeu unha manceba endemoñada  
do demo mudo e fixo que falase**

*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase,  
fixo a outro diabo facer que se calase.*

Conta o Evanxeo dun home que non falaba,  
porque se lle metera o demo; pero aquel Deus que sandaba  
5 todas as enfermidades e os mortos resucitaba,  
en canto o viu, axiña lle mandou que non deixase  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

279

De falar, e que dixese todo canto sabía.  
E del este poder sobrenatural tivo Santa María,  
10 que fixo un gran milagre que contarvos eu quería,  
con tal de que a xente me oíse, e que moi ben me escoitase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

Isto pasou en Cahors a unha muller que unha filla  
tiña, moi fermosa; pero o diabo, que trilla  
15 os seus, colleuna fortemente, ao seu antollo,  
e dicía calquera despropósito a quen lle falase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

A nai, con pena por ela, foi correndo á igrexa,  
e díxolle ao capelán: “Por Deus, o favor vos pido

20 de que socorrades a miña filla, que co demo pelexa”,  
dicindo que tiña medo de que no lume a botase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

El colleu auga bendita a foi alá de bo grado;  
e axiña lle dixo o demo: “Ai, clérigo excomulgado,  
25 ¿e como tan sequera ousas falar? Que agora tal pecado  
fixeches, que boa razón tería quen te matase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

E ademais traes auga bendita e estás maldito,  
e por pouco agora os ollos non che quito”.  
30 Cando o clérigo oíu isto, loitou por afastarse del,  
porque tiña moito medo de que moito máis o insultase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

280

Despois de que marchou o capelán, a todos os que entraban  
para vela, dicíalles aquilo no que pecaban;  
35 polo que tiñan gran vergoña e por iso desconfiaban  
tanto dela, que apenas se achaba quen alí entrase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

A nai, en canto viu isto, con mágoa e con vergoña  
levouna a Rocamadour, que está preto de Gascoña,  
40 e dixo: “Ai, Santa María, roga ao teu Fillo  
que auxilie esta miña filla, de xeito que o demo a deixe.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

Porque, a falta de xuízo faille que diga calumnias  
a todos, polo que teño tal vergoña que nin sei qué diga;  
45 pero ti, que es verdadeira Nai de Deus, e amiga,  
se lle mandases que se vaia dela e se desterre...”.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*



A oración desta dona axiña pola Virxe foi oída,  
 e fixo calar ao demo, e foi a moza sandada;  
 50 e deron por iso loores á Señora tan cumprida,  
 á que calquera llas daría se o meu consello aceptase.  
*A Nai do que fixo ao demo mudo que falase...*

#### NOTAS

**Vv. 3-8:** Pode tratarse do milagre relatado nos evanxeos sinópticos. En palabras de Mateo “Ao que se foron os cegos, presentáronlle un mudo endemoñado. E así que lle botou o demo fóra, o mudo falou” (9, 32-33.b)

**V. 9:** Enténdese que a Virxe ten o poder de exorcizar os demos porque lle foi transferido por Deus.

**V. 13, Cahors:** Cidade francesa, que se atopa na rexión Midi-Pyrénées, no departamento do Lot, cara ao sur do país.

**V. 39, Rocamadour:** Cidade da rexión de Midi-Pyrénées, na que se localiza un famoso santuario dedicado á Virxe.

**V. 39, Gascuña:** Zona situada no extremo suroeste de Francia. O seu nome provén dos vascóns, tribo ibérica que conquistou a rexión no século VI, establecendo o ducado de Vasconia (Gascuña).

**V. 43:** O texto orixinal di “Ca, sen que a ten coitada, faz-lle que diga nemiga”, moi difícil de traducir literalmente, como se pode observar. Optamos pola lectura proposta porque é a que, de xeito máis sinxelo, indica que por acción do demo volveuse tola e este desvarío fai que diga barbaridades a todo o mundo, provocando a vergoña da súa nai que nada pode facer diante desa situación tan bochornosa.

## Comprensión do texto

Unha moza endemoñada manifestaba o seu mal falando sen sentido ningún. A nai da posuída pediulle ao capelán que a exorcizase. El colleu auga bendicida e marchou cara a onde estaba a coitada. O demo que a posuía comezou a increpar e a ameazar o sacerdote. O relixioso marchou e a posuída comezou a calumniar a todos os que alí estaban, por iso ninguén quería quedar onda ela.

A nai, finalmente, optou por levala ao santuario de Romacadour e pedirlle á Virxe que fixese marchar o demo do corpo da filla. A Virxe así o fixo e a rapaza quedou curada.

### DEBES SABER QUE...

¿Lembras a famosa película *El exorcista*, do ano 1973, ou algunha das secuelas do filme? Conta a historia dunha nena que é posuída polo demo, quen lle fai cometer sacrilexios e agredir a súa nai e os sacerdotes que pretenden exorcizala. O caso que nos relata esta cantiga, como vés de ver, é moi semellante: unha muller non é dona de si por influxo do demo.

Un *exorcismo* é o acto de quitarlle a alguén (tamén a lugares ou obxectos) os demos ou espíritos malignos que os habitan. Ímonos ater á definición que o Catecismo da Igrexa Católica (n. 1673) nos ofrece sobre o exorcismo e sobre os métodos para levalo a cabo: "Cando a Igrexa pide publicamente e con autoridade, no nome de Xesús Cristo, que unha persoa ou un obxecto sexa protexido contra a influencia do maligno e substraído ao seu dominio, fálase de exorcismo. Xesús practicouno (...). Dunha maneira sinxela, o exorcismo practícase durante a celebración do bautismo. O exorcismo solemne, chamado «grande exorcismo», pode ser practicado só por un presbítero e co permiso do bispo. Nesta materia, é necesario proceder con prudencia (...). É importante, polo tanto, asegurarse, antes de celebrar o exorcismo, de que se trate dunha presenza do maligno e non dunha enfermidade".

Nos primeiros tempos, a forma de obrar o exorcismo era dar unha simple orde ao demo, en ton autoritario, no nome do Cristo crucificado. Ás veces, se era preciso, usábanse accións como o sopro, imposición de mans ou facendo o sinal da cruz.

Vexamos un exemplo de exorcismo, nesta ocasión levado a cabo por Xesús:

"E cadrou que había naquela sinagoga un home posuído por un mal espírito, e púxose a berrar:

-¿Que temos que ver contigo, Xesús de Nazaret? ¿Seica viñeches para acabar connosco? Ben sei quen es ti: ti es o Santo de Deus.

Xesús mandoulle:

-Cala, e bótate fóra dese home.

O espírito malo sacudiuno, pegou un berro moi alto e saíu del"

Mc I, 23-26

## Actividades

### Arredor do texto

1. Nos materiais de traballo da cantiga 21 situámoste, aínda que moi por riba, en Rocamadour. O noso relato transcorre na cidade de Cahors, que está no val do Lot, mentres que Rocamadour aséntase no val da Dordoña, pero as dúas cidades están na rexión de Midi-Pyrenées. Busca unha guía do Camiño de Santiago que abranga tamén o espazo francés: que sorpresa, ¿non si?

### Contido

2. ¿Que quere dicir que o diabo a colleu “ao seu antollo” (v. 15)?
3. ¿Cales son os medios cos que o sacerdote pretende expulsar o demo do corpo da rapaza? ¿Sabes por que se asocia ese elemento á pureza?
4. ¿De que acusa o diabo ao crego? ¿Cal é a reacción deste?
5. Á vista do narrado na cantiga, ¿dirías que o sacerdote fai todo o que está na súa man para exorcizar a muller? Xustifica a túa resposta.
6. ¿En que termos se dirixe a nai da endemoñada á Nai de Deus?
7. Nos primeiros versos da composición, o trovador insiste en que quere que a xente escoite o caso que vai narrar, e nos últimos versos especifica cal é o motivo de trobar estes asuntos. Así, ¿que fin parece perseguir Afonso coas súas cantigas?

283

### Recursos expresivos

8. Antes de entrar na materia concreta do caso que vai relatar, o autor adianta un exemplo que ten relación temática con el. ¿Por que cres que emprega ese recurso?

9. As repeticións son un trazo típico da literatura oral. A súa finalidade é a de clarificar unha idea na cabeza do oínte. ¿Hai nesta composición algún exemplo de repetición?
10. A nai dille ao sacerdote ter medo de que o diabo á súa filla “no lume a botase” (v. 21), ¿sabes a que se refire? ¿Sabes se esa expresión responde a algunha figura estilística?
11. Ao longo da composición, reitéranse os sentimentos que esperta na nai a terrible situación pola que atravesa a endemoñada; ¿a que campo semántico corresponden?

### **Un asunto de investigación**

¿Sabías que a historia que se narra no filme *O exorcista* está baseada en feitos reais? Efectivamente, un rapaz da cidade norteamericana de Maryland, cando tiña catorce anos dixo que oía voces estrañas no seu interior e empezou a comportarse dun xeito estraño. Os pais avisaron aos sacerdotes da súa diocese, que se viron fortemente rexeitados polo rapaz, que reaccionaba dun xeito extremadamente violento á vista de símbolos relixiosos. Parece que finalmente lograron curalo e o neno nunca se lembrou do que pasara ese tempo, podendo facer vida normal (por certo que recentemente, a mediados de marzo do 2005 morreu un dos sacerdotes implicados na curación do meniño).

Sen írmonos a Maryland, seguramente terás oído falar da romaría do Corpiño. Na parroquia de Santa Eulalia de Losón, os días 23 e 24 de xuño teñen lugar uns rituais moi peculiares, ¿sabes cales? Busca a información necesaria e fai un informe cos datos recadados.

**36**  
(353)

**Esta é de como un meniño que criaba un abade  
no seu claustro traía de comer ao meniño que tiña  
a imaxe nos seus brazos, e a imaxe díxolle  
que comería con el moi pronto**

*Quen a imaxe da Virxe e de seu Fillo honre,  
por eles será moi honrado no seu ben, que non ten par.*

E tal historia como esta vos contarei, se vos prouguer,  
dun milagre que fixo a Virxe, que sempre o noso ben quere,  
5 para que academos o reino do seu Fillo, de onde a muller  
primeira nos botou fóra, porque foi malamente pecar  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

285

Ao comer unha mazá, que antes lle dixera  
Deus que por nada a comese; e como dela comeu  
10 e fixo comer ao seu home Adán, axiña lles quitou  
o reino do Paraíso, e foinos por iso desherdar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Pero despois Santa María, en quen toda bondade e prudencia está,  
buscou e busca a maneira de que academos aquel ben  
15 de Deus, seu Padre e seu Fillo, que el para os seus ten,  
para que vivan con el sempre sen dor e sen pesar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Este milagre foi moi grande, segundo o que oín  
dicir a homes bos, que mo contaron a min,

20    dun home rico que vivía en terras de Venecia,  
a quen lle morrían os fillos, que non podían medrar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

E con moito pesar por isto, a un deles que lle quedou,  
a un abade moi santo dun mosteiro o enviou,  
25    e deullo para que llo criase; e tanto lle rogoi,  
que o tomou polos seus rogos, e fixoo criar ben  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Consigno no mosteiro; e, polo que entendín eu,  
cada vez que lle falaba chamáballe “fillo meu”,  
30    e dicíalle a miúdo: “Canto hai aquí, é todo teu”.  
E mandáballe que fose para o claustro xogar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

286

Estando así xogando, entrou na igrexa e viu  
a imaxe da Virxe santa co seu Fillo, e reparou  
35    en que era moi fermoso, e mirouno e riu,  
e despois na súa vontade dispúxose a o moito amar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

E tan ben lle quería que, a miúdo, velo ía  
moitas veces, que en ningunha cousa pracer  
40    tan grande recibía; pero, porque de comer  
non vía quen lle dera, púxose a matinar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

E dende aquel momento propúxose de corazón  
que daquelo que lle daban, daríalle a el a súa porción;  
45    e dende aí foi despois comer, e apartou da súa ración  
a maior parte e foina axiña gardar.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

E en canto comeu, disimulando, empezouse logo a ir  
correndo á igrexa, e ao altar subir  
50 foi de pé, e daquelo que lle foran servir,  
puxo ante o meniño, e comezoulle a rogar  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Que comese, dicindo: “Cada día che darei  
da ración que me dean, e contigo a partirei;  
55 e por iso che pido, amigo, que comas, que moi ben sei  
que, se disto non comeses, outro non cho virá dar”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Despois duns quince días, o meniño isto fixo  
cada día; pero o Fillo da Virxe, de moi bo prez,  
60 díxolle un día: “Contigo non comerei outra vez,  
se mañá comigo e co meu Pai non quixeses ir xantar”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

O abade viulle ao meniño cambiar a face,  
e tamén adelgazar moito, e díxolle como de broma  
65 ao meniño: “Meu fillo, se ti non comes bastante,  
eu fareiche que comas ben, que te vexo fraco de máis”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Entón respondeulle o meniño: “Carne, viño e pan  
os vosos homes, aí, padre, me dan ben e sen descanso;  
70 pero eu, ao bo meniño, daquelo que a min me dan  
dou a maior parte, e voulla sempre levar”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Cando oíu isto o abade, díxolle: “¡Aí, fillo e señor!  
¿E cal é ese meniño ao que lle facedes ese favor?”

75 Dixo el: “O fillo da señora que está no altar maior,  
ao que non dan nada para comer, e véxoo sufrir”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Entón díxolle o abade, a quen chamaban Fiz:  
“Meu fillo, o que lle levas, ¿cómeo?, ¿que che di?”

80 Dixo el: “Come cada día; pero dende que isto fixen,  
nunca antes me dixera nada, e hoxe foime convidar  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

A que con el e co seu Pai fose eu xantar mañá”.

Entón díxolle o abade: “Posto que oíches isto,  
85 e creo certamente que con eles xantarás,  
pídoche de ir eu contigo para comer de tan bo manxar”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

288

Entón marchou o abade, chamou os monxes seus,  
e díxolles: “Ai, amigos, mañá marcharei, por Deus,

90 isto sei certamente; e por iso a Don Mateu,  
un monxe voso, escollédeo por abade no meu lugar”.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

E contoulles de qué maneira sabía isto, e cal  
conversa co rapaz que criaba tivera, e dixo: “Tal  
95 recompensa aos que ama dá a Señora espiritual,  
co seu Fillo bendito, a quen ben a sabe amar”.

*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*

Pasada aquela noite, ao outro día e con luz,  
o abade e o meniño enfermaron, como narra

100 o feito deste milagre; e ás seis, cando na cruz  
morreu por nós Xesús Cristo, morreron eles á vez.  
*Quen á imaxe da Virxe e de seu Fillo honre...*



**NOTAS**

**Vv. 5-6, a muller / primeira:** Refírese a Eva, que segundo a tradición bíblica é a primeira muller; e o seu compañeiro, o primeiro home, Adán. Repasa a primeira estrofa da primeira cantiga e máis a cantiga 33.

**Vv. 38-39, a miúdo, velo ía moitas veces:** Este tipo de reiteracións ("a miúdo" a carón de "moitas veces") serven para intensificar a idea que se está expresar; e aparecen con moita frecuencia nas CSM.

**V. 69, os vosos homes:** Refírese aos que forman a comunidade de frades. Emprega o posesivo para indicar que se está dirixindo ao prior; baixo cuxa dirección están os outros.

**V. 100, ás seis:** Cristo morreu á hora nona, é dicir, cara á noite, segundo din os evanxelistas Mateu (27, 45-46), Marcos (15, 33-34) e Lucas (23, 44), pero dende a hora sexta, as tebras cubriron toda a terra.

**Comprensión do texto**

A un rico veneciano morréranslle todos os fillos agás un; en vista diso, decidiu ingresalo nun mosteiro para que llo criasen alí. O neno quedou engaiolado por unha imaxe que representaba o neno Xesús no colo da Virxe, e ía visitalo a cotío. O meniño reparou en que os frades non lle daban de comer á imaxe, e decidiu compartir sempre a súa comida con el. Efectivamente, leváballe a maior parte do seu xantar e poñíallo diante pregándolle que comese. Un día, Xesús convidouno a comer con El e co seu pai.

O abade, que vía que o meniño adelgazaba moito, preguntoulle se era que non lle daban abondo de comer. O neno díxolle que se debía a que compartía a súa comida co neno Xesús, e contoulle como este o convidara xantar. O abade pediulle ir con el. A continuación, xuntou á comunidade, nomeou un sucesor e contoulles o caso. Finalmente, esa mesma noite, o abade e o meniño enfermaron e morreron.

### DEBES SABER QUE...

Non era raro na Idade Media que houbera meniños que habitasen os mosteiros. Os motivos estaban xeralmente relacionados co feito de que neses tempos a sociedade europea viviu unha época de forte explosión demográfica sumado a longas tempadas de crise económica. Deste xeito, moitas familias non podían manter toda a súa prole co que, aínda que excepcionalmente se recorría ao infanticidio, o que se adoitaba facer era abandonar os meniños, xeralmente nun cruce de camiños, á porta de casas ricas ou no mercado.

Estes nenos que resultaban abandonados estaban condenados a unha vida de padecementos e exclusión social e, para tentar paliar isto, na Idade Media a Igrexa postulou a posibilidade de que os pais con este apuro ofreceran os fillos á igrexa para que crecesen en mosteiros relixiosos; así, por unha banda, o problema solucionábase a curto prazo, pero tamén a longo prazo, pois moitos deles profesaban nos conventos e, polo tanto, levan unha vida célibe.

Outra solución foi a fundación de hospicios. Tiñan un torno xiratorio onde, de xeito anónimo, colocábase o neno, facíase xirar o torno, e deixábase o meniño dentro (malia estas boas intencións dos pais, calcúlase que un noventa por cento dos nenos morrían aos poucos meses).

Un caso á parte era o dos nobres, xa que a sociedade secular non sempre tiña capacidade para manterlles a todos os fillos dunha familia a súa privilexiada posición, co que era frecuente que algún seguise carreira eclesiástica. Debes ter en conta, finalmente, que a tarefa da educación foi asumida pola igrexa na época medieval, ata a secularización do saber que supuxo a creación das universidades laicas.

O trato que recibían os meniños nos mosteiros era moi diferente segundo o seu estrato social e, polo tanto, a súa maneira de chegar á comunidade. Cando pertencían a familias pobres que os cederan como último recurso, xeralmente padecían moitas humillacións e as súas tarefas dentro do convento eran traballos manuais; se pola contra eran de extracción nobre ou, como neste caso, adañeirada, eran coidados con mimo e preparados intelectualmente para desempeñar altas funcións dentro da igrexa ou na sociedade civil. O meniño protagonista da nosa cantiga foi cedido, non sabemos se temporalmente, por un pai rico temeroso de perdelo, por iso o abade se ocupa persoalmente del e é obxecto de tantas contemplacións.

## Actividades

### Arredor do texto

1. Busca información máis pormenorizada sobre a situación dos nenos na Idade Media.
2. ¿Sabes que relación existe entre apelidos como “Expósito” ou “Iglesias” coa situación dos orfos que che mencionamos en **Debes saber que...?**
3. Fíxate que na época medieval se deu a situación de coincidir cronologicamente unha profunda crise económica cunha certa explosión

demográfica, ¿cres que existe relación entre as dúas realidades? Xustifica a túa resposta.

4. É moi frecuente que cando unha historia ten éxito, coñeza numerosas versións ao longo do tempo, chegándose a formar lugares comúns e tipos literarios. ¿Coñeces a historia de “Marcelino pan e viño”? Recupéraa e establece as similitudes e diferenzas co narrado na cantiga.

## Contido

5. ¿Que episodio se nos relata nas dúas primeiras estrofas? Nos materiais de traballo correspondentes á cantiga 33 facilitámosche unha explicación do correspondente relato bíblico pero... poderías ofrecer ti a túa propia versión dos feitos? Sería bo que te baseases nos primeiros capítulos do libro da Xénese.
6. Tendo en conta as circunstancias vitais da Idade Media, ¿por que motivo cres que ao pai da nosa cantiga lle morrían todos os fillos cando eran meniños? Xustifica a túa resposta.
7. Por certo, ¿en que palabras do texto nos baseamos para afirmar que os rapaces morrían cando eran nenos?
8. Di Afonso que o abade acolleu o neno polos rogos do pai; considerando os datos que che ofrecemos en **Debes saber que...** e atendendo á circunstancia de que o home era rico, ¿cres que puido concorrer algún outro motivo para aceptar o neno na comunidade? ¿Por que?
9. ¿Cres que entre o abade e o neno se estableceu unha relación estreita? ¿En que te baseas para a túa resposta?
10. O reparto que o rapaz facía dos víveres, ¿era equitativo? Xustifica a túa resposta.
11. ¿Como se obra o milagre nesta cantiga?
12. ¿Que cres que leva ao abade a autoconvidarse a comer co Fillo de

Deus? Á vista de como transcorren os acontecementos, ¿cres que o monxe consegue o que pretende? Lembra o contido da cantiga 16 e contesta, xustificando a túa resposta, se hai algún paralelismo entre as dúas situacións.

13. O neno Xesús convida ao meniño a xantar con el e co seu pai para corresponder ás súas atencións. ¿Sabías que o termo xaponés para expresar as nocións de *agradecemento* e de *vinganza* é o mesmo? Curioso, ¿non si? ¿Por que motivo dirías que che damos tal dato neste contexto?

### Recursos expresivos

14. ¿De que palabras do texto se pode deducir que a súa orixe está vinculada á literatura oral?
15. ¿Hai algunha intromisión directa do narrador no narrado? ¿Onde?
16. Afonso empeza relatando un caso que non ten relación directa co asunto da cantiga, ¿por que o fai? ¿Que recurso retórico constitúe ese feito?
17. ¿Como vén caracterizada a Virxe ao longo da cantiga?
18. Un paradoxo é a unión de ideas que son aparentemente opostas ou de difícil conciliación. O trovador dinos que Deus é pai e fillo da Virxe, ¿dirías que se trata dun paradoxo? Razona a túa resposta.

### Unha actividade para pensar

Ata non hai moito tempo, a Igrexa facía unha interpretación literal do texto bíblico, o que a levaba a soste teses que a ciencia, a medida que avanzaba, ía desbotando como erróneas. Actualmente a Igrexa católica (non así a evanxélica, por exemplo) reformulou as súas teses e considera que na Biblia hai outro sentido ademais do literal, que é o espiritual. Deste xeito, aínda que simplificando un chisco as cousas, podemos dicir que a



Igrexa acepta que esas pasaxes controvertidas que non se poden axustar ao demostrado pola ciencia ofrecen unha interpretación simbólica.

Nunha das actividades propostas arriba pedímosche unha explicación do relato bíblico da creación do home e a expulsión do paraíso aténdote rigorosamente ao que nos di a Biblia. ¿Pensas que dese relato se debe facer unha interpretación estritamente literal? ¿Tería Darwin algo que dicir a todo isto? Busca os materiais que precisas para responder a estas cuestións e elabora a túa propia teoría sobre as interpretacións dos textos sagrados.

## Un punto para a investigación

Na actividade anterior mencionámosche a Charles Darwin, con quen se enfrontaría a Igrexa polas teorías contidas no seu libro *A orixe das especies*, publicado no ano 1859. Non eran xa, non obstante, os tempos nos que a Inquisición podía censurar ou prohibir escritos, nin tampouco tomar represalias máis contundentes contra os seus autores como ditar penas de cárcere e tortura ou mesmo de morte.

A Inquisición foi un tribunal formado como tal pola igrexa de Roma no século XIII para combater a herexía, aínda que hai coñecemento de axustizamentos a heterodoxos dende moito antes. Ao longo da súa historia, foron procesados científicos e pensadores como Tomás Moro, Galileo, Giordano Bruno ou Savonarola. En España, a vixencia do Tribunal da Santa Inquisición durou nada menos que ata o ano 1834. Estes datos, como podes ver, son moi breves, así que busca os materiais que precisas para elaborar un informe máis detallado sobre este tema.

**37**  
**(354)**

**Esta é de como Santa María librou da morte  
a unha bestia que lle chaman doniña**

*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés  
aos seus servos a Virxe, Nai do que todo o ve.*

Sobre isto direi un gran milagre que fixo a Raiña,  
Nai de Deus Xesús Cristo, a un rei que tiña  
5 nela a súa esperanza, que lle fixo ter axiña  
pesar e pracer moi grandes nun asunto, pola súa mercé.  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

Este pesar foi por unha bestia á que moito amaba  
o Rei, que consigo traía e que moi ben criaba,  
10 á que os galegos chaman doniña, e cazaba con ela  
aves das covas, e isto moito lle gustaba.  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

Ademais, ela outras moitas e boas cousas facía,  
xogando e saltando, e nisto moito pracer achaba  
15 aquel Rei; e por isto, tan ben lle quería,  
que sostiña que Deus, dándolla, lle fixera gran mercé.  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

E por isto lle fixera de madeira, para gardala,  
unha arca moi ben feita, e dentro a pechaba  
20 para que nada malo lle pasara, porque receaba  
moito do gato, que na noite mellor que no día ve.  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

E pasoulle un día, indo por un camiño,  
que a quixo sacar da arca; e como ela é lixeira,  
25 caeu entre os pés das bestas, e aconteceu de tal maneira  
que o Rei, apesado, dixo: “Santa María, ¡mercé!  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

Sálvame a miña doniña, que non ma leve a morte”.  
E cantos alí estaban tiveron gran mágoa,  
30 porque o cabalo do Rei puxo a pata moi forte  
sobre ela, e o Rei dixo: “Ai, varóns, ¿alguén a ve?  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

Dádema calquera, ben sexa viva, ben sexa morta,  
que me hei consolar con ela, como quen mal se consola”.  
35 Entón fixo Santa María, a que é dos ceos porta,  
que de debaixo da pata lle saíse viva, pola súa mercé.  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

Entón, todos os que estaban alí viron tal marabilla  
que fixo a Gloriosa, que é Nai de Deus, e Filla,  
40 en lograr que o cabalo, que coa súa pata tan mal a esmagara,  
non a matase. E isto fíxoo aquel que todo o ve  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*

Por agradecer á Gloriosa, súa Nai, a quen encomendada  
lla tiña o Rei, cando pola pata do cabalo foi pisada.  
45 Por iso, sexa El bendito e Ela sexa loada,  
e sempre, os dous, teñan de nós piedade e mercé.  
*No pouco e no moito, en todo lles fai mercés...*



**NOTAS**

**V. 41, *aquel que todo o ve*:** Refírese a Deus.

## Comprensión do texto

Un rei posuía una doniña á que prezaba moito, mesmo fixera construír para ela unha caixa de madeira onde a pechar para que o gato non a atacase. Un día, indo de camiño, abriu a arca onde a gardaba e a doniña escorregou ata os pés dos cabalos, onde corría o perigo de morrer esmagada. O rei pediu a Santa María que lla salvase e Ela así o fixo, logrando que o animal saíse indemne despois de recibir unha pisada do cabalo. Este milagre foi presenciado por todos cantos alí estaban.

297

### DEBES SABER QUE...

❖ Como sabes, unha **doniña** (*mustela nivalis*) é un animal carnívoro da familia dos mustélidos. Ten un corpo cilíndrico, especialmente adaptado para poder moverse con facilidade polas galerías e os tobos para acadar o seu sustento, que consiste en ratos e toupiñas basicamente. As súas unllas son moi agudas e cortantes para facilitar a caza. As orellas, moi anchas e redondas, son chamativas porque están situadas lateralmente e moi cara a atrás. Todo o corpo o teñen cuberto dunha pelaxe lisa, cor marrón clara co ventre e a parte interna das patas branca. Como en moitas outras especies animais, as femias son máis pequenas cós machos, e eles non superan os 25 cm. de lonxitude (excluíndo o rabo).

A doniña é o depredador galego máis abundante, e os labregos téñenlle moita manía porque ten fama de causar importantes danos nos currais, pero o certo é que é maior o beneficio que renden ao cazar animais que son prexudiciais para a agricultura.

Quizais che chame a atención o feito de que o rei da nosa cantiga teña algo coma unha doniña como animal doméstico, pero fíxate que se nos di que a usa para cazar. Na actualidade, aínda que está prohibido, no medio rural aínda hai xente que ten furóns na casa con este mesmo fin. O furón é da familia das doniñas e os métodos cinxéticos dos dous depredadores son moi semellantes, polo que os cazadores os empregan para que se metan nos tobos facendo saír á presa, que despois será abatida polo home. Unha diferenza fundamental entre os furóns e as doniñas é que os primeiros se poden domesticar mentres que as segundas non, que foi o que motivou que

co tempo se descartase á doniña para a caza e, por conseguinte, fose desaparecendo dos fogares dos cazadores.

Finalmente, debemos facer notar que tamén nas zonas urbanas se está vivindo o recente fenómeno de posuír un furón de mascota, quizais por influencia do filme titulado en castelán *Y entonces llegó ella*, onde Jennifer Aniston paseaba por Nova Iorque con tan peculiar mascota.

- O monarca do que nos fala o trovador quería a doniña para levala a cazar: A **caza** era unha das principais distraccións ás que se dedicaba a nobreza na Idade Media. Os nobres tiñan moito tempo libre porque a súa ocupación era a guerra e, cando non era tempo de guerra, era para eles tempo de lecer; xa que non estaba ben visto que un nobre desempeñase un traballo remunerado. Así, a actividade da nobreza en tempo de paz consistía en organizar festas e banquetes nos que había bailes e música, xogres, malabaristas, magos, etc.; non obstante, o que nos interesa a nós neste momento era outro tipo de diversións que consistían no exercicio das armas e na conservación do ton muscular; grazas ás xustas e torneos, actividades directamente relacionadas co seu quefacer guerreiro. A caza contábase entre este segundo tipo de actividades.

Na actualidade, só se pode cazar determinados meses ao ano e, aínda así, nuns días concretos. Na antigüidade, os cabaleiros (tamén o alto clero) pasaban cazando semanas e incluso meses, fíxate que o propio rei Afonso IV de Portugal foi censurado polos seus conselleiros por desatender as súas obrigas de mandatario ¡para ir de caza!

- Non son eses os únicos escritos medievais dedicados aos animais: debemos mencionar brevemente tamén a existencia dos **bestiarios**. Os bestiarios eran catálogos de animais, reais ou imaxinarios, que se describían xeralmente baixo unha significación simbólica. Nos materiais de traballo da cantiga 14 xa temos aludido a eles porque nesa composición aparecen mencionados os dragóns, que segundo o trovador habitan o inferno; neste caso, fálase dun animal real e non mítico, a doniña. Vexamos a caracterización dunha doniña nun dos bestiarios medievais máis famosos, o de Richard de Fournival:

“Así é a doniña, que concibe pola orella e pare pola boca. E dese xeito fan esas mulleres: cando oíron tantas fermosas palabras que, pensan que teñen que entregar o seu amor —é dicir, parece que conciben pola orella— e despois libéranse pola boca cunha escusa”, o que coincide co que podemos ler noutro bestiario non menos famoso: “a propiedade da doniña é tal que concibe pola orella e pare os seus fillos pola boca” (*Libellus de natura animalium*).

## Actividades

### Arredor do texto

1. Di o trovador no verso 10 que á bestiña á que o rei tanto quería “os galegos (lle) chaman doniña”; ¿sabes que outros nomes recibe en Galicia?



2. O animal do que estamos a falar chámase en galego *doniña*, ao igual que en portugués, onde se grafa *doninha*, en castelán recibe o nome de *comadreja* e, en italiano, *donnola*. Todas esas palabras teñen na súa raíz a derivación correspondente do latín *domina*, que significa 'señora', ou *matre*, que significa 'nai'; á vista da súa fisionomía, ¿ocórreseche por que?
3. Vimos de mencionarche ao furón, a carón da doniña, como pertencentes á familia dos mustélidos, ¿coñéceslles algún outro *primo* distes dous?

4. ¿Por que hoxe en día só se pode cazar en determinadas datas? ¿Sabes cales son? ¿E a que se deben estas restricións?
5. Por certo que xa sabemos o que é un *bestiario* pero... ¿sabes ti que é un *vestiario*? ¿que fenómeno se dá nese par de palabras? ¿Coñeces algún outro exemplo deste tipo? Pensa...

### Contido

6. ¿Por que motivos apreciaba o rei a súa mascota?
7. ¿De que animal receaba o rei que podía constituír unha ameaza para a súa doniña?
8. Cando van polo camiño, o rei saca o animal da caixa e ela vai dar aos pés das bestas; tendo en conta as características das doniñas, ¿a que cres que é debido isto?
9. ¿Poderías achegar unha explicación do verso 35?
10. Di o trobador no verso 39 que María é Nai de Deus e tamén filla, ¿como é iso posible?
11. ¿Quen salva finalmente a doniña? ¿Hai algunha contradición no desenlace do relato? Xustifica as túas respostas.

300

### Recursos expresivos

12. ¿Con que palabras se expresa o sentimento de devoción do rei? ¿Cal é o sentido desa expresión?
13. ¿Con que advocacións vén denominada a Virxe ao longo da composición? ¿E Deus?
14. ¿Hai algunha construción de tipo explicativo na cantiga? ¿Onde? ¿De que tipo?
16. Un *vocativo* é a forma que presenta unha palabra ou expresión cando se usa para invocar ou chamar a unha persoa ou a unha cousa personificada; ¿hai algún vocativo na cantiga? ¿Onde?

17. A expresión “ben sexa viva, ben sexa morta” do verso 33 responde a un esquema estrutural determinado ¿cal é?
18. *Bendito* e *loado* (v. 45) ¿son sinónimos? Xustifica a túa resposta.

### **Unha actividade de investigación**

Nos materiais de traballo ofrecémosche unha descrición moi resumida do que era a cetrería; busca e organiza máis información sobre este particular: tipos de aves que se usan, tipos de presa que se cazan e cómo se leva a cabo a súa captura, aparellos relacionados con esta modalidade cinexética, etc.

### **¡A discorrer!**

A doniña axudaba o rei a cazar “aves das covas” (v. 11). Algún tipo de curuxa, de aguiacho e tamén, aínda que menos, de andoriña entre outras aves, presentan a particularidade de construír o seu niño en cavidades subterráneas. Adoitan facelo en lugares abertos, pero ao abeiro dalgunha árbore ou arbusto, e prefiren que o lugar estea pendente para que non se inunde coa auga de choiva. Cun pouco de sorte, atopan a cova escavada por outro animal, aínda que é usual que eles mesmos fagan o burato.

Elabora unha lista con oito animais e os seus respectivos refuxios para o descanso e a cría.



**38**  
(367)

**Esta é de como Santa María do Porto sandou  
o rei don Afonso dunha grande enfermidade  
da que lle inchaban tanto as pernas  
que non lle collían nas calzas**

*Milagres grandes e fermosos fai Santa María  
a quen nela confía.*

Porque a aquel que a Ela chama  
e serve, loa e ama,  
5 aínda que xaza no leito, ou na cama,  
con gran dor, sempre o sanda.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

303

Sobre isto un milagre quero que saibades  
que fixo moi grande aquela da que esperades  
10 todos mercé, e onde a achades  
todas as veces, de noite e de día.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

Isto aconteceu ao Rei de Castela,  
e de Santiago de Compostela,  
15 cando ía ver a igrexa bela  
que fixera en Andalucía,  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

Que, en moi pouco tempo acabada,  
foi á honra da Virxe coroada,

20 e con torres e con muros cercada,  
segundo aquel lugar necesidade tiña.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

Aquel Rei foi enfermar en Sevilla  
de grande enfermidade fortemente,  
25 da que sandou por aquela que trilla  
moito o demo cheo de perfidia.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

E en canto sandou desta enfermidade,  
o Rei tivo entón moita vontade  
30 de ir a un lugar onde tanta santidad  
hai como alí; e el, en romaría  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

304

Foi alá axiña por mar e por terra.  
E aínda que ao tempo fixo unha gran guerra,  
35 guiouno ben aquela que non erra  
a quen a serve ben, sen oufanía.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

E indo o Rei por mar, tanto lle incharon  
as dúas pernas, e lle quedaron  
40 tan vermellas, que todos pensaron  
que daquel mal moi tarde sandaría.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

Que xa de tal xeito lle incharan  
que nas botas coller non podían;  
45 ademais, o coiro delas se fendía  
e auga amarela de alí saía.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*



Pero o Rei, que toda a súa esperanza  
tiña na Virxe, sen dúbida,  
50 non quixo por isto facer tardanza,  
senón que marchou ao Porto todo o axiña que podía.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

E chegou o venres á igrexa  
desta Virxe, que bendita sexa,  
55 e con esta enfermidade tremenda  
púxose ante o seu altar facer a vixilia.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

E cando os matíns comezaron  
os cregos, que ben os cantaron,  
60 axiña as dúas pernas lle desincharon  
e sandou daquela doenza.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

E axiña o Rei, e toda a súa compañía,  
cando viron a marabilla tamaña,  
65 loaron moito á que nos gana  
de Deus saúde, e nos dá alegría.  
*Milagres grandes e fermosos fai Santa María...*

#### NOTAS

**Título, Santa María do Porto:** Afonso X sentía unha especial predilección polo Puerto de Santa María, en Cádiz, onde el mesmo ordenou erixir un santuario en honor da Virxe, ao que dedicou varias das súas composicións.

**Título, calzas:** Prenda de roupa que cubría as pernas, dende o pé ata a cintura ou o xeonllo.

**V. 21:** O Puerto de Santa María estivo en poder dos mouros (baixo o nome de Alcanate, como o mesmo trobador sinala na cantiga 328 “un lugar que Alcanate / soya seer chamado”, v.13) ata que o propio Afonso o incorpora definitivamente á coroa de Castela no 1261.

**V. 25, “a que trilla moito o demo”:** Refírese á Virxe, que vence ao demo con suma facilidade. Este tipo de expresións, con léxico coloquial, son moi frecuentes para enfatizar o carácter rastreiro do demo.

**V. 34, “ao tempo fixo mala guerra”:** Afrontar as inclemencias climatolóxicas.

**V. 36, *oufanía*:** Soberbia, fachenda.

**V. 46, *auga amarela*:** Dado o contexto, trataríase probablemente de pus.

## Comprensión do texto

O rei Afonso X, de camiño a Santa María do Porto, enferma gravemente en Sevilla, pero é sandado pola Virxe. Despois, decide ir en romaría pero, durante a viaxe, ínchanlle as pernas de tal xeito que todos cren que tardaría moito en sandar desa enfermidade, da que tamén é curado pola Virxe.

### DEBES SABER QUE...

- ✎ Nos materiais de traballo da cantiga 28 atoparás información sobre a figura do rei e tamén sobre algúns dos seus problemas de saúde. A enfermidade a cuxa curación milagrosa se refire nesta composición é a **hidropisía**, que lle facía inchar as pernas (revisa a cantiga 28).
- ✎ Fíxate que Afonso fala de dous santuarios distintos: un en Sevilla, cidade onde enferma e é curado pola Virxe, e outro ao que se dirixe en romaría, cando volverá enfermar e novamente será curado por mediación de María. Sabemos que o segundo santuario é Santa María do Porto porque Afonso explica ao longo da composición o mal do que foi curado, e eses datos coinciden coa información que nos dá no título: Santa María do Porto sandouno dunha enfermidade que lle facía inchar as extremidades inferiores. Agora ben, o primeiro santuario do que nos fala nos versos 15-16 probablemente sexa a igrexa parroquial máis antiga de Sevilla, a de Santa Ana, que está no famoso barrio de Triana e que, segundo di unha inscrición, Afonso dedicou á Virxe en gratitude porque lle curara o mal dun ollo: “Edificóse esta iglesia de Sra. Santa Ana de Triana año de mil e doscientos e setenta

e seis (...). Este sobredicho rey D. Afonso estando doliente de sus ojos de muy mal saltósele el ojo derecho del casco e prometió a Ntra. Sra. la Virgen Sta. María el hacer aquí una iglesia que le dixesen Santa Ana Madre de Ntra. Sra. Santa María e luego en una hora se le tomó el ojo sano...".

Pola súa banda, o Porto de Santa María é unha das cidades reconquistadas aos mouros por Afonso X, no ano 1260. Afonso X tiña especial predilección por este lugar; na cantiga 328 relata como Santa María o escolleu persoalmente para que lle fora dedicado, e mesmo fixo que recibise o nome cristián de Santa María do Porto no canto do nome musulmán de Alcanate.

Nesa cantiga, Afonso relata cómo o alguacil mouro de Alcanate se lle dirixiu moi enfadado a Afonso X porque os seus súbditos ousaban chamarlle polo nome cristián á cidade. O rei Afonso, que se caracterizaba pola súa ansia de que houbera unha convivencia pacífica entre cristiáns e musulmáns, fixo represaliar a todos aqueles que en adiante se referiran á cidade como Santa María do Porto, pero eles non por iso deixaban de facelo, máis ben ao contrario. Pero a Virxe obrou o milagre de facer que o alguacil falase outra vez co rei e lle solicitase que adxudicara o lugar aos cristiáns e o rei, moi ledo, así o fixo. Finalmente, segundo a cantiga, os mouros cederon esas terras e as lindantes a Castela. Deste xeito, para Afonso o prodixio fora obrado pola Virxe, quen quería para ela o lugar que dende entón se chamaría Santa María do Porto.

## Actividades

307

### Arredor do texto

1. Nesta cantiga relátase cómo o rei fundou unha igrexa en Sevilla por unha promesa que tiña ofrecido, pero a relación do monarca coa cidade é moito máis estreita. Lembra que, como se di na cantiga 28, o rei Sabio morreu e foi enterrado nesa cidade nunhas circunstancias moi críticas pero... ¿sabías que a estreita relación entre Afonso X e Sevilla pervive hoxe nun elemento tan emblemático coma o escudo da cidade? Debuxa o escudo de Sevilla e busca o significado dos elementos que contén, verás que simpática anécdota relaciona a Afonso X coa historia da cidade.
2. Dicímosche máis arriba que Santa Ana era a nai da Virxe; ¿sabes cal era o nome do seu pai?

### Contido

3. ¿A quen favorece sempre a Virxe segundo o trobador?
4. ¿Por que a igrexa que construíu o rei tiña *necesidade* de muros e torres, como di o trobador nos versos 20-21?
5. ¿Por que decide peregrinar o rei? ¿Cales son os motivos que adoitan levar os fieis a peregrinar? ¿Coincide nisto o noso monarca? Xustifica a túa resposta.
6. Enumera todos os síntomas da enfermidade de Afonso X que estean contidos na cantiga. A continuación, e despois dunha relectura da cantiga 28, ¿dirías que se poden relacionar co mal da hidropísia? ¿Por que?
7. ¿Que foi o que fixo o rei perante o altar da Virxe? ¿En que consiste?
8. ¿Como se obrou o milagre nesta ocasión?
9. ¿Dirías que a conclusión desta composición coincide con outras que levas visto? Xustifica a túa resposta.

308

### Recursos expresivos

10. Na primeira estrofa hai varias enumeracións separadas por comas, ¿de que recurso estilístico se trata? ¿Con que fins se usa?
11. Volvendo á cuestión anterior contesta: ¿que termos veñen enumerados? ¿A que campos semánticos pertencen?
12. ¿Encontras no texto algún caso de hipérbato? ¿Onde?
13. ¿En que termos se establece a descrición dos síntomas da enfermidade do rei? ¿Con que recursos se consegue?

### Unha actividade de investigación

Nos materiais de traballo da cantiga 13 ofrecémosche unha explicación resumida dalgunhas das características da catedral de Lugo dende o

punto de vista artístico; dende a mesma perspectiva, na 22 salientamos varios aspectos importantes da catedral de Chartres. A igrexa de Santa María do Porto era especialmente querida por Afonso, quen a valoraba particularmente polos motivos que vimos de explicarche pero... ¿poderías facer ti, cos apoios bibliográficos que precises, a exposición do valor artístico do templo e da súa importancia como centro de devoción? ¿Ocórreseche cal podía ser a importancia estratéxica desta cidade? Axúdate repasando a cantiga 34.



**39**  
**(384)**

**Esta é de como Santa María levou a alma  
dun frade que pintou o seu nome de tres cores**

*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores,  
moito máis lle agrada que loen o seu nome, que calquera  
outro loor.*

Sobre isto contarei un gran milagre, segundo a min me foi  
contado,  
que lle ocorreu a un monxe bo e ben ordenado,  
5 e que as horas desta Virxe dicía de moi bo grado,  
e máis gusto tiña nisto que en calquera outro pracer. 311  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Este era moi bo crego, e de boa gana lía  
as Vidas dos Santos Padres, e ademais moi ben escribía;  
10 e cando el achaba o nome de Santa María  
debuxábao moi fermoso, escrito con tres cores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

A primeira era ouro, cor rica e fermosa,  
semellante á Virxe, nobre e moi preciosa;  
15 a outra era azul, cor moi marabillosa  
que semella ao ceo cando está cos seus esplendores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Á terceira cor chámanlle rosa, porque é cor vermella;  
e cada unha destas cores moi ben semella

20 a Virxe, que é valiosa, moi santa, e que nunca tivo  
quen se lle pareza en fermosura, posto que é a mellor das  
mellores.

*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Polo que este nome santo traía o monxe consigo,  
o da Virxe Santa María, da que era moi amigo,  
25 bicándoo a miúdo por vencer o inimigo,  
o diabo que sempre loita por facernos pecadores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

E ocorreu unha vez que xacía moi doente  
dunha grande enfermidade, da que estaba afectado;  
30 e mentres así xacía, viñalle sempre á mente  
ser da Virxe santa un dos seus mellores loadores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

312

O abade e mais os monxes, todos velo viñeron,  
e en canto o viron maltreito, un frade con el lle puxeron  
35 para que tivese compañía; e despois, alí estiveron  
un pouco, e despois marcharon. Pero a Señora das señoras  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Aparecéuselle ao frade que o velaba, estando durmindo,  
e viu que ao leito se achegaba amodiño,  
40 e dicíalle: “Non temas, que che farei ir subindo  
comigo agora ao paraíso, onde verás os maiores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Que porque ti pintabas o meu nome con tres pinturas,  
heite levar arriba, ao ceo, onde verás as belas criaturas,



45 e no Libro da Vida, escrito entre as escrituras,  
estarás entre os que non morren, nin teñen coitas nin dores”.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Entón levou a súa alma con ela a Santa Raíña.  
E o frade espertou despois, e foi ao leito axiña;  
50 e encanto o achou morto, fixo soar a campaiña  
segundo o que estaba establecido polos seus santos doutores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Inmediatamente, o abade chegou alí cos do convento,  
que serían unha compañía de oitenta ou cento;  
55 e aquel monxe díxolles: “Señores, gustosamente,  
o que vin, contaréivolo todo, se me quixédeses oír”.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

Entón contou o que vira, segundo o que xa vos teño dito;  
e o abade moi axiña o fixo poñer por escrito  
60 para destruír as obras do inimigo maldito,  
que nos quere levar axiña onde sempre suframos terrores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

E en canto souberon o que pasara, loaron de bo grado  
a Virxe Santa María, a Señora de piedade;  
65 e se nalgunha cousa pecaran por necesidade,  
loitaron por se salvaren, para non seren pecadores.  
*A que pola súa gran fermosura é chamada Flor das flores...*

#### NOTAS

V. 1, *Flor das flores*: Ver a cantiga 3.

- V. 4, (monxe) ben ordenado:** Que xa fora ordenado. Na Idade Media é cando se dan os primeiros pasos para a institución dunha formación sacerdotal organizada.
- V. 9, os santos padres:** Número concreto de personaxes dos primeiros sete séculos da historia cristiá, cuxa autoridade en materia de doutrina é inapelable. O trobador refírese ao carácter edificante das haxiografías (relatos de vidas de santos), que contribuían á mellora moral do individuo, e cuxa lectura foi moi recomendada dende o púlpito.
- V. 11:** Supoñemos, pois, que a actividade que desenvolvía este monxe no mosteiro era a de copista.
- V. 18:** Por **rosa** quérese indicar unha gama de cores que ten no vermello a coloración capital, pero que amosa diferentes matices.
- V. 23:** Metonimicamente, o nome da Virxe agocha aquí a propia figura de María. Quere dicir que o monxe tiña a Nai de Deus sempre presente.
- V. 25, o inimigo:** Refírese ao demo.
- V. 36, Señora das señores:** Ver a nota ao segundo verso da cantiga 3.
- V. 44, belas criaturas:** Refírese ás almas dos que xa subiron ao ceo.
- V. 45, o Libro da Vida:** No Novo Testamento, é unha lista dos nomes das persoas que, despois de mortas, estarán no ceo con Deus (ver Fil 4, 3 ou Ap 3, 5).
- V. 46, os que non morren:** A Igrexa cristiá considera que quen cre en Deus non morre para sempre senón que, despois da morte física, agárdao unha segunda vida que é eterna.
- V. 60, o inimigo maldito:** Refírese ao demo.

## Comprensión do texto

Un monxe moi piadoso esmerábase moito cada vez que tiña que escribir o nome da Virxe e trazaba as letras con diferentes cores; cada unha destas cores posuía un significado concreto. Un día enfermou, e estando enfermo non por iso deixaba de pensar en María moi devotamente. Os outros frades e mais o abade fórono ver, e un deles quedou velando o enfermo.

Un día, o frade que o velaba viu, en soños, como a Virxe se achegaba ao doente e lle dicía que en pago por pintar tan primorosa-

mente o seu nome o había levar ao paraíso. En canto espertou, o monxe foi inmediatamente ao leito e viu que o enfermo morrera; a continuación, foi tocar as campás para dar a coñecer a nova.

Ao repique das campás, viñeron o abade e os outros frades, e o que estivera velando ao enfermo contoulles a visión que tivera. O abade mandoulle poñer por escrito esa historia para conxurar o demo. Finalmente, todos loaron a Santa María.

#### ANTES DE LER

- ✦ Non te estrañes de que Afonso afirme que á Virxe lle agrada máis que loen o seu **nome** “que calquera outro loor”, como di no refrán. Isto é seguramente debido a que segundo concepcións moi antigas, o nome non só designa a alguén ou o distingue dos outros, senón que é un elemento esencial da personalidade do portador, chegando mesmo a considerarse que o que non ten nome non existe. Na Idade Media chegábase mesmo a xustificar a personalidade de alguén segundo o que supostamente significaba o seu nome.
- ✦ Como ben sabes, a Nai de Xesús, cuxo nome tanto se esmeraba en transcribir o frade, chamábase **María**, pero quizais descoñezas o significado do seu nome. Sobre a etimoloxía da palabra hai dúas teorías: unha que di que procede de “ser perseverante”, e outra que o faría derivar da expresión equivalente a “ser corpulenta”, xa que a robustez feminina era no Israel antigo un sinal de beleza. Posteriormente, multitude de explicacións devotas asociaríano á luz, como a famosa advocación “estrela do mar”. Revisa o que che contamos a propósito disto na cantiga I 8.
- ✦ No século XII, en consonancia coa tendencia do gótico a expresarse con marcas visuais, comézase a asociar as **cores** a diferentes momentos da liturxia. As cores que nesta cantiga aparecen mencionadas, por exemplo, teñen os significados seguintes: o dourado úsase nas solemnidades, xa que o ouro é a cor da divindade; o vermello é a cor do sangue, do principio da vida, da beleza, da xuventude... é a cor que se asocia ao Espírito Santo; finalmente o azul, que simboliza a inmaterialidade, a pertenza a un mundo superior é, xunto co branco, a cor da pureza, e é o que se adoita asociar máis especificamente á Virxe María.

## Actividades

### Arredor do texto

1. ¿Sabías que non é infrecuente que cando unha persoa se converte ao cristianismo (ou a outra relixión) cambie o seu nome? ¿e que un segaar, particularmente se é muller, substitúe o seu nome por outro ao ingresar nun convento? ¿Cres que hai algunha relación entre este feito e o que che expuñamos a propósito do significado dos nomes en **Debes saber que...**? Xustifica a túa resposta.
2. ¿Sabes como se chama o defecto da vista que impide recoñecer cores?
3. ¿Cales son cores complementarias? ¿e puras? ¿e frías? Busca o material que precises e fai unha clasificación das principais cores.

316

### Contido

4. ¿Que actividades desenvolvía o monxe no convento? ¿Cal era, de entre todas elas, a favorita?
5. ¿A que elementos asocia Afonso as cores nesta cantiga?
6. ¿Por que motivo o monxe bicaba a miúdo o nome de María?
7. ¿Cres que a enfermidade lle fixo ao monxe renegar da súa fe? Xustifica a túa resposta.
8. ¿Cal cres que era a función do frade que acompañaba o noso protagonista na súa enfermidade?
9. ¿Que promesa lle fai a Virxe ao monxe, segundo consta no soño do que o acompañaba?
10. ¿Quen son os “que non morren, nin teñen coitas nin dores” (v. 46)? ¿Poderías ofrecer unha explicación a ese verso?
11. ¿Que ritual asociado á morte estableceron os “santos doutores”?



12. ¿Por que cres que o abade manda pór por escrito a historia que lle narra o monxe?

317

### Recursos expresivos

13. Selecciona e clasifica todos os adxectivos desta composición.
14. As estrofas terceira e cuarta son as correspondentes á exposición da simboloxía das cores segundo o trovador; ¿poderías facer unha paráfrase detallada do seu contido?
15. Nesta cantiga aparecen expresións como “Flor das flores”, “a mellor das mellores” ou “a Señora das señores” teñen morfoloxicamente unha disposición tipicamente bíblica mediante o uso do xenitivo (observa o parecido, por exemplo, co nome do libro “O cantar dos cantares”). ¿Sabes que se quere expresar con esta reiteración?
16. ¿Con que advocacións vén denominada a Virxe nesta composición? Discrimínalas e fai unha análise morfolóxica e sintáctica das mesmas.
17. ¿Hai algún caso de intromisión do narrador no texto? ¿Onde? ¿Cal é a súa finalidade?

18. ¿Cal é o recurso estilístico presente no verso 61? ¿Que se agocha detrás desa figura?
19. ¿Encontras no texto algún caso de estrutura comparativa? ¿Onde?

### **Unha actividade de investigación**

Busca os datos que precisas para elaborar un informe que dea conta detallada das tarefas dun amanuense nos mosteiros medievais.

**40**  
**(400)**

**Esta é de loor de Santa María**

- Aínda que cantigas de loor  
fixen de moitas maneiras,  
tendo o gusto de loar  
a que nos dá vías  
5 para obter de Deus o ben,  
penso que non dixer nada:  
porque é tan comprido  
o loor da que nos mantén  
que nunca termina.
- 10 Aínda que fixen como oín dicir  
que fixo Santa Sofía,  
que a súa migalla ofrecer  
foi –porque máis non tiña–,  
a Deus de moi bo corazón;  
15 pero o meu é un don moito menor,  
e doullo moi de grado,  
e creo así acadar un galardón  
moi grande e moi honrado.
- 20 Que, aínda que o meu don moi pouco é,  
segundo a miña pobreza,  
non reparará nisto, abofé,  
a Señora da franqueza;  
que por un don, isto seino xa,  
que eu lle dea, cen me dará

25 dos seus moi nobres dons,  
e a miña carencia encherá  
cos seus galardóns.

E por iso lle quero rogar  
que o meu don pequeniño  
30 reciba, e o queira tomar  
por aquel que, meniño,  
no seu corpo se formou,  
e se fixo home, e nos salvou  
para darnos o paraíso,  
35 e despois consigo a levou,  
e fixo iso con bo siso.

320

#### NOTAS

**V. 6:** Aquí o trobador está facendo uso do tópico da *humilitas* (humildade), segundo o que finxiría dubidar de ter a capacidade requirida para levar a cabo tan gran tarefa.

**V. 8:** A expresión de que a Virxe “nos mantén” aparece con certa frecuencia no cancionero marial de Afonso, e pódese entender como que María leva os homes polo camiño recto, manténdooos na senda do ben.

**Vv. 11-14:** Cualifica de “migalla” o don ofrecido por Santa Sofía a Deus. Quizais Afonso aluda a Santa Sofía, que en tempos do emperador Adriano vivía en Roma coas súas tres fillas (Fe, Esperanza e Caridade), coas que levaba unha vida entregada a Deus. O emperador Adriano, seducido pola beleza das rapazas, pretendeu adoptalas como fillas, e que renegasen da fe cristiá, pero elas negáronse a facelo. Entón Adriano -segundo di a lenda– someteunas a diferentes tormentos ata morrer; que elas aceptaron con ledicia posto que se ofreceran a Deus. Todo isto foi contemplado estoicamente pola nai. Aínda que este sacrificio é moi grande, quizais Afonso o cualifique de “migalla” por non ser aínda suficiente retribución para a magnitude da obra da Nai de Deus.

**V. 15:** Refírese ao cancionero.

**V. 16, de grado:** De moi boa gana.

**V. 22, franqueza:** Na lingua medieval, *franqueza* tiña o sentido de ‘liberdade’. Lembremos as palabras que Xesús dirixiu aos seus discípulos: “Se permanecedes na miña palabra, seredes de verdade discípulos



meus; e coñeceredes a verdade, e a verdade faravos libres” (Xn 8, 31 b-32). Para os cristiáns, a escravitude era o pecado. Afonso denomina a María “Señora da franqueza” porque ao xestar o Fillo de Deus, acadou a liberdade para os homes.

## Comprensión do texto

A cantiga coa que pechamos esta antoloxía non narra, como as outras, un milagre obrado pola Virxe, senón que expresa o temor do trobador que, malia ter feito tantas e tantas cantigas na honra da Virxe, considera que o seu valor é insignificante comparado cos bens que Ela lles ofrece a cotío aos homes e, de xeito particular, a el mesmo. Aínda así, Afonso rógalle a María que acepte esas cantigas, eses dons que el lle ofrece, en agradecemento por terlle feito tantos favores.

321

### DEBES SABER QUE...

- ◆ A colección das *Cantigas de Santa María* contén 420 textos en total, conservados en catro códices que se gardan na Biblioteca Nacional de Madrid (un), na Real Biblioteca de El Escorial (dous) e na Biblioteca Nacional de Florencia (un). Pero parece ser que a intención do rei Afonso era a de compoñer só cen, aínda que despois animouse a compoñer moitas máis, como che vimos de dicir: Esta cantiga que acabas de ler é unha das últimas e foi concibida como unha cantiga de agradecemento á Virxe por todos os favores que o rei recibira dela, e para recordarlle que aínda espera o máis grande: que Ela rogue a Deus que no día do Xuízo Final lle conceda o ceo.
- ◆ Ao inicio da obra, Afonso X fai unha especie de trato coa Virxe: el dedicárase a cantar os seus milagres e así dalos a coñecer a todos cantos escoiten estas cantigas e Ela intervirá a favor do rei no día do Xuízo. Por iso, este texto fala dun don que o autor lle ofrece (vv. 28-30) e do *galardón* que espera como premio a tanta dedicación. Isto responde a unha convención poética común á poesía lírica amorosa da época, composta por *trobadores* que cantaban o amor que sentían polas súas damas: o trobador comprométese a amar e servir a unha dama en exclusiva, e demostrallo escribindo *cantigas* só para ela, e a dama debe corresponderlle ofrecéndolle o seu amor; aínda que esta ecuación raras veces se dá.
- ◆ Aínda que no primeiro verso desta cantiga, Afonso X parece que fala exclusivamente de *cantigas*

de loor, sabes que escribiu moitas máis que contan diferentes milagres obrados por María, aínda que todos eles foron compostos coa intención de espertar a devoción pola Virxe.

- ❖ As *Cantigas de Santa María* divídense, en liñas xerais, en cantigas de milagre e cantigas de loor. As *cantigas de milagre*, uns 358 textos en total, son aquelas en que se contan milagres que, grazas á intervención da Virxe, se operan en favor dalgún dos seus devotos ou en castigo dos inimigos deles, tal como viches nas trinta e sete que che ofrecemos nesta antoloxía. As *cantigas de loor*, 42 en total, son aquelas outras nas que se cantan as virtudes de María ou se enzalza a súa figura sobre a de calquera outra muller terreal, tal e como podes observar nas tres que che presentamos aquí.
- ❖ A finalidade última de todas estas cantigas é a de difundir e potenciar o culto á Nai de Deus por riba o de calquera outro santo (¿acórdaste que na c. 6 non se deixa quedar moi ben o apóstolo Santiago?), porque Afonso X era particularmente devoto dela. Por iso tamén escribe algunhas cantigas nas que el é directamente beneficiado por algún milagre dela (repara as cantigas 28 e 38 desta antoloxía), co que pretende demostrar a conveniencia de rezarlle sempre a Ela e confiar no seu poder, superior ao dos santos.


## Actividades

### Arredor do texto

1. Le a parábola da ofrenda da viúva, recollida por Lucas (21, 1-4); ¿poderías explicar o sentido desa narración? ¿Hai algunha similitude entre o que o evanxelista nos conta e o que Afonso quere expresar? Xustifica a túa resposta.

### Contido

2. ¿Por que motivo pensa o trobador que todo canto ten feito en honor da Virxe non vale nada?
3. ¿Con quen se compara Afonso? ¿En que termos?
4. ¿Por que espera o trobador que á Virxe non lle pareza mal o feito de que a súa ofrenda sexa tan sinxela? ¿A que calidade mariana está aludindo?



5. Afonso deixa claro nos últimos versos que, en última instancia, o que fixo a María merecedora de toda honra foi ser a nai de Xesús; ¿como expresa isto?
6. Afonso di que Xesús "nos salvou / para darnos o paraíso" (v. 33.34) pero... ¿como nos salvou?

7. ¿Alude nalgún momento o trobador á ascensión? Xustifica a túa resposta.

### Recursos expresivos

8. A particularidade máis salientable desta composición é que se trata dunha das escasas cantigas *de mestría* en todo o cancionero; busca a información que precisas e explica ese recurso partindo do texto. A continuación responde, á vista das lecturas feitas doutras composicións desta antoloxía, ¿por que dicimos que son escasas as cantigas de Santa María que empregan este recurso métrico?
9. Enumera todos os hipérbatos presentes no texto; refai os versos seguindo a orde gramatical axeitada da frase.
10. Afonso compárase con Santa Sofía pero... ¿hai algún outro caso de estrutura comparativa na composición? ¿Onde?
11. ¿Hai algún exemplo de encabalgamento nesta cantiga? Na batería de preguntas correspondentes á segunda cantiga achegámosche unha definición de encabalgamento, e ao longo desta antoloxía témosche pedido que identifies nos textos esa figura pero... ¿poderías explicar a súa pertinencia a partir dalgún dos desta composición?
12. ¿Cal é a estrutura desta cantiga? ¿Que marcas textuais a determinan?

324

### Unha actividade para a reflexión

¿Parácheste a pensar algunha vez o/a afortunado/a que es? ¿ou non cho parece? Compara a túa situación actual, a túa familia, os teus amigos/as, a vida cotiá que levas e contesta: ¿estás contento/a coa túa vida? ¿hai algo que che gustaría cambiar? ¿qué farías para conseguilo? Pensa un desexo: ¿qué estarías disposto/a a dar para que se che cumprise?

## NOTAS

Seguro que algunha das cantigas che ten suxerido algún comentario sobre o seu contido, a información complementaria que che damos ou as actividades. ¡Aproveita estas páxinas para completar ti os textos máis suxestivos!

Este libro *Cantigas de Santa María*.  
*Proposta de explotación didáctica*,  
rematouse de imprimir  
no obradoiro gráfico de LITONOR,  
en Santiago de Compostela,  
o día *???* de 2005,  
Día *???*



